



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 60

Sesión plenaria
9 de decembro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-EHHBS5Hx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto legislativo

1.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026 (doc. núm. 21016, 11/PL-000010)

Publicación do Ditame da Comisión, BOPG núm. 237, do 2.12.2021

Punto 2. Compacrecencia

2.1 25382 (11/CPP-000068)

Do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar da avaliación e dos resultados do Plan preventivo de incendios forestais para o 2021

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021

Punto 3. Mocións

3.1 25490 (11/MOC-000070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín

Sobre a política do Goberno galego respecto do sector da carne de vacún (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 16842, publicada no BOPG núm. 229, do 18 de novembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 23 de novembro de 2021)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021

3.2 25517 (11/MOC-000071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do idioma galego no ensino (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 23473, publicada no BOPG núm. 229, do 18 de novembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 23 de novembro de 2021)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021

3.3 25518 (11/MOC-000072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís

Sobre a situación económica do sector lácteo (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 24211, publicada no BOPG núm. 229, do 18 de novembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 23 de novembro de 2021)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021



Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 11766 (11/PNP-001153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a creación do ente ferroviario galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

4.2 12608 (11/PNP-001238)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co control das residencias de maiores de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

4.3 23542 (11/PNP-002128)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e oito deputados/as máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da compensación ou indemnización ao colectivo de mariscadores da ría do Burgo, durante o período en que non poidan exercer a súa actividade como consecuencia da execución da dragaxe desta ría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 216, do 21.10.2021

4.4 24063 (11/PNP-002162)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia dos intereses do sector marítimo-pesqueiro e da súa cadea mar-industria fronte ás actuacións do Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 220, do 03.11.2021

4.5 25088 (11/PNP-002259)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para orzar e executar a gratuidade nas escolas infantís de 0 a 3 anos desde xaneiro de 2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 24.11.2021

4.6 25177 (11/PNP-002269)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer o bosque autóctono

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 24.11.2021



Punto 5. Interpelacións

5.1 24761 (11/INT-001285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre a regulación do sector eólico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021

5.2 24884 (11/INT-001293)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a normativa mineira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 24.11.2021

5.3 25154 (11/INT-001315)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do colectivo de lesbianas, gais, transexuais, bi-sexuais e intersexuais no ámbito laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 24.11.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 25620 (11/POPX-000049)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para afrontar os riscos e efectos da sexta onda da covid

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021

6.2 25622 (11/POPX-000050)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a posición da Presidencia da Xunta respecto dos problemas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 21971 (11/POP-003248)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e dous deputados/as máis

Sobre a situación da industria do automóbil de Vigo ante a falta de abastecemento de semicondutores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021



7.2 25222 (11/POP-003560)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da protección da serra da Groba, o monte O Galiñeiro e o monte Aloia diante da tramitación da autorización de parques eólicos

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 232, do 24.11.2021

7.3 25619 (11/PUP-000219)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e González Iglesias, María do Carme**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego respecto das carencias que existen no ámbito educativo na localidade de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021

7.4 19341 (11/POP-002647)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis**

Sobre a relación das entidades sociais beneficiarias das axudas concedidas con cargo ao 0,7 por cento do imposto sobre a rendas das persoas físicas para promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e loitar contra a violencia de xénero, así como o tipo de actuacións subvencionadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 180, do 04.08.2021

7.5 23854 (11/POP-003421)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e tres deputados/as máis**

Sobre a cobertura de todas as prazas de especialistas de Radiodiagnóstico e Traumatoloxía do Hospital Público de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 218, do 28.10.2021

7.6 24547 (11/POP-003497)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre as vinte medidas remitidas pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Sanidad para mellorar e flexibilizar o sistema de acreditación de prazas de formación sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021

7.7 25072 (11/POP-003544)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante a grave perda de produción de castañas na campaña de 2021 en Ourense e Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 24.11.2021

7.8 25613 (11/PUP-000217)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do cumprimento da normativa vixente sobre a extracción de mexilla

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia do deputado don Diego Calvo Pouso. (Páx. 10.)

Debate e votación do Ditame elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 10.)

Presentación do ditame: Sra. presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Presas Bergantiños). (Páx. 10.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 11.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 15.) e Sra. Sanz Arias (P). (Páx. 20.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 24.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 25.) e Sra. Sanz Arias (P). (Páx. 26.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas mantidas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026: rexeitadas por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 28.)

Votación das emendas mantidas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026: rexeitadas por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 28.)

Votación do Ditame elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026: aprobado por 40 votos a favor, 32 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 29.)



Comparecencia do Sr. conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar da avaliación e dos resultados do Plan preventivo de incendios forestais para o 2021. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 29.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 39.), *Sra. González Albert (BNG)* (Páx. 42.) e *Sr. Armada Pérez (P)*. (Páx. 46.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 49.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 55.) *Nesta rolda interveñen a señora Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 55.), *a señora González Albert (BNG)* (Páx. 57.), *o señor Armada Pérez (P)* (Páx. 60.) e *o señor conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 62.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre a política do Goberno galego respecto do sector da carne de vacún. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 67.)

Intervención do grupos parlamentarios: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 70.) e *Sr. Vega Pérez (P)*. (Páx. 73.)

Nova intervención do señor Seco García (S). (Páx. 76.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do idioma galego no ensino. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)*. (Páx. 78.)

Intervención do grupos parlamentarios: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 81.) e *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 84.)

Nova intervención do señor Lourenzo Sobral (BNG). (Páx. 88.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre a situación económica do sector lácteo. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 90.)

Intervención do grupos parlamentarios: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 92.) e *Sra. Candia López (P)*. (Páx. 95.)

Nova intervención do señor Rivas Cruz (BNG). (Páx. 98.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto do sector da carne de vacún: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)



Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do idioma galego no ensino: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

O señor Rivas Cruz (BNG) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por separado do punto 1, en primeiro lugar, da súa moción e a seguir e conxuntamente dos puntos 2 e 3. Sobre esta cuestión tamén intervén a señora Candia López. (Páx. 101.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre a situación económica do sector lácteo: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Votación dos puntos 2 e 3 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre a situación económica do sector lácteo: *aprobados por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e D. Paulo Ríos Santomé, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a creación do ente ferroviario galego. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 102.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 103.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 106.) e *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 109.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 112.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co control das residencias de maiores de Ourense. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 114.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Ortega Otero (S)* (Páx. 118.) e *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 120.)

Nova intervención do señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 123.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica que hai unha alteración da orde do día. (Páx. 125.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e D^a Paloma Castro Rey, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer o bosque autóctono. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 125.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Arangüena Fernández (S). (Páx. 126.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Candia López (P). (Páx. 129.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. González Albert (BNG). (Páx. 131.)

O señor Arangüena Fernández (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 135.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia dos intereses do sector marítimo-pesqueiro e da súa cadea mar-industria fronte ás actuacións do Goberno central. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 137.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 138.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 141.) e Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 144.)

A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 148.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para orzar e executar a gratuidade nas escolas infantís de 0 a 3 anos desde xaneiro de 2022. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 151.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Ortega Otero (S). (Páx. 151.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 153.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 155.)

A señora Ortega Otero (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 158.)

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e cinco minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica inasistencia no día de hoxe don Diego Calvo Pouso.

E entramos, sen máis, na orde do día. Como punto primeiro, é o texto lexislativo:

Debate e votación do Ditame elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026

O señor PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame da Comisión ten a palabra a presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, dona Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Presas Bergantiños): Bo día.

O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 3 de setembro de 2021. A Mesa do Parlamento, na súa reunión do 7 de setembro de 2021, ordenou a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas. Así mesmo, e oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos.

Os grupos parlamentarios non presentaron emendas á totalidade e, verbo das emendas parciais, o Bloque Nacionalista Galego formulou cincuenta e tres emendas, e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, corenta e catro, que foron cualificadas o 18 de outubro de 2021.

A Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do día 29 de outubro de 2021, designou a ponencia. Nas reunións do 19 e 23 de novembro de 2021 a ponencia estudou o texto articulado do proxecto xunto coas emendas presentadas, e rematou o seu informe, que contén as recomendacións que lle fixo á Comisión, consistentes en aprobar as emendas números 2, 3, 4, 7, 11 e 13 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e as números 3, 4, 6, 7, 8 e 33 do Grupo Parlamentario dos Socialistas. Tamén se recomendou a aprobación de sete emendas transaccionais.

A Comisión, reunida o 29 de novembro de 2021, aprobou, por maioría, o informe de ponencia.



Finalmente, o texto do ditame que se somete nesta sesión a debate e votación no Pleno consta dunha exposición de motivos, seguida de vinte e cinco artigos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria, dúas derradeiras e tres anexos.

Agradecendo o traballo dos Servizos Xurídicos e dos grupos parlamentarios, nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Comezamos a rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputadas.

A importancia da estatística xa vén contemplada no propio Estatuto de autonomía de Galicia, onde se inclúe como unha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma. En 1988 —é dicir, hai trinta e tres anos— aprobouse a Lei de estatística de Galicia, unha lei que xa recolle no seu artigo 2 o que se entende por actividade estatística, e di que é a recompilación, elaboración e ordenación sistemática da información cuantificable; a publicación e difusión dos resultados precisos ou útiles para o coñecemento cuantitativo; a análise das realidades demográfica, agraria, pesqueira, industrial, comercial, financeira, de servizos, social, cultural e ambiental de Galicia; e, en xeral, calquera cuestión referida ás condicións de vida, fins e competencias da Comunidade Autónoma.

Xa que logo, a estatística é un instrumento útil á cidadanía no seu conxunto, que achega información cuantitativa para poder exercer os nosos dereitos, tendo un coñecemento da realidade socioeconómica do noso territorio, facilitando a comparación, potenciando a creación de coñecemento, orientando a xeración de riqueza e benestar e favorecendo a toma de decisións.

Dende a aprobación da dita lei no ano 1988 aprobáronse cinco plans galegos de estatística, o primeiro cuatrimestral e os seguintes quinquenais. Estes plans son o instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística no período que se contempla e no que se establecen os obxectivos, as estratexias e as accións para a produción das estatísticas que se requiren no conxunto da poboación co fin de chegar ao coñecemento máis obxectivo e completo posible da realidade socioeconómica da nosa Comunidade.

Para o desenvolvemento e materialización destes plans a nosa Comunidade conta co Instituto Galego de Estatística, un organismo autónomo que exerce a dirección e a coordinación da actividade estatística en Galicia. E tamén contamos co Consello Galego de Estatística, o



máximo órgano consultivo da actividade estatística da Comunidade Autónoma para asegurar a participación dos axentes sociais.

Os socialistas valoramos moi positivamente o traballo desenvolvido polo Consello Galego de Estatística e o traballo desenvolvido polo Instituto Galego de Estatística. Para nós os datos publicados polo IGE son unha das principais fontes empregadas para desenvolver o noso traballo diario; datos que empregamos en practicamente todos os debates parlamentarios como sustento ás nosas argumentacións, datos que en moitos casos paradoxalmente son cuestionados ou transformados polo propio Goberno galego ou polo Grupo Parlamentario do Partido Popular, cuestión que non debera producirse, posto que os datos son datos e, polo tanto, non son cuestionables.

Por exemplo, os socialistas empregamos os datos estatísticos publicados polo IGE cando aseguramos que o declive demográfico do noso país é un dos temas máis preocupantes dende hai moitos anos. Miren, os datos do IGE dinnos que dende o 2009 temos perdido na nosa Comunidade máis de 101.000 persoas e que temos en 2021 277.621 persoas menores de 40 anos menos das que tiñamos en 2009. É dicir, se fixeramos unha división e fixeramos unha media exactamente igual para todos os anos, estaríamos perdendo da orde de 8.500 persoas ao ano. E, segundo os últimos datos tamén publicados polo IGE para o 2021 dos habitantes que temos no noso país, pois temos que o 15,67 % teñen menos de 20 anos, mentres que o 25,76 % son persoas maiores de 65 anos; é dicir, temos dez puntos máis de maiores de 65 anos fronte aos menores de 20 anos. Estes son datos cuantitativos e, polo tanto, non son cuestionables.

¿E cal é a conclusión? Que en doce anos de gobernos Feijóo nada se ten feito para reverter esta situación. Os datos cuantitativos son precisos para sacar conclusións pero tamén para buscar solucións, pero o Goberno galego ocupa moito máis tempo en negar os datos que en buscar solucións.

Se á vista destes datos se aplicaran políticas públicas efectivas que evitaran a emigración da nosa xuventude, para que retornaran os que marcharon ou que se fixera atractivo o noso país para que viñeran de fóra, pois os resultados seguramente serían outros.

Os datos inicialmente sérvennos para diagnose e despois vólvennos servir para avaliar as políticas aplicadas. Miren, o propio Goberno galego recoñecía xa no seu propio Plan estratéxico 2014-2020 que Galicia debe crear condicións de vida atractivas para a poboación como a única vía para afrontar solucións ante a escasa fecundidade ou avellentamento ou a emigración da mocidade a territorios máis dinámicos, sen que un ano despois de rematar este plan se tiveran dado pasos importantes para reverter esta situación á vista dos datos cuantitativos.

Neste senso parécenos moi acaído que se tivera en conta a nosa emenda, a emenda presentada polos socialistas, a emenda número 34, posto que coñecer a realidade da vivenda no noso país é o primeiro paso para implementar medidas que faciliten o acceso á mesma, fundamentalmente para a poboación máis nova, unha das medidas máis importantes despois do emprego de calidade para o asentamento poboacional.



Polo tanto, a nosa emenda 34, na que na sección 2.7, de vivenda, pediamos un estudo máis exhaustivo da realidade da vivenda do noso país, con metas como parque de vivendas ocupadas, baleiras, en propiedade e de alugueiro e os desafiuzamentos de primeira vivenda. Finalmente, foi transaccionada con outra emenda presentada polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego e na que se chegou á seguinte meta: parque de vivendas, equipamentos e características; cuestión que nós agradecemos e que entendemos que mellora bastante este texto.

No mesmo senso da loita contra o despoboamento, os socialistas consideramos unha mágoa que o Grupo do Partido Popular non permitise que prosperase a nosa emenda 41, posto que entendemos que o Plan estratéxico actual 2015-2020 xa establece o obxectivo transversal, cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural. Pois nós pediamos que con esta emenda se establecese unha meta para incidir no coñecemento da estatística cuantitativa establecida nas medidas de cada un dos obxectivos estratéxicos; datos importantes para o coñecemento dos resultados a aplicar ás ditas medidas.

Nós pediamos na emenda 41 que se engadise unha nova área, denominada Plans e programas da Xunta de Galicia, na que se incluírían tres seccións. Unha primeira, co Plan estatístico de Galicia 2015-2020; unha segunda, co Plan estratéxico de Galicia 2021-2030, que o Goberno galego ten anunciado que se vai aprobar proximamente, entendemos que no exercicio de 2022; e unha última, na que estarían establecidos os plans e programas da Xunta de Galicia. E, polo tanto, seríamos coñecedores toda a poboación no seu conxunto do resultado desas medidas que se establecen para cada un dos obxectivos establecidos nos distintos plans estratéxicos.

Hoxe cando falamos de poboación é impensable non facer unha desagregación por sexos. Pero tamén hoxe é necesario facer unha desagregación do rural e o urbano, posto que a realidade nos indica que, sobre todo, cando falamos de mulleres, existen diferenzas substanciais nas condicións de vida ou nas condicións de traballo entre as mulleres que viven no medio rural e as mulleres que viven no medio urbano, polo que é unha mágoa que o grupo maioritario da Cámara vetase unha emenda presentada polo noso grupo na que pediamos sinxelamente engadir un novo parágrafo na exposición de motivos e que pon que tamén deba formar parte deste plan a introdución da variable «grao de urbanización» en todos os estudos que se realicen en materia de muller.

Ben, o proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026 que nos presenta o Goberno galego consta de vinte e cinco artigos, unha disposición adicional única, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras, con tres anexos, un primeiro que é a estrutura temática, un segundo de metas e información e o terceiro de operacións e actividades estatísticas consolidadas.

Pois ben, os socialistas presentamos corenta e catro emendas, oito ao articulado e trinta e seis aos anexos, das que foron aceptadas seis e transaccionadas cinco, é dicir, o 25 % das presentadas. Agradecemos a súa inclusión, posto que entendemos que as emendas presentadas polos socialistas melloran a lei, danlle maior transparencia, unha información anual no Parlamento galego da actividade estatística do país, establécese que o segredo estatístico vaia máis aló do remate dos acordos, convenios ou contratos, así como a inclusión dunha



serie de metas de información que os socialistas consideramos necesarias. Por exemplo, na emenda 33, na sección 2.6, de cultura, deporte e lecer, pediamos que se incorporase a meta de equipamentos e recursos deportivos, algo que non estaba incluído e que nós celebramos que sexa aceptado polo grupo maioritario desta cámara.

Tamén presentamos a emenda 35, e que tamén foi aceptada polo grupo maioritario, que é na sección 3.1, de sector agrario, pola que, cunha transacción, se engade «sacrificio de gando e outras producións e rendementos animais».

Tamén foi aceptada a emenda 38 á sección 3.6, administracións públicas e outros servizos non de mercado, cunha transacción que finalmente queda con «recursos e gastos das administracións públicas galegas», un tema que tamén para os socialistas é de fundamental importancia o seu coñecemento.

Ou a emenda 39, na sección 3.7, mercados e prezos, nas que se establece, grazas á nosa achega, «prezos nos sectores produtivos».

Non obstante, temos que lamentar que se rexeitaron emendas que baixo o noso punto de vista tamén eran importantes e que non entendemos por que non foron incorporadas.

Un grupo de emendas que foron presentadas polo Grupo Socialista simplemente establecían un obxectivo xeral para cada unha das seccións, o cal entendemos que enriquecería eses anexos, establecendo cal é o obxectivo xeral para cada unha delas.

Outra emenda na que pediamos expresamente na sección 3.1 a ocupación no sector primario desagregado por sexos e o relevo xeracional. É verdade que foi transaccionada, pero parécenos de vital importancia que este tema se tivera en conta á hora de desenvolver estas metas estatísticas.

Tamén nos parece importante e nos dá mágoa tamén que non se tivera en conta a emenda número 29, que é á sección 1.1, de territorio e recursos naturais, na que os socialistas pediamos algo que entendemos fundamental tamén no tema de poboación e tamén no tema de asentamento poboacional, e é establecer un mapa de servizos no territorio galego.

Tamén se rexeitou a emenda 32, á sección 2.5, de condicións sociais, na que pediamos que no caso da Risga se tivera unha estatística sobre as solicitudes aprobadas, aceptadas, denegadas, as listas de agarda, o número de perceptores e as condicións de vida.

Tamén foi rexeitada a emenda 37, á sección 3.3, de enerxía e industria, na que pediamos dúas metas: enerxías renovables e non renovables, e prezo dos combustibles.

Tamén foi rexeitada a emenda 38, á sección 3.5, de servizos de mercado, na que pediamos metas que nos parecen moi importantes, fundamentalmente despois de ter vivido a situación da pandemia da covid-19, e que ten afectado fundamentalmente ao comercio. Pediamos metas en comercio minorista, pequeno comercio e grandes superficies, comercio de proximidade, turismo rural e tamén a inclusión de comisións bancarias, créditos concedidos, su-



cursais de entidades financeiras en Galicia e indicadores de accesibilidade da poboación aos servizos financeiros.

E, por último, a emenda 42, na sección 4.2, referida á ciencia e tecnoloxía, na que pediamos que se introduciran as metas de gasto público en I+D+i, o número de patentes, o persoal investigador e o I+D+i nas pequenas e medianas empresas.

As sociedades van cambiando e as estatísticas deben mudar en función desas novas realidades, adaptarse aos novos momentos para seguir sendo ese instrumento útil e fundamental para a cidadanía.

Pola miña banda nesta quenda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día de novo a todas e a todos. Benvido tamén o Goberno galego a esta tramitación deste sexto Plan galego de estatística.

Ben, dicía no seu día o sociólogo estadounidense e escritor Alvin Toffler, autor de *Future Shock*, que anticipou e reflexionou como ninguén sobre os cambios tecnolóxicos da segunda metade do século XX e como sería o seu impacto, brutal, na sociedade, que o coñecemento é a fonte máis democrática de poder. Facendo nosa esa reflexión, é necesario sinalar, ao fío da tramitación deste novo plan, a importancia desta disciplina científica para a sociedade galega, a importancia da estatística como instrumento de autogoberno e tamén como instrumento tamén, en definitiva, democrático. Porque coñecer máis e mellor a realidade fortalece o exercicio da democracia, tanto dando máis capacidade de acerto e de atino a gobernos e institucións de todo tipo como tamén dando máis coñecemento á cidadanía para xulgar e exixir a esas institucións o que deben facer.

Por iso, para o Bloque Nacionalista Galego este novo plan, a súa tramitación, deberá supoñer un salto, un paso máis na maduración dunha estatística galega que sexa auto-centrada e pensada para ser útil ao pobo galego. Quizais entre a marabunta de urxencias que ten que abordar este parlamento no marco dunha pandemia e unha crise económica sen precedentes polas súas características, a tramitación dun texto lexislativo que nun 75 % son cuestións procedementais e metodolóxicas pode parecer dunha importancia menor.

Porén, moi ao contrario, precisamente neste momento no que tramitamos este texto, pensamos que o contexto pon de manifesto a necesidade de contar cunha ferramenta estatística máis forte. Primeiro, pola importancia no desenvolvemento dunha ferramenta de autogo-



berno que debemos coidar; segundo, porque estamos nun contexto de cambios que require tamén de nós atender novas necesidades e novos ritmos de traballo.

Eu quería recordar que hai xa corenta anos que o artigo 27 do Estatuto de autonomía atribúe ao noso país a competencia exclusiva tanto da organización das institucións de autogoberno como da estatística para os fins da Comunidade. Hai xa trinta e oito anos do primeiro decreto que creaba o Centro de Información Estatística de Galiza e trinta e tres que este parlamento aprobaba a súa primeira lei estatística.

Isto é importante recordalo porque demostra que xa levamos andado un camiño que non é menor e, polo tanto, traído ao contexto actual, amosa como tamén tocaría dar un salto máis grande, porque para Galiza é estratéxico dispor dunha boa información estatística, é unha cuestión estratéxica como país.

Por iso nós non presentamos no seu momento unha emenda de devolución, porque entendemos que polas súas características esta lei ten unha parte importante de método e de procedemento, que xa foi mellorada ao longo da nosa historia, que é un traballo consolidado, profesional e que ten ademais un importante consenso non só técnico, tamén político. Ademais, a demora froito dos meses de pandemia fai que a aprobación sexa moi axustada no tempo, pois xa estamos a mediados de decembro.

Pero, en todo caso, si que fixemos numerosas achegas no trámite das emendas parciais, buscando un obxectivo moi claro, que é un salto cualitativo no proceder estatístico do noso país.

Con ese espírito, co espírito de procurar unha estatística máis forte, máis útil e unha maior transferencia tamén do coñecemento á sociedade e ás políticas públicas, este grupo parlamentario presentou un total de cincuenta e tres emendas parciais (dezasete ao articulado e trinta e seis aos anexos). Aceptáronse, como xa se recordou antes, sete ao articulado e chegamos tamén a catro transaccións nos anexos.

Desde logo agradecemos a vontade do grupo parlamentario maioritario; hai aspectos que entendemos que enriquecen o texto ou que corríxen a ausencia. Iso congratúlanos. Mais temos que dicir tamén que nos parece insuficiente e que non se dá o salto cualitativo que correspondería con este momento no que —insisto— hai xa unha maduración do traballo estatístico de máis de trinta anos e hai un momento histórico que exige de nós tamén a aceleración das respostas que se dan a profundas transformacións que van rápido, que afectan ao ámbito económico e social e que requiren repensar que instrumentos temos, como os empregamos e como os actualizamos.

Quixera por iso facer algún comentario respecto das emendas.

Parécenos importante a aceptación da número 1, ao artigo 4. Preocupábanos a perda do papel deste parlamento, desaparecía a conexión con este parlamento e cremos que é importante blindala e fortalecela.

Tamén quixera salientar a aceptación da emenda número 3, para remarcar o carácter público do sistema estatístico galego, que coa querencia que ten o Partido Popular pola privatización dos nosos instrumentos nunca está de máis.



Porén, lamentamos que por exemplo non se acepte a emenda número 12, que procura dar prioridade na aplicación do que este plan vai marcar na execución dos programas ao ámbito público, e que cando non se faga se someta á deliberación e consideración do Consello Galego de Estatística.

Outras das emendas aceptadas, como a 2, 4 ou 11, dan máis claridade ao texto e entendemos que reforza tamén a socialización do traballo estatístico.

Mais temos que dicir que, en xeral, a principal obxección que temos ao resultado final, que, agás sorpresas, veremos no día de hoxe, é a negativa do Partido Popular a aprobar aquelas emendas que precisamente puñan o foco un pouco máis alá do que xa se está facendo e que podían supor un avance cualitativo ou tamén o compromiso con estatísticas que xulgamos absolutamente necesarias neste novo contexto. Por exemplo, lamentamos que no artigo 8, que é onde se arbitran os obxectivo de calidade, non se apoiem dúas propostas que faciamos de incorporar tanto a perspectiva de xénero como o coñecemento social.

En primeiro lugar, a perspectiva de xénero como unha medición tamén da calidade do traballo estatístico, porque entendemos que neste momento hai que comprometerse con avanzar metodoloxicamente na medición do impacto de xénero e das diferentes realidades tamén de sexo e xénero, que é algo que o propio informe de igualdade que fixo a consellaría competente advertía das dificultades que hai neste ámbito, as sombras que hai e que hai que sentarse a analízalas. Nós preguntámonos por que non ser vangarda tamén en analizar esta realidade. Aprendemos do feminismo que o que non se nomea non existe, tampouco aquilo que non se mide.

En segundo lugar, respecto do coñecemento social, entendemos que estamos nun momento no que hai que saír un pouco do Excel á rúa e trasladar o coñecemento que se xera no Instituto Galego de Estatística con máis impulso cara á sociedade. Para iso propuñamos algo tan absolutamente revolucionario como que se melloren os soportes de información e de redes sociais, que se fagan campañas de divulgación e que haxa unha maior colaboración con entidades que poidan difundir o traballo estatístico. Mais o grupo maioritario di que a perspectiva de xénero e o coñecemento social non son ítem de calidade, e desde logo nós discrepamos, entendemos que son ámbitos que van quedar coxos.

Da mesma maneira, lamentamos que haxa, especialmente, dúas disposicións adicionais que propuñamos desde o Bloque Nacionalista Galego que non son aceptadas, e pretendiamos con elas blindar o compromiso con dúas estatísticas ou afrontalas neste contexto económico, onde sabemos, ademais, que somos as mulleres quen máis imos pagar a pandemia da covid-19, que son fundamentais e precisamente afondan nesa liña histórica de que non fomos as mulleres unha prioridade tampouco para a ciencia estatística.

En primeiro lugar, é o caso da conta satélite de produción doméstica, cuestión que xa temos traído noutras ocasións a este parlamento. É inaceptable que desde o ano 2013 non teñamos unha medición por parte do Instituto Galego de Estatística de canto vale na nosa economía o traballo invisible dos coidados, o traballo invisible do ámbito doméstico. A última estimación —eu quero recordar que ten datos de hai once anos, que foi publicada no 2013 aínda



que os datos son de hai once anos — dicíanos a friolera de que sería, aproximadamente, o 50,6 % do produto interior bruto do noso país. Nós insistimos: isto debera de ser prioritario. As desculpas de que hai que amoldarse ao calendario estatal europeo ou que é moi cara párecenos insuficiente. Nós o que dicimos é que, se o Estado e Europa van lentos nesta cuestión e non é unha prioridade, exerzamos o noso autogoberno. Digamos que para Galiza si é unha prioridade estudar este ámbito, e, polo tanto, en lugar de poñer tantos lazos e velas no corenta aniversario do Estatuto, usemos algún dos cativos poderes que nos dá e digamos que si (*Aplausos.*) queremos medir o valor dos coidados, porque sen coidados non hai vida.

En segundo lugar, quixera facer mención tamén a que propomos estabilizar dentro do sistema público de forma periódica a macroenquisa de protección sobre a violencia de xénero. A Xunta, despois de varios anos de negativas, recentemente elaborou de novo unha; fíxoo con medios privados, nin sequera se colgou o informe enteiro na páxina web, a documentación enteira, o seu resumo de resultados, e, desde logo, isto, entendemos que é profundamente acientífico e estéril, que dá para unha rolda de prensa da conselleira pero pouco máis. O que temos que fomentar é a comparabilidade dos datos e, polo tanto, habería que consolidala e profesionalizala, e para iso temos o Instituto Galego de Estatística, onde, ademais, tamén se introduce, se comparan outros datos da Comunidade Autónoma, como o número de axudas, o seu volume, etc.

Polo tanto, non entendemos esta negativa, e, ademais, advertimos de que é unha oportunidade perdida tamén para que este país pois siga avanzando a favor da loita contra a violencia machista, e, ademais, facéndoo dunha forma avanzada respecto doutros territorios.

Finalmente, tamén quixera facer unha breve mención ás achegas que incorporamos aos anexos, ese apartado da lei onde aparecen metas informativas e onde basicamente enumeramos ausencias que entendemos que son graves e inxustificables no ámbito estatístico galego. Acéptanse, mediante catro transaccións, cuestións que nos parecen importantes e se van incorporar de forma específica: o estudo dos prezos da auga; vaise mellorar a estatística de vivenda; vaise incorporar ou manter —mellor dito— o ámbito da acuicultura, que desaparecía do proxecto inicial; e parece que hai tamén un compromiso para estudar o ámbito dos prezos enerxéticos, que é un dos problemas económicos máis importantes para os fogares e para as pequenas e medianas empresas deste país.

Porén, entendemos que, aínda así, malia esta aceptación destes catro ámbitos, pesan máis as ausencias, e quixera sinalar tamén algunhas.

Unha reflexión que xa facía ao comezo da miña intervención: estamos nunha pandemia e —é evidente— dá a sensación, vendo esta lei, que a pandemia existe pero é como a auga e o aceite respecto do Instituto Galego de Estatística. O certo é que, evidentemente, as estatísticas que xa temos dan información sobre o impacto da pandemia, pero entendemos que habería que incorporar de forma transitoria metas específicas que nos permitan facer unha análise do impacto da covid-19 dunha forma máis ampla en ámbitos como o sistema educativo e o sanitario e as repercusións na saúde da poboación, no propio mercado, nas condicións laborais, nas condicións sociais e materiais de vida, por exemplo, estatísticas específicas para un momento histórico específico.



Baixo o noso punto de vista, faltan tamén metas que nos permitan acertar nos retos que temos por diante. Por iso insistiamos ao comezo desta intervención na reflexión sobre a anticipación. Entón, pois hai ámbitos como a mobilidade e a transición enerxética, as prácticas necesidades e custos deste ámbito ou a transferencia investigadora e innovadora no tecido produtivo da investigación básica que entendemos que son elementos nos que este país ten que apostar, e que, se non medimos como estamos, dificilmente podemos acertar no camiño de cara a onde imos.

E quixera tamén facer unha reflexión respecto das ausencia que hai nestas metas informativas do ámbito da igualdade. Nós, desde logo, partimos de que seremos unha Galiza máis feminista tamén se intervimos cun coñecemento real do que temos no país. Nese sentido, propuñamos que se incorporase, por exemplo, unha enquisa respecto das razóns para a maternidade e a paternidade, e que saibamos que é o que leva realmente a que neste país a xente pois non teña fillos, porque hai unha querencia tamén por parte do Grupo Parlamentario Popular e o partido que sostén o Goberno de responsabilizarnos permanentemente ás mulleres, que está tamén ben que neste país se lles preguntara aos homes, en xeral a todas as persoas, por que non toman esa decisión, porque entón igual levabamos algunha sorpresa. *(Aplausos.)*

Neste mesmo sentido, entendemos que hai realidades ás que non podemos pechar os ollos por unha concepción demasiado atravesada polo catolicismo deste país. Dunha banda, todo o que ten que ver coa realidade trans e, doutra banda, todo o que ten que ver coa monoparentalidade escollida. Nese sentido, ademais de afondar nesta estatística, tamén pretendiamos que nas nosas emendas se desencallase esa situación de bloqueo do Rexistro Galego de Familias Monoparentais, que non só leva dez anos sen desenvolverse por parte da Xunta, senón que na súa propia Lei de impulso demográfico volvían incorporar esa medida e xa incumprían o prazo que habilitaban. Polo tanto, lamentamos que esta cuestión tampouco se atenda.

Finalmente, tamén sinalar que para nós faltan metas para abordar e para poder exercer democráticamente os galegos e galegas os nosos dereitos de análise —por así dicilo—, abordar de forma específica o proceso de privatización e desmantelamento do sistema público. E quero poñer exemplos.

Recentemente, viamos ese demoledor informe do Consello de Contas que nos dicía que desde o ano 2009 vostedes xa recortaron arredor de dous mil cincocentos profesores e profesoras do ensino público; dío o Consello de Contas, non o di o BNG; e claro, baixo o noso punto de vista, iso explica que vostedes non queiran incorporar metas máis completas para abordar por exemplo a transferencia directa e indirecta do gasto público ao ensino privado, ou a perda de profesorado ou outros elementos como as ratios. Unha vez máis, exemplos que temos de cuestións que ocultan a este parlamento, como todo o referido ás ratios en contextos urbanos. En todo caso, sirva este exemplo.

Tamén propomos metas específicas para o ámbito sanitario e da función pública, etc., para poñer unha cuestión en contexto. Úsase o argumento técnico de que son metas demasiado específicas e baixo o paraugas de metas máis amplas xa se podían facer esas estatísticas,



pero desde logo iso tapa a posición política de fondo, que son ámbitos que realmente non se están estudando, e por iso a reflectimos desta maneira no debate.

En conclusión, xa para finalizar, tal e como comezaba, desde o BNG cremos naquilo que dicía Toffler de que o coñecemento é a fonte máis democrática de poder. Por iso entendemos que para coñecer a ciencia estatística é fundamental este novo plan. Non queremos negalo: achega cuestións importantes para o coñecemento colectivo do país, pero entendemos que perdemos tamén unha oportunidade de dar un salto adiante, un salto cualitativo nun contexto histórico que nos vai exixir máis rapidez, máis eficacia e máis anticipación.

Polo tanto, o noso sentido do voto será, se non hai ningún cambio nese sentido, o da abstención.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Permítanme que comece a miña intervención cunha cita do físico e matemático británico William Thomson na que dicía que o que non se mide non se pode mellorar e o que non se mellora degrádase sempre.

Señorías, debatemos hoxe o Proxecto de lei do Plan galego de estatística para o quinquenio 2022-2026. Foi no ano 1997 cando neste parlamento se aprobou o primeiro Plan de estatística, e hoxe, vinte e catro anos despois, estamos debatendo sobre o contido do sexto plan, co obxectivo de consolidar e ampliar os logros acadados nos cinco plans anteriores e co obxectivo de planificar, obter e difundir información de interese para Galicia.

Estamos a falar de estatística, e non é habitual que esta sexa unha materia de debate parlamentario en si mesma, cando a realidade é que todo o resto das intervencións, iniciativas, proposicións de lei, accións de control do Goberno, en definitiva, todo o noso traballo diario como parlamentarios baséase en información estatística. Por ese motivo, gustaríame que o breve tempo que hoxe lle dedicamos a esta ciencia nos sirva polo menos para facer unha reflexión conxunta sobre a importancia da actividade estatística pública e tamén sobre a súa vinculación coa democracia.

A imaxe, a foto da realidade que ofrece a estatística debe servirnos como ferramenta para que os gobernos tomen decisións políticas axeitadas, pero tamén para que todos e cada un dos cidadáns, todos e cada un dos galegos estean informados sobre o resultado desas políticas, o que conseguen ou non as distintas administracións.



É ben certo que os datos non cambian o mundo en si mesmos, pero fan posible ese cambio, identificando necesidades e medindo os progresos. Precisamos datos de calidade, fiables e contrastados, nun mundo que se caracteriza, cando non polas *fake news*, por unha crecente tendencia á información instantánea, cuxa calidade non está acreditada. Se, ademais de ser de calidade, eses datos son accesibles, como é o caso que nos ocupa coa información facilitada desde o Instituto Galego de Estatística, eses datos facultan os cidadáns para exixir cambios, para activar a revisión de contas e son —cómpre salientalo hoxe— un exercicio de transparencia.

En definitiva, debemos percibir a produción estatística oficial como un ben público, como un ben público imprescindible para a gobernanza nas sociedades democráticas e tamén como un ben público para o control cidadán da acción do Goberno.

En Galicia somos herdeiros da previsión estatutaria que fixo da estatística unha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma. Os redactores do Estatuto de autonomía tiveron claro que a información que se nos facilitaba dende a Administración central non ía ser suficiente cara ao exercicio dun bo autogoberno e incluíron no artigo 27.6 a competencia exclusiva das estatísticas de interese galego. Colocábase así a primeira pedra na construción dun sistema estatístico galego propio, que, ademais, se consolida a partir do ano 1988 coa aprobación da Lei galega de estatística.

Con todo, Galicia xa tiña exemplos previos de inqueda estatística, como o Observatorio rexional creado polo profesor Bernardo Pena Traperero na década dos 70 ou coa creación do Centro de Información Estatística de Galicia no ano 1984.

Coa aprobación da lei hoxe vixente desenvólvese a competencia recollida no Estatuto, establécese a obriga de planificar e medir os resultados acadados e configúrase a organización estatística da Comunidade Autónoma. Créanse, así, o Instituto Galego de Estatística, os órganos estatísticos das consellerías e o Consello Galego de Estatística.

O IGE constitúese como a peza central da organización estatística, sendo a súa función principal dirixir e coordinar a actividade estatística de Galicia. Os órganos estatísticos da consellería, pola súa banda, executan as estatísticas relativas ao seu ámbito de actuación; e cómpre lembrar neste debate a importancia destes órganos, os das consellerías, dentro da realización estatística galega, xa que normalmente non se poñen en valor, posto que fan un traballo pois pouco visible cara á sociedade, cando a realidade é que a súa aportación á estatística pública galega é esencial. E, por último, o Consello Galego de Estatística, como órgano de participación dos axentes sociais, no que están representadas as organizacións empresariais, sindicais, profesionais, as universidades, a Administración local e desde o ano 2011, e por iniciativa do Goberno popular, tamén os grupos parlamentarios.

Mentres que no momento da creación do IGE se apostou pola produción propia, coa aprobación polo Parlamento do primeiro plan, no período 1998-2001, deuse un salto cualitativo. Dende entón, as decisións en materia estatística non dependen só do impulso político do Goberno que lle corresponda, senón dunha norma con rango de lei aprobada polos representantes da cidadanía, ante a que se deben render contas.



Durante este período a estatística oficial foi crescendo, mellorando e ampliando as informacións demográficas, sociais, económicas, culturais e ambientais de Galicia. Foi unha etapa de grandes cambios nos xeitos de facer, de medir a realidade e de difundir os resultados das estatísticas. E hoxe, tras máis de trinta e tres anos de actividade, coído que existe un amplo consenso — e así se manifestou nas intervencións previas das voceiras— en que o IGE ten acadado un alto nivel de prestixio, de independencia, de profesionalidade e de utilidade para o conxunto da sociedade galega. Trátase dunha das institucións autonómicas máis consolidadas que nos permitiu facer política autonómica e defender o noso autogoberno.

Se facemos memoria, lembraremos como o IGE sempre contou co apoio do Grupo Parlamentario Popular, especialmente nalgún momento delicado da súa traxectoria, como cando tras a publicación do Informe para a reforma das administracións públicas —coñecido como o Informe Cora— cuestionouse dalgún xeito a necesidade de dispoñer dun sistema estatístico descentralizado, ou como cando nos procesos de racionalización do propio sector público autonómico chegouse a formular a súa posible fusión con outros entes autonómicos. Nese momento este grupo parlamentario —o Grupo Popular— apoiou aquelas propostas que supuxeron un aforro ás arcas públicas sen perder a eficacia. Pero —e aquí está o importante— non aceptou ningunha medida que afectase ou recortase as institucións de autogoberno da nosa Comunidade. É máis, con ese obxectivo defendemos a necesidade de manter e consolidar institucións como Meteogalicia, o Valedor do Pobo, o Consello de Contas ou o Consello Consultivo, e, por suposto —e como xa indiquei—, a continuidade e independencia do Instituto Galego de Estatística.

E queremos poñer ese feito en valor precisamente este ano no que cumprimos corenta anos do Estatuto, porque a defensa do autogoberno tamén pasa pola defensa das nosas institucións autonómicas. E agora que conmemoramos ese corenta aniversario é unha mágoa que non todos os grupos políticos valoren o que supuxo para o desenvolvemento da Autonomía a aprobación do Estatuto e a creación deste tipo de entes como o IGE.

Señorías, o plan que hoxe debatemos busca crear e difundir coñecemento estatístico para os próximos cinco anos, consonte as necesidades actuais dos cidadáns, das institucións públicas e privadas, e consolidando e ampliando os obxectivos e métodos acadados nos plans anteriores. Lembro de novo neste pleno o noso inesquecible Valeriano Martínez cando na presentación no Consello Galego de Estatística deste plan subliñou que este plan profundará na transparencia, na calidade e na accesibilidade da información. (*Aplausos.*) Nesa liña, o novo plan asume expresamente o código de conduta das boas prácticas europeas, e este feito supoñerá que a nosa organización estatística quedará sometida aos seus principios e o Goberno galego a impulsalos e a respectalos; principios como a independencia profesional do persoal estatístico, a imparcialidade, a obxectividade da información, a eficacia, a calidade e a transparencia.

Outro dos obxectivos para o novo plan será o de integrar a información administrativa nos procesos estatísticos, de tal xeito que non haxa que pedir aos cidadáns aquela información que xa conste en poder da Administración. Con este proceder evítanse enquisas innecesarias, que sempre son molestas, abarataranse os custos e proporcionaranse os datos no tempo e forma necesarios para a toma de decisións.



Señorías, a pandemia deixounos moitas leccións e, entre elas, a necesidade de dispoñer de información estatística que chegue a tempo para tomar as decisións oportunas; e con este novo xeito de traballar búscase acadar ese obxectivo. Igualmente, o novo plan reforzará a interoperabilidade entre as administracións co fin de incrementar a súa eficiencia.

Lembremos que o IGE non traballa só, senón en colaboración co sistema estatístico europeo —que é o Eurostat—, co nacional —o INE— ou co do norte de Portugal, sendo pioneiros en dar datos harmonizados sobre unha eurorrexión. A relación do IGE con outros sistemas, nomeadamente co INE, sempre estivo presidida pola lealdade e non duplicidade; idea na que se incide na exposición de motivos deste plan, que mantén o principio de uso eficiente de recursos públicos.

E aí a definición de estatística propia recollida no texto como a executada para ampliar a información sobre Galicia proporcionada por outros sistema estatísticos. Así, o IGE aproveita toda a información xa existente, vendo os mencionados Eurostat e INE, pero tamén doutras fontes, como poden ser a Axenda Tributaria, a Seguridade Social ou as universidades, e destina os recursos dispoñibles a ampliar a dita información.

Tamén se perseguen co novo plan melloras na accesibilidade da información, coa difusión da mesma mediante formatos reutilizables, para así poder traballar máis facilmente sobre ela, e neste punto debo de poñer en valor a páxina web do IGE. Desde a súa posta en marcha, esta web foi incorporando avances tecnolóxicos, tales como multitáboas, gráficos e mapas a medida ou API, o que a converteu, máis que nunha simple ferramenta de difusión, nunha aplicación de obtención de personalización e da información.

A mellora é continua e o IGE segue traballando na accesibilidade da súa web, por exemplo na actualidade para permitir a súa visualización desde os móbiles. Pero non cabe dúbida de que xa se ten convertido nunha ferramenta moi boa e útil para a sociedade, como o acreditan as corenta mil visitas de media que recibe ao mes ou os vinte millóns de información que recibe ao ano.

Outra novidade do plan será a xeración da información relacionada cos retos do Plan estratéxico Galicia 2021–2030, cos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2020–2030 ou —moi importante— co seguimento e avaliación de políticas públicas.

E xa para rematar, destacar como aspecto relevante do plan a introdución da perspectiva de idade para abordar o declive demográfico. Incluír por primeira vez na planificación estatística de Galicia esta perspectiva supoñerá un esforzo extra ao sistema estatístico pero favorecerá as análises demográficas e a toma de decisións nesta materia. Súmase esta á perspectiva de xénero, que xa estaba presente nas estatísticas galegas dende a aprobación da Lei 7/2004, de igualdade de mulleres e homes. E aproveito para lembrar neste punto que Galicia foi pioneira na consideración de xénero nas enquisas, xa que a nivel estatal tal obriga non se regulou ata tres anos despois.

Conclúo xa esta primeira quenda, señorías. Este plan, que previsiblemente hoxe aprobaremos, é de todos e para todos. É deste parlamento, onde hoxe o debatemos, onde faremos



uso do resultado do seu traballo continuamente nos nosos debates e onde se nos dará conta da súa avaliación unha vez finalice. É do propio IGE e dos órganos estatísticos das conselleiras, que o executarán. É do Goberno galego, que o desenvolverá a través dos programas anuais. E, por enriba de todo, é dos galegos e das galegas, porque dispoñer dun bo sistema estatístico público como é o noso permitirá que o Goberno autonómico acerte e tome o curso axeitado do país e acerte na toma de decisións políticas que afectan aos cidadáns.

Máis nada neste primeiro turno, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Sanz.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas dos demais grupos.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Vou iniciar a miña segunda intervención tal como rematei a anterior. Cremos que as estatísticas deben adaptarse aos cambios sociais e económicos do noso país para que sirvan de base para o estudo da evolución das sociedades. E vou facer miñas as palabras pronunciadas pola señora Sanz nas que di que «o que non se mide non se pode mellorar». Por iso os socialistas presentamos un número importante de emendas nas que propoñemos distintas novas metas que poñan de manifesto a necesidade de introducilas no traballo estatístico; é dicir, que se teña en conta estas novas metas para poder estudar a nova sociedade, a nova realidade socioeconómica do noso país, e que sirva de base para a busca de novas solucións.

Os socialistas propoñemos medir as condicións da vivenda, as condicións da vida económica e social, sobre todo no caso das mulleres nas realidades rural e urbana. O establecemento dun mapa de servizos no territorio, que nos parece fundamental para poder implementar medidas que eviten ese despoboamento poboacional ao que facía alusión na miña primeira intervención. Pedimos metas nas que se fixeran estatísticas sobre os prezos dos sectores produtivos, do gasto público en I+D+i, do persoal investigador, do investimento en I+D+i por parte das pequenas e medianas empresas. Un estudo das enerxías renovables e non renovables, así como os prezos dos combustibles, e os equipamentos en recursos deportivos. É dicir, pretendemos que coas metas que nós presentamos se mellore a estatística, ese coñecemento desa realidade, medir esa realidade da que nos falaba na súa intervención a señora Sanz.

Ben, dentro dun rato imos votar este texto lexislativo e aínda estamos a tempo de que o Goberno galego poida introducir algunha destas emendas que nós consideramos esenciais e que é un erro que non se teñan en conta.

Respecto das emendas presentadas polo Bloque Nacionalista Galego, xa anticipamos o noso voto a favor.



E, por esta banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día de novo a todos.

Ben, co Instituto Galego de Estatística ao Partido Popular pásalle un pouco como co autogoberno: écheselles a boca pero logo á hora da verdade é coma un xarrón chino para o que mirar pero que non empregar. (*Aplausos.*)

E miren, poden seguir vostedes co seu intento de posicionarnos fóra da reivindicación deste Estatuto que despois vostedes non usan nin aplican nin desenvolven, que nós seguiremos con coherencia e con firmeza a reivindicar o Estatuto que foi máis importante para este país, que foi ese Estatuto de 1936, avalado maioritariamente pola sociedade galega, ese Estatuto de Casal, de Bóveda, de Miramontes (*Aplausos.*) e sen cuxa base non teriamos instrumentos de autogoberno como é este Instituto Galego de Estatística.

O que xa me molesta máis, en honor a este debate concreto do Plan de estatística, é que, claro, agora fan vostedes un borrado da historia, xa non só das reclamacións de autogoberno deste país, senón un borrado da historia respecto da traxectoria do Partido Popular a respecto da real actitude co Instituto Galego de Estatística. Porque eu quero recordar que no Proxecto de lei de racionalización do sector público autonómico —ao que aquí se facía referencia— contemplábase esa aparición do Instituto Galego de Estatística e a súa fusión co CIXTEC, que non só ten unhas funcións totalmente diferentes senón que tería suposto a perda da súa autonomía. Foron as emendas da oposición as que evitaron ese disparate. E, desde logo, amosa que cando vostedes rectifican e cando vostedes escoitan a veces acertan.

Polo tanto, aínda antes de votar están vostedes en tempo de acertar incorporando algunha emenda máis dos grupos da oposición, porque, desde logo, sería importante para este país. Por exemplo, aquelas que teñen que ver coa conexión do IGE coa sociedade. Porque está ben que reivindicemos a necesidade de ter un IGE de nós, autocentrado en Galiza, pero, desde logo, se lles preguntásemos aos galegos e galegas se saben da existencia do IGE, a min gustaríame saber cal é a resposta. Este instrumento hai que socializalo e hai que dalo a coñecer. A Valedoría do Pobo, que é a nosa veciña, emprégase porque a sociedade é consciente de que ten ese instrumento. E nós o que propoñemos é avanzar nese sentido.

Hai uns anos, na anterior lexislatura, no marco dun debate parlamentario —fállame a memoria, non recordo se era o noso querido Valeriano, se fora o vicepresidente Conde, que estaba aí hai uns minutos nesta cámara, ou se fora o voceiro do Partido Popular— alguén nos acusou á oposición de que nin sequera coñeciamos o IGE, algo que deu para moitas poste-



riores brincadeiras. Estaría ben aplicarnos o conto e intentar que a sociedade galega tivera máis coñecemento e máis participación deste instrumento.

Simplemente insistir —para rematar— en dúas cuestións breves. Antes, cando eu facía mención ao proceso de adalgazamento da función pública —ese demoledor informe do Consello de Contas—, o señor Corgos levantaba as cellas. Eu quería insistir: falta un compromiso para que o ámbito estatístico estude máis polo miúdo este ámbito, que estude realmente que acontece e que non teñamos que esperar a touro pasado os informes do Consello de Contas.

E quería insistir tamén —facía mención a voceira do Partido Popular— en que Galiza fora no seu día pioneira á hora de incorporar a perspectiva de xénero na estatística. Pero dúas cuestións. Primeiro, para seguir sendo pioneiros hai que ser exactos; para iso hai problemas metodolóxicos que resolver e hai que abordalos; hai realidades que non se están a estudar e que hai que estudar. E, desde logo, para iso o que non se pode facer é intentar facer máis con menos. E, polo tanto, diante das desculpas de que a enquisa de produción doméstica é cara, nós seguimos insistindo: hai que facela, é un escándalo que non haxa ese compromiso. Porque é que, ademais, incumpren vostedes as súas propias leis. Antes falei de como incumpren a Lei de impulso demográfico e de como incumpren a súa Lei de familia, de cando xa estaban vostedes máis próximos a Vox do que parecía. Pero é que incumpren tamén o propio decreto lexislativo de igualdade, que di no punto 3 do artigo 29, literalmente: «a consellaría competente en materia de traballo elaborará unha conta satélite onde se cuantificará o valor económico do traballo doméstico de coitados e comunitario realizado por mulleres e homes e daralle á citada cuantificación económica a debida publicidade social». Polo tanto, eu cómprolles a cita de que o que non se mide non se pode mellorar, e, desde logo, se non medimos cal é a achega invisible que as mulleres facemos á economía e a este sistema económico insostible, non poderemos valorizalo nin avanzar en igualdade. *(Aplausos.)*

Polo tanto, entendemos que cuestións como estas, se non se incorporan, é por falta de vontade política e, polo tanto —insisto—, o noso voto non pode mudar dunha abstención a un voto favorable, porque dise unha cousa pero despois aplícase outra. E, polo tanto, pois hai un camiño que queda sen andar nesta tramitación, é unha oportunidade desde logo perdida nun contexto de cambios no que ademais require que repensem ferramentas como o IGE para ter maior capacidade de anticipación. E, polo tanto, pois manterémonos nesa abstención.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidente.



Bo día de novo, señorías.

Moi brevemente.

En relación coas emendas presentadas polos grupos da oposición ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística para o período 2022-2026, gustaríame facer con carácter previo algunhas consideracións.

Estamos ante un texto fundamentalmente técnico. Non se presentaron emendas á totalidade do texto. Na votación do ditame en Comisión os grupos da oposición non votaron en contra senón que se abstiveron, e, a pesar do que acabamos de ver, o espírito de consenso e de chegar a acordos respecto das emendas parciais foi máximo por parte deste grupo parlamentario, do Grupo Popular. Aceptamos seis emendas do Grupo Socialista e transaccionamos outras cinco; por outra banda, en relación co BNG, aceptamos sete e tamén transaccionamos catro.

En primeiro lugar, destacar que a incorporación das emendas aceptadas ou transaccionadas cos grupos permitirá ampliar os obxectivos xerais de información para o quinquenio e as metas, e así programar estatísticas en eidos tan variados como a acuicultura, o parque de vivendas, recursos e gastos nas administracións públicas, ou, por exemplo, en producións e rendementos animais, moi importante na actualidade, por exemplo, para a obtención de estatísticas de produción leiteira.

Así mesmo, transaccionouse con ambos os grupos a celebración dunha comparecencia específica do director do IGE en sede parlamentaria para dar conta do informe de avaliación do plan. Lembremos que na primeira parte da miña intervención falabamos da importancia da transparencia na xestión da estatística oficial, polo que este grupo parlamentario sempre estará a favor de calquera proposta que incida neste obxectivo.

Tamén aceptamos a emenda número 3 do BNG, na que pedía a incorporación do termo «público» para definir o sistema estatístico galego. E aceptámola porque o que defende este grupo parlamentario é a importancia de reforzar e consolidar o noso sistema estatístico propio, que é un sistema público.

Pola súa banda, o motivo polo que se rexeitaron a maior parte das emendas —como se explicou en detalle na Comisión— foi basicamente técnico, ben porque as emendas propoñían metas que xa estaban incluídas no propio texto e a súa aceptación supoñería solapamentos ou duplicidades innecesarias ou ben porque propoñían como novas metas cando realmente o texto da emenda eran estatísticas concretas para satisfacelas e entón non se podían tecnicamente aceptar tal como estaban redactadas, ou ben porque o contido das emendas xa estaba recollido no texto pero en artigos distintos dos emendados, como sucedeu coa emenda que propón o acceso do persoal investigador á información estatística ou a emenda de adición relativa á violencia de xénero, que están pero noutros artigos.

Dito isto, señorías, conclúo xa manifestando o meu agradecemento aos grupos da oposición e aos servizos da Cámara polo seu traballo, polas súas achegas e pola cordialidade, e dei-



xando constancia expresa da miña satisfacción polo amplo consenso acadado na tramitación deste proxecto de lei en todos e aqueles puntos nos que tecnicamente foi posible.

Señorías, coido que as estatísticas públicas contribúen a facer un mundo mellor, e, en consecuencia, canta máis información sólida e imparcial teñamos, como a que nos aporta o Instituto Galego de Estatística, mellor sociedade acadaremos.

E remato cun desexo: oxalá sexamos unha Galicia cada vez máis aberta, transparente e informada, porque iso contribuirá a facer entre todos unha Galicia mellor.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Sanz.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

(Murmurios.) Un pouco de calma. Non é a primeira vez que espero por alguén. *(Risos.)* *(Murmurios.)* Un pouco de calma. ¿Non vén? Vale. Votamos.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas e votamos o texto lexislativo, en concreto as emendas mantidas e o Ditame elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026.

Votamos, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación das emendas mantidas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas mantidas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E votamos agora o ditame da Comisión coas emendas incorporadas.

Votamos.

Votación do Ditame elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o ditame.

O señor PRESIDENTE: Rematou aquí a votación.

E pasamos ao segundo punto da orde do día, que é o de comparencias.

Comparencia do Sr. conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar da avaliación e dos resultados do Plan preventivo de incendios forestais para o 2021

O señor PRESIDENTE: Para formular a comparencia ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi bo día a todos e a todas.

Unha vez rematada a temporada de incendios, chegou o momento de comparecer na casa de todos os galegos e galegas para dar traslado dos datos oficiais sobre os lumes deste 2021 e falar tamén do estado do servizo da dirección xeral competente e da estratexia desta consellería ao respecto.

Eu comezarei hoxe esta comparencia cunha serie de cifras que lles pido encarecidamente lembren ao longo da miña intervención; falaremos logo despois. 954, 135, 207 e 273. Partindo destes datos —dos que non tardarei en descubrir a que son relativos—, quero reiterar unha petición que trasladei precisamente aquí no mes de maio do ano 2019: que, fronte a unha cuestión transcendental como son os incendios forestais, señorías, temos que buscar consensos e fuxir das disxuntivas.

Na miña opinión —e estou seguro de que na de todos vostedes— os lumes teñen que quedar fóra das pelexas partidistas e temos que ser capaces de acadar acordos no relativo ás solu-



cións que nos permitan atallar este problema estrutural de Galicia. E para mostra deses acordos —e referireime a el durante esta comparecencia, como o fago en moitas ocasións—, a Comisión de incendios do ano 2018 cun ditame que foi aprobado polas tres cuartas partes do Parlamento de Galicia.

E ao respecto, antes de entrar a debullar as cifras da campaña de incendios deste 2021 e dar conta da actuación do Goberno galego, quero deixar constancia da miña intención de ter un debate sosegado pero enriquecedor, coas súas valoracións e as súas aportacións, buscando mellorar o funcionamento do dispositivo. Un dispositivo integrado por case que tres mil mulleres e homes, aos que desde aquí lles quero trasladar o meu agradecemento e o de toda a sociedade galega, porque son eles os defensores dos nosos montes e das nosas persoas e xentes fronte aos incendios forestais. (*Aplausos.*)

Partindo, señorías, da base de que o monte arde porque o queiman os incendiarios, é certo que en Galicia a loita contra os incendios forestais pasa ineludiblemente pola xestión do territorio. Hai que defender o uso agrícola, gandeiro e forestal sostible da nosa Terra como fórmula de xeración de actividade económica con valor engadido, pero tamén como a mellor devasa natural fronte aos incendios forestais.

E neste ámbito de actuación —xa o saben— móvense a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia e o Plan forestal 2021-2040, instrumentos legais que poñen enriba da mesa a necesaria ordenación de usos, a diversificación do noso agro e a recuperación da terra agraria para combater contra o principal inimigo do rural galego que non é outro que o abandono. E quérolles lembrar que neste ano 2022 imos tamén traer a este Parlamento dúas novas leis nesta liña: a Lei de loita integral contra os incendios forestais de Galicia, da que despois falarei nesta comparecencia, e a Lei de calidade alimentaria, que ten que ser o broche que atorñille esa procura de calidade da nosa produción agrogandeira.

Logo desta introdución, vou estruturar a miña intervención en catro ámbitos fundamentais: nunha análise detallada da temporada de incendios do ano 2021; no traballo nas melloras do dispositivo neste tamén 2021, e dende o 2017; na prevención estrutural, con especial referencia ao Convenio de protección das aldeas; e referireime tamén ao proceso de elaboración da Lei de loita integral contra os incendios forestais de Galicia.

O primeiro, e a miña comparecencia hoxe aquí, é para dar conta da campaña de incendios forestais do 2021. Os datos que vou dar permítennos ter un certo optimismo de cara ao futuro, aínda que quero tamén deixar claro que non imos caer en ningún tipo de triunfalismos. Mentres en Galicia arda unha soa hectárea, non estaremos conformes. Pero é certo, señorías, que os datos do 2021 e tamén a tendencia que están amosando eses datos, como digo, nos permiten ter un certo optimismo na loita contra os incendios forestais.

Miren, para dar eses datos, vou utilizar os obxectivos que marca o Pladiga, que saben que son sete. O primeiro deles é a superficie total queimada. O obxectivo establecíase en reducir a media da superficie queimada total con respecto á media dos últimos dez anos, que son 19.986 hectáreas. Pois ben, a superficie total queimada ata este momento no ano 2021 é de 4.371 hectáreas; é dicir, é catro veces mellor que a media dos últimos dez anos.



Se nos referimos á superficie arborizada queimada, vemos que o obxectivo que tiñamos tamén na media dos dez últimos anos era de 7.394 e que a superficie arborizada queimada neste período, no 2021, é de 2.268. É dicir, tres veces mellor que a media dos últimos dez anos.

Outro obxectivo importante é a superficie queimada polo lume. Neste caso, a media dos últimos dez anos era de 6,7 hectáreas, e este ano 2021 acadamos as 4,58 hectáreas.

O tamaño dos lumes. De acordo coa estatística oficial, dentro dos lumes hai que diferenciar entre conato, queima e incendio. O máis importe saben vostedes que é o incendio, que é máis de media hectárea de superficie arborizada ou máis dunha hectárea no conxunto do que arde. O obxectivo, neste caso, que fixaba o Pladiga era dobre: manter o número de lumes con superficie superior ás 25 hectáreas por debaixo do 2 % total anual, e neste 2021 estamos no 1,99 %, e, ao mesmo tempo, tamén manter a porcentaxe de lumes menores ou iguais a unha hectárea por riba do 70 %. Pois ben, neste caso, chegamos ao 81,55 % de lumes inferiores a unha hectárea.

Hai outro dato, outra cifra importante das que lle falaba ao principio, que é 954; 954 son os lumes forestais que ata este momento tivemos no ano 2021, contando, como digo, incendios, conatos e queimas. É a primeira vez, señorías, na serie histórica que baixamos de mil lumes. A media da serie dende o ano 1989 é de 6.745 por ano. E se atendemos aos dez últimos anos, vemos que estabamos en 2.800. Pois ben, no período 2018-2021, a media baixou a pouco máis de 1.300; é dicir, un 20 % respecto da media histórica.

Hai unha tendencia, señorías, clara á diminución do número de lumes forestais en Galicia. Isto ten que ver co bo facer do dispositivo na loita contra os incendios, coa concienciación dos cidadáns —e agradézolles moito esa concienciación—, pero tamén con que as medidas adoptadas —que, volvo repetir, veñen dun consenso parlamentario— están producindo efectos. E cito, por poñer algunha, a posta en marcha do teléfono gratuito de loita conta os incendiarios 900 815085, o incremento dos medios tecnolóxicos na disuasión coas videocámaras e co uso dos drones, ou a importantísima creación este mesmo ano da Unidade de Investigación de Incendios Forestais, que está facendo un traballo excepcional na investigación da causa dos incendios.

Hai outro dato moi esperanzador, que é que dos 954 —que lles dicía— lumes forestais que temos neste ano, só se converteron en incendios —é dicir, os de máis dunha hectárea de superficie total e/ou 0,5 hectáreas de superficie arborada— 135. É dicir, só o 14 % dos lumes deste ano se converteron en incendios, o que dá unha idea clara da eficacia do dispositivo e do seu tempo de reacción.

Os datos son os que son, e tras catro anos consecutivos rexistrando cifras que amosan unha rebaixa importante do número de incendios na nosa comunidade, xa non podemos falar nin de boa sorte nin de bo clima, falamos dunha tendencia que é froito do bo traballo de todos os entes implicados, xunto co funcionamento das medidas adoptadas. Lémbrolles outra vez que esas medidas veñen avaladas por un consenso parlamentario. E eu non vou facer un uso interesado duns datos que son bos para o conxunto do noso país. O feito de poñelos de ma-



nifesto é unha obriga derivada da propia acción de goberno —vimos aquí poñelo de manifesto— e debería animarnos a todos e a todas a seguir pola senda marcada ante os bos resultados obtidos.

Ao fío disto, e entrando na segunda das cuestións que hoxe quería trasladarlle aquí, na campaña deste ano 2021, relacionado con isto e falando do funcionamento do dispositivo, mantivéronse os esforzos investidos en medios humanos e materiais cun dispositivo moi semellante ao de anos anteriores, 3.000 homes e mulleres, pero con maior tempo de presenza dos efectivos sobre o territorio.

Interésame moito destacar a aposta por un dispositivo contraincendios forestais de carácter público, profesional, versátil e, sobre todo, eficaz. E interésame tamén destacar que as 984 persoas de persoal fixo discontinuo pasaron de traballar tres meses no ano 2017 a facelo seis meses na actualidade, duplicando o seu tempo de traballo.

Por outra banda, este incremento de persoal, xunto coa creación da Subdirección de Prevención, dentro da Dirección Xeral de Defensa do Monte, permitiunos, estanos a permitir, o despregamento dun importante traballo de prevención no noso territorio.

Hoxe mesmo, mentres eu estou comparecendo, hai no territorio un total de 250 operarios, 41 tractores, ademais tamén de maquinaria pesada como motoniveladoras, buldóceres e retroescavadoras, preparando e acondicionando as pistas de cara ao próximo verán. Prevención, señorías, en calquera época do ano.

Outra novidade importante deste ano —xa falei antes dela— foi a creación da Unidade de Investigación de Incendios Forestais de Galicia; 15 axentes exclusivamente adicados á investigación, centrándose tamén na coordinación e colaboración coa Policía Autonómica e Nacional, a Garda Civil, o Exército, e con xuíces e fiscais.

Cómpre tamén lembrar, dentro desas melloras, que se está a consolidar a rede de videovixilancia con cámaras que se achegan ao 70 % do territorio e co uso, con fines disuasorios, dos drones nas vixilancias por parte do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios de Galicia.

E déixenme que lles fale de dous proxectos importantes que se plasmarán entre este ano e o ano que vén: en primeiro lugar, o proxecto Interlumes, que supón a creación dunha base de medios aéreos transfronteirizos na comarca de Monterrei, unha das máis afectadas polos incendios forestais de toda Galicia. E o segundo, o Centro Integral de Loita contra o Lume, pois a formación do persoal tamén é prevención. Este Centro integral de Loita contra o Lume estará situado no concello de Toén, na provincia de Ourense, a máis afectada polos incendios forestais; un verdadeiro campus forestal que contará cos maiores especialistas no comportamento e análise dos incendios. As obras deste centro están iniciándose nestes momentos neste mesmo ano 2021 e continuarán ao longo do 2022.

E neste punto quero investir un momento desta comparecencia en aclarar os orzamentos destinados no 2022 á prevención e á extinción.



Do orzamento total da Consellería para a vindeira anualidade —que, se lembran, ascendía a un montante de preto de 630 millóns de euros—, máis de 207 millóns de euros son destinados á prevención, a terceira das cifras que antes mencionaba. Practicamente un terzo dos orzamentos da Consellería están destinados á prevención. E con isto quero que non haxa dúbida do que inviste a Xunta en prevención e do que inviste en extinción. Son 207 millóns de euros en prevención, fronte aos case 91 millóns de euros destinados á extinción: 2/3 a prevención e 1/3 a extinción. Polo tanto, ninguén pode dicir que o Goberno galego non lle dea prioridade á prevención.

Isto lévame a falar do terceiro dos temas que traio hoxe á comparecencia, que é o Plan de prevención, con especial referencia ao Convenio para a protección das aldeas.

Miren, no eido da prevención, é fundamental a planificación, sabendo que hai medidas que van dar os seus froitos a medio e longo prazo, e atacando os problemas estruturais que analizamos suficientemente na Comisión do 2018. Pero no curto prazo e de xeito anual o Pladiga contempla o Plan de prevención cun investimento de 30 millóns de euros, que nos permiten chegar a 58.000 hectáreas de superficie no territorio galego para o control da biomasa, 5.000 quilómetros de pistas forestais e outras vías de comunicación para realizar labores de mantemento nos 4.000 puntos de auga que temos no territorio e construír 222 novos, ou afrontar un programa de queimas prescritas que, na campaña 2021-2022, nos vai permitir facer 2.300 hectáreas.

Este plan é o que posibilita, señorías, que no día de hoxe estean eses 250 operarios no territorio; xente da entidade pública Seaga, pero tamén xente do Servizo público de Prevención e Extinción de Incendios de Galicia.

Déixenme, precisamente, que lles dea os datos do convenio firmado entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e a empresa pública Seaga para a protección das aldeas, as franxas secundarias dos 50 metros arredor das aldeas.

Señorías, falamos dun exemplo de cooperación interadministrativa que tamén dimana e emana do acordo parlamentario da Comisión de estudo do ano 2018. E logo de tres anos dende a posta en marcha deste convenio, podemos hoxe afirmar que está empezando a amosar todo o seu potencial na defensa das nosas aldeas fronte aos incendios forestais.

A este respecto quérolle dar tamén cifras. Dende o Goberno galego foron entregados xa 242 plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais a outros tantos concellos que non contaban con este instrumento de planificación. Destes, 158 xa están definitivamente aprobados polos municipios. Isto supón que están elaborados e ademais entregados plans de máis do 88 % dos municipios adheridos ao Convenio. ¿Cantos municipios temos no Convenio? 273 concellos —a outra das cifras das que lles falaba ao principio—; e dicir, practicamente o 90 % dos 313 que temos na comunidade autónoma. E falando de cifras, tamén lles dou a cifra de investimento deste convenio desde que se puxo en marcha: case 29 millóns de euros.

Lémbrolles que o Convenio, ademais da creación dun servizo público de limpeza das franxas secundarias para as parroquias priorizadas —logo me referirei a esas parroquias prioriza-



das —, ten unha serie de funcionalidades para os 273 concellos, para todos os que están adheridos, por exemplo, a aplicación Xesbío, que lles permite xestionar toda a tramitación administrativa de limpeza das franxas e lles proporciona un visor para poder saber cales son esas franxas.

Ademais, este ano, para todos os concellos, ampliamos de 5 a 10 as hectáreas de superficies nas que lle imos facer a execución subsidiaria, se así nolo solicitan, e ampliamos tamén a posibilidade de facer a xestión da biomasa de ata 10 quilómetros por concello e por ano nas vías de titularidade municipal.

E reservamos 1,5 millóns de euros para proxectos de mobilización. Porque, señorías, se ben é certo que o convenio ten como obxectivo inicial asegurar que na franxa arredor das aldeas non haxa especies arbóreas prohibidas —é dicir, piñeiro, eucalipto ou acacias— e que a biomasa estea controlada, o noso traballo —niso tremos que traballar todos e a lei terá que botar unha man tamén— ten que ir máis aló. É preciso implantar nesas franxas, arredor das aldeas, actividade agrogandeira e tamén frondosas como medio sostible de defensa das aldeas.

Déixenme que lles volva dar cifras para poñernos en situación da magnitude do traballo, do esforzo titánico que supón a defensa das nosas aldeas polo número de aldeas que temos en Galicia.

Cos datos dos 242 concellos que forman parte ou que están adheridos ao Convenio, falamos, nas franxas deses 242 concellos, señorías, de 1.800.000 parcelas e de 135.000 hectáreas de franxas. Se facemos unha regra de tres e o elevamos ata os 313 concellos de Galicia, vemos que a magnitude total en todo o territorio galego serían 2.300.000 parcelas e 175.000 hectáreas nas franxas.

Como saben, o Convenio pon especial énfase nas parroquias priorizadas, 157 parroquias de 81 concellos determinadas con criterios técnicos. E nesas parroquias préstase un servizo público de limpeza das franxas, por parte da entidade pública Seaga, por un prezo de 350 euros a hectárea, un prezo sensiblemente inferior ao de mercado. A maiores, os supervisores de prevención de Seaga son os que comprobamos o estado das franxas e asumen toda a tramitación das execucións subsidiarias no caso de que o propietario non proceda, no prazo marcado pola lei, á limpeza das súas fincas. É dicir, cooperamos cos concellos neste traballo que, de acordo coa Lei 3/2007, é competencia municipal.

Pois ben, nestas parroquias, nas 157 priorizadas, señorías, temos os datos completos e podemos asegurar que o Convenio está cumprindo os seus obxectivos, pois dende a súa posta en marcha a porcentaxe de superficie xestionada polos seus propietarios ou ben por Seaga co servizo público de limpeza pasou de ser pouco máis do 50 % da superficie a practicamente o 70 % neste 2021. É dicir, en tres anos incrementamos 20 puntos porcentuais a xestión das franxas e, polo tanto, eu quero agradecer o esforzo que fan tamén os cidadáns nese sentido.

A boa marcha dos traballos nas parroquias priorizadas fixo que este ano 2021 decidíramos estender a comprobación por parte da entidade pública Seaga ás parroquias non priorizadas,



comezando polos 81 concellos antes referidos. Voules dar os datos de a finais de novembro. E con datos a finais de novembro, temos completada a comprobación da totalidade das franxas secundarias de 92 concellos de Galicia. Practicamente nun terzo dos concellos de Galicia sabemos nestes momentos o estado das súas franxas, para, no seu caso, poder proceder, naqueles casos que sexa necesario, á súa limpeza.

Tamén lles vou dar os datos totais destes 92 concellos. Miren, a xente que traballa neste ámbito comprobou ata o momento o estado de 685.000 parcelas, que suman 44.00 hectáreas. Desas 44.000 hectáreas, a porcentaxe de superficie xestionada —e este é moi bo dato— polos seus propietarios é dun 65 %; é dicir, 29.000 hectáreas repartidas en 432.000 parcelas. E as hectáreas non xestionadas das 44.000 son 15.000 e supoñen 253.000 parcelas.

Os propietarios destas parcelas non xestionadas están sendo obxecto da correspondente notificación, advertíndoselles que, no caso de que non fagan a limpeza das dúas fincas, se procederá á execución da dita limpeza pola Administración pública, coa conseguinte repercusión do custo e coa imposición da correspondente sanción. No caso de que non se localice o propietario da parcela —e, señorías, este é un tema complicado e estamos vendo que hai moitas parcelas nas que non damos localizado o propietario—, estase procedendo á publicación nos diarios oficiais correspondentes. Tamén cos datos a 30 de novembro, levamos xeradas no ámbito do Convenio un total de 35.326 notificacións e 33.129 publicacións; é dicir, practicamente, 68.000 entre notificacións e publicacións.

Tamén neste ano 2021, como mellora do Convenio, decidiuse implantar un piloto en oito concellos, seleccionados con criterios técnicos, nos que se acometen os traballos de limpeza e eliminación de especies arbóreas prohibidas nas franxas secundarias. Neste caso, estes traballos estanse a realizar dende o mes de novembro por persoal da empresa pública Seaga e tamén por persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia. Volvo repetir o meu agradecemento e a súa disposición e dispoñibilidade para facer estas tarefas de prevención. Estes traballos ímolos estender —visto que queremos deixar, como digo, eses oito concellos libres, nas súas franxas, de especies arbóreas prohibidas e de matogueira— a outros catro concellos para ter un piloto antes do vindeiro verán de doce concellos escollidos, como digo, con base en criterios técnicos e de ocorrencia de incendios, que teñan totalmente limpas as súas franxas, completamente xestionadas, como digo, antes da temporada de máximo risco do ano 2022.

Polo tanto, falei, como lle dixen, neste terceiro apartado da miña comparecencia, do que se refire á prevención e ao Convenio, e gustaríame rematar referíndome tamén á nova Lei de loita integral contra os incendios forestais.

Neste ámbito, retomando o que se falou neste Parlamento, unha das principais conclusións da comisión de estudo do ano 2018 foi a necesidade de elaborar unha nova lei de prevención e extinción dos incendios forestais que recollera o mellor das lexislacións anteriores. E quero lembrar que a Lei de prevención e extinción de incendios de Galicia é do ano 2007, a Lei 3/2007, pero que incorporara tamén as previsións que emanaban das propias recomendacións do ditame; repito, recomendacións que proceden dun acordo das tres cuartas partes deste Parlamento.



Ademais, tiñamos que incorporar tamén —así se nos dicía— o resultado do informe do grupo de expertos que foron designados polos partidos políticos con representación no Parlamento no que se refire á recomendación número 60 do ditame. Este informe foi emitido en xullo do ano 2019. E con este punto de partida, aborouse o traballo da elaboración dunhas directrices para a redacción do Anteproxecto de lei de loita integral contra os incendios forestais de Galicia. Para iso, para a elaboración das directrices, configurouse —estase a configurar— un proceso participativo, coordinado pola Universidade de Vigo, baixo a dirección de dúas persoas de recoñecido prestixio neste ámbito, como son Juan Picos e José Antonio Vega, aos que lles quero facer un recoñecemento expreso e agradecerlles o seu compromiso e implicación nun tema de tanta transcendencia para Galicia como a loita contra os incendios forestais.

Señorías, neste proceso participativo, interviñeron máis de duascenas persoas en representación de todas as entidades, organismos e colectivos que están relacionados directa ou indirectamente coa actividade forestal galega. Quero remarcar que hai unha importante participación de persoal do dispositivo de prevención e extinción de incendios, como non podía ser doutro xeito. E froito deste traballo conxunto, temos unhas directrices que nos serven de punto de partida para a elaboración do anteproxecto da lei; directrices que van ser presentadas, como non pode ser tampouco doutro xeito, ao Consello Forestal o vindeiro 11 de xaneiro, como paso previo ao inicio da tramitación do anteproxecto, que entrará neste Parlamento —seguro— antes de que remate o 2022.

Señorías, quero deixar claro que o feito de que non se teña unha nova lei ata este próximo ano non quere dicir que nos quedamos quietos no que se refire á loita contra incendios; é o que lles estou explicando nesta comparecencia. Pero é claro que a nova lei ten que avanzar en cuestións que ata o de agora estaban sen resolver, e paso a enunciar algunhas delas que penso que son importantes e que me gustaría introducir no debate desta comparecencia. Repito que as directrices non son unha cuestión da Consellería do Medio Rural, senón que son resultado dun proceso participativo. Avanzan en cuestións, como pode ser a repartición de competencias e os mecanismos de cooperación. As directrices avalan o desdoblamento que fixemos xa no ano 2018 da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e da de Defensa do Monte, pero tamén inciden no importante papel que ten que asumir a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en canto a xestor da Lei de recuperación da terra agraria.

No que se refire á distribución competencial, partindo —e así se recoñece tanto no ditame da comisión como tamén no informe dos expertos— de que a competencia principal nesta materia atinxe a Comunidade Autónoma, debe quedar claro o papel asumido polas demais administracións. As directrices din que é necesario mellorar a cooperación administrativa, especialmente en materia de prevención, de xeito particular no que se refire á Administración local, indicando en que hai que seguir pola liña de cooperación que ten consigo o Convenio de protección das aldeas. Pero tamén inclúe, nas administracións locais, as deputacións. Señorías, non é de recibo que nestes momentos só se estean entregando tractores para a prevención aos concellos da provincia de Ourense, porque o resto das deputacións se negan a colaborar no financiamento destas maquinarias coa Xunta de Galicia.



As directrices definen tamén o Sistema galego de loita integral contra os incendios forestais, que abrangue tres ámbitos, dende o punto de vista conceptual: a preparación, a prevención e a anticipación na problemática dos incendios forestais, distinguindo entre a planificación preventiva e o que é o traballo ou as tarefas de prevención en sentido estrito; a extinción de incendios forestais; e a restauración e recuperación dos terreos afectados polos incendios. E di tamén que o Sistema galego de loita integral contra os incendios forestais debe basearse nunha estrutura profesionalizada que debe contar con base territorial integrada baixo o mando único da administración competente en materia forestal, cuestión na que estou seguro de que estamos todos absolutamente de acordo.

Ten que ser un dispositivo de incendios con formación e preparación adecuada en todo momento. Eu quéroilles lembrar que nos orzamentos do ano 2022 temos orzados 500.000 euros para formación do persoal; un dispositivo autonómico, señorías, que se ten que complementar —e isto vendo o informe de expertos designados polos grupos parlamentarios do ano 2019— cunhas novas brigadas municipais que terán como obxecto principal a vixilancia e a prevención, xunto co apoio ao dispositivo en cuestións de loxística e colaboración na liquidación de lumes estabilizados ou controlados ou mesmo na extinción de lumes de baixa intensidade; unhas brigadas municipais profesionalizadas, cun mecanismo de selección uniforme a nivel autonómico e cun tempo de contratación mínima de seis meses; e novamente esta proposta require tamén da implicación financeira das deputacións provinciais. Na nova lei temos que esclarecer a importancia que posúe a vixilancia. Tamén as directrices avalan a creación desa unidade de quince axentes exclusivamente adicados ás tarefas de investigación.

Tamén se fala, por suposto, da extinción, e, neste senso, as directrices marcan a necesidade de configurar equipos especializados específicos para a intervención nos grandes incendios —saben vostedes que son os de máis de 500 hectáreas—, así como na súa análise posterior, e nunha cuestión importante —na que xa estamos traballando, imos ver resultados no 2022—, nunha definición máis pormenorizada da figura do director técnico de Extinción e na necesidade de que conte cun equipo técnico de apoio, os analistas.

A lei tamén debe recoñecer o papel fundamental, como dicía antes, destas brigadas específicas dedicadas á investigación. E, ademais, os expertos conclúen, no ámbito da prevención, que calquera actuación que se desenvolva no territorio galego debe de estar sempre impregnada do concepto de anticipación fronte aos incendios forestais. A clave da anticipación, señorías, é, sen ningunha dúbida, a xestión do territorio. Os resultados a medio e longo prazo virán desa xestión do territorio.

E neste ámbito as directrices propoñen que na lei se definan dous conceptos que a min me parecen particularmente importantes e que quero destacar. En primeiro lugar, as paisaxes cortalumes, buscando xeración de descontinuidade na biomasa como mecanismo de prevención que debe ter vocación produtiva para que sexan sostibles no tempo. E distingue catro tipos de paisaxes cortalumes: os polígonos cortalumes da Lei de recuperación da terra agraria; as agrupacións forestais de xestión conxunta, que xestionen o territorio con criterios de prevención; as redes de franxas de xestión da biomasa, recollidas na Lei 3/2007; e tamén, por último, as zonas específicas do territorio que non teñan a condición de redes de franxas e que necesariamente teñan que ser xestionadas para evitar incendios ou o agravamento das



súas consecuencias. Aquí, nas directrices, incluso nos piden que poida haber unha xestión directa por parte da Administración nese tipo de partes do territorio.

E outro concepto que hai que incorporar á lei, segundo nos din as directrices —e nós tamén coincidimos— é o de paisaxe mosaico, tan tradicional e vencellada ao territorio galego. O fomento da paisaxe mosaico, xunto coa implantación da Lei de recuperación, permitirá diminuír o risco de grandes incendios en áreas con alto grao de abandono da actividade primaria.

Tamén se incide —e isto é claro— na necesidade de manter as franxas primarias e secundarias de xestión da biomasa, aínda que teremos que evolucionalas coa experiencia destes anos. Penso que este é un tema que deberíamos debater todos: como podemos facer para que evolucione o funcionamento desas franxas, tendo en conta esas cifras das que lles falaba antes do que estamos entendendo que son as franxas, tanto en número de hectáreas como de parcelas.

Especial preocupación amosan os expertos que elaboraron estas directrices das franxas secundarias arredor das aldeas, onde se fai necesario —xa nolo din, e nós xa o estamos avanzando coas aldeas modelo— pasar do desbroce anual á promoción da actividade agrogandeira ou á implantación de frondosas como mecanismo sostible de protección das aldeas fronte aos incendios forestais. É inasumible o custo de desbrozar todos os anos 180.000 ou 230.000 hectáreas, como antes lles dicía cos datos que dei.

Tamén conteñen as directrices un apartado específico dirixido ás accións de sensibilización e concienciación das sociedade civil fronte á problemática dos incendios forestais e os incendiarios. Inciden na importancia de efectuar simulacros no territorio que melloren as medidas de prevención ou as accións de autoprotección da poboación. Isto iniciáremolo xa neste mesmo ano 2022, no Pladiga 2022, coa procura, precisamente, de autoprotección, sobre todo nas aldeas con maior risco de incendios.

Remato xa esta primeira parte da miña comparecencia confiando en escoitar o que teñan que dicir, porque, coma sempre, a miña vontade, ademais de trasladar —que é o que veño facer hoxe aquí— a información relativa á campaña de incendios e a dar conta da actuación do Goberno galego, tamén é escoitar e, precisamente, buscar consensos que poidan reverter nun beneficio nos nosos cidadáns.

Penso, señorías —e penso sinceramente—, que a tramitación parlamentaria da nova Lei de loita integral contra os incendios forestais pode ser o marco ideal para que todos os grupos parlamentarios cheguemos a un acordo, a un pacto da comunidade, para poder levar a cabo unha estratexia conxunta na loita contra os incendios forestais, contra esa lacra que asola cada ano o noso rural, contra os delinquentes que queiman Galicia. E pí-dolles que afrontemos todos xuntos, Goberno, grupos parlamentarios, expertos, membros do servizo, todos os que participaron no proceso de elaboración das directrices, os retos que nos supón esta loita e que teñamos entre todos tamén a suficiente altura de miras para cumprir o mandato que nos deron os cidadáns que nos votaron: poñernos de acordo na solución dos seus problemas.



Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas presidente.

Bos días a todos e todas. Bos días, conselleiro.

Quero comezar a miña intervención, como non pode ser doutra forma, felicitando a todos os traballadores e traballadoras do Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Xunta de Galicia, e tamén do resto das administracións, que ás veces traballan en condicións, tanto salariais como de protección, que deixan moito que desexar, e dan todo por cumprir as súas funcións.

Hoxe non imos falar diso, senón que imos falar da responsabilidade política do Goberno galego en relación con esa temática. E quería comezar esta intervención falando xa, como dicía, da responsabilidade política e da xestión, sinalando que o Pladiga, o Plan de prevención, se aprobou no Consello da Xunta de forma non participativa, de forma xeralista e sen detallar nin orzamentos nin mapas de riscos. Non dispomos de información básica de cantas hectáreas se rozaron, de cantos puntos de auga nova se fixeron e de cantos quilómetros de pista se acondicionaron, a pesar de preguntarlle ao director xeral. Nin temos estudo das necesidades do territorio. Entendemos o Grupo Parlamentario Socialista que vostedes, señores do PP, actúan, en materia preventiva, sen planificación baseada en estudos técnicos, en estudos que analicen o risco real. Deberían ter a estas alturas un risco mapificado.

O propio artigo 49 da Lei de prevención e defensa contra incendios forestais sinala que, unha vez finalizada a época de perigo alto de incendios, a Administración autonómica galega promoverá a elaboración dun mapa de riscos asociado aos incendios forestais do último período. Eu pregúntolle, conselleiro, onde está ese mapa de riscos. Esperabamos que cos cambios profundos que se levaron a cabo na dirección xeral responsable puideramos contar cunha planificación preventiva sensata acorde coa experiencia adquirida polos técnicos e demais traballadores do Servizo de Prevención de Incendios, pero non foi así. E tamén aproveito para dicirlle que, se agradece o seu labor e fixo unha mención específica a eles, lles mellore as condicións que teñen de protección en canto aos EPI e que lles mellore o resto de condicións, vehículos, etc., que podemos falar diso.

O Partido Popular e o presidente da Xunta de Galicia levan décadas ignorando as necesidades de atallar as causas estruturais dos lumes forestais, de extremar medidas de prevención contra incendios, de mudar o monte galego, de evitar o despoboamento do rural —no que voltarei incidir por importante— e de facer cambios de fondo na política forestal agraria e medioambiental.



O Goberno galego, por exemplo, fixo caso omiso ás medidas propostas xa no ano 2019 por vinte colectivos dentro da campaña «Polo monte galego do futuro» —eran bastantes, vinte—, e falaban de prevención de incendios todo o ano e da promoción dun monte funcional e resiliente fronte ao cambio climático. O acontecido este ano en Ribas de Sil, na Ribeira Sacra, un dos ecosistemas de maior valor etnográfico no conxunto da comunidade autónoma galega, é unha mostra máis do dito. No maior incendio no que vai deste ano 2021 non pode ser que a única argumentación que se ofrezca pola Consellería do Medio Rural sexa a intencionalidade, que si é certo que niso o propio alcalde coincidía, pero, non fan a mínima autocrítica sobre a falla de medidas preventivas e de planificación, como pode comprobarse no Pladiga deste ano, que case é, coma sempre, un corte e pega de anos anteriores. A realidade é que o lume estaba totalmente descontrolado e que a situación mudou grazas ás condicións meteorolóxicas. A descoordinación foi unha realidade palpable e as consecuencias puideron ser moito máis graves, e vostede é consciente diso.

Urxe que se replanteen que ano tras ano vemos que non se levan a cabo traballos de prevención, e que os que se fan moitas veces se executan fóra da época adecuada. Agora estaba falando de tractores nas fincas en decembro. Non cremos que a maquinaria pesada neste momento poida facer o labor que teña que facer antes desta época.

Nos últimos vinte anos en Galicia —agora é verdade— as condicións meteorolóxicas axudaron, e o Partido Socialista sempre está contento de que as hectáreas queimadas poidan ser menores, pero en Galicia, nos últimos anos, na última década, arderon 480.642 hectáreas. Creo que o Partido Popular ten algunha responsabilidade nesa época.

Temos unha media de dous mil sinistros ao ano, segundo o Instituto Galego de Estatística e a media de hectáreas queimadas por incendio multiplicouse, e a Consellería do Medio Rural non foi quen de reducir a superficie queimada total por lume con respecto á media dos últimos dez anos, salvo no que dicía vostede, que só falaba deste ano polo que lle pode ser de utilidade.

Necesitamos, señor conselleiro, avanzar na profesionalización deste sector cuns traballos de alto risco, nos que en moitos casos non se garanten unhas condicións, como dicía, salariais axeitadas nin o equipamento material e técnico, nin a formación imprescindible para a extinción de incendios. Todo isto, demostrado nos últimos anos, leva a unha maior descoordinación e a unha menor eficacia, onde o perigo e o risco son unha constante.

En relación cos plans de ordenación dos recursos forestais, que son básicos para este fin, estes plans fomentarán o equilibrio territorial, rachando coa situación forestal actual, conforme fixo o ditame do que vostede falou, o ditame do Parlamento de Galicia, na súa recomendación dúas, á que neste caso parece que non lle vai facer caso, porque deberían estar realizados. Nese ditame falan de facelos dende o 2019 ao 2024, e vostedes xa renuncian a estas datas; renuncian porque na revisión do Plan forestal cara á neutralidade carbónica, na que vostedes pedían consenso, xa mudan a esta data e amplían ata o período 2026-2030. Quero dicir que é unha data na que xa contradín o acordado. Pregúntolle tamén por que non respectou vostede o fixado polo ditame elaborado a raíz dos graves incendios acaecidos en Galicia no ano 2017, que todos recordamos. Sabemos, señor conselleiro, como cumpren os compromisos.



Tamén falaba dun texto refundido en canto á materia de incendios; agora fala dunha nova lei. Quero dicir que os compromisos son os que vostedes queren que sexan. Ou igual acontece coa creación dos comités forestais de distrito, que este grupo parlamentario levou a comisión e votaron en contra, porque tampouco lles interesa.

Aínda está por presentar —isto é moi importante— a repartición de medios de loita existentes na nosa comunidade conforme á situación actual, porque existe unha forte distorsión ou descompensación na repartición actual das brigadas respecto do modelo proposto. En Ourense, por exemplo, e malia representar o 41 % dos lumes, o 59 % da superficie total queimada en Galicia nos últimos dez anos, na repartición actual a Xunta lle atribúe só un 30 % das brigadas existentes, cando, segundo o modelo proposto polos expertos, debería corresponderlle o 43 %, e o mesmo fan coas brigadas de incendios dos concellos, porque non miran esa casuística de incendios acaecidos nese territorios.

Mire, a Xunta de Galicia debe mudar a xestión forestal, desenrolando unha xestión sostible do monte, cunha acción política decidida que poña enriba da mesa un modelo asentado na realidade, pero co compromiso de todo o territorio e de toda a poboación, porque non se pode permitir que nunha zona se concentre toda a produción forestal, mentres que a outra, ampla, se someta á obriga de aportar valores naturais sen ningún tipo de compensación económica.

Fala de unidades de investigación de incendios forestais, pero contradí o propio presidente da Xunta de Galicia cando no ano 2017 prometía que habería 17 axentes en equipos forestais de investigación e outros 38 en equipos de vixilancia de cumprimento. Isto quedou reducido a 15 membros, pero 15 membros que vostede detrae do propio Servizo de Prevención de Incendios. É dicir, non aumenta eses 15 efectivos, detráeos e cámbiaos de funcións. Entón, bueno, a xestión non creo que sexa para aplaudir.

Analizando as zonas abandonadas, en Lugo e en Ourense terían que se establecer unha serie de medidas efectivas para fomentar o bosque autóctono. Non podemos deixar de reiterar que o principal problema é o abandono que ten o rural: menos xente, menos servizos sanitarios, educativos, menos servizos sociais para a infancia e maiores, desmantélanse os servizos bancarios —do que xa se falou nesta sede parlamentaria—, o transporte público... E o Goberno do Partido Popular non fai nada para evitar que se produzan estes feitos.

E a consecuencia da improdutividade destas terras é que se están a converter nunha bomba de biomasa formada por miles de hectáreas de monte continuados sen apenas presenza dos cortalumes. Pero si que me gusta que fale agora das plantacións en mosaico.

Deben analizar tamén como actuar, no cambio climático, nese tipo de incendios como o sucedido na Ribeira Sacra, que podemos denominar como de sexta xeración. O Goberno galego debora de desenrolar un estudo profundo coa elaboración, entre outros, dun mapa de combustibles actualizado, que non só teñen que ser rozas, é verdade, porque ese tipo de lumes teñen moitos focos secundarios. É preciso deseñar unha paisaxe en mosaicos —espero que o faga— con cortalumes naturais e cunha mutlifuncionalidade.

Ben, os traballos de prevención...



A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que rematar, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—xa remato— deben realizarse nunha época determinada; deben realizarse todo o ano, pero algúns nunha época anterior á de alto risco, como as brigadas municipais, das que despois falarei.

¡E que fale da Deputación de Ourense na repartición de tractores xa é o máximo!, porque o ano pasado, a todos os concellos do Partido Popular, e este ano volvemos incidir no mesmo. ¿Que pasa, que a Deputación de Ourense lle fai o traballo sucio á Consellería do Medio Rural?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Rodríguez.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

É agora a quenda do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Grazas, señora presidenta.

Bo día a todas e todos. Bo día, señor conselleiro.

Eu teño auténtica curiosidade por saber como falará vostede o día que queira ser triunfalista, (*Aplausos.*) porque foi realmente unha primeira intervención sorprendente; sorprendente até certo punto.

Eu quero comezar, antes de nada, parabenizando a toda a sociedade. Creo que temos que parabenizarnos —e con isto concordo— colectivamente, porque neste ano non tivemos que lamentar neste país grandes lumes forestais, salvo un. Foi, polo tanto, unha campaña moi atípica a deste 2021, como vostede tamén dixo. Pero un home que era bastante máis sabio ca min dicía que «se buscas resultados distintos, non fagas sempre o mesmo». Vostede deu un discurso no que parecía que fixeran todo de forma absolutamente diferente neste 2021 e, por iso, estes resultados.

¿Cal é a realidade deste 2021? Como xa se mencionou aquí, o Pladiga era practicamente un decalque do Pladiga do ano anterior, salvo en pequenas cuestións que despois comentarei; a estrutura do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais era a mesma que a dos anos anteriores; Seaga funcionou de forma similar á de anos anteriores; as subcontratas de Seaga están a funcionar de forma similar ás doutros anos; a estrutura da poboación neste país, por desgraza, non mudou, senón que igual empeorou; e as detencións incendiarias, de persoas incendiarias, pois tamén continuaron na senda similar ás de anos anteriores.

Polo tanto, ¿cal é o elemento que mudou este ano, aínda que vostede dixo que era un elemento secundario? Pois, evidentemente, a climatoloxía. E grazas á climatoloxía tan específica e tan diferente que tivemos neste verán do 2021, estamos a falar duns datos que —concordo de novo— son realmente bos.



Eu creo que hai que ter un pouco de coidado con este tipo de datos e fuxir destes discursos triunfalistas como o que vostede fixo, porque se, cando non arde, si é mérito noso; igual cando arde, é demérito noso tamén. (*Aplausos.*) Entón, hai que ter un pouco de coidado con este tipo de discursos.

Nós comprendémolo, de verdade. Eu entendo que é humano achacarse o éxito dun ano que foi obxectivamente bo na cuestión dos lumes forestais. E voulle dar, ademais, unha serie de datos que vostede xa coñece, pero que moita xente da que nos escoita, non, e que poden ser moi clarificadores de cal é a realidade da execución do plan preventivo contra lumes deste ano.

Vostede dixo un par de cuestións coas que eu concordo tamén. O problema dos lumes é un problema estrutural, é certo, pero hai moitas cuestións que afectan o problema dos lumes neste país, como que é un problema basicamente de xestión do territorio. O problema é que vostedes din que é unha problemática de xestión do territorio, pero logo non actúan en consecuencia.

A Consellería do Medio Rural era, a 30 de setembro —é dicir, cando rematou o terceiro trimestre deste ano—, unha das de menos execución orzamentaria de todo o Goberno deste país. Con tres trimestres do ano cumpridos, só foron quen de executar o 36,79 % do seu orzamento, non chegaban nin ao 40 %. E este dato, de por si, podería resultar equívoco. Pode ser que na Consellería non se executase máis dun terzo do seu orzamento no total, pero que nos programas específicos de prevención e no nivel de execución pois fose moito máis alto. Entón, voullo desglosar. Estou certa de que o sabe, pero —repito—, como haberá xente que non, voullo desglosar. Este é o grao de execución nas partidas contra incendios, ao remate, repito, de setembro; polo tanto, practicamente no remate do período de alto risco de incendios. No Programa 551B, que é o destinado especificamente a isto, a accións preventivas e infraestrutura forestal, o grao de execución a 30 de setembro era do 45,1 % do total.

E hai outras partidas que tamén —falando desta cuestión, de xestión do territorio— están moi vinculadas á problemática dos lumes, aínda estando noutras direccións xerais. E parafraseando o que vostede dixo, no que ten a ver coa ordenación de polígonos forestais, o grao de execución era do 38,2 %, e no 712A, que é o de fixación de poboación no medio rural, o grao de execución era do 23 %. Entón, cando falamos de aldeas modelo, de polígonos forestais, falamos de agrupacións de propietarios. ¿Que agrupacións de propietarios, que polígonos forestais, que uso se lle vai dar ao territorio se nas partidas de fixación de poboación no medio rural e, polo tanto, de servizos e doutra serie de cuestións que se necesitan —calquera persoa de aquí que viva no rural coñece— estamos nun 23 % de execución? Esta é a importancia que vostedes lle dan á fixación de poboación no medio rural deste país.

¿E que din, ao final, estes datos? Pois, ao final, o que din é que gastan moito máis en propaganda que en prevención real dun risco de incendio forestal. (*Aplausos.*) E, fíxense, non hai moito —de feito, vai pouco máis dun mes—, na Comisión 7ª, o seu director xeral facía un alegato moi sentido —que ademais vostede repetiu aquí— de que a prevención se fai todo o ano —esta é a nova dinámica do discurso do Partido Popular—. Nós concordamos, hai que facer prevención todo o ano. O director xeral facíao respondendo, neste caso, unha pregunta deste grupo político en relación coas faixas secundarias de protección —das que



vostede falou profusamente—, que é unha parte moi importante da prevención de incendios. Pero fan prevención todo o ano, e aínda que vostede falou dun servizo público, fana moita dela con persoal alleo e con contratas a empresas privadas; contratas que se están executando no día de hoxe, subcontratas de Seaga, cando a maioría das brigadas de Seaga deixaron de traballar xa hai un mes ou un mes e medio, ao igual que os traballadores fixos descontinuos da propia consellería, que xa botaron á casa vai case un mes.

Temos así un persoal da Xunta, este fixos descontinuos de seis meses, que, no mellor dos casos, só poden facer labores de prevención durante dous meses para que despois poidan contratar —repito— empresas privadas para facer rozas en outono, en novembro, en decembro... —é dicir, en inverno, polo tanto— e pasar a época de alto risco. É verdade que hai traballos que se poden facer no inverno, pero é certo —e vostede nisto terá que darnos a razón— que a maior parte dos traballos de prevención hai que facelos de forma previa á época de alto risco e non se están a facer. Porque os datos que vostede deu, por exemplo, referidos ás faixas secundarias, desde logo, sendo mellores que os dos anos anteriores, non se corresponden en absoluto cunha prevención ben feita. E non pode haber boa prevención cando hai un persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Lumes, ao que vostede agradeceu o seu traballo... Eu teño que dicirlle que a mellor forma de agradecer o traballo do Servizo de Prevención é darlle boas condicións laborais aos traballadores e ás traballadoras do servizo. (*Aplausos.*) Porque é certo que había brigadas de tres meses que pasaron a seis, pero tamén é certo que esas brigadas de seis meses levan anos escoitando que van pasar a nove ou, polo menos, a un ano. E supoño que teremos que agardar ao ano electoral para que aumente o período de contratación destas brigadas. (*Aplausos.*)

Mire, se nos fixamos no único gran lume que houbo este verán, que foi o de Ribas de Sil, o que afectou a Ribas de Sil, Quiroga e Pobra de Brollón, que foron máis 1.600 hectáreas afectadas, como vostede ben sabe, atopámonos aí brigadas facendo labores de extinción que tiñan dous compoñentes traballando, ou tres; brigadas totalmente incompletas que funcionaron porque había moitísimos medios alí e porque, como dixo a compañeira do Partido Socialista, chegou un momento no que as condicións climáticas axudaron; pero que estaban traballando nunhas condicións absolutamente precarias, que non son dignas do mellor servizo de prevención de incendios de Europa, como vostedes din.

Sirva tamén, ademais, este lume para dar fe da mala ordenación do territorio que temos. Vostede falaba da xestión do territorio, e cando falabamos tamén deste incendio na Comisión de Medio Rural, o seu director xeral falaba de que este era un terreo que estaba ordenado. E, efectivamente, así é. Non era un terreo no que as comunidades de montes estivesen a funcionar, no que se fixesen traballos de silvicultura; o que hai é un monocultivo, neste caso de piñeiro, que impedía calquera tipo de corte a ese lume. Polo tanto, igual o que está a acontecer é que a ordenación forestal que estamos a desenvolver neste país —aínda que vostede falou agora de mosaico— non está a funcionar.

E podemos falar de novo das faixas secundarias, da inxente cantidade de hectáreas que son de responsabilidade municipal e que se xestionan, no mellor dos casos, a través dese convenio do que vostede falou. O que atopamos é, á parte dese escaso grao de execución, estas subcontratas das que lles falo con contratos que se están asinando aínda neste mes, cando lles obrigamos aos



propietarios —de feito, cámbiase a Lei de incendios pola porta de atrás e a Lei de acompañamento aos orzamentos deste ano por enésima vez— a reducir os prazos de notificación e a limpar os seus terreos en época previa ao alto risco. ¿Entón, estámolles dicindo que logo a Consellería fai eses traballos en decembro e en xaneiro? (*Aplausos.*) ¡Non pode ser, señor conselleiro! (*Aplausos.*)

E quérolle dicir —porque vexo que teño pouco tempo— que vostede falou de moitas cousas; falou, por exemplo, da nova Lei de incendios que nos van traer ao Parlamento, cun pouco de sorte —aínda que repito que agora entendo que non vai ser moi rápido, porque acaban de modificar a actual na Lei de acompañamento aos orzamentos—. E fala de que unha lei de 2017 —quérollo lembrar; vostede sábeo, pero lémbrollo igual—, que é a lei actual de prevención de incendios, foi totalmente modificada por vostedes en 2012 coa advertencia incluída do Consello Económico e Social deste país, porque estaban a modificar unha lei de novo pola porta de atrás.

E o propio persoal do servizo —ao que vostede di estar moi agradecido— lle reclama mellores condicións laborais; reclámanlle poder facer prevención real durante máis meses ao ano e non só eses dous dos que falaba antes.

Vostede deunos moitos números e nós témoslle moi pouquiño tempo para lle contestar. Eu falaríalle de varios dos números que vostede dixo. Un deles, que chama moito a atención, foi o número de millóns de euros que di que van gastar o ano que vén en prevención. Se tivera aquí tempo de facer un desglose dos orzamentos do ano que vén, veríamos a que vai realmente ese diñeiro de prevención, que, na maior parte dos casos, non é á ordenación do territorio, senón a construcións e a outro tipo de cuestións, pero é diñeiro que hai que xustificarse ante a Unión Europea.

O que ten que ter o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais deste país é un corpo estable e profesional para todo o ano, que funcione todo o ano. Vostede avanzou aquí que van facer brigadas de seis meses profesionais —chamounas así— nos concellos, pero é un paso atrás terrible, cando o que tiña que ser é un mando único da Consellería do Medio Rural no que é a xestión dos incendios forestais deste país. Aquí houbo un intento no seu momento de eliminar ese tipo de brigadas...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que rematar, señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...—si, xa remato, señora presidenta— que servían para outras cuestións que non eran precisamente a prevención de incendios, e vostede di que van incidir niso.

Non podoo falar moito máis nesta primeira quenda de palabra, pero seguiremos despois.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora González Albert.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Polo Partido Popular, ten a palabra o señor Armada Pérez.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, benvido novamente a esta Cámara.

As miñas primeiras verbas que vaian para facerlle extensiva a miña felicitación a vostede e tamén ao Grupo do Partido Popular por unha valoración realista e non ficticia; realista dunha serie de medidas que vostede estivo a detallar, dunha serie de accións bastante claras e concretas que dan lugar a uns números, que, por moi tozudos, son realistas, e tan realistas que ás veces parece que non gustan á oposición, pero, sentímolos moito, imos seguir traballando. Estou seguro de que o faremos co mesmo ímpeto de sempre e, sobre todo, buscando o mellor para o noso territorio, que é a eliminación definitiva dos incendios forestais. E para falar deles creo que o primeiro do que hai que falar, antes de extinción, é de prevención, e para iso é fundamental a participación de todo o mundo implicado nesta problemática que son os incendios e da que se fai causa común para erradicalos.

Por iso nos gusta que vostede lles tenda a man ao Estado, ás deputacións, á Fegamp, aos concellos, ás universidades, tamén ao tecido social —especialmente a aquel que está implantado no rural—, e tamén á propia implicación dos membros da Consellería do Medio Rural e da Xunta de Galicia. Oxalá todos estes organismos tiveran unha implicación seria e directa, pero tememos que, no caso dalgunhas deputacións, non é así.

Gustaríame destacar tamén accións que se levaron e se levan a cabo dentro deste Plan de prevención de incendios forestais que desenrolamos durante este ano 2021; un plan no que se investían 30 millóns de euros, cunha actuación sobre 58.000 hectáreas de monte e 5.000 quilómetros de pista. Unha planificación que incorporaba accións sobre poboación, sobre territorio, para previr os lumes tanto con medios propios da Consellería como con aqueles obxecto de contratación ou encargo; labores de mantemento de case 4.000 puntos de auga existentes na nosa comunidade e co obxectivo de construír 222 máis; tamén se buscaban accións preventivas para evitar o lume que se producía e, en caso de producirse, para limitar ao máximo a súa propagación e minimizar os danos causados.

Tamén hai que destacar que houbo traballos preventivos que se realizaron por parte do persoal do servizo, que se sumou aos labores derivados de subvencións de Medio Rural en prevención de danos causados aos bosques por incendios e desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común. E no apartado das subvencións, tamén se destacaban as destinadas á prevención dos danos causados aos montes por incendios, así como actuacións que se subvencionan que consisten no control selectivo do combustible en áreas de devisa, faixas auxiliares de pista, rexenerado de forestal natural, así como na roza e penetración, rareo e eliminación de restos entre faixas.

E agora tamén nos gustaría destacar unha lei na que, desgraciadamente, non tivemos o «si» dos que din agora que si a todo, que é o Bloque Nacionalista Galego. Creo, conselleiro, que tivo que traer esa lei un pouquiño máis tarde porque creo que a Lei de recuperación de terra agraria de Galicia é un dos instrumentos clave para falar do que é a recuperación e, sobre



todo, para intentar eliminar da mellor forma posible o abandono ao que poida estar sometido o noso rural. Iso crea polígonos cortalumes, xera discontinuidades de biomasa e frea e atenua o avance de incendios mediante a implantación da actividade agrícola, gandeira ou forestal nestes espazos.

Tamén me gustaría destacar os convenios que se inclúen e que están asinados coas entidades locais para a actuación con vehículos motobomba. Tamén, por suposto, o convenio ao que vostede aludiu coa Federación Galega de Municipios e Provincias porque —insisto— aquí fai falta a colaboración de absolutamente todo o mundo, cun orzamento de 7,7 millóns de euros, elaborando eses 232 plans municipais de prevención. E tamén me gustaría resaltar o convenio que fai na defensa das aldeas e a potenciación da participación cidadá mediante a cesión de material a diferentes colectivos cidadáns a través dos concellos.

Xa entrando no eido da extinción, tamén quero, en primeiro lugar, significar que, si, que temos o mellor Servizo de Extinción de Incendios, non de Europa, posiblemente un dos mellores do mundo; eu creo que, sen dúbida, debe ser o mellor do mundo. E, por suposto que si, que claro que nós estamos a traballar para mellorar as condicións laborais destes traballadores e que estamos sempre abertos ao diálogo, e foise demostrando ao longo destes anos en medidas como, por exemplo, o aumento dos meses, por suposto, que tamén se levou a cabo. Loxicamente, os incendios foron evolucionando, agora estamos falando de incendios xa practicamente de sexta xeración, e estamos falando de diferentes medidas; e esas evolucións o que están provocando é que todo evolucione, incluído tamén, por suposto, o persoal que está dentro do Servizo Público de Extinción de Incendios, que eses homes e mulleres, sen lugar a dúbidas, son para nós un exemplo a seguir.

Un dos dous exemplos que me gustaría resaltar dentro desta política de extinción de incendios é, como ben dicía o conselleiro, o Centro Integral de Loita contra o Lume, en Toén. Ese centro estou seguro de que será un centro de referencia europeo, un centro onde a excelencia formativa será a súa bandeira, e será un centro eminentemente práctico, especializado na defensa forestal, e totalmente identificado para que dalgunha forma todos os traballadores que se dedican aos incendios forestais poidan ter a mellor formación e, sobre todo, poidan afrontar as situacións da mellor forma posible.

Falaban tamén vostedes de que nós non falamos co sector do Servizo de Protección de Incendios. Pois, miren, agora mesmo nós teríamos que falar do Plan de formación; un plan de formación que se atopa vivo e un documento inicial que se aprobou tras consultar as organizacións sindicais. E, curiosamente, foron aceptadas preto dun 89 % das súas alegacións. Estimáronse, total ou parcialmente, un total de 56 das 63 alegacións recibidas; un programa que se plasma nos calendarios de traballo anuais tomando como base o labor formativo feito dende o ano 2019 e incorporando todos os contidos novos que se vaian considerando ata o ano 2024.

Así, a intención é seguir atendendo en cada exercicio as suxestións do propio Servizo de Protección e Defensa contra os Incendios e ir axustando o plan á realidade tanto do Servizo como da loita contra o lume, evolucionando cara a unha mellor carga práctica coa finalidade de achegarse o máximo posible a situacións que se presentan no traballo para conseguir darlles resposta.



É un plan que se estrutura en catro programas, que son: de formación, de adestramento do Servizo público de Extinción de Incendios, da formación do persoal adscrito aos concellos que participan tamén na extinción de incendios e da formación da poboación no rural.

Como os incendios moitas veces non soamente se provocan nesta terra, senón que nos tocan máis alá das nosas fronteiras, é tamén de resaltar o proxecto Interlumes. Este dálle un carácter internacional á loita contra os incendios forestais. Como ben saben, as zonas fronteirizas son unhas das zonas que máis castigadas se atopan por esta lacra de incendios. E o resultado deste proxecto Interlumes non soamente é a posta en funcionamento desa primeira base transfronteiriza de medios aéreos, senón que tamén nos vai permitir a redacción dun PAC da zona transfronteiriza que permita obter a máxima protección para as persoas e o medio ambiente. A posta en funcionamento do primeiro proxecto piloto común é un servizo de medios aéreos que dean cobertura aérea ao resto de medios de extinción de incendios forestais nas zonas transfronteirizas, a adquisición eficiente de equipamento especialmente adaptado ás necesidades concretas deste territorio e a mellora, prevención e intervención de recuperación do contorno, incrementando a rapidez e a eficacia dos medios.

Tamén nos gustaría resaltar esa aposta decidida que fai a Consellería pola tecnoloxía, pola implantación destas cámaras, polos drones, que, dalgunha forma, son elementos disuasorios para que os incendiarios non participen nin vaian adiante nas súas accións.

Tamén a Unidade de Investigación de Incendios Forestais. Consideramos que é fundamental que estes profesionais participen e que estean dentro do que é este operativo, porque está claro que están determinando cal é a causalidade, e curiosamente a causalidade di que a inmensa maioría dos incendios son provocados e que non veñen por unha trama de alcaldes do PP, como se chegou a dicir nalgún momento. Entón, estou seguro de que se botan man dese servizo, por aí non creo que lle vaian moito coa leira.

Está claro tamén que hai un exemplo de evolución e de mellora porque se vostede alude a esas brigadas municipais e se a súa especialización mellora formación é porque dalgunha forma tamén coñecen perfectamente o territorio e van axudar moito máis a que os incendios forestais poidan ter un mínimo impacto dentro do territorio.

E xa que estaban a falar de tractores e da Deputación de Ourense, pois si, evidentemente, oxalá o resto das deputacións provinciais participasen nos convenios de colaboración coa Consellería do Medio Rural. Loxicamente, na Deputación de Ourense faise a repartición de acordo coas solicitudes que se fan. E gustaríanos que, por exemplo, a Deputación de Lugo participase neste, e non discrecionalmente, por exemplo, a área de Medio Rural, que lle pertence ao Bloque Nacionalista Galego. Hoxe podemos dicir que houbo unha entrega dun tractor a un concello. ¿De quen? Do Bloque Nacionalista Galego. ¿Onde? Na provincia de Lugo. Un tractor, unha deputación... Eu penso que isto non é unha forma moi lóxica de poder traballar e, sobre todo, de ser xustos á hora de repartir os recursos.

A Lei de recuperación de terras, o Plan forestal 2021-2040, esas futuras leis que xa vostede foi...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que rematar, señor Armada.



O señor ARMADA PÉREZ: ...anunciando, señor conselleiro, tanto a Lei de loita integral contra os incendios forestais como a Lei de calidade alimentaria, que é unha lei transversal, son instrumentos que nos din que este goberno non está quieto, que non é conformista, que, por suposto, está implicado coa nosa terra e que quere que todos se impliquen para, entre todos, buscar as mellores solucións.

Nada máis e moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Armada.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a réplica, ten a palabra o señor conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, neste caso, señora presidenta.

Eu vou comezar a miña intervención dicindo —xa o saben moitos dos que están aquí, porque entraron comigo tamén— que eu entrei no Parlamento no 2016, e a verdade é que sempre formei parte dun grupo parlamentario que ten responsabilidades de goberno. Polo tanto, non sei moi ben —e estou seguro de que tardarei moito en sabelo— como é o traballo dos grupos da oposición.

Por suposto, é importante facer crítica, non me cabe ningunha dúbida; debería ser crítica construtiva sempre dende o respecto e, dende logo, todos vostedes respectan perfectamente o Goberno na súa crítica, pero tamén debería de haber algo máis de aportacións en cuestións tan importantes como esta. E cando eu propono un debate sosegado e me vou manter nese debate sosegado, polo menos, debería escoitar algunha aportación, non todo o que se está facendo mal, logo de poñer enriba da mesa unha serie de datos, que son datos, señora García Albert, obxectivos, son datos que eu non pinto, son datos que saen do que se está a facer e do que se está traballando.

A min tamén me dá a impresión —gustaríame tamén dicirlló— que ás veces non sei se escoitan as intervencións dos que vimos aquí, porque eu, dende logo, escoitei con atención a súa. De feito, vou falar do que vostedes falan, pero non sei se o escoitaron, porque me di que vimos aquí con cifras triunfalistas e que facemos... —díxoo vostede, está no *Diario de Sesións*, e gravado, seguro—. Pero mire, eu voulle ler, porque estaba na primeira intervención, o que dixen literalmente. Primeiro dixen que non estaremos conformes mentres arda unha soa hectárea en Galicia. E o segundo que dixen foi que lles lembro que as medidas que se están adoptando veñen avaladas polas recomendacións dun ditame parlamentario que foi votado a favor polas tres cuartas partes deste Parlamento. Por certo, o Bloque votou en contra; o Partido Socialista votou a favor. Polo tanto, eu non vou facer un uso interesado duns datos que son bos para o conxunto do noso país. O feito de poñelos de manifesto é unha obrigada derivada da propia acción de goberno e deberíanos animar a todos a seguir pola senda marcada ante os bos resultados obtidos.



Díganme que triunfalismo vin facer eu aquí. Vin dar os datos. ¿Non é bo dicir que este ano ardeu un 25 % da media dos dez últimos anos? ¿Non é bo dicir que está diminuindo o número de incendios e que aí probablemente as medidas que todos, de xeito consensuado, adoptamos están empezando a producir os seus efectos? ¿Pero vostedes que queren, entón? Porque ás veces parece que non acabo de entender que é o que vimos facer aquí. Eu sempre pensei que o Goberno —e eu formo parte do Goberno— tiña que vir aquí dar os seus datos e trasladar, no ámbito dun debate parlamentario, propostas para ver tamén as súas opinións, como fixen no ano 2019, que lle pedín que nos reuniramos todos os grupos parlamentarios —estaba naquel momento o señor Rivas, non sei se o recordará— para poder chegar a acordos. Eu dígolle que agora, na tramitación do anteproxecto de lei —que non vai ser proposición, senón que vai ser un anteproxecto de lei— e logo do debate que se fixo con toda a xente que ten algo que dicir neste ámbito e coas Directrices, podemos ter tamén nós un debate sosegado para meter ou introducir algunhas melloras importantes.

Eu, por exemplo, pónolle enriba da mesa unha delas: ¿como imos solucionar o problema das franxas? Non somos capaces de afrontar o desbroce anual nin nós, nin os cidadáns, nin ninguén, porque temos, como lle dixen antes, 135.000 hectáreas nas franxas en 242 municipios. Pero se sumamos os 313, debemos andar polas 175.000. Aproveito para dicirlles, señorías, que á maioría dos concellos que non están no convenio lles poden vostedes pedir tamén que, dado que o convenio funciona ben, se sumen, porque nós estamos facendo esforzos, pero normalmente son de partidos políticos que non teñen que ver con este goberno. Dígolles que sería bo que se sumaran ao convenio porque é un exemplo de cooperación interadministrativa que está dando os seus resultados.

Cando falaba de que me parece que non se escoitan as intervencións do Goberno, polo menos as miñas, é cando a señora Rodríguez Dacosta me di que non hai planificación nin números de prevención. ¡Home!, eu faleille con claridade na miña intervención —logo remarcoullo José Antonio— das 58.000 hectáreas de control da biomasa que se están executando aínda agora e dos 5.000 quilómetros de pistas forestais. Falaba dos puntos de auga, de 4.000 puntos, e de 222 novos este ano, e ademais de 2.300 hectáreas de queimas prescritas. Probablemente non demos cumprido o obxectivo das queimas prescritas precisamente polo tempo, porque se nos abren poucas ventás. Pero temos toda a intención de entre o 2021 e o 2022 facer esas queimas prescritas, por certo, de acordo coa xente do territorio, que é a que nos vai dicindo por onde as temos que facer.

Mire, vostede, e tamén a señora García Albert, dixéronnos que non era agora tempo para a prevención. Miren, aquí si que me causa a min dificultades entender como isto se pode manter contra a afirmación que tiñan vostedes de que a prevención se fai todo o ano. Eu tamén o digo, pero tamén o dixeron os voceiros dos grupos da oposición.

E hai outra frase: os lumes do verán apáganse no inverno. ¿E que estamos facendo nós agora? Precisamente facendo esa prevención, preparándonos para os lumes do verán. Entón, se o estamos facendo, e se queren con isto entender que é unha autocrítica, pois tomemos que é unha autocrítica, pero polo menos digan que se está facendo ben.



Pero, claro, se a prevención, aínda que se faga no inverno, a fan —non sei como dixo a señora García Albert— empresas privadas, é que xa está mal feita. Resulta que agora os toxos están distinguindo se é un funcionario público ou unha persoa que traballa nunha empresa para... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* En fin...

Trasladounos tamén a voceira do Partido Socialista que os EPI estaban en malas condicións. Ben, señora Rodríguez Dacosta, nós tamén podemos despois, se quere, debater sobre se os coches teñen moita antigüidade ou sobre se temos que renovalos, aínda que estamos co convenio marco para que este ano 2022 poidamos empezar esa renovación, pero nos EPI si que non. A nosa xente vai totalmente protexida aos incendios forestais, cun investimento cada ano de 1,2 millóns de euros. Gustaríame que falara vostede coa xente de aquí que foi a Andalucía —á que lle agradezo moito tamén o esforzo que fixeron—. Dixéronnos precisamente o nivel que tiñamos nos EPI fronte ao resto das comunidades autónomas.

Falou tamén aquí da media dos incendios e colleu uns datos que están xa actualizados e que eu lle dei na comparecencia. Eu dixen que hai unha tendencia positiva dende 2017: fronte aos máis de seis mil da media histórica ou dos 2.800 dos últimos dez anos, nos últimos catro anos estamos en 1.300. Polo tanto, eu penso —pregunto, jeh!— que é bo para todos recoñecer que se está baixando o número de incendios e que para todos, dende logo, penso que é importante, e ademais amosa que as medidas que estamos adoptando están producindo o seu efecto.

Tamén me causa estrañeza..., ben, non estrañeza, pero sempre é a mesma cuestión, incluso tamén coa sanidade... Se funciona ben, din que é polos traballadores, que a Xunta non ten nada que ver; pero se funciona mal, quen é un desastre é a Xunta. Ben, supoño que será esa a crítica que teñen que manter.

Falaba a voceira do Partido Socialista da recomendación número 2. Debeu encontrar, das 123, unha recomendación que non se cumpriu. Fáleme das máis de cen, das 123 recomendacións que xa están integradas na Lei de recuperación e no Plan forestal, e ademais tamén de todas as medidas e as melloras que introducimos no servizo.

E trasladaba tamén o tema da repartición por provincias. Pero, señora Rodríguez Dacosta, vostede sabe que a repartición das provincias e a necesidade de que haxa máis persoal na provincia de Ourense —que, por certo, este ano o que fixemos foi precisamente darlles máis mobilidade ás brigadas das diferentes provincias para poder ter esa cercanía e ese acercamento aos incendios— é unha cuestión que se falou —e logo me referirei tamén á voceira do Bloque— na comisión de expertos. Oian, na comisión de expertos estaban expertos designados polos grupos parlamentarios. Póñanse de acordo porque os seus expertos dixeron claramente o que había que facer. ¿Sabe o que dixeron os expertos, tamén os do Bloque, señora García Albert? Que as brigadas municipais de seis meses e profesionalizadas. Vostede estame dicindo que non as quere. Pois terá que falar co seu experto, que eu respecto moito, e ademais fixeron un traballo moi intenso naquel ano 2019. Dixeron que tiñamos que contar cunhas brigadas municipais de nova configuración de seis meses e profesionalizadas.

¿E sabe que dixeron tamén? Que tiñan que participar no financiamento desas brigadas —porque pasar de tres a seis meses custa aproximadamente oito millóns, entre seis e oito millóns de



euros— as deputacións provinciais. ¿E sabe que leva facendo este conselleiro dende xullo do 2019? Pedíndolles reunións ás deputacións provinciais —excepto á de Ourense, porque coa de Ourense xa me reunín— para poder chegar a ese acordo. ¿Ou non é importante que aquelas administracións que teñen tamén competencia no ámbito local, regulada por lei, como son as deputacións, colaboren coa Administración autonómica e cos concellos na loita contra os incendios forestais? Pois cunha pequena aportación desas deputacións poderíamos seguir dotando de medios de prevención e extinción os concellos, e ademais tamén ter esas brigadas municipais. Evidentemente, esas brigadas —que non ten nada que ver co que vostede estaba dicindo— encaixan, porque así nolo dixeron os expertos. Non é que o diga eu, dixérono eles. Se agora o Bloque non está de acordo co criterio que mantivo o experto designado, bueno, pois díga aquí tamén na comparecencia e a ver cal é o seu modelo. Nós apostamos por un modelo no que o dispositivo ten que ser público, autonómico, principalmente 3.000 persoas, e logo apostamos por unhas brigadas municipais profesionalizadas, cun tempo de traballo de seis meses e que ademais sexan cofinanciadas pola Administración autonómica e pola Administración local, neste caso polas deputacións. E repito que é o que nos di tamén o informe dos expertos.

Falábame tamén a voceira do Partido Socialista dos 38 en vixilancia de cumprimentos, que non están. Mire, pregunto: ¿vostede como pensa que se está facendo a comprobación das franxas secundarias arredor das aldeas? Díxenlle antes que levabamos comprobadas 685.000 parcelas, 44.000 hectáreas —janda que non facemos traballo de comprobación!— e 45 persoas destinadas, precisamente, a ese traballo. Polo tanto, eu penso —pregúntome tamén—: vamos ver, antes do convenio da Fegamp, señorías, ¿cantos concellos de Galicia tiñan plan de prevención e extinción municipal? Menos de dez. ¿E cantos o teñen hoxe? 242, 158 aprobados e o resto en tramitación. ¿Pero iso é bo ou non é bo? ¿Iso está axudando a facer planificación preventiva ou non? ¿Como imos poder limpar as franxas se non sabemos onde están as franxas? Para iso fixemos un visor e fixemos a delimitación das franxas. Se alguén considera que delimitar, como dixen xa antes, 135.000 hectáreas e, dentro delas, todo ese volume de parcelas, 1.800.000, é sinxelo, pois, entón... Miren, dende logo, é un traballo complexísimo que nos está levando tempo, pero que está empezando a dar os seus froitos, porque agora hai 68.000 requirimentos para proceder á limpeza.

E aquí hai unha cuestión na que me gustaría tamén incidir porque non lle vale a prevención no inverno, di que ten que ser na primavera. E podemos estar de acordo en que pode ser mellor nos meses de abril e de maio probablemente que agora, aínda que tamén lle teño que dicir que neste momento as motoniveladoras o que están facendo é evitar que a choiva dificulte despois o acceso nas pistas forestais, que son importantes para o verán. Estase traballando moi forte nese traballo de preparación das pistas.

¿E por que metemos esa modificación na Lei de medidas, que nos din que está pola porta de atrás e que non ten sentido ningún? Metemos esa modificación, precisamente, señorías, para que o ano que vén e para aqueles que non fixeron a limpeza e que xa estean convenientemente advertidos, poidamos empezar a execución subsidiaria o 1 de abril e non teñamos que esperar ao 1 de xuño. Penso que é unha posibilidade que nos vai permitir traballar moito máis nesa prevención nas franxas. Porque supoño que en algo estaremos de acordo: creo que o importante é facer prevención en todo o territorio, pero, se temos que empezar por algún sitio, empezaremos pola protección das nosas aldeas.



Falaba tamén a voceira do Partido Socialista de que só son 15 na Unidade de Investigación Forestal. Miren, nós aquí, cando se falou das brigadas de investigación forestal e se falaba de tres persoas por distrito, temos que dicir que isto entra un pouco en contradición tamén, se mo permite, co feito de que teremos que estar movendo no territorio alí onde sexa máis necesaria a xente para facer investigación. Entón, nós polo que optamos é, en lugar de ter brigadas de investigación en cada distrito, por ter un servizo de investigación ligado, ademais, ao director xeral e con competencia para estar en todo o territorio. Isto permítenos desprazar a xente, e, ademais, se están adicados en exclusiva, permítenos ter 6 ou 8 persoas facendo investigación en cada sitio. E voulle dar un dato dun concello de Ourense no que en setembro empezamos a ter unha recorrencia de incendios. Alí estiveron dez persoas da Unidade de Investigación de Incendios Forestais, e non colleron de milagre o incendiario, pero, dende logo, acabaron cos esforzos cos que estaba alí para queimar o noso monte.

Polo tanto, eu penso que deberíamos todos asumir que a creación do CIF foi unha boa medida. Estábanola pedindo o servizo, e nós entendemos que nos vai dar moitas alegrías neste ámbito.

Falaba tamén de que era unha bomba de biomasa, e mencionábame que se hai un incendio de 1.700 hectáreas —que é unha desgraza, un en todo o ano; practicamente foi o que ardeu este ano en Galicia en superficie arborizada—... Eu estiven alí, estiven comprobando precisamente a situación, e tamén lle digo que a situación das franxas alí é francamente mello-rable. Entón, aí entre todos, os concellos e tamén a Xunta, temos que incidir nese ámbito. Por certo, son franxas que foron tamén comprobadas polos nosos supervisores de prevención para saber como estaban. Algúns deses concellos, ademais, señora Rodríguez Dacosta, van entrar no piloto para ter limpas todas as franxas.

Polo tanto, claramente temos que traballar entre todos no que entendemos —e é ao que me vou referir agora— que é o máis importante, que é a xestión do territorio. É certo que hai que condenar os incendiarios, é certo que hai que ter un bo dispositivo para a extinción, pero, sen dúbida ningunha, o traballo ten que ser a medio e longo prazo pola vía da xestión do territorio.

E cando falamos da xestión do territorio, isto lévame tamén a dicir que diso vai todo o que se acolleu a partir da Comisión de Estudo do ano 2018 e tamén o que se acolleu nas recomendacións do ditame: Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Se iso non é falar precisamente de xestión do territorio, pois, entón, terán que virnos explicar —non os señores do Partido Socialista, que xa estiveron, pero si os do Bloque— cal é a súa idea de xestión do territorio. A min gustárame, ademais, escoitala porque podemos incorporar algunha cuestión. Cando falemos na lei de paisaxe en mosaico, gustárame escoitar cales son as súas propostas diferentes a respecto dos polígonos, das agrupacións de xestión conxunta ou das aldeas modelo.

E cando falemos na Lei de loita integral contra os incendios forestais de como facemos para non só desbrozar ao redor das franxas, gustárame tamén escoitar as súas propostas. Eu teño claro, dende logo, que temos que avanzar na implantación da actividade, con certeza, na implantación da actividade agrogandeira arredor das aldeas. Ese é o modelo das nosas



aldeas, e é no que temos que incidir todos. E se estamos todos de acordo, traballemos en como melloramos o modelo, non en dicir que nada do que hai vale para nada.

Eu dei, como lle dixen, datos, que non foron datos triunfalistas. E cando vostede me fala de que a estrutura é a mesma que en anos anteriores, eu pediríalle que teña en conta o esforzo orzamentario que facemos todos os galegos, porque isto de pasar de tres a seis meses o persoal non é unha cuestión só da Xunta de Galicia, senón que isto supón un custo, como lle dixen, de entre seis e oito millóns de euros.

Dime tamén que non ten estabilidade, pero eu vou falar de estabilidade. E pregúntollo, que seguro que o sabe vostede tamén: ¿onde estaban estes traballadores de tres meses durante o Bipartito? Dende logo, no servizo público autonómico, non. ¿E canto traballaban? Tres meses. Agora traballan seis meses e, ademais, están integrados no Servizo de Prevención e Extinción de Incendios de Galicia, no servizo autonómico, cumprindo un dos mandatos da comisión, que era que fose un servizo público.

Miren, no servizo —con datos deste mes— temos 3.026 persoas; 1.415 traballando doce meses; 627, nove meses; e 984, seis meses; é dicir, o 32 %, o resto están en nove e doce meses. Saben que os de nove meses van pasar polo proceso de funcionarización. Os datos que teño aquí son que o 98 % dese persoal entra na funcionarización, co cal imos ter eses 627 tamén en doce meses. ¿Cal é a porcentaxe de ocupación? En persoal laboral, do 97 %, en persoal funcionario, do 98 %. E agora pode ser que na súa quenda me diga que hai precariedade, que hai moito interino. Temos 265 prazas en oposición nestes momentos: 140 de bombeiros, 55 de emisoristas, 20 de xefes de brigada e 50 de motobombistas. De verdade, escoitamos. Se había precariedade e temos que melloralala, pois estamos facendo as cousas que nós tamén entendemos que se teñen que facer, pero algo bo estaremos facendo se todas estas medidas se están implantando.

Fálame tamén de que non hai execución do plan preventivo. Bueno, eu simplemente volto remarcar que hoxe mesmo —pedín estes datos hoxe á mañá— hai 250 operarios facendo labores de prevención. Señorías, a prevención faise todo o ano, tamén agora. E fundamentalmente, ¿saben o que están facendo? Non desbrozando, senón eliminando especies arbóreas prohibidas nas franxas. Doulle un dato. Nun deses concellos piloto nos que imos entrar, hai 111 hectáreas de eucalipto nas franxas arredor das aldeas. Logo do que pasou no 2017, aínda temos situacións coma esa. Polo tanto, temos que entrar aí, sen ningunha dúbida, e estamos entrando. Eu tamén lle agradecería que, se algún de vostedes considera que é máis importante facer prevención noutra parte do territorio que nas franxas arredor das aldeas, que mo diga na súa quenda e podemos falar de que é o que temos que facer, segundo a oposición, no que se refire á prevención.

Vou rematando xa e dicíndolle, como lle trasladei antes, que me gustaría, logo do que lle estou explicando, que votaran a favor na Lei de medidas sobre esa modificación do 1 de abril, porque aí —volvo repetir— xa hai xente que temos acreditada que non fixo a limpeza no ano anterior. Probablemente —e dígoille a todos— moitas desas fincas sexan de propietarios descoñecidos, nin sequera teñen que ser xente que está no propio concello. Pero, se mantemos a lei como está, non poderíamos entrar antes do 1 de xuño, e, ademais, proba-



blemente antes teríamos que comprobar que non se fixo a limpeza no mesmo ano, cando sabemos seguro que non se fixo porque levamos tres anos comprobándoo.

Entón, esta modificación, para a que lle pido o seu apoio, permítenos a partir do 1 de abril entrar nesa limpeza e, polo tanto, facer a prevención de primavera, e permítenos que esta xente que temos contratada seis meses e que entra tamén nesas fechas poida estar facendo eses dous meses de prevención.

Polo tanto, eu pídolle aquí que dean o apoio a esa parte da Lei de medidas, logo do que lle expliquei de por que era o motivo da súa modificación, con independencia de que no debate da Lei de loita integral contra os incendios forestais sigamos debatendo tamén como se pode mellorar a limpeza das franxas.

Eu remato esta quenda tamén volvendo ao mesmo que lle dixen antes. Eu aquí veño dar datos obxectivos, datos que saen, precisamente, do que pasou este ano, e eu non estou en ningún tipo de triunfalismo, non quero asumir ningún mérito que non me corresponda. O único que digo é que aquí, logo dunha vaga de lumes do 2017 —como tamén no ano 2006—, houbo unha reflexión no Parlamento, houbo unha comisión de estudo, e esa comisión de estudo tomou unhas determinacións, e o meu empeño e o do meu equipo, dende logo, é implantar as 123 recomendacións do ditame. Con ese funcionamento, a partir dun consenso parlamentario e a partir do funcionamento dun goberno que respecta ese consenso parlamentario, eu pediría —e remato— aos grupos da oposición que tiveramos e fixeramos aportacións que nos permitan enriquecer o debate e ser capaces, na medida do posible, de avanzar cara a un obxectivo que estou seguro completamente de que todos desexamos, que é acabar con esta lacra dos incendios forestais en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Apertura dunha rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, señor presidente.

Bos días de novo, conselleiro.

Está a dicir que non facemos propostas. Pois eu falaba da elaboración dos PORF, da elaboración do mapa de combustibles, dun mapa de riscos, de loita contra a despoboación, dun estudo de necesidades do territorio... Falaba de todo isto, pero non falaba de todo isto aquí, falamos de todo isto na comisión que celebramos cada quince días e na que presentamos iniciativas en positivo que lles estou a referir e ás que vostedes, o grupo parlamentario que sustenta o Goberno galego, votan en contra de forma sistemática. Entón, non é certo que non fagamos propostas.



Falamos tamén hoxe de realidades dunha xestión, e tamén creo que debe responder dela porque teñen demasiados obxectivos que, por falta de medios, non se están acadando, de proxectos inacabados en moitos ámbitos, de parroquias priorizadas e paralizadas con traballos pendentes da anualidade do ano 2020, de descontento en veciños por estar pagando anualidades ao convenio de Seaga pero xa cun ano de atraso na execución dos traballos, ou do Servizo de Prevención de Incendios, con escaseza de persoal para asumir a carga de traballo previsto, no que tamén concordo co que dicía a portavoz do Bloque Nacionalista Galego. Falabamos de que estamos de acordo na prevención anual, pero de que os meses óptimos para facer traballos preventivos son a época de marzo, abril e maio, e neste período moitos traballadores encóntranse inactivos no propio servizo da Xunta de Galicia.

Mire, voulle dar un exemplo dunha xestión realizada pola súa consellería. A Consellería do Medio Rural a principios do verán deste ano alquilaba a Seaga —se non é así concretamente, corríxame— catro tractores para utilizar nos cinco distritos forestais de Ourense. Queda o distrito 12, concretamente, sen tractor; descoñecemos o motivo.

Ao parecer, xurdía a dúbida nos distritos de quen debería conducir eses tractores: os fixos de todo o ano, os fixos descontinuos de nove meses ou os fixos de seis meses. Cada un deles á súa maneira foinos pondo en funcionamento cos seus condutores de motobomba sen directrices comúns ditadas pola dirección xeral.

O distrito 11, aos poucos días de recibir o tractor, para por non ter quen o conducira. Nos distritos 13 e 14 a principios de agosto tamén se paraliza. No distrito 15 é no único en que me consta que se traballou sen parar dende o día en que se lle entregou a principios de xullo, e fixeron un gran traballo, polo que felicito, obviamente, esa xestión.

¿Como, señor conselleiro, o labor preventivo pode depender da boa vontade dos traballadores e non dunha eficiente xestión da Consellería do Medio Rural? *(Aplausos.)* Isto é a prevención.

En relación coas brigadas municipais —das que falamos agora— e coa prevención de incendios, nós xa puxemos en cuestión este tipo de contratacións: precariedade para os traballadores, que padecen a nivel formativo —e sábeo— discriminación salarial. Eu falaba antes da protección dos EPI e destas brigadas, porque vostede sabe que non teñen os EPI dos que dispón o Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios da Xunta de Galicia. Non dispoñen deles. E levan desde o ano 2016 coa mesma contía económica, cun atraso inxustificable no aboamento das partidas, pero, sobre todo, teñen que contratar, por obriga legal, entre o 1 e o 31 de xullo, en época de alto risco. É dicir, ¿como fan prevención se teñen que acudir aos lumes, ás noites non desbrozan, se chove non desbrozan e se os chaman para un lume non desbrozan? Quero dicir, se de verdade a encomenda destas brigadas fose a prevención, os terreos desbrozados deberían estalo antes desa época.

E o que aconteceu este ano foi máis grave: que moitos concellos non puideron contratar brigadas por falla de persoal que cubriera o posto de xefe de cuadrilla —imaxino que vostede estará ao tanto—; incluso nun concello —non vou dicir o nome, porque dá igual—, e en máis dun, tiveron que renunciar á brigada porque o xefe de cuadrilla ou a xefa de cuadrilla tivo que darse de baixa por razóns diversas, como porque encontrara outro traballo cunhas condicións me-



llores. E entón, bueno, están aquí sacando peito dunhas brigadas municipais que agora van reforzar, e paréceme ben. Pero se queren facer un recoñecemento público a esas brigadas, ofrézalles dunha vez un contrato laboral estable para traballadores de prevención durante todo un ano, que serían facilmente sufragables co diñeiro que destinan a paliar os danos producidos no monte, e eses, de estar debidamente traballados, non serían na súa maior parte necesarios. Por exemplo, no Xurés, entre o ano 2016 e 2020, a unha pregunta que fixo esta deputada, contestáronme por escrito que gastaron 13 millóns de euros destinados aos danos provocados polos incendios. ¿Pensan vostedes que esta é unha política razoable de prevención?

E non se trata de paliar só os danos —que tamén—, senón de facer unha política para evitar que se produzan dunha maneira tan dramática como a que vimos padecendo, salvo este ano polo que aconteceu —xa dicíamos— polas condicións meteorolóxicas.

No relativo á distribución dos puntos de vixilancia, hai unha diminución; hai uns anos había 73 casetas, hoxe hai 44. Vostede sabe que son importantes este tipo de puntos de vixilancia fixa para a detección precoz dun incendio, e o tempo de reacción aumentou nos últimos anos. O número de efectivos que constan no Pladiga respecto do persoal, no papel, están, como di vostede, tal cal, pero resulta que a dirección xeral non ten...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...unha política...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—si, si, remato— de cubrir as baixas dunha maneira determinada; unhas cóbrense e outras non se cobren. As vacantes seguen aí, e alégrome de que se produzan os exames neste ano.

Entón, eu creo que nós estamos por apostar por traer ao Parlamento propostas en positivo, pero creo que vostede é o que non tende a man á oposición cando desbota todas as iniciativas presentadas por este grupo parlamentario.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Obrigada de novo, señor presidente.

Eu escoiteino atentísimamente. Era bo que vostede tamén escoitara o que di a oposición. O traballo da oposición é fiscalizar o labor do Goberno; ese é o noso traballo e é o que vimos facer a este Parlamento, porque é o labor que nos encomendaron os galegos e as galegas.



Eu repítolle un dato que lle dei. A Consellería do Medio Rural está nun 45 % de execución do seu orzamento a 30 de setembro. Vostede non me rebateu ese dato. ¿Como é posíbel que nunha problemática tan grave —como vostede mesmo reconece—, como é a dos incendios forestais, esteamos nun grao de execución que non chega ao 50 % do orzamento que ten a súa consellería para traballar? Di que o van subir o ano que vén. ¡Se non o executan! ¡Se o problema é que non executan o orzamento que teñen! (*Aplausos.*)

E nós facemos o noso labor cos poucos datos que nos dan. Falaba a compañeira do PSOE tamén de datos que pedimos e que, bueno, non se nos entregan de forma sistemática. E ademais os poucos que se nos dan están no Pladiga, que dá datos ás veces falsos... —ben, vou dicir erróneos, non vou dicir falsos—. Hai datos que aparecen no Pladiga que non se corresponden coa realidade, por exemplo, no que ten a ver coas casetas de vixilancia que están hoxe en día dispoñíbeis no servizo.

Vostede falou das cámaras; di que van estar no 70 % do territorio. Vostedes están a colocar cámaras nalgúns sitios nos que vostede sabe que non as poden colocar: en montes privados, sen convenio coa Consellería. Entón, moito coidado con onde colocan as cámaras e co que se ve con esas cámaras, porque vostede sabe que está a haber problemas con iso. E se as van poñer —que está moi ben e igual son moi útiles—, xestiónenas doutra forma.

E falou de que hai menos lumes, de que houbo menos lumes. É certo, hai unha nova tendencia en Galiza e no resto do mundo porque agora hai menos lumes, pero moitísimo máis virulentos; lumes de sexta xeración, vostede sábeo ben. E tivemos un exemplo este ano co lume que naceu en Ribas de Sil e que seguiu por Quiroga e pola Pobra de Brollón. Era un lume —como dixó, ademais, o seu director xeral— imparábel; atravesou o río Sil. Non hai maior cortalume que o río Sil, e ese lume atravesouno, porque se deron as circunstancias climáticas necesarias para que ese lume tivera esa expansión. E cambiou e parou ese lume porque cambiaron esas circunstancias climáticas. Esa foi a realidade, a pesar do grandísimo traballo que fai o servizo —claro que si, que o servizo fai un gran traballo— tanto cando conseguen apagar un lume como cando non. E nunca imos responsabilizar nós —e paréceme tremenda a frase que vostede dixó antes— os traballadores e as traballadoras do servizo cando algo non funciona.

Falou vostede —e aínda que teño pouco tempo na réplica, nisto si que quería pararme un pouco— de que un dos mandatos daquela comisión fora que o servizo fose público. E nesta dicotomía público-privado, vostede falou de que contratar tres meses máis as brigadas ten un custo aproximado que ronda os 8 millóns de euros. Entón, entendo que para vostedes é moito mellor despedir esas brigadas, como fan ano tras ano, cando rematan eses meses, para poder contratar empresas privadas, porque vostedes están facendo ese gasto, só que contratan a empresas privadas para facer eses traballos de desbroce. ¿Por que? Ese é o seu modelo. Ese é o modelo que deciden vostedes poñer en práctica: contratar empresas privadas cando podería haber traballadores e traballadoras públicas facendo esa función.

Despois, unha cuestión, volvendo un pouquiño ao que é o servizo. O modelo do BNG sempre foi o mesmo: un modelo de mando único. Ese foi o modelo do BNG; foino antes, éo agora e eu creo que o vai seguir sendo, a menos que pase algo moi tremendo.



Cando vostede fala do que dicían algúns expertos do BNG naquela comisión, vostede sabe moi ben que a cuestión das brigadas municipais foi unha condición *sine qua non* para que ese ditame saíra adiante. E sabe que houbo que falar de profesionalización para chegar a un acordo e para que, polo menos, todos os expertos que a priori estaban en contra desas brigadas se posicionaran a favor delas.

Falou de máis de douscentos millóns —se non escoitei mal, creo que tomei ben o dato; 207 creo que dixo— en prevención para o ano que vén; pero falou de 500.000 euros en formación para os traballadores e traballadoras do servizo —¡500.000 euros!—. Supoño que isto ten a ver co feito de que haxa moitos profesionais do servizo que non traballan todo o ano para a Xunta, porque é normal que unha administración pública non gaste recursos, non invista recursos, en formar xente que non traballa para eles e que mañá poden marchar a outro sitio a traballar. Entre outras cousas, porque moitas veces moitas desas persoas —sobre todo os traballadores de seis meses— non se poden ganar a vida con isto.

Eu repítolle que nós dixemos as cousas nas que estabamos a favor. Nós entendemos que este é un problema de xestión do territorio. O que cuestionamos nós é se, por exemplo, as aldeas modelo son a solución a esa xestión do territorio. No día de hoxe —se computei ben— hai 34 aldeas modelo en total en distintos graos de tramitación en Galiza, polo menos segundo aparece na web de Agader —igual tamén está incorrecta, como o Pladiga que nos entrega—. Son 34 aldeas modelo sobre un total de máis de trinta mil núcleos de poboación que ten o noso país. ¿De verdade as aldeas modelo van solucionar o problema dos lumes forestais neste país? (*Aplausos.*) Nós, de verdade, pensamos que non. (*Aplausos.*) Pensamos que esa non é a solución aos lumes forestais.

Vou rematando, que xa vexo que me acaba o tempo.

Vostede falou do ano que vén, que vai moito á prevención. Este ano, 30 millóns á prevención, que era un 20 % do total do destinado á extinción de lumes; que, por certo, non houbo que gastalo, por sorte. Nós o que lle reclamamos é que, máis aló da propaganda, máis aló de ver vídeos en novembro con tres cámaras gravando o conselleiro e o señor director xeral vendo como se desbroza un monte en novembro, de verdade, máis alá desa propaganda, máis alá, polo tanto, dun plan forestal no que vostedes non cren, porque non o aplican, e máis alá da Lei de recuperación de terra agraria, das aldeas modelo e dos polígonos agroforestais, que fagan un traballo real de xestión do territorio. E teñen uns distritos saturados absolutamente de traballo, sen persoal até para atender todas as funcións que teñen no día de hoxe. ¿Como van executar todas estas funcións que lles están a pedir?, ¿con prazas sen cubrir? Vimos denunciando neste Parlamento que teñen prazas sen cubrir nos distritos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...cun persoal que si que está precarizado —remato xa—, porque teñen un deseño de temporalidade de ata o 60 % do persoal do servizo, como denuncian todas as forzas sindicais deste país. ¿Ese non é un persoal precarizado?

Se cren nos servizos, se cren na necesidade de facer prevención, respecten primeiro que nada os traballadores e as traballadoras do servizo.



Grazas. (*Aplausos.*)

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

¿Que non tratamos ben nós o Servizo Público de Extinción de Incendios? ¡Madre mía! ¡Pois será seguramente por todos os investimentos que se levan facendo ano tras ano, e sobre todo por estar permanentemente en contacto con eles e mellorándolles as súas condicións! Iso seguramente, ao mellor, é maltratalos, e posiblemente o feito de que tamén consensuemos con eles os seus plans de formación e que atendamos absolutamente todas as súas demandas —por non dicir practicamente todas— para que teñamos un servizo de extinción de incendios exemplar. Eu a verdade é que quedo perplexo con determinadas afirmacións que chego a escoitar.

Está claro que teño que volver felicitalo, señor conselleiro, porque, evidentemente, cando se plasma aquí unha realidade, ás veces a realidade é demasiado tozuda, e esa realidade tozuda quere dicir que algo se estará facendo ben. Nós non esperamos que vostedes nos estean aplaudindo, non, nin moitísimo menos, pero dende logo que algunha cousa teremos que estar facendo ben para que os incendios forestais vaian diminuindo cada vez máis durante os últimos anos.

Evidentemente, claro que os incendios agora son de sexta xeración, e por iso a Consellería está a traballar nese centro de Toén, porque aí é onde hai que abundar, aí é onde hai que buscar a formación para os traballadores, e sobre todo é onde temos que buscar a forma de afrontar eses incendios. E imos conseguir que esta comunidade autónoma sexa exemplar con accións coma esta, con accións como tamén o proxecto Interlumes, ese proxecto europeo. Porque á fin e ao cabo nós cremos na colaboración e tamén, como cremos na colaboración, entendemos que todos, absolutamente todos os organismos e todas as institucións, deben colaborar coa Xunta de Galicia neste eido da extinción de incendios. Desgraciadamente, atopámonos determinadas deputacións que non o fan, e gustaríanos que o fixeran, pero, tamén desgraciadamente, iso non vai redundar neles, vai redundar nos seus veciños, e, bueno, boa conta irán tomando.

Está claro que hai determinadas iniciativas que vostedes nos din que nós non aprobamos en comisión. ¡Home!, a algún acordo temos chegado. Evidentemente, hai outras cousas que, loxicamente, ou ben se están aplicando ou nas que non estamos de acordo, pero a algún acordo sempre chegamos. Evidentemente, os do non permanente non somos nós, para os do non permanente xa me chega cos que teño á miña esquerda.

Dende logo que tamén o que lle quero dicir é que hai estudos. ¡Claro que se están elaborando estudos! Estanse elaborando estudos para determinar onde hai que implantar os medios, onde hai que implantar todas as accións que sexan necesarias para erradicar os incendios forestais, e iso si o está a facer a Consellería.



Por suposto que tamén hai que falar de compromisos que se traducen en leis. A min gustaríame saber que defecto lle poñen á Lei de recuperación da terra agraria para dicir que non é un instrumento válido e eficaz para erradicar os incendios forestais. ¿Que problema teñen vostedes coas aldeas modelo? ¿Que problema teñen vostedes cos polígonos agroforestais? ¿Que problema teñen vostedes con que nós queiramos incentivar a actividade gandeira, a actividade forestal e a actividade agraria? Si, si, gustaríame saber cal é o problema, gustaríame saber cal é o seu modelo, porque aínda non o escoitei. Estívollo preguntando o señor conselleiro, e agora mesmo non o escoitei... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu, dende logo, que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non... Eu, evidentemente, estou moi atento ás intervencións e pódolle asegurar que non o escoitei, e gustaríame que vostede o plantexase.

Tamén lle direi que, cando foi da Lei de recuperación de terra agraria de Galicia, se aceptaron moitas das suxestións que se trouxeron, e falouse moito desas suxestións, ¡vaia que si! Non diga que non se aceptaron. ¡Claro que se aceptaron!, porque sabiamos que este instrumento era un instrumento chave, fundamental, para que nós puideramos implantalo nesta terra. *(Murmurios.)* E ademais de acabar cos incendios forestais —que ese é o obxectivo—, o obxectivo era tamén incrementar o valor da nosa terra, e vostedes votaron que non. ¡Alá vostedes! Se teñen vostedes un plan mellor, nós estamos dispostos a escoitalos, pero de momento aquí non se escoitou absolutamente nada.

Tamén me gustaría facer un incentivo sobre que tamén me gustaba escoitar o da propaganda. Miren, eu hai trece ou catorce anos era alcalde, e gobernaba o Bipartito. ¿Propaganda? Creo que vostedes nos teñen que dar leccións de propaganda. ¡Nunca vin tanta propaganda na miña vida! E, dende logo, ao final, esa propaganda, ¿en que se traducía? En que esta terra fora unha das terras máis calcinadas que se recordan. E, fíxense vostedes, durante catro anos —tomen vostedes os datos, ¡catro anos!—, *(Murmurios.)* durante eses catro anos, ardeu tanto como en doce anos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor presidente, ¿esta é a xente que a min me pide respecto tamén moitas veces...? *(Murmurios.)* ¿Son os educados? *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdón... *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Blasfemando completamente... *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Colla os datos, *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* colla vostede os datos, se quere... *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Rivas, por favor, silencio.

O señor ARMADA PÉREZ: A realidade é moi tozuda e, como ben di vostede, ¿a que doe? Pois, si, os datos doen; desgraciadamente, doen. Pero se nos ceñimos exclusivamente a onde e a como están incidindo todas estas accións, a como se van ir implementando todas as leis que agora mesmo está anunciando o señor conselleiro para no futuro poder atallar e sobre todo traballar de forma conxunta para eliminar esta lacra dos incendios, pois estaremos de acordo en que debemos buscar todos as aportacións necesarias para que estas leis vaian adiante co maior consenso posible, porque nós si, nós si cremos no consenso.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Armada.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o peche da comparecencia, o señor conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, vanme permitir que comece a miña quenda final precisamente contestando o voceiro do Partido Popular, porque eu estou totalmente convencido do que di. Eu estaba sentíndoo, e quero que me digan dunha vez cal é o modelo que teñen, sobre todo o Bloque Nacionalista Galego. ¿Saben —e dígollelo a todos vostedes— cal é o modelo do Bloque? A todo o que propoña o PP, en contra. *(Aplausos.)* ¿Faille ben a Galicia? ¡Non importa! ¿É do PP? ¡En contra! *(Aplausos.)* Isto témolo que dicir, e pídllelo por favor aos meus compañeiros. ¡Pídllelo por favor! *(Aplausos.)*

Votaron en contra dunha lei e o voceiro principal do Partido do Bloque Nacionalista Galego está dicindo que no 2007 tiñan o Bantegal. ¡Oia!, e na Lei de recuperación de terras, ¿non está ben reforzado o papel do Banco de Terras? Votaron en contra dunha lei que recoñece un banco de explotacións para poder paliar a perda de explotacións. Votaron en contra dunha lei que ten as agrupacións forestais de xestión conxunta... E eu diríalle: as AFXC son case o mesmo que as uxfor, señor Rivas, ¡e votaron en contra! Votaron en contra dunha lei —atenção— que lle concede ao Goberno galego, á Comunidade Autónoma galega, a facultade de investigación dos inmobles sen dono coñecido no rural galego; prefiren que estea no Goberno central. É que eu non entendo nada, señores do Bloque; téñenme que explicar, de verdade —e recollendo as palabras do voceiro do Partido Popular—, cal é o seu modelo. ¿Cal é?

¡Se nós estamos dicindo que nas aldeas modelo implantamos actividade agrogandeira sostible porque levamos poucas hectáreas! Cando hai cincuenta anos se empezaron a facer as concentracións parcelarias —que hoxe teñen xa 500.000 hectáreas—, había poucas hectáreas tamén, e vostedes ¿que estarían dicindo alí?, ¿que non se fai o suficientemente rápido? Pois boten unha man entre todos a ver como podemos facer. Pero a pregunta é: o concepto de aldea modelo, que é que ao redor das aldeas, en lugar de que haxa maleza e matogueira e en lugar de ter que desbrozar todos os anos, se implante actividade agrogandeira sostible, ¿é bo ou é malo, señores do Bloque? ¡Claro!, e, se queren, noutro debate volvémoslo traer para que teñan a súa oportunidade neste Parlamento. A min gustaríame poder ter máis tempo, pero son as regras do debate, que están así establecidas. Tratarei na próxima vez de preguntarllo na primeira quenda para que mo digan explicitamente: ¿é bou ou malo o modelo?

¿Os polígonos? Xa o dixen o outro día, os que me están dicindo que non é mala a implantación dos polígonos son a xente do territorio que, para loitar contra o abandono, están vendo que poden ser unha ferramenta áxil. E preguntolle tamén outra vez á xente do Bloque Nacionalista Galego: se prenden ben e se funcionan ben os polígonos, ¿iso é bo ou malo?, ¿iso é facer xestión do territorio ou non? Teremos que empezar por algún; é dicir, se agora estamos en 10, ¡oxalá —que deberíamos de estar todos dicindo iso— que teñamos 100 ou 200 o ano que vén! ¿Por que se ten que votar en contra dos polígonos?, ¿porque están inscritos



nunha lei que se fixo polo Grupo Parlamentario Popular?, ¿simplemente por iso? É que a min, de verdade, me custa entendelo, e cústame máis explicalo e asumilo, sobre todo cando escoito moitas veces ás súas voceiras falar de pacto de Estado, de necesidade de chegar a acordos e entendementos. Pois, digo: ¿onde están eses acordos e eses entendementos? Eu tendo a man e volvo dicir: penso que hai que ter un debate sosegado, penso que as medidas que se tomaron, que veñen dun consenso parlamentario, van na boa liña. Hai que facer crítica —como ben dicía a señora García Albert— ao goberno, ¡só faltaría!, pero creo que agora debemos de avanzar na elaboración da lei para poder ter puntos de acordo e para tamén... E voullo dicir con claridade: eu creo firmemente na capacidade que teñen todos vostedes para poder facer aportacións, por iso me interesa ter este debate, porque hai certas cousas que non sabemos exactamente como imos ser capaces de resolver, por moita intelixencia que lle poñamos, e requirimos de todos.

Señora Rodríguez Dacosta, falábame do Mapa de combustibles. Bueno, eu supoño que sabe tamén —porque xa vexo que vostede, como a voceira do Bloque, están atentas á execución— os contratos que se van licitando, e sabe que temos licitado o contrato para o Inventario forestal continuo. Saben tamén que este foi un ano complicado, dende o punto de vista da nubosidade, e que non se puido fotografar a totalidade. Temos moito fotografado, pero dentro do Inventario forestal continuo estamos traballando xa para que coas fotos do satélite se poida establecer o Mapa de combustibles. É un traballo conxunto da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e da Dirección Xeral de Defensa do Monte. Trátase de aproveitar para o que nós necesitamos, para un inventario forestal continuo, que é para saber como están as nosas masas forestais, e tamén para poder facer este mapa de combustibles, que nos parece moi importante e que ademais nolo está pedindo tamén a xente do servizo como un mecanismo para poder prever a virulencia dos incendios, que non só dependen das condicións climatolóxicas senón claramente da biomasa que está debaixo.

Por certo, cando falamos de virulencia, tamén a voceira do Bloque, como antes non lle chegou só dicir que en Galicia ardeu pouco este ano —pero tamén no 2018, no 2019 e no 2020: 2.000 hectáreas no 2018; 6.000, no 2019; e 14.000, e foi unha semana complicada no mes de setembro—, fala do ano pasado; e este ano, 4.000 hectáreas. Xa non lle chegou dicir que eran as condicións climatolóxicas as que impedían que ardera máis en Galicia, senón que di que é unha tendencia mundial a diminución de incendios. Aquí todo o que fai o Partido Popular e o Goberno non ten nada que ver con que poida haber un bo resultado nos incendios. Ben, eu limítome aos números: 19 de 254 este ano pasaron de 25 hectáreas, o 1,99 %, e só tivemos 135 incendios. É dicir, de 954, só 135 se converteron en incendios de máis dunha hectárea. ¿E iso a que se debe?, ¿ao bo funcionamento do dispositivo? E agora chegamos á disxuntiva: é porque os homes e mulleres que traballan no dispositivo funcionan moi ben, e a Xunta non ten nada que ver nada que ver coa organización do traballo. De verdade, páreceme que esa dicotomía é moi difícil de defender.

Parécenlle pouco os 500.000 euros de formación. Eu tamén recollo aquí as palabras do voceiro do Partido Popular: que isto se está pactando co servizo. ¿Vostedes están falando co servizo, se lle gusta ou non? ¿E con que parte do servizo?, ¿coa CIG? ¿Con que parte do servizo? ¡Falen con todo o servizo! Porque eu falo con todo o servizo, e sei perfectamente que se está recoñecendo o traballo que se está facendo no que se refire á formación. E, díggolle



máis, temos que seguir incidindo, pero para iso puxemos enriba da mesa un centro de loita integral contra os lumes que ten como obxectivo fundamental a formación do persoal. Tamén nos virán con que é un proxecto faraónico ou con que son cuestións de pura galería. Eu o que lle digo é que nestes momentos se está construindo alí a primeira pista de prácticas para as motobombas e para os todoterreos, e que a nosa xente, desde logo, está encantada con esa formación.

Falaba tamén a señora Rodríguez Dacosta dunha cuestión para a que tamén lles pido a vostedes atención —xa sei que están atendendo, pero pídolles un pouquiño de atención—. Falaba de tractores nos distritos de Ourense, que funcionaron mal. Logo, alguén puxo eses tractores, foi unha decisión. Entendemos que era necesario ter esa maquinaria e puxemos á disposición do noso persoal 41 tractores. E hai tractores que non poden traballar co persoal, porque, señora Rodríguez Dacosta, se lle pregunta á xente do servizo, diralle que, en temporada de alto risco de incendios e mentres non cheguemos a algún tipo de acordo cos sindicatos, hai dificultades para que a xente poida utilizar os tractores, e probablemente nese momento teñan que estar moi preparados para a extinción. Pero o que se fixo foi ter tractores con condutor e tractores sen condutor para poder facer a prevención; e, dende logo, déuselles carácter voluntario a todos aqueles que quixeran traballar. Agora, tamén lle digo que se na lei e no debate da Lei de loita integral contra os incendios temos que chegar a algún tipo de acordo parlamentario para poder impoñer, dalgún xeito, ese traballo, pois eu estou totalmente a favor, e podémolo falar entre todos. Porque a min si me parece, si creo que o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios ten que facer prevención, sen ningunha dúbida, e tena que facer todo o ano.

Cando fala de seis meses e de que poderían facer máis prevención, pois, efectivamente, por iso espero que aínda que deste debate non saian máis cousas, si voten a favor da modificación que metemos na Lei de medidas. Repito, para xeral entendemento de todos: ata o de agora non podemos entrar en ningunha finca antes do 1 de xuño, por lei. Agora o que dicimos é que, se xa comprobamos o ano anterior que non se limpou a finca, e ademais na maioría dos casos van ser parcelas de descoñecidos, que poidamos entrar a partir do 1 de abril coa xente dos servizos —eses de seis meses— para poder facer a prevención. Polo tanto, eu entendo que todos estaremos de acordo en votar iso na Lei de medidas; ou sexa, que agardo ver cal é o resultado da votación cando se debata.

Fala tamén de falla de persoal, de falta de xefes de cuadrillas para a formación das brigadas municipais. Claro, ¿sabe que ten que ver con iso? O traballo de prevención que se está facendo nos últimos anos, de xeito moi intenso en Galicia, que está tensionando moitísimo os postos de traballo desta natureza. Está traballando xente en Seaga, está traballando xente, por suposto, en empresas que están facendo traballos de prevención e está traballando xente no propio dispositivo, que antes tiñan diferentes posibilidades de traballo, porque ademais só tiñan tres meses.

Aquí hai un debate que temos que abrir e que non ten que ver coa Consellería do Medio Rural, senón que ten que ver con función pública —e que ten que ver con función pública incluso por riba da Xunta de Galicia—, que é o impedimento que teñen os traballadores de seis meses, os fixos discontinuos, para poder ter traballo nos outros seis meses. Pero eu tamén



estou disposto a abrir ese debate na Lei de defensa e de loita integral contra os incendios forestais, porque a min, dende logo —e téño dito—, gustárame que esa xente puidera, nos outros seis meses, estar facendo tamén traballos de prevención. Polo tanto, é unha cuestión na que me parece que debemos avanzar, e probablemente tamén debemos dicir que nese tempo que non están facendo o traballo pois poidan estar tamén desenvolvendo actividade agrogandeira, que tamén fai xestión do territorio e que tamén contribúe a evitar a lacra dos incendios forestais.

En canto ao que dicía tamén das brigadas municipais —que, efectivamente, foi unha cuestión que se debateu—, teño que dicirlles que vostedes estiveron de acordo, porque votaron no ditame. Eu digo claramente que nós estamos á espera de poder sequera falar coas tres deputacións coas que non estamos falando para chegar a un entendemento. Esas brigadas municipais teñen que traballar seis meses, teñen que ter un criterio de selección uniforme. E en canto aos xefes de brigada, probablemente haberá que ver como se determina o traballo deses xefes de brigada, desas brigadas municipais, que teñen que estar totalmente coordinadas coa Dirección Xeral de Defensa do Monte.

E hai unha obriga legal, señorías, na Lei de bases do réxime local, que di que as deputacións teñen que contribuír financeiramente, no que se refire á prevención e extinción de incendios, en concellos de menos de vinte mil habitantes. Polo tanto, deixémonos de historias e cheguemos a acordos, é unha cuestión pequena no orzamento das deputacións, e iso permítenos, por unha banda, ter estas brigadas municipais e, en segundo lugar, e é moi importante, dotar de medios municipais de prevención e extinción de incendios os municipios, os concellos de Galicia. Eu, de verdade, criticar que poidamos entregar nunha deputación 9 tractores, que é o 10 % dos concellos —e teño que dicirlle que hai concellos de todas as cores políticas en Ourense utilizando os tractores da Consellería do Medio Rural—..., vamos, sen ningunha dúbida. A partir de aí teremos que traballar co resto das deputacións para chegar a acordos. Eu, dende logo, xa lle digo, mandeilles moitas cartas, e estou á espera de poder ter unha reunión. Vou volver insistir, e pediríalles a vostedes que nos apoien porque, á fin de contas, o único que estamos buscando entre todos, como digo, é loitar contra os incendios forestais e, sobre todo, dotar de medios os municipios.

Señora García Albert... (A señora González Albert: *González*.) Desculpe, porque levo todo o día dicíndolle «García». Prégolle desculpas por todas as veces que dixen García e paso a González, porque me confundín.

Respecto da execución, eu xa sei que vostede probablemente era moi nova cando estivo no 2006 o Bipartito, e non sei se tiña responsabilidades de goberno, pero, en todo caso, pódennlle trasladar os que tiveron responsabilidades de goberno que a execución normalmente na Administración pública vén moi ligada ao último período do ano. E, neste caso, a maioría... Ben, eu estoulle dando os datos, e, ademais, como me dixó que non llos dera no día de hoxe, voullor dar: o grao de execución está no 81,7 %. Mire, duplícouse respecto do que vostede dicía.

Preocupoume moito o das cámaras en montes privados, que vostede o sabe. Vamos ver, as cámaras instálanse de acordo cun convenio con Retegal. Polo tanto, é Retegal —que é unha



entidade pública que se encarga disto— a responsable, e o que a min me consta é que se están implementando. É máis, esqueceume dicirlle que, nas directrices, unha das cuestións que se vai impoñer na lei é o acceso a cámaras das xestoras de grandes infraestruturas, tipo parques eólicos e concesionarias de autopistas ou vías de ferrocarril, para poder tamén utilizalas na prevención e extinción de incendios.

Miren, hai unha realidade clara, que é que a dixitalización e a tecnoloxía axudan moitísimo á prevención e, sobre todo, á extinción de incendios. Hai un antes e un despois na extinción e na toma de decisións importantes nesa extinción, coa implantación das cámaras, que nos permiten, dende o centro de mando, poder tomar esas decisións, sobre todo no que se refire á utilización dos medios aéreos. Isto é o que vén. Aquí non podemos parar o progreso, sen ningunha dúbida. E esas cámaras teñen que chegar á totalidade do territorio.

E vou rematando xa. Dende logo, a min gustaríame trasladarlle con maior intensidade as moitas cousas nas que podemos estar de acordo. Pediríalle que, dentro da crítica política, sexamos capaces de, naquelas cousas que vemos que poden acertar, tratar de sacalas adiante, porque, en todo caso, nalgún momento —que eu desexo que tarden moitos anos—, poden gobernar e despois van ter que verse tamén con estas responsabilidades.

Voulles lanzar, dende logo, unha consideración, e é que eu en ningún caso tocaría —ou tocaría moi pouco— a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, porque saben perfectamente que é unha lei que poderían firmar todos e cada un dos membros do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

E, no momento do peche, vou falar do tema transversal, cando falo dos lumes en Galicia, que é a anticipación ou a prevención. Gustaríame que isto soase e resoase como un eco durante os próximos meses, dende logo durante o tempo que eu sexa conselleiro; un eco, como lle digo, sonoro, pero tamén visual, porque os 207 millóns son o 33 % do orzamento da Consellería, (*O señor conselleiro do Medio Rural, González Vázquez, amosa unhas gráficas.*) e que abandonasen xa ese mantra da extinción, porque son 90 millóns, que son o 14 % do orzamento da Consellería, dos cales, señorías, case 60 millóns son capítulo I, gastos de persoal.

E se destinamos o 33 % do orzamento da Consellería á prevención é porque esta é unha liña estratéxica e totalmente prioritaria na nosa comunidade: prevención, prevención e máis prevención. Prevención na planificación, prevención na recuperación e prevención na xestión do territorio. E destinamos á extinción moito menos que á prevención, primeiro, porque somos conscientes de que para ser realmente efectiva a prevención debe partir de solucións estruturais, e, segundo, porque tamén vai o investimento ligado á extinción, porque, facendo máis prevención, haberá menos ocasión de ter que facer extinción. E tamén porque planificar é, como ben saben, a nosa máxima habitual, e non ía deixar de ser unha das políticas máis importantes para os galegos e galegas, así como para a súa seguridade, fronte á lacra dos lumes forestais, e esta non ía estar tamén sen planificación.

Neste sentido, outra das liñas estratéxicas que vai ligada estreitamente á prevención, señorías, é a recuperación. Díxeno antes e repítoo agora, señorías: sen recuperación non hai prevención. O maior inimigo do rural galego é o abandono. E, ao fío disto, a Lei de recupe-



ración da terra agraria de Galicia, como máximo expoñente para a Consellería do Medio Rural, para a Xunta de Galicia, que posúe a recuperación da terra agraria na nosa comunidade, cumpre un total de 43 das 123 recomendacións do ditame parlamentario derivado da comisión de estudo. É neste Parlamento onde naceu o ditame, é neste Parlamento onde hoxe temos este debate e é neste Parlamento onde debe nacer o entendemento entre partidos nun tema tan importante como é a loita contra os incendios forestais.

Esperemos estar ao nivel do que nos demandan os galegos e as galegas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Continuamos co punto 3º da orde do día, mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre a política do Goberno galego respecto do sector da carne de vacún

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, señor presidente.

Señorías do Partido Popular, os sectores produtivos de Galicia están a pasar un momento moi duro. O sector lácteo está en pé de guerra nas rúas, cuns produtores que están a loitar por recibir uns prezos xustos polo seu leite. Pero se esta situación é preocupante, cunhas empresas que non garanten uns contratos cuns prezos que cubran os seus custos de produción, non debemos esquecernos dun sector que o está a pasar moito peor que o lácteo e con menos capacidade de mobilización e visualización, que é o sector da carne. Uns produtores que están lanzando unha mensaxe de emerxencia ante a posibilidade de desaparición de moitas explotacións pequenas que vertebran o noso territorio rural; unha mensaxe que, por desgraza, non está calando no Goberno galego.

Nos últimos dezasete anos o prezo que os gandeiros perciben pola carne que producen aumentou tan só un 12 % e, pola contra, nese período o IPC experimentou un incremento do 33 % e os custos de produción das explotacións subiron nada máis e nada menos que un 38 %. Só hai que facer números para ver que esta situación está a poñer en risco a viabilidade económica dunhas explotacións que son esenciais para Galicia, porque, ademais de producir carnes de primeira calidade baixo estritos parámetros de benestar animal e tamén de sustentabilidade ambiental, desempeñan un papel indispensable dende o punto de vista da xestión do territorio, a loita contra o abandono do rural e a loita contra os incendios forestais, porque, señores do Partido Popular, como dicía o conselleiro, non existe ningún tipo de medida mellor contra os lumes forestais que a xestión do noso territorio e a posta en valor da nosa terra.



Señora Candia —que non sei se será a que interveña—, alí onde a terra produce e ten valor económico, o lume non entra.

As subidas dos pensos, dos abonos e da enerxía fan que producir un quilo de carne sexa hoxe entre cincuenta céntimos e un euro máis caro que antes da chegada do coronavirus, dependendo das condicións de cada explotación. E, por outra banda, as baixadas nas liquidacións nos matadoiros sitúanse nun diferencial negativo, nuns 40 céntimos respecto da situación prepandémica; un contexto totalmente insoportable e inviable para as ganderías galegas tradicionais que fai que moitos produtores poidan estar plantexándose abandonar esta actividade.

Señores do Partido Popular, mentres o sector está mandando un SOS, o Goberno Popular pospón a necesidade de tomar medidas, esperando a un suposto efecto máxico dun plan do sector cárnico que non acaba de chegar nunca a esta Cámara. Están en xogo o futuro nada máis e nada menos que de 11.000 ganderías tradicionais en toda Galicia, pequenas explotacións ubicadas nas zonas demograficamente máis sensibles, onde existen maiores problemas de avellentamento e tamén de despoboamento. E sen xente e actividade, díganme vostedes como imos poñer en valor o noso rural.

Cada unha desas explotacións ingresa hoxe 200 euros menos que antes da pandemia por cada becerro que vende, e dende a Consellería do Medio Rural deben poñer en marcha medidas que garantan uns prezos axeitados para os seus produtos e mecanismos para o seu control.

Segundo un estudo elaborado por Unións Agrarias, producir un quilo de carne en Galicia custa arredor de 5,50 euros/quilo/canal, mentres as liquidacións en ningún caso superan os 4,80 euros/quilo. O sector necesita a posta en marcha xa dun observatorio de prezos públicos para poder contar con referentes claros e impulsar contratos homologados con prezo estipulado e superior sempre a estes custos. Porque se a pandemia golpeou duramente un sector que xa partía con graves problemas anteriores, a pasividade do Goberno galego pode acabar co peche de moitas explotacións ao non poñer todos os recursos necesarios para salvar un sector estratéxico para toda Galicia.

Os produtores valoraban antes do verán unha caída de ingresos superior aos 18 millóns de euros dende o inicio da pandemia; unha cantidade que no día de hoxe é superior, e, pola contra, a Administración galega só utilizou 7 millóns de euros dos fondos europeos para paliar as ditas perdas, cando podería ter destinado ata 24 millóns.

Señorías do Partido Popular, vostedes, que se rasgan as vestiduras observando e sen poñer solucións aos problemas industriais que xorden na Mariña de Lugo con empresas que xeran un bo número de postos de traballo, parece que non se preocupan dos graves problemas que teñen nesta outra parte de Lugo, porque, cando falamos do sector da carne, estamos a falar dunhas vinte mil explotacións, das cales 11.000 son profesionais, xeran arredor de vinte mil reses e boa parte delas están neste territorio lucense; un sector que xera nada máis e nada menos que 20.000 empregos profesionais entre produtores, matadoiros, salas de despece e veterinarios e uns niveis de emprego que non son tan visibles mediaticamente como son os da industria, pero que a súa perda, ademais do terrible efecto económico que xerará, traerá



tamén un terrible efecto social, medioambiental e territorial nesa Galicia que depende das explotacións de carne como base esencial contra o abandono, ao estar boa parte destas explotacións no territorio da montaña galega.

Señores do Partido Popular, viñamos dunha crise case estrutural deste sector, e vostedes saben que a longa crise do coronavirus causou unha caída importante do consumo de carne, derivado isto de múltiples cuestións, como o peche do canal de restauración, a falla, evidentemente, de turistas, e incluso moitos cambios nos hábitos de consumo. Pero, pasada esta crise, os prezos seguen sen cubrir os custos de produción, e a Xunta de Galicia debe velar e poñer instrumentos para facer efectivo o cumprimento dunha lei da cadea alimentaria xa aprobada para garantir a supervivencia duns gandeiros que non cobren os seus gastos, tendo que tirar dos seus aforros para poder sobrevivir ou acudir a préstamos bancarios que en moitos casos non poden soportar.

Aproben as nosas emendas aos orzamentos de 2022 e poñan en marcha unha liña de axudas excepcional que cumprimente os 7 millóns que foron utilizados dos fondos europeos e que foron claramente insuficientes para un sector que xa perdeu máis de dezaioito millóns; a pesar de que podían utilizar ata 24 millóns deses fondos e non destinalos a outros sectores como o do viño, que podían ter cuberto perfectamente con fondos do Igape.

Agora sabemos que as ditas axudas son claramente insuficientes. Teñen na súa man complementar esta cantidade con fondos propios de xeito excepcional e facer un plan específico de dimensionamento das explotacións de vacún de carne no marco do novo período de programación de axudas de desenvolvemento rural do 2023 ao 2027. É un sector que necesita unha Xunta de Galicia que aposte claramente por unha gandería extensiva de calidade, por incentivar a investigación pública para aumentar a calidade do noso produto e tamén a alimentación do noso gando, por modernizar as canles de envasado e de despece dos produtos cara ao consumidor, por que sexa parte activa nas negociacións que garantan a presenza de carne galega nas cadeas alimentarias do noso territorio e por apostar pola expansión ao mercado exterior con produtos de alta calidade, como temos, baixo selos que garantan a certificación en múltiples materias.

Deben poñer en marcha, sen dilación, unha lonxa de gando dixital como ferramenta que dote de transparencia a venda do gando; unha medida que os socialistas propuxemos na Comisión deste Parlamento para a reactivación co Fondo covid e que foi aceptada polo Goberno e polo Partido Popular, unha medida para modernizar as estruturas de compra e venda que impida que todo estea en mans de intermediarios que quedan co 30 % do beneficio por becerro só por transportar estes animais. As novas tecnoloxías poden ser unha ferramenta axeitada para poñer en marcha subastas electrónicas que eviten este beneficio excesivo.

Señores do Partido Popular, pídolles que abandonen a demagogia e sexan parte da solución ao abandono que senten os gandeiros dende hai moitísimos anos polos problemas que teñen que ver coa fauna salvaxe.

Coordinen co ministerio a elaboración da nova estratexia para conservación e xestión do lobo en España, garantindo un pago xusto aos titulares das explotacións afectadas polo dano



do lobo ao gando, polos danos ocasionados precisamente por estes animais, e poñan en marcha un novo plan de xestión do lobo en Galicia froito do consenso entre as propias asociacións en defensa dos lobos, representantes das organizacións gandeiras e tamén do sector veterinario, actualizando con este novo plan os censos poboacionais e elaborando un novo mapa de presenza do lobo en Galicia, que teñen paralizado.

E tamén que na convocatoria de axudas de prevención e indemnización de danos pola dita fauna salvaxe a partida orzamentaria teña dotación axeitada de acordo cunha valoración xusta e teña en conta o prezo do mercado e o lucro cesante e de áxil tramitación e percepción da axuda.

Señores do Partido Popular —xa llo dicía o outro día ao conselleiro—, non poden seguir de costas a tanta xente de Galicia. Levamos meses presentando iniciativas que apoiem este sector, e vostedes seguen mirando para outro lado e só lle ofrecen como contestación o suposto desenrolo dun plan estratéxico, que, coma sempre, aquilo que prometen será máxico e solucionará todos os problemas, pero o sector xa non pode esperar máis e necesita medidas xa do Goberno galego que sexan aprobadas por este Grupo Popular nesta moción e logo elevadas, evidentemente, a ese Goberno galego que parece que está de costas a esta cidadanía.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Galicia aportou en 2018 un 11 % da produción de carne de vacún dentro do Estado español, pero en marzo de 2020 o estado de alarma veu trastornar a vida e as condicións sanitarias, económicas e sociais dos galegos e galegas e de toda a cidadanía do mundo, e así en Galicia, co parón do turismo e de toda a actividade hostaleira, freouse tamén o consumo de carne, fundamentalmente no mercado da hostalaría e restauración, e provocou unha forte baixada dos prezos pagados aos produtores e produtoras, que contrasta co incremento significativo do prezo medio da cesta da compra.

O sector xa arrastraba problemas estruturais de vello e coa pandemia a caída nas vendas fixo que becerros, años e cabritos en idade óptima de consumo continuasen nas explotacións máis tempo do normal, ocasionando gastos extraordinarios non previstos na propia manutención e manexo, sen que estes gastos se visen compensados co seu crecemento. Así, a incerteza do mercado converteuse nunha arma para a especulación dos prezos en orixe por parte da distribución no marco da cadea agroalimentaria.



O sector produtor de carne vacún do noso país conta con arredor de vinte mil granxas e ten unha forte presenza e capital importancia en zonas desfavorecidas e de montaña como actividade económica, case única e elemento esencial para a vertebración, xestión e ordenación do territorio.

Reparemos nos lumes que se repiten ano tras ano, sistematicamente nas comarcas abandonadas de Ourense, e razoemos sobre este feito e o despoboamento e valoremos na súa xusta medida a permanencia e o incremento desta actividade nas citadas zonas desfavorecidas da Montaña. Se os matadoiros non sacrifican os xatos de cebo, as gandeiras e gandeiros non perciben os ingresos correspondentes, o que provoca unha acumulación de animais nas granxas, non podendo ser vendidos no tempo correspondente. Esta situación afecta tanto explotacións cárnicas como lácteas pola baixada de prezos das vacas de desvelle e dos xatos de recría, o que está a provocar unhas perdas considerables que acrecentan as dificultades de moitas ganderías galegas; no caso de vacas de desvelle a caída ronda o 50 %.

Esta produción cárnica é a principal actividade económica, como xa dicía, de moitas comarcas do país, como as zonas dos Ancares, A Fonsagrada, comarca de Sarria, A Terra Chá, o Courel, o Macizo central de Ourense. Dalgunhas case podemos dicir que é a única, e, no caso de desaparecer, viría acrecentar o problema de abandono e despoboamento do noso rural, nun momento tan crítico como o que estamos atravesando, onde se está a pór de manifesto a importancia da produción e fornecemento de alimentos para a sociedade e de recuperación da nosa soberanía alimentaria tanto no ámbito da produción como no do consumo.

É de supoñer que industria e distribución, unha vez máis, aproveitaron as circunstancias en beneficio propio. Vai sendo hora de que a Administración revise á alza os prezos e asuma o labor de valorar obxectivamente os custos de produción, establecendo os prezos mínimos e garantindo así o cumprimento da lei.

O coronavirus foi utilizado polas industrias e a distribución para impoñer unha baixada xeneralizada dos prezos ao produtor, que logo converteu en crónica pasado o período máis restritivo da pandemia. Nada trouxo de novo o paso polo Congreso e polo Senado a modificación, a última modificación da Lei da cadea alimentaria. No seu aspecto máis necesario para o produtor, nada se clarificou nin modificou, non temos ferramenta clara.

Será preciso tirar de valentía política e sentido común para protexer estes sectores ameazados. Porque logo dos negativos efectos do confinamento e de restricións da pandemia, chegaron os tempos das subas desmedidas dos prezos da enerxía eléctrica, dos combustibles, dos concentrados, dos abonos. A lóxica do mercado debera traer unha suba compensatoria no prezo final do produto para eses custos de produción, mais non é así; aínda ben, os prezos ao produtor baixaron. Nada se move desde o Goberno da Xunta de Galicia para que o produtor reciba un prezo xusto consonte as subas dos custos de produción xa citadas. Ningún xeito de arbitrase, ningún mecanismo que determine o cálculo que permita fixar un prezo de referencia para así cumprir co mandato da Lei da cadea alimentaria na letra c) do apartado 1 do artigo 9, do artigo 12.3º, destrución do valor da cadea.

Necesitamos unha Consellería de Medio Rural que participe activamente na súa elaboración, transposición e cumprimento para que sexa o máis efectiva posible e permita reforzar a po-



sición negociadora de todos os chanzos da cadea, de xeito que se asegure a efectiva competencia de todos eles e se dote de ferramentas eficaces para que se poida negociar en igualdade de condicións. Sobran, señorías, os oportunismos partidarios con ataques e deixación de responsabilidades por parte do Goberno galego que en nada axudan a este sector cárnico vacún, como tamén nada soluciona a formulación de rimbombantes dereitos dos produtores a percibir pagos por riba dos custos de produción se a Lei da cadea alimentaria non establece mecanismos para determinar o cálculo destes custos.

A Consellería de Medio Rural debe comprometerse como órgano e administración competente, que vele polo cumprimento da obrigatoriedade do prezo pactado entre produtores e o primeiro comprador, que como mínimo ten que cubrir os custos de produción, para o que se debería constituír unha comisión técnica de avaliación, a fin de actualizar estes valores para cada orientación produtiva no ámbito galego.

Tres son os mercados onde as poxas marcan os prezos do vacún: Silleda, Amio e Castro de Ribeiras do Lea. Abondaba con ter vontade política e dar un paso a favor do sector, un Observatorio da Carne ou outro referente ao xeito, cálculo de custos de produción nas moi diversas modalidades de manexos, crianzas, idades e razas, e estes custos serían as marcas de saída nas poxas, e teríamos dado un paso adiante. Quedaríanos por facer unha ordenación do sector. Outro día falaremos dela.

No punto b) do acordo proposto nesta moción do Grupo Socialista, que xa lles adianto que imos apoiar, faltáballe engadir na fin do apartado 1: «garantindo un pago xusto aos titulares das explotacións afectadas polos danos ocasionados polo lobo ao gando que contemple o lucro cesante, as valoracións xustas, conteo de danos, aínda que non haxa presenza de restos, e pagos en tempo», é dicir, intención de cumprir co que hai que cumprir; ¡vaia!, todo o que non está facendo a consellería do Goberno da Xunta.

Piden a elaboración doutro plan de xestión do lobo para Galicia, señor Seco. O problema non é elaboralo, o problema está en cumprir e facelo cumprir, nada máis. Non haberá coexistencia pacífica entre gandería e lobo mentres a sociedade non se concencie de que a existencia do lobo ocasiona danos na gandería e pague en tempo e forma.

A carne e, en menor medida, o leite seguirán en pé de guerra con esta especie. Claro que esta guerra e a súa manipulación está servindo de desgaste político no pim, pam, pum noxento que mantén o PP co Goberno central. A gandería impórtalles un pito.

Eu estou seguro de que o PP sabe ben a quen defende, e nós sabemos ben quen lles preme. Por iso, nesta intervención de posicionamento deberíamos cantar a coro aquilo de «soamente unha vez». Pois iso, por unha vez, cumbran co seu deber de gobernar e gobernen para a maioría dos cidadáns e non para uns poucos.

Máis nada. Imos dar o apoio, como lles dicía, a esta proposición.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfecta o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Vega.

O señor VEGA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señores parlamentarios, bos días a todos.

Escoito e non entendo o rural que vostedes ven, que vostedes observan. Entendo que é unha descrición puramente electoralista, unha descrición pola que vostedes acreditan que están alonxados do rural e non escoitan, e tocan de oído, e iso sempre llo digo na Comisión 7ª e vólvollo dicir: señor Seco, vostede toca de oído.

Eu quero que me explique a que se debe ese cambio. Agora vostede parece que non cre no rural por defender sistematicamente o Goberno central. Defender o Goberno central é electoral, é electoralista. Vostedes pertencen ao partido, pero non escoitan o rural. E se este grupo maioritario ten o resultado que ten, é que representa ao pobo galego. ¿Ou é que acaso os gandeiros votan a un Partido Popular que se presenta a unhas eleccións porque os adoutrinamos? Non, votan en liberdade, e en liberdade significa que este grupo é a maioría absoluta neste parlamento. ¡Oia!, xa sei que lles doe, pero é que é así.

Hoxe a maioría das explotacións de carne, que vostedes describen hoxe, pois eu quérolles dicir que se están profesionalizando. É verdade que viñan de pouca profesionalización. Moitas ganderías de carne deixaban a produción leiteira e incorporaban ás súas explotacións vacas de carne, todas elas de cruce mestizo, moitas delas. Quero dicir con isto que non tiñan vacas nais de raza pura.

Nestes momentos o sector profesionalizouse. Nestes momentos as ganderías escollen, os gandeiros escollen ese medio de vida e están introducindo razas de pura raza, en varios modelos: semiextensivo, extensivo e, en menor grao, intensivo. Iso é o que pasa no sector da carne.

Evidentemente, vostedes reflicten unha realidade paralela. Nestes momentos o sector, que está en consonancia coa Administración, é dicir, coas extensións agrarias, co asesoramento técnico de moitas cooperativas, de moitas asociacións, de distintas entidades, todos traballan para mellorar o sector cárnico de Galicia, e seguramente coincidimos na importancia que ten o sector da carne en Galicia, en concreto o vacún de carne, para o equilibrio territorial da nosa Comunidade. Representa preto do 33 % do valor da produción final agraria; e no caso do vacún de carne sitúa Galicia como a terceira rexión, é dicir, a terceira comunidade autónoma do Estado, con máis do 14 % da produción nacional. Datos importantes, señor Seco.

Somos referentes tamén na carne de calidade —vostedes mencionaban a carne de calidade—, a carne certificada por Tenreira Galega. Ben, pois a carne de tenreira galega, boi-vaca de Galicia, ten unha facturación superior aos 100 millóns de euros. Iso significa que o consumidor escolle a carne de rubia galega, a carne certificada por Tenreira Galega; non soamente de rubia galega



senón de distintas razas que nacen, crecen e se alimentan en Galicia. Pois esa facturación é a primeira IXP de todo o territorio español.

¿Cabe defender o sector cárnico? Claramente que si. E eu pregúntome: ¿onde están vostedes, o Goberno do bipartito? ¿Están nas declaracións do ministro de Consumo? Máis ben non se coñece, o señor Garzón, porque parece que é anticonsumo, porque critica sistematicamente a carne, a produción da carne, alimentarse en base á carne tamén. Entón, eu pregúntome: señor Seco, ¿vostede apoia esas declaracións? Eu non o entendo nunha persoa que traballou oito anos da súa vida como profesional no sector lácteo e no sector cárnico. Eu deféndoo todos os días e este grupo maioritario defende o sector cárnico. Claramente que imos seguir apoiando o sector.

E a lei de estratexia, é dicir, a estratexia cárnica que acabamos de aprobar, a estratexia láctea, ¿que defende? Ben, pois son cincuenta axentes que queren elaborar e dinamizar o sector da carne en Galicia. Un plan de traballo con gandeiros, é dicir, escoitando os representantes, non soamente escoitando os representantes senón escoitando o propio sector. Esta estratexia tamén quere contar coa opinión das industrias, das cadeas de distribución, de asociacións e organizacións que están traballando en defensa do sector. Un proceso de onde seguirán medidas concretas, tamén medidas moi definidas para defender un sector, para defender o futuro da carne. Claramente, eu pregúntome: ¿onde está o Goberno bipartito? A Lei de cadea alimentaria ¿en que beneficia o sector?

¡Oia!, eu escoitaba hoxe unhas declaracións do ministro nun medio de comunicación da reunión que tivo na semana pasada, e non concretou ningunha medida para o sector, jé que non concretou ningunha! ¿Pódeme dicir vostede, señor Seco, en que beneficia a Lei de cadea alimentaria o sector? Porque digo eu que vostedes van aprobar unha lei claramente cunha vocación. ¿E iso vaise traducir en darlle valor ao prezo da carne? Vostede dicía un prezo, pero non o concretaba ben. 4,80 estase pagando a carne sen certificar. A carne certificada por Tenreira Galega, é dicir, carne suprema, supera os 4,80 € no prezo da carne, está rondando os 5 €. Pero, claro, iso hai que sabelo. Ben, vostede di aquí unhas cifras que a min me chaman a atención.

Pero a estratexia da carne ¿que quere?, ¿que trae consigo? Pois consolidar o sector, a remuda xeracional —é dicir, o relevo xeracional, fundamental tamén no sector gandeiro, o sector cárnico—, ter unhas explotacións rendibles —iso é fundamental—, unhas explotacións sustentables, mellorar o nivel de transformación da industria cárnica e xerar un valor engadido ao longo de toda a cadea.

A estratexia cárnica tamén quere seguir apostando pola formación para seguir afondando na profesionalización. Hoxe a Administración ten centros que están impartindo formación. E refírome claramente a que na mellora xenética debemos seguir afondando na liña cárnica e tamén na liña materna da rubia galega ou das distintas razas autóctonas. Claramente que iso o debemos facer.

Tamén na xestión económica das explotacións, formación tamén no deseño das explotacións, tamén en benestar animal. Europa camiña por esa liña. E nós estamos impartindo



cursos para benestar animal, tamén en cultivos, tanto no laboreo da terra como tamén na formación en pastoreo.

Claro, e eu aquí preguntome: ¿onde está o BNG? Porque nós aprobamos a Lei de recuperación de terra agraria e o BNG votaba en contra. ¿Como se pode soprar e sorber á mesma vez? ¿Pedir máis base territorial para as explotacións e votar non a unha lei que acredita que vai aportar máis terra agraria a esas explotacións?

Miren, tamén a Lei da estratexia cárnica quere seguir afondando na investigación e na innovación. Este goberno maioritario, este goberno e este partido van seguir apostando pola formación para impulsar a profesionalización.

A Lei de recuperación de terras agrarias quero dicir con moita claridade que o que lle aporta ao gandeiro é base territorial. ¿Para que? Para depender menos da alimentación allea das explotacións. Falo dos cereais —ese incremento do prezo dos cereais—, dos insumos, da materia prima. Se nosoutros aportamos terra agraria aos gandeiros, estamos aportándolles ¿que? Forraxe, que depende da explotación, para alimentar as súas vacas, os seus becerros.

Tamén imos seguir apostando por acreditar subvencións aos gandeiros. Falo aquí das axudas necesarias ao sector. Pero é que todos os anos apostamos por estas subvencións, no Plan de mellora, plans de incorporación, axudas de mellora xenética. E volver adiantarnos á PAC; é dicir, 127 millóns de euros que se adiantan no día de mañá para todos os gandeiros, 127 millóns de euros; pago básico, pago verde, pago ás ganderías de leite, pago tamén con 3,5 millóns ás ganderías de carne e a pequenos agricultores e a gandeiros mozos, con 2,2 millóns de euros.

Isto é o que é hoxe o sector cárnico, profesional, e que segue apostando pola formación para mellorar as súas explotacións.

E tamén imos seguir colaborando economicamente. Señor Rivas Cruz, na temporada da crise covid —o señor Seco dicía unha cifra que lle falla— non foron 7 millóns de euros o que aportou a Consellería do Medio Rural aos gandeiros, foron 9 millóns de euros. Comprabamos tamén moita materia —e vostede sábeo— con Mercaproximidade, Súper Feirón, que lles comprabamos ese produto aos gandeiros. Claro, iso vostede sábeo, pero vostedes veñen aquí e ignóranos, e iso hai que dicilo tamén. Polo tanto, nosoutros estabamos e estamos sempre co sector gandeiro.

E cando vostedes me falan do Plan do xabaril, do Plan do lobo, é que me cabe dicir unha cousa: ¿como se pode vir aquí a esta tribuna e dicir e reclamarlle a este goberno un plan de xestión do lobo? Iso xa o hai en Galicia. As axudas superan os 3 millóns de euros. ¿Onde está o seu Goberno? Nin axuda, e o que quere é —non sei— aprobar unha lei que discrimina total e absolutamente o gandeiro, onde ataca directamente o gandeiro en extensivo e en semiextensivo tamén. Claro, e vostede vén reclamarlle a un goberno ¿que?, ¿que siga facendo e colaborando co sector? Pois non.

Mire, nós imos seguir no camiño trazado polos galegos, non o que trazamos nós, senón o que trazan os galegos: colaborar, profesionalizar e seguir permanentemente apoiando un sector en xeral (o lácteo, o gandeiro, en definitiva, pero tamén o cárnico). É dicir, imos seguir



apostando polo rural, que ten moito futuro. ¿Necesita máis profesionalización? Seguramente que si, pero nós imos estar sempre ao lado deles.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vega.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo autor da moción, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, señor presidente.

Máis que tocar de oído, o que debería, señor Vega, é lavar os oídos. (*Aplausos.*) Porque cando falaba da carne de Galicia precisamente na miña intervención falaba dunha carne que é dunha calidade excelente, que está feita con estritos criterios de benestar animal e de xestión ambiental. Polo tanto, deberían vostedes intentar saír da única cuestión que plantexan, que é precisamente as declaracións do ministro de Consumo.

Tocar de oído pódennlo dicir á miña veciña Pili, de Xermade —unha veciña amiga miña de toda a vida—, e ver como ano tras ano ve como as pasa canutas para poder chegar a fin de mes, asumindo precisamente os ataques do lobo, que non vén de seis meses para atrás, senón que vén de moitísimos anos atrás, (*Murmurios.*) e a unha Xunta de Galicia que non responde a pagarlle precisamente as perdas que ten por este gando e xa renuncia incluso ata a presentar a solicitude, señor Vega.

Os últimos na lista en adiantar os fondos da PAC, e vostede vén aquí sacar peito. Os últimos de España, señor Vega, somos en Galicia en poder adiantar estes fondos.

E logo teñen a cara de falar vostedes da Lei da cadea alimentaria, ¡vostedes! Vostedes son os que veñen aquí falar da cadea alimentaria, cando todo o mundo sabe que a Lei da cadea alimentaria que fixo o Goberno do Partido Popular non valía absolutamente para nada, absolutamente para nada. Unha lei que tiveron que modificar xa en dúas ocasións, primeiro no real decreto de febreiro de 2020, que establecía que os prezos pactados nos contratos deben cubrir polo menos os custos de produción —cousa que vostedes nin sequera estableceron—, e agora —e non é que se vaia aprobar, é que xa está aprobada, señor Vega— unha reforma lexislativa da lei que as organizacións agrarias cualificaron de moi positiva —esa foi a cualificación—. Evidentemente, agora toca ser exixentes e que se utilicen os mecanismos para o cumprimento do establecido na lei. E todos sabemos que hai competencias no ministerio e tamén nas autoridades competentes das comunidades autónomas, que teñen na súa obriga desenrolala.

Señor Vega, vostedes seguen a basear todo en proxectos, en plans estratéxicos, en reformas lexislativas como mecanismo para facer que fan, e comunicar que están moi ocupados e preocupados por todos os sectores, pero todo o mundo sabe que cando un non quere facer absolutamente nada anuncia un plan para deixar que pase o tempo, tratando de confundir a opinión pública. O problema está na falta de orientación das políticas agrarias durante



todos os seus gobernos. ¿Como poden vender tras trinta e tres dos corenta anos practicamente de goberno de Autonomía que os que deberan ser parte do núcleo estrutural da nosa economía, como son o forestal e o lácteo, teñan tan pouca repercusión? Dígollelo unha e outra vez: temos o 40 % e o 50 % da materia prima pero só aportamos o 11 % e o 13 % da renda estatal. ¿Non lles resulta chocante que sexamos ese país que estou definindo?

¿Como pode falar de compromiso co rural e de loita contra o abandono deste medio, que supón o 85 % do noso territorio, e logo ver como morren aquelas explotacións de carne que son esenciais no desenrolo precisamente das zonas máis deprimidas e con maior índice de despoboamento e avellentamento de Galicia? E vostedes non dan aquí ningunha solución nin contestaron absolutamente a nada do que eu lles plantexei.

Cando falo de falla de orientación refírome a que vostedes deben de ser esa locomotora que guíe e apoie con políticas públicas os nosos sectores produtivos, e non simplemente cos fondos que dá a Unión Europea, que vostede vén aquí parece ser que a atribuírse. Necesitamos xa un plan específico, pero xa, de dimensionamento das explotacións de vacún de carne no marco das axudas do PDR para o 2023 ao 2027; e vén aquí a non dicir absolutamente nada.

Falan dos 7 millóns, que, evidentemente, habería outro tipo de actuacións que se deron. ¡7 millóns do PDR! Déronse 7 millóns do PDR e poderían meter 24. E estableceron darlles a metade ás adegas cando poderían utilizar fondos do Igape, señor Vega. Esa é unha realidade que sabemos todos. *(Aplausos.)*

Non din absolutamente nada desa lonxa dixital —que, por certo, propuxemos e que vostedes aprobaron e dixeron que evidentemente ían realizar—, que faga de ferramenta para dar transparencia á venda do gando. Porque, evidentemente, sabemos que un dos grandes problemas é o excesivo beneficio que levan os tratantes.

¿Van poñer —porque non din absolutamente nada, nin o outro día o conselleiro nin agora vostede— en marcha o observatorio de prezos? Non din nada para beneficiar precisamente ese sector e impulsar contratos homologados tamén para que teñan un prezo estipulado.

¿Van tomar medidas? Porque ten razón o voceiro do BNG: o Plan do lobo xa existe. Evidentemente, vostedes abandonárono e metérono nun caixón e nin sequera actualizan os censos actuais que hai. Pero ¿van poñer en funcionamento un sistema que permita que os gandeiros perciban aquilo que perden? Pero, evidentemente —como dicía o voceiro do BNG—, con esas perdas que se producen por un material que logo van vender. O sector necesita valentía, iso é o que necesita. E somos conscientes de que o futuro non está en axudas directas, pero, evidentemente, agora hai que salvar o sector e non deixar que morran moitos centos de pequenas explotacións que estruturan o noso territorio rural.

Salvemos o sector, salvemos as nosas explotacións, axudemos a dimensionar estas explotacións, busquemos mecanismos para ter unha referencia de prezos que faga que se faga cumprir a Lei da cadea e que os produtores cobren por encima dos custos de produción. Parécenos moi ben que desenrolen vostedes un plan estratéxico para a carne pero non deixen de tomar medidas xa nun sector que está en SOS.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do idioma galego no ensino

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Grazas, presidente.

No ano 2005 Kiri Davis, unha estudante afroamericana, de Nova York, publicaba o documental *A girl like me*. Neste documental en apenas sete minutos abordaba e repetía un experimento que realizaran xa os psicólogos, afroamericanos tamén, Kenneth Bancroft Clark e Mamie Phipps Clark na década de 1940. ¿En que consistía este experimento? Pois basicamente en que nenas e nenos afroamericanos tiñan que escoller con que bonecas querían xogar. Eran bonecas idénticas, cunha única diferenza: que unhas bonecas eran brancas e outras bonecas representaban bonecas de pel negra. O resultado deste traballo de Kiri Davis —que estou seguro de que moitos dos que aquí estamos coñecemos porque houbo un vídeo hai uns anos que pululou por moitos centros educativos do noso país facendo a relación entre o que era o prexuízo lingüístico e o prexuízo racial— chamou a atención de toda a comunidade internacional e puña enriba da mesa tres reflexións que nós consideramos que é importante compartir hoxe aquí entre todos e todas.

A primeira desta reflexión é que, despois de décadas de políticas a priori pensadas para combater o prexuízo lingüístico, os resultados obtidos no traballo de Kiri Davis eran practicamente os mesmos que os obtidos polo matrimonio Clark en 1940. Isto é, que o 75 % dos nenos e das nenas afroamericanas escollían para xogar as bonecas brancas e mantiñan o prexuízo de asociar bonecas brancas ao bonito, ao bo, e as bonecas negras ao feo e ao malo; era un prexuízo inconsciente.

A seguinte destas aprendizaxes e de reflexións que pon enriba da mesa é que a esta escolla pódese chamar de calquera xeito, agás liberdade.

E a terceira destas reflexións que se poñen enriba da mesa —e que entronca directamente co debate que hoxe aquí temos— é que os prexuízos son unha lacra social que debemos exterminar e que tanto ten que o prexuízo estea amparado na cor de pel, na orientación sexual ou na lingua na que falemos. Os prexuízos son unha lacra e é algo que, polo tanto, debemos exterminar desta sociedade. (*Aplausos.*)

E, polo tanto, a pregunta que aquí queremos traer, a que queremos compartir, é se a alguén lle parecería normal que, por exemplo, Kiri Davis ou que o matrimonio Clark pois dixese



ante os resultados daquel estudo que iso era unha cuestión de liberdade, que os nenos escollían libremente con que bonecas xogaban, que non había nada debaixo desa escolla; se alguén entendería que en base a eses resultados que se daban na sociedade norteamericana daquel entón pois que os gobernos non actuasen no sistema educativo, por exemplo —entre outros ámbitos—, para atallar esta situación. Eu creo que todo o mundo entendería que, se non se desen estes pasos, se estaría a perpetuar o prexuízo do supremacismo.

Pois ben, señores do Partido Popular, isto é exactamente o que está a facer o Goberno da Xunta de Galiza á hora de abordar os prexuízos lingüísticos no noso país.

E poñemos os datos enriba da mesa. Fíxense: ao igual que acontecía na escolla coas bonecas brancas e as bonecas negras, os datos do IGE —o IGE, non o BNG— din o seguinte: oito de cada dez nenos galegos escolle o castelán para navegar pola internet ou polas redes sociais; só o 6 % dos nenos galegos escolle libros en galego, fronte ao 94 % que escolle os libros en castelán; só dous de cada dez nenos galegos escolle o galego para a televisión, para a música, etc. Eu non poño nin quito unha coma nin dos datos do IGE nin da realidade que están a reflectir os propios estudos da Xunta de Galiza.

O que si creo que merece unha reflexión, ao igual que facía o matrimonio Clark, ao igual que facía Kiri Davis, é se ante esta realidade é lexítimo que o conselleiro de Educación, Cultura e Universidade, Roman Rodríguez, dixera neste pleno hai escasas dúas semanas: «temos dúas linguas que usamos en absoluta liberdade». (*Aplausos.*) «Na rúa predomina a normalidade, a cordialidade e o espírito da nosa cultura». Este é o xeito no que o Partido Popular entende a liberdade lingüística deste país, este é o xeito no que o Partido Popular e a Xunta de Galiza abordan a situación sociolingüística do galego.

E, polo tanto, o que nós vimos traer aquí con esta moción, o que vimos traer con esta iniciativa non é máis que demandar que o Partido Popular se sume ao consenso lingüístico, que rachou unilateralmente e do que nunca debeu afastarse. O que lle vimos pedir aquí ao Goberno da Xunta de Galiza é que decida se o que están a dicir, un día si e outro tamén, o Consello da Cultura Galega, a Proposta de bases para a normalización lingüística do ensino, a Unesco, ELEN, o Consello de Europa ou a Academia Galega é lexítimo e algo que merece ser escoitado; se cren, vostedes que sosteñen o Goberno deste país, no que din estes organismos ou se, pola contra, prefiren seguir competindo coa ultradereita e con Vox para ver quen é o campión do negacionismo e para ver quen é o campión do prexuízo. (*Aplausos.*)

Porque disto é do que vimos falar, de prexuízos que está a recoñecer toda a comunidade sociolingüística internacional. Non é algo que digamos nós. E ante os prexuízos, ante esas opinións preconcebidas e acentíficas, só hai dúas posibilidades —como recoñece a propia sociolingüística, como estou convencido de que todas e todos os que aquí estamos sabemos—: ou aceptalos ou desterralos. Pois ben, vexamos o que está a acontecer no ámbito educativo, porque os prexuízos teñen nome e apelidos.

Xulia, nena de Vigo, galegofalante, entra nunha escola infantil e de súpeto en cuestión de semanas abandona o galego e pasa a falar en castelán. Eu creo que sobre estas cuestións todos coñecemos algunha Xulia, pero agardaba esa reacción, señores do Partido Popular,



porque vostede está dicindo que isto é un caso illado. Ben, vexamos o que di a Real Academia Galega: o 40 % dos centros infantís das cidades non emprega o galego nunca, oito de cada dez maioritariamente o castelán. (*Aplausos.*) ¿Isto é o que lles provoca tanta risa, señores do Partido Popular? O 14 % dos nenos que hoxe teñen como lingua inicial o galego e dese 14 % o 10,5 % perden o galego no primeiro contacto coa educación infantil. ¿É isto o que motiva o seu riso, señores do Partido Popular? (*Murmurios.*)

Pero, por poñer máis casos, Pedro, un mozo (*Murmurios.*)... —non se poñan nerviosos, que entendemos que estean na política lingüística de Vox, pero a algarada, tamén como a de Vox, non lles queda nada ben—. (*Aplausos.*) Para máis casos, Pedro, un mozo do rural que se incorpora a un instituto nunha vila dunha cidade, atópase con que chega e observa que practicamente nese centro ninguén fala galego e que en materias como Matemáticas ou Física está prohibido o emprego do galego. Eu creo que esta é unha realidade que a ningún de nós tampouco nos resulta allea. Agardo que a vostedes tampouco, señores do Partido Popular. ¿Que di a Xunta de Galiza neste mesmo parlamento? Conselleiro de Educación: «o que é normal na rúa ten que ser normal na escola». Román Rodríguez neste mesmo parlamento.

Eu non vou entrar xa no terrible que ten esta afirmación, a pouco que se analice en termos académicos. Isto é unha OPA hostil aos piares da educación, dende Sócrates a Vigotsky. Pero no que ten a ver xa coa realidade —digamos— educativa, o que hai debaixo disto —datos do IGE, datos da RAG— é que só un de cada dez nenos nos institutos de secundaria fala galego, o outro un sería bilingüe e oito falan español. Señores do Partido Popular, ¿esta é a liberdade que vostedes defenden? (*Aplausos.*)

E poderíamos falar con outros datos que despois na réplica podemos poñer enriba da mesa, mais o que aquí estamos a abordar é a necesidade de que neste país o Partido Popular deixe as posturas ultra, deixe de estar competindo no prexuízo coa ultradereita e se sume ao consenso lingüístico que está demandando non o BNG —que tamén—, que está demandando a Real Academia Galega —que entendo que non será un grupo de perigosos nacionalistas radicais—, que está demandando o Instituto da Lingua Galega, que está demandando o Consello de Europa, que está demandando a Unesco e que está demandando —eu non teño ningunha dúbida— a maioría deste pobo. E, se non, tempo ao tempo, señores do Partido Popular.

E ante isto pois vostedes poden estar a facer trampas ao solitario, a facer trampas con argumentos que eu creo que non pasan pois a primeira proba da veracidade. Trampas como cando falan como referencia do Informe PISA. Falan dunha proba de comprensión lectora para extrapolar valores sociolingüísticos. Señores do Partido Popular, hai douscentos anos nas escolas as nenas e nenos probablemente sabían falar latín, pero o latín era unha lingua morta. Este é o exercicio que están a facer vostedes hoxe. (*Aplausos.*)

Datos que presentan, por exemplo, a respecto dos datos do IGE, que ten que ser a propia Academia Galega quen lles diga —eu quero pensar que isto motivou cando menos algún mínimo de vergoña, de enrobecemento da fazula nalgunha cara da Consellería de Educación—: non sei de onde sacan os datos. Pensamos todos o mesmo, agás a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Isto está a dicilo a Real Academia Galega, señores do Partido Popular, (*Aplausos.*) non é o BNG.



E, polo tanto, o que nós pretendemos traer aquí facémolo en termos absolutamente construtivos. E, de verdade, gustaríanos que, cando menos, en aras dese diálogo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Remate, por favor.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...—remato, presidente— que queren propoñer, pois presentásen unha emenda, algo para —digamos— poder abordar o tema. Pero vese que non, que o que di a Academia Galega non vale, que o que di o Consello da Cultura Galega non vale, que o que di a Unesco e o Consello de Europa non vale; vale o que di a súa lexítima por suposto maioría parlamentaria, pero tristemente coincide cento por cento co que di a ultradereita.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOURENZO SOBRAL: E cremos que iso non é un bo futuro para a nosa lingua. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Volvemos de novo, unha vez máis, falar, traer aquí esta cuestión da lingua no ensino; hai escasísimos meses que tamén a trouxemos aquí. E, verdadeiramente, ademais de cansino —porque finalmente resulta cansino—, o que é realmente preocupante é que teña que volver aquí novamente esta cuestión, porque quere dicir obviamente que nada se ten feito para dar resposta ás preocupacións —como xa se dixo— xa non só das familias galegas, senón da propia comunidade educativa e dos expertos e expertas que traballan na materia, do Consello de Europa, do Consello da Cultura Galega ou mesmo tamén da Real Academia Galega, moi recentemente ademais.

Nós empregaremos a nosa intervención —por certo, quero deixar claro xa dende aquí o noso apoio, o noso voto favorable a esta moción, porque todo o que se reclama aquí nós xa tamén, este grupo parlamentario tamén o pediu en diversas iniciativas— e tamén un pouco nos imos guiar pola intervención do señor conselleiro hai quince días, por certo, ao noso modo de ver, cunha argumentación —non me atrevo, non sei se podo atreverme a dicir— pueril, pero dende logo si con bastante falta de rigorosidade.

Como digo, manifestaba o conselleiro que o grupo interpelante empregaba argumentos repetitivos para a súa defensa, algo lóxico; nós tamén os imos empregar hoxe aquí; claro, consecuencia de que nada muda e entón teremos que seguir empregando sempre os mesmos argumentos.



Pero miren, é que a nós nos parece que realmente era o conselleiro o que seguía repetindo o mantra de sempre: en Galicia estamos moito mellor que noutras comunidades autónomas tamén con linguas propias. Todo ben, entón todo ben, xa con iso temos suficiente e veña todo para diante, non cambiamos nada. De novo pouca, moi pouca preocupación polo noso país e moita tamén por compararse con outras comunidades, por certo sempre á baixa.

Adiantándonos xa a unha posible resposta por parte do Grupo Popular, nós solicitámoslles que, por favor, non se comparen de novo con outras comunidades autónomas; dende logo ao noso grupo énos indiferente. A nós o que debera preocuparnos é a nosa realidade, ademais de que hai que deixar a un lado que a comparación con outros escenarios e con outros territorios ten sentido sempre cando se fai nas mesmas condicións, e non é o caso.

O PP achega ademais sempre —o conselleiro tamén o fixo a semana pasada ou tentou facelo— os datos positivos para defensa da súa argumentación. E claro, cremos que ese é xa un dos primeiros erros. O que interesa non son os positivos, son os negativos; o que interesa aquí son os negativos, e hainos.

No que ten que ver coa nosa lingua no ensino, hai datos negativos e, ademais, son datos rigorosos e científicos. Nós novamente aquí imos tirar —temos unha intervención un tanto máis traumática que a do voceiro do BNG— dos datos, porque non hai máis.

Comezamos polo Consello de Europa —o Consello de Europa, que tampouco creo que sexa xente demasiado radical; pensamos que vostedes pensan igual ca nós—, que leva anos censurando nos seus informes sobre o uso das linguas minoritarias a perda de presenza do galego no ensino causada pola política lingüística da Xunta de Galicia, e textualmente di: «Non respecta os dereitos das persoas respecto da súa propia lingua, ademais de incumprir a Carta europea de linguas minorizadas». Xa dirán vostedes. O propio Consello de Europa suxire eliminar as limitacións á docencia en galego en todos os niveis educativos e advirte de que o número de materias que se imparten en galego neses centros onde se introduciu o inglés é tan baixo como o 33 %, que o noso idioma ten moi pouca presenza en educación infantil —xa se dixo— e que o material didáctico en galego é tamén moi insuficiente.

Como consecuencia desta situación, di o Consello de Europa —non nós, di o Consello de Europa— en sucesivos informes: «A porcentaxe de menores de 15 anos que non saben falar galego é do 23,9 %». Claro, ao mellor dirán vostedes: ben, ese dato non é correcto, non o sabemos; como se di nesta iniciativa, habería entón que avaliar, facer esa avaliación, que non se fixo, e á que si obriga ese decreto do plurilingüismo.

O Instituto Galego de Estatística —para nós tamén é unha fonte— di, entre outros datos, que unha terceira parte dos rapaces e rapazas de entre 5 e 14 anos recoñece non saber nin escribir en galego e o 20 % asegura non saber —non estamos dicindo non falalo, senón non saber— nin escribir nin falar galego.

Pero temos tamén datos recentes, científicos, da Real Academia Galega, co estudo da avaliación da competencia bilingüe galego-castelán dos escolares galegos ao finalizar a educación secundaria obrigatoria. E ese informe constata que existe un acusado desequilibrio en



detrimento do galego. A Real Academia, sempre en palabras desa Real Academia, que nós, por suposto, compartimos, alerta dunha situación pouco alentadora para o futuro da nosa lingua. De feito, entre a mocidade xa non se pode dicir que o galego sexa a lingua máis falada; a porcentaxe de uso entre os 15 e 29 anos era hai tres anos dun 37 %.

A Real Academia apunta, ademais, que, se comparamos eses datos cos do ano 1995, o número de persoas que aprenderon a falar inicialmente galego descendeu en vinte puntos.

Tamén apela a mesma Real Academia —do que se di nesta iniciativa, que é a Lei de normalización lingüística— a que esa lei si favorecía os usos formais e estabilizaba os informais. E falo en pasado, porque non se está cumprindo, evidentemente. Pero claro, tamén a Real Academia, ao fío disto, sinala que o Decreto 79/2010, ou sexa, o decreto coñecido como o decreto do plurilingüismo, crebou esta tendencia por basearse nunha concepción do plurilingüismo que —textual— «non ten en conta a situación de minoración da lingua galega». E é que aí dende o PSdeG atopamos o erro de base das políticas do PP en materia lingüística, ese é o erro de base.

Ben, ata aquí os datos, que son incuestionables; xa non só demoledores, senón que son incuestionables.

Seguindo coa intervención recente do señor conselleiro, o señor Román Rodríguez dicía tamén que a escola non ten capacidade normalizadora, e nós non podemos estar máis en desacordo.

Non confundamos función con capacidade, non é o mesmo. A escola ten unha función educadora, por suposto, pero ten tamén capacidade normalizadora; polo tanto, é un espazo de socialización dos nosos pequenos e pequenas durante boa parte do seu tempo diario. Por suposto, existen tamén outros contextos e factores socializadores, pero non neguen que a escola tamén o é, como é tamén, por certo, como lembraba a Real Academia Galega —ou, mellor dito, debera ser—, un axente de cambio. Claro, de cambio na tendencia que mostra un cada vez menor uso da nosa lingua.

Apelaba tamén o señor Román a outro concepto que tamén xa expuxo aquí o voceiro do BNG, que é esa liberdade, a liberdade do PP, a liberdade da inmensa maioría dos galegos e galegas para o uso das linguas —dicía o señor conselleiro—. Nós tamén estamos de acordo con esa liberdade, por suposto. Cadaquén que se exprese de maneira que mellor lle veña en gana. Non temos ningún problema. O que é curioso é que os argumentos que non serven para o galego, que é —lembramos— a nosa lingua, si sirvan para o inglés. Porque ¿de verdade que ao Goberno galego lle preocupa que os pais e nais á súa vez estean preocupados porque os nosos fillos e fillas saen dun nivel educativo, por exemplo de secundaria, cun nivel baixo de inglés? Iso si preocupa, ¿verdade? Que saian cun nivel baixo de galego xa non, porque, como co galego non podemos ir polo mundo, debe ser por iso. Entón, claro, ¿por que non mostrar a mesma preocupación polo noso idioma? Liberdade si, liberdade toda, pero a preocupación xa depende do idioma que se trate.

Imos facer nós, porque tamén o fixo o conselleiro hai quince días, algo de demagogia, apelando a esta liberdade do PP. Esa demagogia lévanos por exemplo a pensar se tamén lles debemos



preguntar ás familias galegas se consideran necesario que un rapaz que vaia escoller un itinerario de letras ten que pasar equis tempo na súa vida educativa estudando por exemplo probabilidade matemática. ¿Preguntámoslles ás familias, apelando a esa liberdade? ¿Verdade que non? Pero é que iso xa non está en cuestión, aí xa non nos metemos, ese debate xa non entra.

Miren, a cuestión, señoras e señores do Partido Popular, é que o coñecemento da nosa lingua leva ao seu uso; isto é algo obvio; se non a coñecemos, non podemos usala. E é ese uso o que garantirá a pervivencia do noso máis prezado patrimonio cultural inmaterial, a nosa lingua. Iso é o que o Partido Popular parece non entender. E están vostedes no seu dereito de non querer entender, pero o que xa non é un dereito, senón unha obriga, é o cumprimento da lei, o cumprimento da lei e dos requirimentos tamén do Consello de Europa.

Ademais, xa sabemos que é demasiado desexar, pero gustaríanos que fagan súas as preocupacións, como dixen, de institucións como a Real Academia Galega, un senfin de institucións, do tecido asociativo tamén, da comunidade educativa, e se poñan a traballar nun novo marco normativo para o galego no ensino, que, se queren que respecte esa liberdade da que vostedes tanto gustan, asegure o futuro da nosa lingua, que, como ben saben, está nas mans dos nosos nenos e nenas, está nas súas mans.

E quero rematar cun desexo, que é non facer da nosa lingua un conflito político; non fagamos dela un conflito político. Atendan, por favor, aos requirimentos das institucións e entendan a defensa da nosa lingua como algo construtivo, conscientes de que o galego é un elemento diferenciador da nosa cultura, que nos outorga —como dicía Ramón Piñeiro— «alma de seu», pero, ao ser un elemento diferenciador, significa que é tamén un elemento enriquecedor e integrador.

Partindo de aí, probablemente finalmente consigamos ese consenso en materia da lingua no ensino que os grupos da oposición levamos moito tempo reclamando.

Nada máis, grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

Esta cámara recolleu en días pasados unha interpelación ao titular de Educación, Cultura e Universidade, en voz do Bloque Nacionalista Galego, e a verdade é que puidemos escoitar e observar un discurso de crispación tal e como é o seu grupo soberanista, señor Lourenzo.

Intereseime en volver ler o borrador da súa intervención e a verdade é que é curioso como trae artillería nun ton altivo pero despois pídelle a esta cámara, á maioría dos galegos, con-



senso. Unha vez máis os feitos demostran que o Bloque Nacionalista Galego di unha cousa pero realmente segue a pensar no mesmo: o seu propio interese político.

Fala, señor Lourenzo, de consenso lingüístico, pero presenta unha moción con puntos repetitivos debatidos en reiteradas ocasións e que non contaron co respaldo maioritario da Cámara galega. Por pórllle un exemplo, a recente de maio de 2021 ou mesmo a resolución do DA deste ano.

Fala de consenso lingüístico, pero volve pedir a derogación do decreto do plurilingüismo; xa perdemos as contas de que se ten pedido e debatido o dito asunto. E o que é máis, señorías: son capaces de pedir a súa derogación antes de que estivese aprobado. E fala de consenso lingüístico. Piden un grande acordo pola lingua no ensino, pero cando este grupo parlamentario tratou de acadalo no ano 2013 o Bloque Nacionalista Galego, no seu afán de supremacía, só quería derogar o decreto, sendo imposible o consenso.

Unha constancia que axuda a descubrir que os feitos desmontan o que calan ou que o disfrazan con palabras de moderación. Aínda que despois das recentes mensaxes da súa reelixida líder sobre a pretensión do Bloque Nacionalista Galego de abrir un novo tempo de futuro, de pensar nunha Galicia en grande, de ensanchar a organización nacionalista, pois realmente pensaba, señor Lourenzo, que deixarían á marxe esa visión pesimista e que realmente intentasen conectar coa maioría dos galegos, que pensan que en Galicia non hai conflito lingüístico, que o galego e o castelán poden convivir perfectamente. *(Aplausos.)*

Esas mensaxes que pregoaron na última asemblea en realidade son unha cortina de fume, porque vostedes seguen a ser os mesmos. Non hai máis que escoitar as declaracións do seu voceiro no Congreso, que proclama que Galicia será máis cedo que tarde unha república libre e soberana.

En definitiva, seguen a estar onde sempre. Na súa burbulla independentista pretenden crear aos galegos conflitos lingüísticos. Conflitos, señor Lourenzo, como o presentado recentemente en referencia á galegofobia e no que, logo de que o Grupo Socialista se opuxese radicalmente, vostede tivese que tragar —nunca mellor dito— as súas propias palabras.

E o que é asombroso é que o Partido Socialista compre o discurso do Bloque Nacionalista Galego, ata o punto de rexistrar unha emenda á Lei de medidas na que condiciona a contratación urxente do persoal sanitario, señora Díaz, en plena pandemia, a que pasen unha proba de coñecemento do galego. Facílotlle a información: emenda número 33.

Pero imos comezar por partes e analicemos se de verdade o Bloque Nacionalista Galego está disposto á defensa da lingua en Galicia baixo o marco da Constitución española, o Estatuto de autonomía e a Lei de normalización lingüística.

Señor Lourenzo, ¿quere para Galicia un conflito lingüístico no ensino como está a vivir Cataluña, que non respecta sentenzas de convivencia das dúas linguas oficiais, logo de que o Tribunal Supremo tombase a inmersión lingüística en Cataluña? ¿Que hai de malo en aprender o galego, o castelán e unha lingua estranxeira?



Mire, na interpelación vostede falou moito da necesidade de diálogo e dun consenso lingüístico. Mire, non hai maior consenso, señor Lourenzo, que a Constitución, o Estatuto de autonomía (*Murmurios.*) e a Lei de normalización lingüística. Porque esta cámara foi testemuña de grandes consensos razoables en materia lingüística.

Mire, exemplo: Lei Paz Andrade; exemplo: iniciativa Xabarín. O Partido Popular tamén foi capaz de sumarse a iniciativas que non son propias, á marxe desta cámara, como a protagonizada o 15 de xullo de 2015 no 130 aniversario polo pasamento de Rosalía de Castro.

Durante a última década, na que asumimos a normalidade do bilingüismo con respecto e sen imposición de ningún tipo, acadouse o maior índice do coñecemento do galego da historia, cunha comprensión oral de case o 100 % e a escrita do 83 %. En Galicia temos dous idiomas, coñecemos os dous e hai cordialidade lingüística, e, dende logo, imos traballar para seguir manténdoa. (*Aplausos.*)

Mire, o informe elaborado polo Ministerio de Política Territorial e Función Pública do Goberno de España, ese que vostedes apoiaron, con moito arraigo, manifesta na súa páxina 12, por se o queren comprobar —un informe de xullo do ano 2020—: «*Se puede afirmar, pues, que no existen limitaciones a la enseñanza del gallego en Galicia, sino el seguimiento de un sistema de enseñanza bilingüe, que, por otra parte, avalan múltiples estudios científicos, así como los resultados obtenidos. Así pues, se le debe atribuir a la implantación de este modelo de enseñanza de lenguas en Galicia la mayor parte de los datos positivos que los estudios sociolingüísticos exponen sobre conocimiento y adquisición de la lengua gallega en la población en cualquiera de los tipos de competencias: comprensión oral, escrita, expresión oral y escrita*».

Pero voulles ensinar un gráfico, unha táboa, é moi clarificadora: (*A señora Vázquez Domínguez mostra un documento.*) persoas que estudan en Galicia, segundo a lingua na que reciben as clases por idade. Pero mire, vostede deu un dato, señor Lourenzo Sobral, e a señora Díaz, e ademais é que o cravou: falaban de que o 24 % non falaba galego; entón, queren corroborar e conclúen que o 76 % recoñecen falar galego, xustamente a porcentaxe. Claro, a vostede impórtalle moito falar do 24 % e non realmente do 76 %, que é no que estabamos centrando.

O Bloque Nacionalista Galego centra a súa moción só no ámbito educativo, e aquí aproveito para mostrar e agradecer o enorme esforzo e traballo dos nosos docentes. Pero observe, señor Lourenzo, outra táboa, que seica lle gustan moito. (*A señora Vázquez Domínguez mostra un documento.*) Son datos, elocuentes, relativos ás persoas que saben escribir en galego e que o declaran aprender. Mire, na escola ou na familia. (*A señora Vázquez Domínguez mostra un gráfico do documento.*) E onde temos realmente o problema é no traballo ou noutros ámbitos, nos que por suposto nos centramos e queremos seguir traballando.

Vostede centra a problemática da lingua galega no ensino. Non é certo. Vostede erra na diagnose, pero tamén no tratamento, onde temos que traballar, e invítooo realmente a colaborar e a participar na dinamización da lingua galega fóra das aulas, nas actividades extraescolares, no ámbito sociolaboral, no deportivo, no dixital e, sobre todo, entre a mocidade.



Non centren, única e exclusivamente, a dinamización do galego no ámbito educativo. É necesaria unha política lingüística integral, como desenvolve o Goberno galego. E, de feito, dí-golle máis: está a seguir esa liña a Comunidade vasca.

Vou debullarlle os diferentes plans nos que traballa o Goberno galego. O Plan de dinamización do galego no tecido económico 2016–2020; o Plan de dinamización do galego na mocidade 2019–2022; o Plan de dinamización da lingua galega no deporte; o proxecto Nós, unha incipiente iniciativa que se interesa na intelixencia artificial ao servizo da lingua galega, que é o principal obxectivo de garantir que a cidadanía poida interactuar en galego no mundo dixital ao mesmo nivel que outros falantes doutras linguas; unha iniciativa que permite xerar e ampliar unha variedade de recursos lingüísticos dixitais en galego, gratuítos e con código aberto. Mire, temos un claro exemplo, que creo que todas as súas señorías coñecen e que triunfa nas redes sociais, que ten unha grande acollida por todos os mozos e tamén polos non tan mozos, como o programa *Dígocho eu*.

Non destrúan, señores nacionalistas, o construído; iso representa covardía política. Sigamos traballando pola lingua de toda Galicia. A lingua é a riqueza que temos todos os galegos, motivo de orgullo, que entre todos debemos coidar e potenciar. Afrontemos a defensa da lingua galega cun enfoque integral, que permita avanzar no ensino, na cultura, no mundo dixital, no eido familiar, no ámbito socioeconómico, no deporte e, sobre todo, na mocidade. Velemos pola convivencia lingüística e por lograr que os cidadáns vexan útiles as dúas linguas cooficiais, que as coñezan e que as usen plenamente en liberdade.

A maioría dos galegos teñen amosado a súa conformidade co actual modelo lingüístico no ensino galego, porque Galicia non quere a inmersión lingüística monolingüe que desexa o Bloque Nacionalista Galego, para emular outros nacionalistas dentro do Estado.

As dúas linguas son vehiculares no ensino de Galicia. Na nosa Comunidade non se permite a inmersión lingüística pola Lei de normalización lingüística, por certo, unha lei que o Bloque Nacionalista Galego pediu en reiteradas ocasións nesta cámara que se cambie porque frea as súas pretensións.

Temos un modelo claro, un modelo galego, un modelo propio, e o informe PISA, ao que vostedes claramente non fixeron referencia —igual non era acaído—, constata que somos a comunidade onde o alumnado fala as súas linguas cooficiais con máis facilidade. Galicia é a comunidade autónoma na que o alumnado declara en maior medida ser competente cando menos en dúas linguas, cun 96 %, por riba doutras comunidades autónomas con lingua propia. Miren, o realmente importante é que o alumnado galego coñeza, fale e use as dúas linguas cooficiais.

Remato, presidente.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, non queren avanzar coa sociedade, e a sociedade galega, ademais de avanzar, contestoulles; é que non comparten a súa visión de Galicia escura; por iso, 42 fronte a 19. Señor Lourenzo, probablemente, o conflito que teñen coa lingua sexa un conflito interno dentro do seo do seu partido, pero os galegos somos libres para falar galego e castelán cando, como e onde queiramos.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo autor da moción, señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Grazas, presidente.

Cuestión previa, señora Vázquez Domínguez. Agradézolle a vostede, a todas as compañeiras e compañeiros, o seguimento arduo e exhausto que vostedes fan da asemblea nacional do BNG. Dígoo porque é algo moi positivo, porque todos estes procesos adoitan traer cousas enriquecedoras. Por exemplo, o voso congreso, o seu congreso en Vigo está disparando o PIB en Taramundi, en Albacete. Polo tanto, (*Aplausos.*) todos os procesos axudan a enriquecer e está ben que os sigamos.

Pero ben, brincadeiras á parte, como estamos a falar de cuestións serias, facía referencia a esta necesidade de convivir perfectamente as dúas linguas. Nós non podemos estar máis de acordo. O que si nos chama a atención é que vostedes entendan como convivencia perfecta, por exemplo, que na campaña electoral se reunisen cos impulsores da proposta de bases para acadar un acordo coa normalización lingüística no ensino e pasadas as eleccións o votaron cada quince días, comisión tras comisión de (*Aplausos.*) Educación. E igual iso, señora Vázquez Domínguez, é o que vostede entende por non crisar e por non ser altivos. Se cadra, señoras e señores do Partido Popular, iso é o que vostedes entenden por liberdade.

Como vostedes, e facendo referencia a datos que vostede mesma traía, pois se cadra entenden tamén por liberdade e por igualdade que un de cada catro nenos deste país non saiba falar galego. É que eu non lle pido que me crea a min, pero se non len os datos do IGE... (*Murmurios.*) —que se poñen moi nerviosos—, pero se non len os datos do IGE, é que é algo que teñen que resolver vostedes e que eu non llelo podo resolver. (*Aplausos.*) E están aí os esquemas, e, se non os coñecen, fagan vostedes os deberes e lean o que teñen que ler antes de vir a este parlamento.

Entón, polo tanto, claro, e que é curioso que se presentaban os datos á inversa. Presentábase que o 76 % dos nenos menores de 15 anos si saben falar galego. Claro, é que resulta que este país chámase Galiza, ten unha lingua propia e non estamos en Kuala Lumpur, porque ese dato que vostede trae, se fai referencia a Kuala Lumpur, pois diríamos: ben, pois fantástico. Pero resulta que en Galiza que o 76 % dos nenos saiba falar galego a vostede lle resulte algo do que estar orgulloso pois dende logo é algo digno de ver; alá cadaquén coas súas expectativas. (*Aplausos.*)

En todo caso, vostede verá se esa perspectiva que vostedes e a ultradereita de Vox celebran coincide ou non coincide co que está dicindo a Real Academia Galega, se coincide ou non coincide co que está dicindo o Consello da Cultura Galega. Si, é que nós temos estas referencias, vostedes teñen o señor Abascal e a ultradereita, vostedes saberán por que o fan.



(Aplausos.) En todo caso, vostedes saberán por que prefiren estar situados nese escenario e non no que está dicindo a Unesco e o Consello de Europa.

Pero claro, falaba vostede de respectar a Constitución e o Estatuto de autonomía. Señora Vázquez Domínguez, vostede coñece que a Carta europea das linguas rexionais e minorizadas, documento asinado no ano 2003 por un goberno de Xosé María Aznar, ten o valor de lei de rango fundamental. Polo tanto, é unha lei na que o nivel de incumprimento debería ser homologábel ao Estatuto e á Constitución. Pois mire, xa que respectan tanto a lei de rangos fundamentais, aplíquense o conto e deixen de facer o ridículo cos informes que está sacando o Consello de Europa por incumprimentos sistemáticos en materia lingüística. (Aplausos.) E claro, que non lles saian as cores na cara con estes informes do Consello de Europa, e que veñan aquí presumir de que a lingua de Europa que tivo unha maior caída de falantes habituais nas últimas cinco décadas, case sesenta puntos, unha situación da que vostedes presumen, é unha situación que vostedes chaman cordialidade, liberdade e igualdade, de verdade que é algo digno de ver e algo para facelo mirar, porque, señores do Partido Popular, está en colisión absoluta co que está dicindo toda a sociedade lingüística internacional e todos os axentes que dedicaron máis de cinco minutos da súa vida a estudar as cuestións da lingua; é máis: calquera persoa que dedicara máis de dez minutos a abordar este tema no instituto sabería que ese dato está enriba da mesa.

Trae a cuestión do conflito —para rematar, señores do Partido Popular—. Hai unha máxima que están traendo todos estes axentes, toda a comunidade sociolingüística internacional, que parte de que é unha absoluta falacia que alguén poida facer bandeira da liberdade se para exercer esa liberdade non hai igualdade. Hoxe por hoxe, cos datos lingüísticos, que está reflectindo o IGE, que está poñendo enriba da mesa e tirándolle das orellas, señores do Partido Popular, a Real Academia Galega, se algo queda demostrado, é que esa igualdade non existe, e o que vostedes terán que poñer enriba da mesa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...de cara ao futuro deste país, de cara a xeracións futuras de galegofalantes, é por que preferiron agradar a aquelas persoas que en Madrid lles din que política lingüística deben aceptar antes que apostar polo futuro, pola normalización e porque esta lingua teña, como dicía Cunqueiro, mil primaveras máis.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

Suspendemos a sesión ata as 16.15.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e catro minutos da tarde e retómase ás catro e dezaseis minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión.



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre a situación económica do sector lácteo

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes.

No ano 2000 —primeiro da era Feixóo—, Galicia contaba con 13.349 explotacións lácteas; dez anos despois, en 2019, xa baixáramos a 7.688 e dous anos despois, neste 2021 que andamos, estamos nas 6.443; é dicir, en doce anos perdemos 6.906 explotacións lácteas, unha media de 575 explotacións por ano. E de nada serviu a chamada «lexislatura do rural», que comezou no 2016. É preciso dicir —por se acaso— que estas cifras non as fabricamos os alarmistas, os catastrofistas do BNG; a catástrofe neste caso ten un nome: o Partido Popular.

Si, somos conscientes de que o número de vacas é practicamente o mesmo e de que a produción aínda se incrementou. Estas serían as cifras de fachenda do Partido Popular e son as que nos alarman a nós, porque menos explotacións e máis intensividade non son equivalentes a máis calidade e máis dinamismo económico senón que, pola contra, supoñen unha perda de xestión do territorio, de calidade do produto, de implantación, de sostibilidade e de humanización da actividade gandeira láctea.

Este declive é acusado e mais alarmante; éo sobre todo cando o futuro non está nada claro e sobre estas explotacións penden varias ameazas serias: unha, a falta de relevo xeracional —manifesto—; dúas, boa parte da alimentación do gando é a base de concentrados feitos con cereais, soia, semente de algodón..., que veñen do quinto inferno e que orixinan unha dependencia e volatilidade de prezos perigosas, todo debido a unha mala planificación e abandono do rural á súa sorte; tres, a constante negativa da industria láctea transformadora e da distribuidora a que os prezos de compra aos produtos e mais os finais que paga o consumidor respondan realmente ao valor deste produto e non a estratexias comerciais que só prexudican un elo do paquete lácteo: o produtor, o labrego, o empresario lácteo, ese que leva todas as que se perden. ¿Cambia en algo a súa situación se lle cambiamos o nome e lle damos outro?

Hoxe, o principal problema do rural, que incide directamente na súa posibilidade de ter futuro, tratemos o sector que tratemos, está no cálculo duns custos de produción de referencia e a súa aplicación desde os mercados. ¿E quen son os mercados? Pois todos aqueles axentes que colocan ese produto primario na cesta da compra do consumidor. Son eses axentes, a industria transformadora e a distribución, as multinacionais da alimentación, os que marcan os prezos e ordenan a oferta, a demanda e os prezos e mais as ganancias de cada un. ¿E quen regula os mercados? Pois, segundo a sagrada biblia neoliberal, seica se regulan eles sós, e eles sós velan para que en liberdade —¡faltaría máis!— cadaquén reciba o seu xusto pago pola súa actividade e o produto que xera. O malo é que quen soporta o maior peso, a parte dura do proceso, é sempre a parte de abaixo; e se este proceso aperta moito, esa parte de



abaixo, hoxe ascendidos pola comenencia dos outros á categoría de empresarios, a eses, os gandeiros, cando o mercado estende os seus brazos con especial cariño, acaba por abafalos e por converter en asalariados aqueles que eran empresarios e surtían a distribución de alimentos de excelente calidade. E así, a distribución consegue a súa propia marca, marca branca, á conta de extorsionar o primeiro elo da cadea. ¿E quen surte de mercancía negociable a distribución? Pois a transformación, e esta é a encargada de apertar as ataduras aos produtores e produtoras negándose a contemplar a subida dos custos nos contratos que lles «ofrecen».

Xa sei, estou moi pouco poético hoxe con isto que estou dicindo, ao falar así tan friamente de algo tan bucólico como os felices empresarios do campo, do leite, do queixo, da carne, das cebolas, patacas, ovos, polo campeiro, os capóns de engorde tradicional..., agora que vén a feira dos capóns de Vilalba para o Nadal. Élles o materialismo marxista negacionista do espírito do Nadal.

E aí tes o contrato, leva unha cláusula de confidencialidade que se protestas... «¿E isto de que me cobre os custos de produción será unha coña, non é verdade?» «¡Ai, non ho! Ti xa sabes, é unha cousa que puñeron aí os políticos para figurar, pero eu non che podo pagar máis, jeh! Xa sabes: se non che alcanza o prezo, cambia de fábrica, es libre.» Iso, dállo a outro; dállo, si, regálallo. Isto é mafia. Perdón, é o mercado, a libre concorrência, o Paraíso terreal.

Primeiros precontratos: Lactalis é sempre dos primeiros marcando o paquete lácteo; recolle arredor do 20 % do leite de Galicia, data do 1 de decembro do 2021 ata febreiro do 2023. Primeira cláusula, encabezando o contrato: o subministrador reconece que o prezo pactado cobre o custo efectivo da produción da súa explotación —*en riguroso castellano, por supuesto*—. De cada 1.000 litros, o 75 % vai a 30 céntimos, e o 25 % vai segundo o prezo medio do leite en po publicado semanalmente, sempre que se manteña entre 27,5 céntimos e 32,5 céntimos. ¡Oh, sorpresa! ¡Aquí si pode rexerse por un prezo obxectivo de referencia, publicado semanalmente pola Comisión Europea no seu informe —e non rían, por favor— *EU prices of dairy products!*, que vén sendo «prezos de produtos lácteos no mercado interno europeo». Falar non o falo pero ¿para que vou mentir? Na familia, na casa, practicámolo.

Pero, volvendo ao asunto do que falabamos, daquela para establecer topes que blinden a industria de posibles perdas si hai prezos de referencia vinculantes e obrigatorios. ¡Hai que...! Todo isto que estamos a debater, que non se poden fixar prezos de referencia, que non é legal, de conculcar a libre competencia, todo é mentira, señorías; unha burda e porca mentira, unha imposición das multinacionais da industria e da distribución que vostedes acatan cun «si, bwana» de aceptación servil.

Caeu o Bipartito no 2009, cos seus contratos homologados, coas agrupacións de xestión de explotacións, co Observatorio Lácteo e coa Mesa do Leite, e chegaron os oligopolios aos seus despachos e mandaron parar, e os prezos comezaron a caer en 2009. Curioso, coincidencia. E nestas, para disimular, fixeron unha Lei da cadea alimentaria, vostedes os do PP, con M. Rajoy; unha burla. Entra en vigor o 3 de xaneiro do 2013, sofre oito modificacións: en maio do 2014, e en xullo do 2014 —algo que non debía de ir ben e déronlle un toque—, outra mo-



dificación en maio do 2015 e outra vez en xullo do 2015, e en xullo do 2017, en decembro do 2018, en febreiro do 2020 e en decembro tamén do 2020. ¿Algunha máis? Pois si, temos que lle sumar a derradeira, esta que antonte pasou sen pena nin gloria polas dúas cámaras do Estado e non houbo valor político; os dous principais partidos agacharon as orellas e non quixeron ver, non quixeron contemplar os produtores e produtoras do rural, os labregos e labregas, na súa problemática e no seu desespero.

Logo todo dios fará poesía sen compromiso sobre a soidade da Galicia vaciada e profunda, e ata fará quebranto se algúns mostramos a realidade crúa. Dirán, como teñen por costume, que o rural galego é moderno, dinámico e que nós somos uns bárbaros. Pero os cegos que se negan a ver son vostedes; porque a realidade crúa mastígase en cada palabra no traballo, á saída da misa, na taberna, nos magostos ou nos descansos; porque o fondo do problema que traemos a debate pódese sintetizar en poucas palabras: os labregos e gandeiras están na máis absoluta indefensión diante deses oligopolios que son a industria de transformación e mais a comercialización ou distribución. Porque vostedes non teñen valía política para dotar esta lei tan cacarexada da ferramenta necesaria para que non se cometa esta inxustiza que denunciámos. Non foron quen de lles dar aos artigos 9 e 12.3 unha emenda que proporcionase o que os produtores están demandando hai tempo. Son, pois, uns e outros, cómplices deste desaguisado e responsables da situación pola que atravesamos o sector, porque permitiron e permiten que o leite sexa un produto reclamo nos híper, súper, áreas comerciais e mercados en xeral e que se venda a perdas.

Señorías, se permitimos que este abuso continúe, se non exercemos como representantes do pobo que traballa e reclama en xustiza prezos razoables para os seus produtos, non mereceremos esta consideración e respecto que aínda se nos ten.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

O BNG presenta unha moción pola situación que están a vivir as explotacións lácteas do noso país, unha situación — como dicía antes — derivada dos problemas estruturais xerados durante trinta e tres dos corenta anos de goberno da dereita dende a aprobación do Estatuto de autonomía; unha dereita que, unha vez máis, trata de trasladar as súas responsabilidades cara a Madrid, cunha Lei da cadea que tivo que ser modificada polo actual Goberno ante a inoperancia da que aprobou o Partido Popular hai uns anos; un Partido Popular que parece que agora non ten nada que ver con esta situación, pero no pleno pasado trouxo unha iniciativa que era unha emenda á totalidade da política do seu partido durante décadas.



Dende o PSdeG imos respaldar a moción presentada hoxe polo BNG pedíndolle ao Goberno galego que deixe de buscar excusas e tome medidas dentro das competencias que ten o Goberno galego para atender os problemas dos nosos gandeiros. Pedímoslles que asuman que son Goberno e que axuden ao desenrolo das actividades primarias do noso rural. Vostedes, e toda a sociedade, saben que o Goberno de Mariano Rajoy aprobou unha Lei da cadea alimentaria que non serviu absolutamente para nada, unha lei que foi modificada positivamente polo actual Goberno do Estado no Real decreto 5/2020, que establece que os prezos pactados nos contratos deben cubrir polo menos os custos de produción; e agora fixo unha reforma lexislativa da lei que as organizacións agrarias cualificaron como positiva, e a partir de agora toca ser exixentes e que se utilicen os mecanismos para o cumprimento da dita lei, e todos sabemos que son competencia tanto da AICA como das autoridades competentes das comunidades autónomas, que teñen tamén a obriga de desenrolar os ditos mecanismos.

Dende o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación deben de ser duros e responsables —así llelo pedimos— en facer que se cumpra a lei. Nesa liña, reforzaron o funcionamento da AICA nos orzamentos de 2021 e 2022; e mentres, o Goberno galego queda unha vez máis sen facer nada para reclamar, coma sempre, solucións de Sánchez.

A realidade é que en Galicia os prezos que reciben os nosos gandeiros polo leite están ata 3 céntimos por debaixo de comunidades autónomas como Asturias, polo que deberíamos de mirar un pouquiño para a nosa casa para reverter unha situación que fai que os galegos que se dedican á gandería sexan os que menos cobran de España e Europa polo leite do seu gando.

Como dicía no pleno pasado, o Partido Popular tivo a posibilidade de deixar claro que queren tomar medidas ante este problema cando foi o propio Partido Popular o que presentaba unha iniciativa que pedía á Xunta de Galicia que adoptara as medidas que foran oportunas para favorecer os investimentos de industrias lácteas en produtos de maior valor engadido. O noso grupo, compartindo co Partido Popular neste caso que este é un dos graves problemas que ten o noso sector, presentaba ese día unha emenda de adición para pedir que se condicionasen todas as medidas de apoio ás industrias a que estas garantan uns contratos xustos para os produtores. Pero, a pesar de que o Partido Popular pide que outras administracións fagan cumprir a Lei da cadea, resulta que cando teñen a posibilidade de tomar a iniciativa non aceptan a nosa emenda, xusto nun momento no que todos sabemos o que estaba a facer parte da industria láctea na negociación de contratos que lles ofrecía aos nosos produtores.

Señores do Partido Popular, por un lado piden que se faga cumprir a Lei da cadea, pero, iso si, que o fagan outros. ¿Para que vincular as axudas que a nosa Administración oferta a que as industrias cumpran a Lei da cadea e paguen aos produtores por encima dos custos de produción? ¿Que cousas tan raras teñen estes socialistas! ¿Son cribles, señorías do Partido Popular? ¿Ou simplemente buscan como culpabilizar a outros da súa incapacidade para apoiar as reivindicacións xustas dos nosos produtores e mentres seguir coa súa complicidade con parte da industria láctea, que maltrata hoxe os nosos gandeiros?

No Partido Popular tratan de confundir a opinión pública cando din, fachendosos, que existe un incremento da rendibilidade dos nosos gandeiros e gandeiras do 7 %; unhas afirmacións



que quero deixar claro aquí que non son certas, xa que os ditos datos non son derivados de que as explotacións lácteas teñan un maior rendemento na súa produción; son única e exclusivamente porque producen máis cantidade de leite, e, a maior produción, maior facturación, pero non por iso maior beneficio por litro de leite producido.

Como dicía noutras ocasións, o que fai falla é unha política activa de estruturas de ordenación do territorio que apoie o aumento da base territorial das explotacións con respecto ao abandono de terras e á limitación de plantación de eucaliptos en terras agrarias. Despois de décadas do Goberno do Partido Popular, máis de dous terzos do noso territorio está en estado de abandono; temos menos do 25 % do noso territorio de superficie agraria útil mentres que España ten o dobre, e cada ano en Galicia pechan unhas seiscentas explotacións. Temos comarcas enteiras desmanteladas e, mentres tanto, invístense millóns de euros en construcións innecesarias e non existe un compromiso real nin un obxectivo definido para impulsar medidas políticas que fagan que Galicia ocupe o lugar que lle corresponde neste sector. Recibimos inxentes cantidades de cartos da Unión Europea —vostedes xestionaron preto de mil seiscentos millóns de euros de fondos europeos do PDR nos últimos doce anos, sendo das cinco rexións de España que máis fondos recibiu—, pero o desmantelamento dos instrumentos de apoio aos sectores agrarios produtivos foi absoluto, dende centros de recoñecido prestixio internacional como o CIAM de Mabegondo ou o CIF de Lourizán, pasando polos centros de formación agraria ou a extensa rede que tiñamos de oficinas de extensión agraria.

Galicia ten un peso na industria láctea que non é parello ao seu peso no sector produtor, sábemolo todos. Dos dez principais grupos lácteos en España, só hai catro que teñan presenza en Galicia: Lactalis, Capsa, TGT e Lactogal. Outros grandes grupos de España carecen de factorías en Galicia. Para atopar a primeira industria de capital galego hai que ir ao posto dezaseis do ránking, onde se atopa Leite Río. E non quero esquecerme do mal comportamento que teñen dúas destas grandes empresas internacionais cos nosos gandeiros e que son denunciadas día tras día polas organizacións agrarias.

Ese escenario de debilidade da industria láctea reflíctese en datos, no feito de que máis do 48 % do leite producido en Galicia marcha para fóra sen transformar. O leite procesado en Galicia, a maiores, dedícase nun 60 % ao seu envasado como leite líquido, o que en xeral achega menos valor engadido que a súa transformación noutros produtos lácteos. En Galicia as dúas factorías que ten Lactalis dedícanse única e exclusivamente ao envasado de leite, cando o mesmo grupo en España dedica un 50 % do leite envasado a bebidas e o outro 50 % a produtos lácteos de maior valor engadido, como son os queixos, os iogures ou a manteiga. En cifras globais, no conxunto de España só o 32 % se envasa —aquí recordo que se envasa practicamente todo—; en tanto que a outra porcentaxe idéntica do 32 % vai para queixos. A porcentaxe galega destinada a queixos é só do 15 % do leite que producimos. Se analizamos, ademais, o leite destinado na nosa comunidade ás denominacións de orixe de queixo, co que iso significa, aquí só temos o 1,8 %, cunha evolución, ademais, que vai en sentido negativo.

Como agora queren facer coa carne, o Goberno galego no seu día presentou ese famoso Plan estratéxico 2020-2025 con 125 medidas; nel dicían que queren pasar de transformar ese 51 % de leite a un 75 % nos próximos anos, e din que para logralo van apoiar os proxectos industriais que se queiran desenvolver en Galicia. Tamén din que queren apostar polo apoio



á investigación, á formación e ao asesoramento ao agro, pero a realidade é a que dicía antes: levan doce anos abandonando a formación e a investigación pública, como os propios investigadores denuncian. Comprométense a fortalecer o servizo que dan ás 68 oficinas agrarias comarcais, que din, ademais, que agora van completar cunha oficina móbil, pero a realidade é que ata o día de hoxe as estiveron desmantelando. Os papeis soportan todo, pero o Plan estratéxico para o sector lácteo que presentou o Goberno galego só vai ter credibilidade se as medidas que contempla se acompañan de determinación no seu desenrolo e conteñen as ferramentas orzamentarias necesarias para levalas a cabo.

Estes días, unha organización agraria advertía que os gandeiros galegos levan perdido entre o 2020 e o 2021 un 11,45 % dos seus ingresos polas subas nos custos de produción, que alcanzaron case un 17 % nos últimos meses, mentres industrias como Capsa e Lactalis atesouran un incremento de facturación dun 18 % e dun 24 % respectivamente neste mesmo período grazas á revalorización do leite líquido nos liñais, á distribución e á suba imparable dos derivados industriais, como son a graxa. Con estes datos resulta imprescindible que as administracións fagan cumprir a lei cunhas empresas que teñen unha posición de privilexio para acondicionar as cotizacións do leite en orixe, xa que representan un 18 % nun caso, con 1.200 gandeiros, e no outro un 15 %, cun total de 1.000 gandeiros, que son —pois iso— o 18 % e o 15 % de 6.500 gandeiros de toda Galicia. As ditas empresas no período de febreiro a outubro de 2021 melloraron os ingresos só en Galicia uns 22 millóns de euros, o que lles permitiría subir máis de 4 céntimos/litro aos produtores.

Señores do Partido Popular, pídanlle ao seu Goberno que, á parte de pedir que outros fagan o seu traballo para que os gandeiros cobren por encima dos custos de produción, poña medidas para mellorar realmente a base territorial das explotacións, faga o seu traballo para que os gandeiros cobren por encima dos custos de produción, impulse as concentracións parcelarias, a formación e a investigación pública, potencie o cooperativismo, faga que as industrias transformen a súa materia prima en produtos de maior custo... É dicir, fagan política nas súas competencias. Se a fan, seguro que os nosos gandeiros deixarán de ser os que menos cobran de Europa polo seu leite.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco García.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Candia López.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Non oculto que a posibilidade de poder analizar a difícil situación que están a vivir moitas das explotacións leiteiras —non só de Galicia senón de España— me parece profundamente interesante. E teño que dicir que agradezo, ademais, ao Bloque Nacionalista Galego que me



dea novamente a oportunidade de convencelo dos cinco importantes puntos que defendemos —que saíron adiante, por suposto, como recordarán— na pasada sesión plenaria. Non oculto que debe ser o marcado carácter localista que non hai nada que me motive máis que falar dos problemas reais da xente.

E, por suposto, non rimos cando vostede pronunciou en inglés, ben sabe que nós... Son vostedes máis ben aos que lles parece que é malo estudalo; parécenos ben que o estude na casa e que o estude tamén na escola.

Dito isto —e permitíndome esa brincadeira—, eu non deixo de preguntarme como o seu grupo non apoiou ningún dos cinco puntos que debatíamos na pasada sesión plenaria. E tamén non deixa de sorprendeme —probablemente co traballo intenso desta fin de semana ao señor Seco non lle daría tempo a ler ben a iniciativa— porque focalizou todo o seu debate no ataque e mirando incluso o Grupo do Partido Popular, cando a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego pon deberes tamén ao Goberno do Estado. Pero, ao final, é o que dicía o conselleiro esta mañá, basta que en calquera iniciativa poña enriba o logo do Partido Popular, cada un xa pon os guantes de boxeo e sae aquí, con razón ou sen ela, máis ou menos a dicir sempre os mesmos argumentos. E eu, sendo realmente coherente, pero tamén facendo xustiza do que nos piden os gandeiros e gandeiras... É indiscutible —parece que ese dato lles molesta, pero é unha realidade e a realidade está aí para comprobar—, hai menos explotacións, pero é certo que son dunha dimensión maior, que facturan máis e que cobran máis polo leite. Iso son matemáticas. E non é mérito do Partido Popular, xa llo dixen na pasada sesión plenaria, é mérito duns gandeiros que se esforzan, que invisten, que se profesionalizan, que melloran en xenética, como dicían esta mañá...; en definitiva, que queren facer o seu traballo máis e mellor. E permítanme tamén sen ningunha fachenda, con total humildade, que lle diga que non lles vai dar vostede leccións, porque segue pensando que os galegos aínda se informan á saída da misa. Aínda pensa vostede que estamos nesa Galicia. (*Aplausos.*) Entón, con todo o cariño, eu invítoos a que visite concellos da miña provincia, que os coñezo ben, e a que vexa a realidade.

Novamente vou aproveitar a oportunidade de preguntar por que non apoiou instar o Ministerio a que habilite mecanismos para reforzar a posición negociadora das nosas granxas. No diagnóstico coincidimos, tamén coincidimos moito na solución, só basta escoitalo. ¿Por que non o apoia?, ¿porque o iniciou o Partido Popular? Pois, non pasa nada, ao mellor ao final desta intervención podemos chegar a un acordo.

Non entendo por que tampouco apoiaron que se facilite a constitución de organizacións de produtores lácteos axeitados que sobredimensione e que tamén reforce a posibilidade de negociación. Que se cumpra a Lei de cadea alimentaria aprobada no 2013, asinada por M. Rajoy —mal que lle pese, aínda que fora mellorada posteriormente en repetidas ocasións; démoslle o mérito que ten, sen fachenda, pero con realismo—, que se cumpra esa lei, non é unha petición do Partido Popular, isto escóitase en todas as concentracións ou manifestacións de gandeiros, que non están en Galicia só, señor Rivas, señor Seco. Precisamente a comunicación que acaban de asinar en León hai escasos días era de gandeiros de toda Galicia ameazando con deixar de facer as entregas. É unha realidade nacional. Interpretalo así e recoñecelo non é botar balóns fóra. Cada un, desde as súas responsabilidades, ten que cons-



truír e ser parte da solución; pero se nos centramos en que este é un problema galego, pois creo que nos estamos equivocando.

Tampouco entendo por que non apoiaron que se impulsen campañas de sensibilización para concienciar o consumidor final sobre o papel esencial do sector primario no aprovisionamento de alimentos de calidade. Mire, esta mañá escoitaba o ministro, do Partido Socialista, nunha entrevista nunha radio, e daba un dato que me deixou profundamente preocupada: no ano en que España entra na Unión Europea unha familia adicaba o 30 % do seu orzamento á alimentación e dicía que neste ano esa porcentaxe se reduciu á metade. As prioridades dos españois —falaba en clave nacional— mudaron, e trasladáboo como unha profunda preocupación, porque máis que nunca é imprescindible; e son porcentaxes que deu o ministro, non as deu o Partido Popular.

¿Por que non se apoia e se reforza o posicionamento da marca «Galega 100 %» ou «Leite de pastoreo»? ¿Por que, en vez de falar de situacións, catastrofismos ou de poesías —que, créame que neste momento é o que menos queren escoitar os gandeiros, aínda que seguramente lles gustará a poesía, como a todos os galegos, pero estamos nun momento de dar solucións—, non concretan e por que non apoian cando o posicionamento dunha marca como «Galega 100 %» ou «Leite de pastoreo» é dar valor e poder subir o prezo do leite? ¿Por que non se dá un voto favorable a incrementar a base territorial das nosas explotacións? Era un punto da nosa iniciativa. ¿Por que non o apoiaron cando vostede no seu diagnóstico, á parte do relevo xeracional, no punto seguinte fala da dimensión das explotacións? ¿Por que non o apoian? ¿Por que non apoia a constitución do Observatorio Lácteo Galego? Que, evidentemente, sabe que o tiñamos que propoñer porque está dentro da nosa estratexia, pero é que é un instrumento clave, precisamente, para que vostedes poñan na súa iniciativa, no punto 2: «para acadar unha mellor estrutura sectorial, para analizar e avanzar nas cuestións que afectan o eido produtivo, para mellorar a interlocución e a transparencia entre os diferentes eslabóns da cadea...» ¿Por que non apoiaron todo iso? ¿Por que pon, no punto 3 da súa iniciativa, «demandar ao Goberno do Estado, no desenvolvemento da Lei da cadea alimentaria, que dote os sectores produtivos dunha ferramenta pública obxectiva que fixe os custos de produción?» ¿Iso non é a definición da Conta Láctea? ¿Por que non o apoia?, ¿porque o puxo en marcha o Partido Popular?

Bueno, eu díxenlle —e rematei así a intervención na sesión plenaria pasada— que este é un debate moi serio, falemos no idioma que sexa, pero, dende logo, pensando no que importa. E, como lle recordaba hai un minutíño ao señor Seco, «*a ganadería de leche...*» —dígoallo en castelán porque así o asumiron— «*...no aguanta más y decide hacer una huelga de entregas. Y se reúnen en Valencia de Don Juan, León, el pasado 3 de diciembre*». Estamos nunha realidade nacional, e o propio ministro, cando lle preguntaba o interlocutor, —o xornalista, se tiña pensado dar axudas directas, contestaba que estabamos nun escenario absolutamente europeo. El facíase a pregunta, e a súa contestación era que non descartaba nada, pero que ía ir a Bruxelas e a ver como o podía enfocar porque indubidablemente un céntimo eran millóns, millóns e millóns de euros e que había que dar co sistema axeitado.

É unha realidade nacional. O Goberno galego fixo a súa folla de ruta, aprobou a estratexia do sector lácteo e está consensuada co sector. Seguramente pode ter achegas, e hoxe nova-



mente —porque, insisto, a situación é preocupante— o que queren os nosos agricultores e gandeiros é que de aquí saian propostas positivas. É dicir, que vostede sexa máis simpático ou menos simpático, non importa, o que lles importan son as solucións, que utilice argumentos máis convincentes ou menos. E eu dígolle, se a vostede lle vale, neste punto 3, e incluimos como mecanismo de ferramenta pública obxectiva para fixar os custos de produción e, por conseguinte, para reforzar o posicionamento negociador, a Conta Láctea, este grupo non ten inconveniente en apoiarlle ese punto, e incluso o 2, pero, se non, eu convidoo a intentar chegar a un acordo. É verdade que non o merece, porque certamente é inexplicable que nos cinco puntos que eu lle expliquei novamente nesta sesión plenaria, que recollen a realidade con propostas de solución e con datos concretos, vostede se abstivese; porque tampouco estaba en contra, pero é o feito de dicir «pois non dou apoio porque o presenta o Partido Popular». Pero nós somos distintos, é indubidable; por iso, precisamente, os gandeiros, fundamentalmente os galegos, do rural, seguen optando polo Partido Popular cando teñen que elixir quen vai gobernar a Xunta de Galicia. Por iso somos distintos e non imos facer o mesmo que vostede porque o presente vostede. Se hai algo no que poidamos chegar a acordo téndolle a man. E dígolle máis, créame que realmente é o que están esperando de nós os galegos e as galegas.

O Partido Socialista, como ben apuntei, non leu a iniciativa porque só criticou e dixo o que lle piden ao Partido Popular pero non citou absolutamente nada do que deciden no Goberno de España. E si que vou dar un dato —e remato xa— que me parece moi importante. Moitas veces este grupo —e eu tamén o fago, porque estou convencida de que debo de facelo, porque é unha responsabilidade—, o Bloque Nacionalista Galego —quero, ademais, recordarllelo aos galegos e galegas—, por moito que critica ás veces ou tal, indubidablemente é un cooperador necesario e cómplice e baila absolutamente á música que marca o Partido Socialista, especialmente en Galicia, pero tamén en España.

Eu releo e releo ese pacto polo que fixeron a Pedro Sánchez presidente e non encontro nin unha soa liña que recolla unha proposta de solución ou defensa dos nosos agricultores e gandeiros.

Así que chamándolles ás cousas polo seu nome e sendo o máis fieis á verdade que nos obriga a enorme confianza que teñen depositada en nós os galegos, prégolle que mire iso con afecto, o mesmo que intento profesarlle eu cando teño ocasión, e que saquemos de aquí unha mensaxe en positivo, porque non estamos propoñendo nada novo que non levara este grupo na pasada sesión plenaria.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o autor da moción, o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.



Vaia por diante que este que subscribe, que non vai habitualmente á misa, onte, por exemplo, asistiu á saída da misa da miña parroquia —parroquia que aínda conserva 14 explotacións lácteas, algunhas delas moi puxantes— a unha reunión para asuntos da parroquia. (*Aplausos.*) Polo tanto, a saída da misa segue sendo, aínda para os que non imos á misa, un punto de reunión.

Segundo, vamos ver, nós... (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*) Non sei que quere opinar aí o señor Tellado. Vén simpático hoxe. (*Murmurios.*)

Mire, ¿sabe por que...? Vostede sabe perfectamente, porque ademais é unha persoa intelixente, por que non apoiamos a súa. Porque contiña inexactitudes e mentiras.

Primeiro, o Observatorio Lácteo non o van montar, en todo caso, vano «recompoñer» porque xa estaba montado e xa funcionou. (*Aplausos.*) Esa é unha inexactitude ou unha mentira.

Segundo, a Conta Láctea. Había as AXE. ¿Sabe o que eran as Agrupacións de Xestión Empresarial? ¿Sabe o que eran? Rebusque e mire para que servían e como funcionaban. Había —evidentemente que había— unha Mesa do leite que funcionaba, había contratos homologados. E iso todo antes de 2009, porque en 2009 entraron vostedes e fixeron táboa rasa de todo e empezan de novo. Agora caeron na conta. Claro, nós temos que absternos porque non confiamos, de verdade; desconfiamos de vostedes coma do lume. De verdade, é que non nos queda outra, é que non nos queda outra. (*Murmurios.*)

Ben. Tamén se escoitaba en 2015 os gandeiros fóra con estas mesmas reivindicacións, e vostedes non só os ignoraron, senón que os rebentaron. E iso demostréillelo o outro día e non foron capaces de desmontarme a teoría, que non é teoría, senón que é realidade, que lles expuxen.

Pero, bueno, todo sexa polo ben do sector. Nós estamos dispostos a dialogar, claro que si, estamos dispostos. E falamos deses dous puntos. ¿E do primeiro, non? ¿Por que? ¿Vostedes non teñen, logo, reaños como para montar unha reunión entre distribución, entre industria e produtores para que se vexan as caras? ¿Non teñen potestade, ou é que non lles deixa a distribución e a transformación? ¿Ou é que o gran capital non lles deixa funcionar? (*Aplausos.*) Claro, móntena, móntena, non teñen problema ningún. Séntanos, invítanos a uns «cafeses» e a uns «partaghases» e dialogan, simplemente dialogan —si, era como se dicía no meu tempo; eu vou vello, ¡que lle vou facer!—.

Mire, o debate é moi serio. O noso deputado está de acordo, a Lei da cadea alimentaria pode ser modificada e debe ser modificada. Xa lle digo, o noso único deputado que preme e que votou en contra de todo iso está disposto. Movan fichan, movan ficha vostedes e vostedes. (*O señor Rivas Cruz sinala coa man os escanos do G. P. Popular e os do G. P. dos Socialistas de Galicia.*) ¡Movan ficha, movan ficha! ¡O sector estao esperando! É dicir, non só o sector lácteo, todo o sector, todos os sectores que producen neste noso bendito rural. Movan ficha e nós estaremos de acordo.

Mire, para rematar, porque quero... —son vehemente, xa o saben, non estou enfadado nin moito menos, que, ademais, me vai mal para a tensión—. (*Murmurios.*) O día 3 de agosto do



2013 a Lei da cadea alimentaria do Partido Popular de M. Rajoy —que agora xa sabemos quen é—, (Risos.) no artigo 12, terceiro, (Aplausos.) que trata da *destrucción del valor en la cadena*, di: «*Con el fin de evitar la destrucción del valor en la cadena alimentaria, cada operador de la misma deberá pagar al operador inmediatamente anterior un precio igual o superior al coste efectivo de producción de tal producto en que efectivamente haya incurrido o asumido dicho operador*». Iso está claro. Vostedes xa o acuñaron daquela, e desde aquela non foron capaces de darlle forma a isto. ¿Que pasa? ¿Quen aperta? ¿Con que cantidade, con que intensidade aperta? ¿Por que non se moven? Móvanse. Xa lles digo, o noso lexítimo deputado en Madrid está disposto... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Está!... ¡Home, claro!, por mal que lles pese. É dicir, vale máis un só ou medio deputado noso que todos os que vostedes teñen aquí e en Bruxelas. (Aplausos.) (Murmurios.) (O señor Ruíz Rivas abandona a tribuna de oradores.)

O señor PRESIDENTE: Rematou o debate desta moción. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Queren transaccionar? Si, iso é importante si. Iso por riba de todo. (Murmurios.) (Pausa.)

Xa hai acordo sobre iso. Ben, entón, comezamos a votación e despois xa nos dirán.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Martín Seco García.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto do sector da carne de vacún.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo..

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Manuel Antonio Lourenzo Sobral.

Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do idioma galego no ensino.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz.

Parece que hai un acordo e, como non hai emendas, debería lelo o señor Rivas, para que o señor Seco teña coñecemento do..., e despois decídese como é a votación.

Déanlle voz ao señor Rivas. Xa está.

O señor RIVAS CRUZ: Si, moitas grazas, presidente.

En realidade, é unha votación por puntos, na que hai unha transacción no punto 3º, que sería demandar do Goberno do Estado que no desenvolvemento da Lei de cadea alimentaria se dote os sectores produtivos dunha ferramenta pública obxectiva que fixe os custos de produción de referencia vinculantes e obrigatorios ou que, no seu caso, se permita utilizar para a súa determinación fontes do Ministerio de Agricultura —tal, tal—, o Rengrati, a chamada Conta Láctea, os estudos publicados polos diferentes observatorios da Comunidade Autónoma ou os realizados polas universidades ou organismos públicos. ¿É así, señora Candia?

O señor PRESIDENTE: Déanlle voz ao escano da señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Si. Que quede expresamente, dando por validada a Conta Láctea.

O señor PRESIDENTE: Correcto. Vale. O señor Seco xa se enterou.

Entón, agora hai que separar os puntos, ¿non? (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*)

Votamos en primeiro lugar o punto número 1. Votamos.

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre a situación económica do sector lácteo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 1 desta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora os puntos 2 e 3 da moción.

Votación dos puntos 2 e 3 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre a situación económica do sector lácteo.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os puntos 2 e 3 desta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións e continuamos co punto 4º da orde do día, que é o de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e D. Paulo Ríos Santomé, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a creación do ente ferroviario galego

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia e unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

No apartado 2, substituír a expresión: «no presente ano 2021», pola seguinte: «no primeiro semestre de 2022.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, por iniciativa do deputado José Manuel Balseiro Orol, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

- 1.º) Acometa as obras necesarias para garantir a competitividade da rede ferroviaria de Galicia.*
- 2.º) Restableza todos os servizos ferroviarios existentes con anterioridade á pandemia sanitaria provocada pola covid-19.*
- 3.º) Amplíe o número de frecuencias e servizos que permitan atender a demanda de mobilidade do interior de Galicia, de xeito compatible cunha mellor coordinación coas conexión do AVE de Ourense a Madrid que, segundo as previsións, estará operativo a partir do vindeiro 21 de decembro.»)*



(O G. P. dos Socialistas de Galicia a través do seu portavoz, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.º) Negociar co Goberno central, no marco da Comisión Mixta, a transferencia dos Servizos ferroviarios, e unha vez creado o ente ferroviario galego, negociar a transferencia a Galicia da xestión da rede ferroviaria interna, que xestione os Servizos convencionais de media distancia e proximidade.

2.º) Licitar, durante o primeiro semestre do ano 2022, o contrato de Servizos para a elaboración dun estudo e dun anteproxecto de lei para a creación do ente ferroviario galego.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi boa tarde.

Quixera comezar cunha aclaración inicial sobre esta proposta, que non é unha iniciativa xenérica sobre a mellora dos servizos ferroviarios suprimidos con motivo da pandemia, nin tampouco unha iniciativa para a mellora das infraestruturas ferroviarias que precisa Galiza, que son —como sabemos— moitas, porque sobre estas materias xa houbo acordos unánimes neste Parlamento, algúns deles moi recentes; e refírome, por exemplo, a un acordo da comisión 2ª no pasado mes de novembro e tamén a un acordo no Pleno no debate sobre o estado da Nación, onde tamén se chegou a un acordo unánime a respecto destas cuestións.

E tampouco é unha proposición non de lei sobre as modificacións horarias provocadas polos novos servizos do AVE, que, como sabemos, é unha cuestión gravísima, que vai provocar grandes cambios nos horarios e que vai prexudicar as persoas que utilizan o ferrocarril nas cidades galegas para beneficiar os usuarios do tren a Madrid. Isto, desde logo, parécenos un escándalo, e o BNG xa presentou iniciativas tanto no Parlamento do Estado como tamén neste Parlamento que debateremos proximamente, onde teremos ocasión de posicionarnos sobre este agravio, igual que sobre o dos prezos.

O que queremos hoxe é centrar a cuestión noutro ámbito. Queremos dar un debate de fondo sobre as competencias en materia de infraestruturas e mobilidade e poñer atención no que a nós nos parece unha grande anomalía, que, ademais, non se corresponde co que vostedes din que é o Estado máis descentralizado de Europa. Esta anomalía é que Galiza non ten competencias na maior parte das infraestruturas e sistemas de mobilidade: non temos competencias nos grandes portos chamados de interese xeral do Estado, nos aeroportos, nas estradas e nas grandes autovías e tampouco no ferrocarril.



Isto é ao que nos referimos nós cando falamos de pensar Galiza en pequeno, de pensar Galiza como unha especie de deputación que xestiona as estradas e o transporte público fronte á idea de pensar Galiza en grande, despregando todo o potencial e exercendo todas as competencias en materia de infraestruturas e mobilidade. E isto é xustamente o que non quere o Partido Popular —segundo vostedes— para non romper España e tamén para non molestar os seus xefes en Madrid, que son os que teñen o mando a distancia e o apertan cando hai que premer o botón.

Queremos, polo tanto, dar un debate de fondo sobre o ferrocarril como modo de mobilidade do futuro, do século XXI, pensado, ademais, en función dos intereses do país, tanto para as persoas coma para as mercadorías, e cumprindo tres funcións prioritarias: un modo de mobilidade sustentábel, fundamental agora, ademais, co debate que hai sobre a emerxencia ambiental e o cambio climático; un medio para a conectividade rápida e segura entre as principais áreas urbanas e as vilas do país; e, en terceiro lugar, un elemento de vertebración e de cohesión territorial.

Neste sentido, para dar este debate, temos un gran problema, que é que nin o Goberno central nin a Xunta —e isto é grave, ademais, no caso do Goberno galego— teñen estratexias, nin plans, nin prioridades políticas en relación co ferrocarril galego. E ocorre unha cousa, que pola ausencia e incomparecencia, neste caso, do Goberno da Xunta, quen ten que actuar como Goberno da Xunta, facendo estratexias e plans é o Eixo Atlántico. Isto é así, e teño aquí numerosos documentos que o acreditan: (*O señor Bará Torres amosa varios documentos aos membros da Cámara.*) Documentos do Eixo Atlántico: «Informe sobre o porto seco de Monforte de Lemos», do ano 2015, «Informe sobre o ferrocarril na provincia de Lugo», con todas as demandas que hai a respecto das comunicacións de Lugo co resto do territorio galego e co resto do Estado e con Portugal, «Elementos para a redacción dun plan director do corredor Atlántico», un documento que debería estar feito polo Goberno central ou, no seu caso, pola Xunta de Galicia, e que tivo que facer o Eixo Atlántico. Ou o que podemos considerar un auténtico Libro branco de todas as necesidades que ten Galiza, neste momento, en materia ferroviaria, que é o Mapa ferroviario de Galiza, mapa das actuacións propostas polo Eixo Atlántico para a modernización da rede ferroviaria de vía ancha de Galiza tanto para persoas como para mercadorías.

Esta é a realidade, e quen está facendo o papel que debería facer o Goberno é unha entidade como o Eixo Atlántico. Isto dá moito que pensar e deberían preocuparse por non exercer as súas competencias. (*Aplausos.*)

Estes informes, estes estudos, son fundamentais para que teñamos un modelo propio de tren galego para o século XXI, que xa vai iniciado, con dúas décadas; un modelo que permita superar este que defenden vostedes —ou polo menos é o que semella—, que é o modelo radial do AVE, que a quen beneficia —está clarísimo— é ao centro e a Madrid. É o modelo do «madricentrismo». Fronte a iso, necesitamos un modelo propio: un ferrocarril galego con melloras nas infraestruturas, algunhas delas que teñen que ser necesariamente de nova construción, e mellores servizos en canto a horarios e frecuencias. E para iso traemos aquí dúas propostas estratéxicas para a mobilidade tanto de persoas como de mercadorías.

Ímonos centrar nas persoas, aínda que as mercadorías, co debate que hai no Estado tamén, coas prioridades que hai no Estado, darían para un debate monográfico de moito interese.



Pero, hoxe, ímonos centrar na cuestión da mobilidade das persoas e traemos dúas propostas concretas: a primeira é a creación do servizo ferroviario de proximidade e a transferencia deste servizo e destas infraestruturas a Galiza, e a segunda é a creación do ente ferroviario galego, que nós, ademais, poñémoslle nome, chamámoslle «Galtrén». Se non lles gusta podemos discutir outro, pero, polo menos, nós poñémoslle nome.

Con respecto á primeira cuestión, o tren de proximidade debe ser unha prioridade na mobilidade interna nas áreas urbanas por motivos laborais, de estudos, de servizos ou de lecer, que é polo que se move a maior parte da xente todo o tempo durante a semana, non por ir a Madrid, que tamén; dende logo, é un dereito que temos a ir en tren, pero non é a necesidade prioritaria da poboación no día a día na súa mobilidade. Esta é, concretamente, unha prioridade que demostrou e fixo pública Portugal recentemente cando falou de facer unha malla en todo o territorio para conectar as vilas de máis de vinte mil habitantes con servizos de proximidade.

É urxente acabar con esa anomalía, que é outra auténtica anomalía que Galiza sexa unha das poucas comunidades do Estado español que non teña servizo ferroviario de cercanías. Teño aquí o mapa das cercanías no Estado. (*O señor Bará Torres amosa un mapa aos membros da Cámara.*) Teñen cercanías Asturias, Cantabria, Euskadi, Cataluña, Comunidade Valenciana, Murcia, Andalucía e Madrid. Galiza está fóra do mapa das proximidades e isto non é normal.

Se nos comparamos con Asturias, que está aquí ao lado e ten moita menos densidade de poboación, esta ten servizos de cercanías; ten 500 trens ao día, que son catro veces máis dos trens que ten Galiza. E poderíamos comparar, por exemplo, os servizos ferroviarios que hai entre Oviedo e Avilés, que son 32 á semana, e os que hai, por exemplo, entre Ferrol e A Coruña, que non hai punto de comparación, con 4 ao día. A isto hai que engadirlle, ademais de maiores frecuencias, as vantaxes dos prezos, que son, dende logo, moito máis baixos no caso do tren de proximidade, ou o billete único, que significa que un se pode mover en Asturias cun só billete en todos os medios de transporte. Iso é a auténtica intermodalidade, e non facer dúas estacións de tren e autobús, unha ao lado da outra. Iso non é para nada intermodalidade.

E, en segundo lugar, está a proposta do ente ferroviario galego, que non é tampouco ningunha novidade, porque vostedes xa o defenderon aquí reiteradamente. (*O señor Bará Torres amosa un documento.*) Xa se chegou a un acordo en setembro do 2009 neste Parlamento para crear este ente ferroviario, anunciado en novembro do 2009 nunha comparecencia do conselleiro daquela, que falou da creación do ente público ferroviario para a xestión ferroviaria das cercanías en Galiza ou cando a Xunta licitou o contrato para a creación do ente ferroviario galego no ano 2010, que despois quedou en nada, quedou en papel mollado, porque vostedes non apostaron de verdade por este sistema, porque lle dirían en Madrid que non había que ir por aí, e xa vimos por onde foron despois desde Madrid. Foron, a partir de 2012, cun auténtico desmantelamento e cunha aniquilación de gran parte do sistema ferroviario interior galego, do que falaremos despois con máis detalle.

E con respecto a esta proposta, introducimos unha autoemenda, porque figuraba un prazo na redacción inicial de 2021 que non nos parece que sexa asumible xa, a estas alturas do ano.



Por iso incluímos un prazo do primeiro semestre do ano 2022 para licitar este proxecto para a creación do ente ferroviario galego.

Remato xa dicindo cales son os obxectivos fundamentais desta iniciativa, que é o impulso dun tren galego para o século XXI para mellorar as infraestruturas, os servizos, con máis frecuencias, mellores horarios e prezos máis baratos, para que teñamos a xestión ferroviaria desde Galiza, como prevé o Estatuto no seu artigo 27, e para que fagamos de verdade unha aposta estratéxica polo tren co fin de que esta sexa a década do tren galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Como dicía o señor Bará ao principio da súa intervención e centrando un pouquiño o tema, non corresponde ao noso grupo posicionarse, dende logo, pola emenda feita polo Partido Popular. Parece que o Partido Popular non quere falar do que realmente hoxe trae a debate o Grupo do Bloque Nacionalista Galego, porque do que se trata nesta iniciativa é de falar do servizo de cercanías de ferrocarril e dende logo dese ente público de ferrocarrís galegos. E o Partido Popular o que fai na súa emenda é falar desas necesarias melloras nos servizos ferroviarios galegos, que nós compartimos, como así se demostrou cando tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Popular trouxeron iniciativas, nese senso, a esta Cámara, que, dende logo, contaron co apoio do Grupo Parlamentario do PSdeG. Ou tamén falar desa recuperación de horarios do ferrocarril, deses horarios precovid, que tamén se lle trasladou por parte do Ministerio á Xunta de Galicia que esa era a vontade do Goberno central, de restablecer nos vindeiros meses os servizos suspendidos durante a pandemia. Nós, dende logo, cremos que é acuciante, que xa se deben de restablecer, e así llo trasladamos tamén ao propio Ministerio, e tamén nesta Cámara apoiamos as iniciativas que traían os outros grupos parlamentarios.

Só quero facer unha puntualización. Falábase tamén da chegada do AVE, pero non é incompatible con ir restablecendo outros servizos que foron suspendidos pola chegada da pandemia, como é o restablecemento do cento por cento dos servizos Avant de Ourense, Santiago e A Coruña, e o tren tamén de media distancia A Coruña-Santiago-Vigo, que son totalmente compatibles coa chegada da alta velocidade á nosa comunidade autónoma. Por certo, aínda o Partido Popular segue a poñer en dúbida esa data do 21 de decembro como chegada a Galicia ou como posta en funcionamento do primeiro servizo da vía de alta velocidade entre Madrid e Ourense.

Pero centrando o tema, nós, dende logo, compartimos o senso no que está presentada a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego. Xa o presidente por aquel entón da Xunta de Galicia,



o señor Touriño, no ano 2008, apostaba e dicía que era vontade do Goberno galego a creación deste ente ferroviario galego. Touriño xa trasladaba aquela aposta do Goberno galego por ter un ente ferroviario que xestionase os ferrocarrís en Galicia para a creación dun servizo de cercanías que consideraba que era un traballo estratéxico. Marcaba tamén un posicionamento claro ante o Goberno do Estado e, nomeadamente, ante a ministra de Fomento —era un ministerio dirixido naquel momento por unha socialista—, pero o presidente Touriño facía unha aposta de que nós, dende Galicia, queríamos un traspaso en condicións e que non nos valía calquera tipo de traspaso.

Nós, os socialistas, seguimos na mesma posición, non mudamos, e seguimos apostando polos trens de proximidade ou cercanías nas áreas urbanas e semiurbanas, para o cal é necesario acadar o traspaso de activos e competencias creando ese ente de ferrocarrís galegos do que falaba o señor Bará. Entendíamos daquela, no ano 2008, que era necesario un primeiro paso, que sería a creación do Consorcio de transportes que coordinara todos os servizos de comunicación colectivos co obxectivo de contar cun ente ferroviario galego que permitise xestionar todas estas infraestruturas. Trataríase dunha entidade de dereito público que posibilitase o fomento da intermodalidade e a coordinación entre o transporte terrestre e o transporte ferroviario de viaxeiros. Por certo, este ente público do que estamos a falar hoxe aquí nesta iniciativa para xestionar o ferrocarril está previsto xa na Lei de transportes.

Polo tanto, nós sempre mantivemos o mesmo posicionamento en relación coa creación do ente ferroviario galego. Cómpre recordar —como xa dixo aquí o señor Bará— que o que mudou de posicionamento foi o propio Partido Popular, porque en xuño de 2009, ao pouco de chegar ao Goberno da Xunta de Galicia, o Goberno de Núñez Feijóo dicía que a Xunta de Galicia crearía o ente ferroviario galego para xestionar o transporte de cercanías. Dicía o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas —naquel momento o señor Agustín Hernández— que o primeiro paso sería negociar co Goberno central a transferencia da rede ferroviaria galega e que non afectase outras comunidades autónomas. Pero, por desgraza, estes son anuncios do señor Agustín Hernández, dos que tanto temos falado na Comisión 2ª, que quedan no tinteiro; mesmo na comisión da semana pasada falabamos de compromisos e de anuncios feitos por este conselleiro, como o soterramento, nomeadamente, da rúa Beiramar, en Vigo, ou o arranxo e mellora da estrada de Baralla, que a une coa A-6, pero foron anuncios que nunca se chegaron a realizar.

En setembro de 2009 aprobábase por unanimidade nesta Cámara a creación do ente ferroviario galego tamén co obxectivo de impulsar unha rede de transportes de proximidade. Pedíase daquela, no ano 2009, aprobar as partidas orzamentarias correspondentes para poder crealo no ano 2010. Pero estamos rematando xa este ano 2021 e a Xunta de Galicia abandonou definitivamente este proxecto, tal e como temos visto pola forma de proceder da propia Xunta de Galicia. Vémolo hoxe outra vez coa emenda presentada polo Grupo do Partido Popular, que nada fala deste ente ferroviario galego, porque nunca tiveron a vontade política de apostar pola proximidade, e agora, cos seus feitos, estano a demostrar.

Non se deu ningún paso neste senso. Xa vimos tamén nesta lexislatura e noutros debates que o Bloque Nacionalista Galego trouxo unha iniciativa na que se falaba, nun destes puntos, da creación deste ente ferroviario galego. Certo é que despois se transaccionou



co Partido Popular, e o Partido Popular eliminou ese parágrafo no que se falaba do ente ferroviario galego.

Hoxe vemos, con esta emenda típica do Partido Popular, que todo é botar balóns fóra, patada para arriba, obviando as súas competencias e só poñendo deberes ao Goberno central. Pero nós —repetimos— seguimos a crer necesario que Galicia conte cun ente ferroviario propio, e vemos como a vontade do Partido Popular e da Xunta de Galicia non é apostar pola proximidade na nosa comunidade autónoma.

Compartimos —como dicía— o sentir da iniciativa que hoxe trae a debate o Bloque Nacionalista Galego, pero presentamos unha emenda que entendemos que sería empezar un pouquiño a casa polos cimentos. Non creamos ese ente ferroviario galego; polo tanto, entendemos que o primeiro sería conquistar o traspaso dos servizos ferroviarios para Galicia, como é o caso que teñen en Cataluña, porque ¿como imos agora mesmo transferir esas competencias ferroviarias cara a un ente que non está creado? Neste senso vai a nosa emenda, non porque non compartamos —repito— a necesidade expresada polo Bloque Nacionalista Galego de que se transfira a Galicia a xestión da rede ferroviaria interna, senón porque entendemos que, como non temos creado ese ente propio, primeiro sería, e máis rápido incluso, negociar esa transferencia de servizos ferroviarios, como si teñen noutras comunidades autónomas.

Por outro lado, como xa fixo tamén referencia o señor Bará e presentaron unha autoemenda, a segunda parte da nosa emenda vai neste senso, xa que estamos rematando o ano 2021, e nós dicíamos de poñer como horizonte o primeiro semestre do ano 2022 para que se licitara ese contrato de servizos para a elaboración dun estudo e dun anteproxecto de lei co fin da creación do ente ferroviario galego. Polo tanto, nós compartimos o que hoxe trae o Bloque Nacionalista Galego a debate, e cremos que coa nosa emenda sería un pouquiño máis rápido, primeiro, traer para aquí eses servizos ferroviarios e, posteriormente, crear este ente ferroviario galego.

A verdade é que —como dicía— non me corresponde a min falar da emenda, pero chama poderosamente a atención a emenda do Partido Popular porque, despois de anos de abandono do ferrocarril por parte dos gobernos populares en Madrid —por certo, co respaldo do Partido Popular de Galicia e da Xunta de Galicia—. Certo é que hai unhas necesidades acuciantes de mellora de modernización e de reforma do ferrocarril na nosa comunidade autónoma, por suposto, e tamén nós estamos a reivindicalas. Tamén trouxemos iniciativas a esta Cámara para mellorar o ferrocarril galego, pero é que non é moi lóxico que vostedes, despois de someter a un abandono tremendo o ferrocarril galego, hoxe, que estamos intentando centrar o tema e falar do ente ferroviario galego, falen de mellorar e de recuperar servizos.

E, para rematar, loxicamente, hai que seguir traballando neste senso e en facer o ferrocarril o máis atractivo posible para os viaxeiros. Porque cómpre recordar que un dos piares da política de transportes da Unión Europea pasa por reforzar o ferrocarril como medio de transporte sostible fronte a outros máis contaminantes. O Ministerio de Transportes é sensible con esta necesidade e está a traballar neste senso, e, dende logo, sería de agradecer que o Goberno galego tamén traballase neste senso e non só en meter confrontación co Goberno



do Estado ou en meter emendas que nada veñen falar do que hoxe quería, dende logo, falar o Bloque Nacionalista Galego.

Nós agradecemos que traian este tema a debate, xa que temos que dicir que, dende logo, estamos na mesma posición que estabamos cando estabamos na Presidencia da Xunta de Galicia. Nós cremos que é necesario crear...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...este ente público de ferrocarrís galegos.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Permítanme dicirlles que poucas veces creo que metín unha emenda tan acertada *(Risos.)* porque, para non lles interesar, pasaron vostedes máis tempo falando da emenda que puxo, neste caso, o Grupo Popular que falando do que traían a colación neste sentido.

E chama a atención —supoño que é polo descoñecemento da provincia de Lugo— que o señor Bará falase de dous informes do Eixo Atlántico. Supoño que o primeiro, sobre o porto seco de Monforte, lle dirá que o único que se investiu investiuno cento por cento a Xunta de Galicia, que son máis de vinte e dous millóns de euros. Quen parou o porto seco de Monforte por non dar a conexión coa 120 é o Goberno de España desde hai un par de anos, supoño iso. *(Protestas.) (Risos.)*

E, neste sentido, teño que dicir que falou vostede tamén dun informe que fixeron na provincia de Lugo do tren. Eu non sei se o Partido Popular ten os informes ou non. O Partido Popular, cando estivo no Goberno de España, o que deixou foi os proxectos feitos para que chegase a alta velocidade á provincia de Lugo, e o que fixo o Partido Socialista, o Goberno que apoiou o Bloque Nacionalista Galego, foi recortalos; recortar, neste caso, as variantes Canaval-Os Peares e as variantes de Rubián. Iso é así, e vostedes apoiaron ese goberno.

Pero resulta que nós no Partido Popular non imos falar do que lle interesa ao Bloque Nacionalista Galego nin do que lle interesa ao Partido Socialista, nós imos falar do que lles interesa aos galegos e ás galegas, á maioría dos galegos e das galegas. E resulta que os socios do nacionalismo galego en Madrid —é dicir, os socialistas— son os responsables directos do desmantelamento dos servizos públicos ferroviarios en Galicia. Vostedes, señora Otero, aproveitaron a pandemia para eliminar horarios, frecuencias, recortar investimentos e todo o contrario do que prometían nese pacto de investidura Partido Socialista-Bloque Naciona-



lista Galego. E a solución — señorías, atentos a isto — que se lle ocorre ao señor Bará, é dicir, a solución que se lles ocorre aos nacionalistas, ao Bloque Nacionalista Galego, é: en vez de pedir que a Moncloa poña fin a ese desmantelamento do noso ferrocarril, piden que a Xunta de Galicia faga o que non quere facer, neste caso, o Goberno de España. Piden que a Xunta asuma con recursos de todos os galegos as obras e os servizos que lle corresponde pagar ao Goberno de España con recursos de todos os españois. Señor Bará, permítame dicirlle que iso é galeguismo de pacotilla, ademais dunha falta de valentía tremenda. (*Murmurios.*)

Pero voulles poñer máis fácil a solución, que xa vin que lles gustou, por iso faláron tanto dela: aproben a nosa emenda. Teñan vostedes a valentía de reclamarlle ao Goberno de España algo tan sinxelo que resumimos en tres puntos: que acometa as obras necesarias para garantir a competitividade da rede ferroviaria en Galicia, que restableza todos os servizos ferroviarios existentes con anterioridade á pandemia sanitaria e que amplíe o número de frecuencias e servizos que permitan atender a demanda de mobilidade do interior de Galicia.

A nosa emenda resume os desafíos máis inmediatos en materia de transporte ferroviario. Por unha banda, que se recuperen todos os servizos de tren previos á pandemia. Por outra banda, procurar a maior adecuación posible dos horarios de Renfe para que se adapten ás necesidades de mobilidade dos galegos, de xeito compatible tamén coa chegada do AVE. Renfe está obrigada a tratar de coordinar conexións que permitan que os cidadáns de toda Galicia poidan enlazar cos horarios de tren do AVE de Ourense a Madrid, neste caso, pero tamén tendo en conta os tráxicos internos, e a ofrecer un servizo de tren competitivo e con horarios capaces de satisfacer a demanda da maior parte dos usuarios.

Porque, señor Bará, primeiro coa escusa da pandemia e agora coa adecuación dos horarios, hai centos e centos de veciños de Galicia que, neste momento, perderon horarios e frecuencias que antes existían e agora non poden viaxar entre as cidades, entre Ourense e Santiago ou entre Vigo e A Coruña. E xa non lles digo no medio rural, onde o servizo ferroviario, en moitos casos, non existe ou é totalmente deficiente, como é o caso do ferrocarril de vía estreita nas comarcas da Mariña, Ortegal e Ferrolterra —que coñece ben a señora Otero—, ou que directamente suprime paradas, como é o caso de Vilagarcía, cando existen mandatos desta Cámara reclamando que se restituían e vostedes non os cumpren.

Señor Bará, nós somos capaces de compartir o diagnóstico con vostedes. Galicia ten unha rede ferroviaria ategada de deficiencias, con necesidades urxentísimas de reformar e modernizar e de reposición e reforzo de servizos.

Non obstante, desde o grupo maioritario desta Cámara, desde o Grupo Popular, non podemos máis que discrepar na solución proposta. Segundo o Bloque Nacionalista Galego, para arranxar o problema que, neste caso, é unha responsabilidade estatal, como é ter unha rede ferroviaria obsoleta, ineficiente e incapaz de responder ás necesidades de Galicia, o que hai que facer é asumir desde Galicia o problema.

A creación do ente ferroviario galego supón agora mesmo asumir unha rede ferroviaria desastrosa e un conxunto de servizos incompleto. En consecuencia, a proposta do Bloque Nacionalista Galego é que Galicia arranxe o problema estatal e que ademais o faga con cartos



de todos os galegos, cando quen o ten que facer é o Goberno de España con cartos de todos os españois.

Non obstante, para nós, para o Goberno de Galicia e para o grupo maioritario desta Cámara, o camiño é outro. É obrigación do Goberno de España solucionar os problemas da rede ferroviaria galega, repoñer os servizos e reforzalos acorde coas necesidades dos galegos. O noso deber como representantes públicos dos galegos non é liberar a Moncloa desa responsabilidade, senón demandarlle á Moncloa que asuma canto antes as súas competencias.

O Bloque Nacionalista Galego non avanza. ¡Vostedes non avanzan, home! ¡Con iso do nacionalismo non avanzan! Seguen a insistir sempre no mesmo e sen ter presente aspectos fundamentais como que a rede ferroviaria do Estado está conectada con outros tramos de comunidades veciñas, soportando servizos interrexionais, motivo polo que é de competencia estatal.

Vostede tamén esquece, señor Bará, que cando unha administración lle transfira a outra unha competencia, como neste caso pode ser a dos servizos ferroviarios, a solicitante sempre require o traspaso das infraestruturas en estado óptimo, así como a dotación orzamentaria suficiente para a explotación do servizo, que inclúe o traspaso do material rodado e os recursos para o mantemento dese material e das infraestruturas. Tampouco o Bloque Nacionalista Galego acaba de entender que todos, absolutamente todos —repito— os servizos ferroviarios de Galicia son deficitarios e que para mantelos se pagan con obrigas de servizo público, con obrigas de todos os españois, o que vostedes queren pagar con obrigas de todos os galegos. Están a pedirnos implicitamente que a Xunta asuma o déficit que supón manter eses servizos e que o paguen, neste caso, os galegos.

Pero, señoría, se me permite, vostede acaba de facer explícito o certificado de defunción do pacto de investidura entre o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, esa farsa da que pasará á historia a foto entre a líder do seu partido, a señora Ana Pontón, e a defenestrada voceira dos socialistas, Adriana Lastra; pacto no que o Bloque Nacionalista Galego rendía pleitesía a Pedro Sánchez por todo a cambio de nada —hoxe sabémolo ben—. Polo cal, iso foi unha farsa. Nel prometían salvar Alcoa e un estatuto para as empresas electrointensivas. Pregúntelles vostede aos seus compañeiros da Coruña e pregúntelles aos seus compañeiros da Mariña de Lugo en que situación están esas empresas que querían vostedes salvar a cambio da investidura de Sánchez. Prometían o traspaso da AP-9. ¿Acórdanse daquilo? E a semana pasada soubemos que A Moncloa non vai atender a demanda da Xunta nin a solicitude unánime de todos os partidos deste Parlamento. Cando chega a hora da verdade, vostedes non están.

Asistimos a un cambio de criterio inexplicable no seo do Goberno socialista, que se sitúa en contra da transferencia da AP-9 a Galicia que se está a tramitar no Congreso dos Deputados, e, ademais, tomándonos o pelo aos galegos, cunha escusa que é absurda. As bonificacións da AP-9 non poden ser un impedimento para avanzar na transferencia da autoestrada á nosa comunidade. Vostede sabe, e o seu grupo tamén, que é perfectamente posible transferir a infraestrutura cun acordo de financiamento que inclúa as bonificacións comprometidas polo Goberno; pero a realidade é que non tiñan vontades nin interese de cumprir o pacto porque vostedes na firma dos pactos son un perigo.



O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BALSEIRO OROL: Menos mal que teñen un superdeputado que pode viaxar —con todos os respectos— en patinete por toda a representación que teñen vostedes de Pedrafita para alá. *(Risos.) (Murmurios.)* Efectivamente, é moi traballador. Anda moito pola provincia e anda moito en Galicia, pero, digo eu: ¿en que se visualiza o traballo que fai o representante que ten o Bloque Nacionalista Galego en Madrid? Porque, iso si, imos salvar Alcoa, ¡ah!, pero nos presupostos nós imos votar en contra. Non, ímonos abster para salvar Alcoa. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Ímonos abster. ¿Por que non votaron vostedes en contra? ¿Por que non poñen vostedes, para salvar Alcoa ou para o ente ferroviario galego..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BALSEIRO OROL: ...o condicionante de romper todos os pactos que teñen con tres das catro deputacións e os concellos de Galicia... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate xa.

O señor BALSEIRO OROL: ...para que vostedes empecen a ser un pouco cribles?...

O señor PRESIDENTE: Xa chegou por hoxe, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: É que, se non, a vostedes en Galicia xa non os cre ninguén.

O señor PRESIDENTE: Xa está. Grazas.

O señor BALSEIRO OROL: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

(Murmurios.) ¡Tranquilos! ¡Un pouco de tranquilidade! (Murmurios.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: «*No te enojés, Balseiro, ¡diviértete!*» *(Risos.) (Aplausos.)* Esta frase díciálla un grande da emigración galega en Bos Aires, Paco Lores, a Arturo Cuadrado, que era así moi vehemente e se puña moi tenso e nervioso: «*No te enojés, Arturo —Balseiro—, ¡diviértete!*». Tanto se «*enojou*» que ata perdeu os papeis polo camiño.

O que dixó do patinete de Néstor Rego recordoume a unha premonición histórica do señor Tellado —que non está hoxe aquí—, recordoume a unha premonición inefable do señor Te-



llado —que non está agora no Pleno—, cando dixo que os do BNG tiñan que andar nun Scénic. Pois os do BNG agora andan nun autobús e, dentro de pouco, imos necesitar un tren para movernos polo país, (*Risos.*) porque a este ritmo de crecemento nin nun autobús imos caber. (*Aplausos.*)

Vostedes teñen mala memoria e tamén teñen mala conciencia. Teñen a mala conciencia dos conversos e dos traidores. Iso é o que lles pasa a vostedes; e son malos manipuladores, ademais, moi malos manipuladores, porque eu lles teño que recordar —e facer un pouco de historia— que a máxima responsabilidade do abandono ferroviario e do desmantelamento ferroviario de Galiza é o Partido Popular, o señor M. Rajoy e a señora Ana Pastor. ¡É de vostedes! (*Aplausos.*)

Vostede fala do porto seco de Monforte como se pasaran por aquí agora, como se non tiveran nada que ver. ¿É que vostedes non estiveron gobernando durante seis anos seguidos na Xunta e no Goberno central? ¿E que? ¿Cal é o balance? ¿Como está o porto seco de Monforte? ¡Seco! É un porto seco, en dique seco, non ten conexión, nin ten trens, nin ten mercadorías, nin ten nada. Iso é unha responsabilidade do Partido Popular, fundamentalmente. Non veñan aquí buscar excusas e culpar os demais porque son vostedes os principais responsables.

Miren o que dicían vostedes no 2010: (*O señor Bará Torres le un documento aos membros da Cámara.*): «El PP reclama al Estado un impulso de las cercanías gallegas. La Xunta reitera a Fomento su interés en disponer de un tren de proximidad». —isto é do ano 2010—. «A Xunta prevé que o tren de proximidade chegue a Galiza antes da fin da lexislatura». Isto é do ano 2012. ¿Quen eran estes que dicían isto? ¿Eran os seus ou que pasou? Son uns conversos e teñen mala conciencia por iso, porque abdicaron de defender os intereses do país e do tren galego, e así nos foi en todos estes anos. (*Aplausos.*)

Pero non só isto, non só abdicaron de defender eses intereses, senón que vostedes o que aprobaron no ano 2013 foi algo ao que lle chamaron «Plan de racionalización do transporte ferroviario». ¿Saben en que consistiu este plan de racionalización dirixido por Ana Pastor? Na supresión de 1.800 paradas e 20 estacións, e 40 estacións quedaron cun só tren ao día. Ese é o mérito do Partido Popular. (*Aplausos.*) ¿E sabe o que dicían daquela vostedes neste Parlamento por boca do portavoz de Transportes —xa llelo dixen outras veces, pero hai que repetírllelo unha e outra vez para que lles quede aí gravado a lume—, o señor Román Rodríguez, cando se fixo esta auténtica escabechina e este trenicidio? ¿Saben o que dixo neste Parlamento? Vóullelo recordar eu porque teñen mala memoria: (*O señor Bará Torres le outro documento aos membros da Cámara.*) «Os recortes teñen toda a lóxica por razóns orzamentarias, por razóns de demanda social e por razóns de intereses do servizo». Isto dicíano vostedes para xustificar non unha supresión temporal de servizos, como se está facendo agora, que esperemos que se recuperen, senón para eliminar centos de servizos. Ese é o mérito do Partido Popular. E así está a situación das vilas intermedias do país: a situación de Ribadavia, de Monforte, do Carballeño, de Lugo, o illamento ferroviario de Lugo, ou do Feve. Vostedes teñen moita responsabilidade nisto, que é principalmente responsabilidade dos gobernos do Partido Popular. E vostede presume.

A realidade é que Lugo ten hoxe en día menos servizos ferroviarios que Sarria. Esa é a realidade. E, desde logo, ímolo denunciar onde faga falta; estámolo denunciando nas rúas, de-



nunciarémolo neste Parlamento e tamén no Congreso. E a realidade é que vostedes defenderon no seu día a idea de crear o ente ferroviario galego e despois desistiron porque lles deron ordes en Madrid, como pasa sempre, e mandáronos calar, achantar, obedecer e dicir que o ente ferroviario non.

Non veña aquí manipular dicindo que nós pedimos a transferencia sen o financiamento correspondente, porque isto é o «abc» da negociación das transferencias; transfírense os servizos, como se fixo con outras comunidades, e co financiación correspondente, desde logo, porque parvos non somos, e vostedes supoño que tampouco. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E, por último, quero dicir unha cousa. Non temos ningún problema en aceptarlles esas propostas —xa digo, moitas delas son reiterativas e que xa aprobamos aquí moitas veces— como engádega á nosa proposta. Acepten que contemos cun servizo ferroviario de cercanías e acepten que o estudemos, porque nin sequera pedimos que se faga un estudo para elaborar un proxecto de lei, como xa vostedes intentaron facer no ano 2009-2010 e non fixeron. Aproben estas dúas propostas e nós non temos ningún problema —¡faltaría máis!— en aceptarlles as emendas como emendas complementarias á nosa iniciativa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¿E sobre a do PSOE? ¿Acéptaa?

O señor BARÁ TORRES: A do PSOE, como votaremos mañá e hai moitas similitudes, teremos tempo para falar desa cuestión. Xa lle daremos conta, señor presidente.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moi ben. Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co control das residencias de maiores de Ourense

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non se formularon emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Boa tarde, señorías.

Señor presidente.

Penso que todos estaremos de acordo en que nin a vellez nin o Alzheimer privan as persoas da súa dignidade, e diso vai esta iniciativa. Dende o Bloque Nacionalista Galego o que preten-



demos é que dende esta Cámara se adopten medidas para garantir o cumprimento da lei e dos contratos, e o respecto aos dereitos fundamentais das persoas. Esta iniciativa pretende pór a vida, a dignidade e os dereitos das persoas por riba dos intereses mercantís e da cobiza dalgúns, algo que non está a facer a Xunta de Galiza na actualidade xa que está permitindo que a vida das persoas maiores sexa vista máis como un negocio que coma un servizo público.

No día de hoxe existe un clima total de impiedade e de tolerancia fronte aos incumprimentos —por graves que estes poidan ser— dalgúns empresas que xestionan residencias de maiores. Dende hai anos, dende o Bloque Nacionalista Galego, vimos denunciando a insuficiencia de recursos na inspección de servizos sociais da Xunta de Galiza. Apenas 11 inspectores e inspectoras para poder controlar residencias de maiores, de discapacitados, de menores e de familia; 11 persoas para aproximadamente controlar mil oitocentos centros que existen ao longo do país, o que impide realizar un control efectivo dos centros residenciais, neste caso de maiores.

Isto véno solicitando o Bloque Nacionalista Galego dende hai moito tempo e, nomeadamente penso que nesta lexislatura, a compañeira Olalla Rodil.

No 2017 xa non era o Bloque Nacionalista Galego, senón o Consello de Contas, quen, a través dun informe de fiscalización, se dirixía á Xunta de Galiza para dicirle que o Servizo de Inspección, os 11 inspectores que existían non eran abondos para controlar todas as residencias de maiores; que, na medida en que as residencias e as prazas públicas ou privadas ían medrando, tamén tiña que ir medrando ese servizo, algo que non acontecía, que seguía tendo a mesma estrutura e que seguía tendo o mesmo persoal.

Ese informe do Consello de Contas de 2017 vén sendo reiterado hai apenas dous meses no 2021, no que o propio Consello de Contas di que segue sen existir persoal para poder controlar o que está a acontecer nas residencias de maiores. Xa que logo, os medios da Xunta, con conciencia, con plena conciencia da Xunta de Galiza, son insuficientes para controlar o que está a acontecer nas residencias de maiores.

Esta situación de escaseza de medios por parte da Administración da Xunta de Galiza non se vén compensado por outras institucións. Así por exemplo, por se o queren consultar, páxina —penso— 406 da memoria do Ministerio Fiscal, a Xefatura Provincial de Lugo está a dicir que carece de medios abondos como para poder realizar unha inspección regular do que está a acontecer nas residencias de maiores. Por tanto, nin a Xunta de Galiza nin o Estado, a través do Ministerio Fiscal, pode saber, pode evitar os abusos que se poidan producir nas residencias de maiores.

Tampouco existe constancia, segundo nos di o Consello de Contas, tanto no 2017 e no 2021, nada, absolutamente nada para controlar o cumprimento dos contratos. Con estas residencias, con estas sociedades, con estas empresas estanse a pagar anualmente millóns de euros e non se sabe, non existe nada na estrutura da Xunta de Galiza para controlar se están cumprindo. *(Aplausos.)*

Non se sabe se contan co persoal mínimo contratado. Estamos a falar de contratos administrativos, de recursos públicos. Non se sabe se contan co persoal mínimo comprometido,



se prestan os servizos ofertados: fisioterapia e terapia ocupacional ou mesmo servizos médicos. Non se sabe —ou si— se se lle está a subministrar alimentación contratada nas condicións e se se están a prestar os cuidados polos que a Xunta paga con recursos públicos a esas empresas.

É dicir, non existen medios para controlar a legalidade do comportamento nos centros, que no mellor dos casos son inspeccionados unha vez cada tres anos, e tampouco para exixir o cumprimento de contratos polos que as empresas privadas, as fundacións cobran millóns de euros cada ano.

É dicir, existe un contexto total e absoluto de absoluta impunidade, porque tanto nós como o Consello de Contas e as empresas saben que non existen medios para controlalo.

Pero o que é máis grave, neste clima de descontrol, neste clima de impunidade, é que, cando existe algunha desas inspeccións e se detectan irregularidades, ¿que é o que pasa? Absolutamente nada, nin cando se constatan infraccións legais nin cando se constatan infraccións contractuais polas que se están recibindo ingresos, nin tampouco cando se están a vulnerar os dereitos fundamentais das persoas que residen. Non pasa absolutamente nada, nin se lles controla, e, cando se lles pilla, tampouco se lles sanciona. (*Aplausos.*)

E non o di o Bloque Nacionalista Galego, tamén o di o Consello de Contas. O Consello de Contas advirte de que, cando se detectaban irregularidades e estas non eran corrixidas en prazo, non se incoaban procedementos sancionadores. Cando se constataba o incumprimento de ratios de persoal, incumprimentos en categorías persoais ou falla de rigor nos rexistros e non se rexistraba o pasamento dalgunha persoa —imaxino que se seguía facturando como se se estivera prestando o servizo—, non pasaba absolutamente nada.

Isto no 2017. ¿E que aconteceu con posterioridade? Pois saquen as súas propias conclusións: 446 denuncias e reclamacións no 2019 deron lugar a 23 expedientes sancionadores, 446 fronte a 23; 379 denuncias deron lugar no 2018 a 9 expedientes sancionadores; 16 no 2017, como consecuencia de 321 denuncias e reclamacións. Falamos de incoación de procedementos sancionadores, non de sancións. Porque moitos destes procedementos sancionadores despois fican arquivados, esperando a súa caducidade nun caixón.

Ilustrativo de todo o anterior foi o acontecido en setembro de 2019, onde unha acta do Servizo de Inspección reflicte máis residentes que prazas autorizadas, menos persoal de atención directa que o legalmente exixible, por suposto que tamén que o contractualmente exixible.

Persoal de servizos xerais facendo funcións de atención directa, o que quere dicir máis ou menos que un administrativo ou unha cociñeira estaba computando como persoal sanitario ou como persoal de atención xerontolóxica. A 6 residentes estábanselles aplicando medidas de suxeición mecánica sen autorización médica nin consentimento do paciente ou do seu representante. Isto consta nunha acta dun dos 11 inspectores da Xunta de Galiza. A 6 residentes estábaselles aplicando suxeición mecánica sen autorización médica nin consentimento.



Seguramente isto, como insinúa o Consello de Contas, ten relación coa ausencia de persoal. Se temos ausencia de persoal, se non temos esas ratios de persoal de atención directa que a lei nos exige, é moito máis cómodo —digo eu— ter atada esa persoa, tela suxeita ou limitada a súa capacidade de movementos que andar a cumprir, que andar a pagar a ese persoal de atención directa.

Estas medidas de suxeición mecánica, que, a pesar do nome, consisten simplemente en atar ou limitar a mobilidade dunha persoa, en opinión da Sociedade Española de Xeriatria e Xerontoloxía, atentan contra os dereitos fundamentais da persoa, porque privan de liberdade, atinxen á dignidade e á autoestima das persoas. Iso que, como dicíamos ao principio, non desaparece nunha persoa pola súa vellez, por cumprir anos nin tampouco aínda porque esta enferma de alzhéimer, segue tendo a mesma dignidade e debemos de ter con ela a mesma autoestima e consideración, (*Aplausos.*) ao tempo que atenta contra os seus dereitos fundamentais, que atinxen á súa dignidade e provocan riscos para a súa integridade física e psíquica.

Por tanto, entendemos que todos estes datos obxectivos de que esa persoa estaba atada e das consecuencias que ten ese tipo de acción deben ser comunicados inmediatamente ao Ministerio Fiscal ou ben para a súa valoración e instruír as dilixencias que procedan ou mesmo iniciar as actuacións penais ou ben para a incapacitación da persoa. O que non se pode facer é silenciar ese tipo de comportamentos e non facer nada. En todo caso, a Xunta de Galiza o que debería iniciar é un procedemento sancionador.

Por certo, ¿imaxinan que fixo a Xunta de Galiza? Absolutamente nada. Nin comunicou ao Ministerio Fiscal nin impuxo penalidades por incumprimentos contractuais —están xestioando recursos públicos millonarios—, nin a incoación de procedemento sancionador. Mellor dito, procedemento sancionador desta acta de inspección de setembro de 2019 si iniciou, un ano despois. ¿E que fixo durante ese ano que tardou en incoar un procedemento sancionador? Pois sacar a convocatoria para renovar ese contrato, e, por suposto, concedeu novos contratos millonarios a esa mesma empresa que estaba incumprindo esas medidas básicas de protección dos dereitos fundamentais.

E outra pregunta máis: ¿que pasaría se a Xunta de Galiza tivera feito o que debería ter feito?, é dicir, iniciar inmediatamente procedemento sancionador, inmediatamente, tan pronto tivo coñecemento desa acta do Servizo de Inspección, que, por certo, ten presunción de veracidade, é dicir, o que aí se di debe considerarse certo. Pois probablemente a esa empresa que se lle adxudicou non podería legalmente adxudicarllo, porque estaría en causa de inhabilitación para contratar coa Administración. Pero a Xunta de Galiza, no canto de facer iso, fixo oídos xordos, adxudicoulle contratos millonarios a esa mesma sociedade, e aquí paz e despois gloria.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: En suma —e remato, señor presidente—, o que pedimos é que antepoñan o benestar dos maiores ao lucro e ao negocio das empresas, que consideren a atención aos maiores como un dereito fundamental, como un servizo público a prestar e non como un negocio para empresas ou sociedades máis ou menos afíns.



Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Iago Tabarés.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

En decembro de 2020, hai un ano exactamente, soubemos desta información: *(A señora Ortega Otero mostra un documento.) La Fiscalía señala que la Xunta no hizo inspecciones en La Esperanza desde 2015, na residencia que máis casos tivo de covid na miña provincia, Ourense. Este caso, evidentemente, non é illado, senón todo o contrario: evidenciou unha dinámica sistémica propia do Goberno galego, do Partido Popular en Galicia.*

Inevitablemente, ante este tipo de informacións, vénsenos á cabeza o informe do Consello de Contas e empezamos a atar cabos. No mesmo a Consellería de Política Social saía mal parada. E saía mal parada porque ten a obriga de supervisar as residencias para garantir que se cumpran escrupulosamente todas as normativas polo ben das persoas maiores. E a crúa realidade amosábanos, a través do dito informe do ente fiscalizador, que dende o Goberno de Alberto Núñez, dende que entrou no poder, o número de inspeccións diminuía estrepitosamente nun 100 % de residencias previstas do total para o Plan de inspeccións en 2010 ata un 39 % no 2016, unha caída que é totalmente exaxerada. Pero, se a todo isto lle sumamos que somos das comunidades autónomas que ten máis porcentaxe de prazas privadas —e Ourense significativamente—, o feito de diminuír as inspeccións toma unha dimensión de perigo evidente para o benestar das persoas maiores, porque dá lugar a un baleiro no cal algúns intereses poden primar por riba dos cumprimentos da propia normativa ou incluso dos propios coidados das persoas maiores.

E ¿por que se fixeron poucas inspeccións ao longo dos últimos anos? Pois, efectivamente, porque, a medida que aumentaba o número de prazas residenciais, baixaba o número de inspeccións, porque faltan técnicos de inspección, porque somos a segunda comunidade autónoma que menos técnicos de inspección temos. E, ademais, así foi publicado; *(A señora Ortega Otero mostra un documento.)* aquí está o cadro e aquí está Galicia. Somos a segunda comunidade autónoma de todo o país que menos técnicos de inspección temos.

Ademais, hai que ter en conta que somos unha comunidade autónoma que temos un envellecemento significativo e deberíamos de ter unha discriminación positiva en recursos neste sentido.

E todo isto convértese nun cóctel molotov, é evidente. Cando en Galicia o Partido Popular, coa cuarta maioría absoluta e máis de doce anos de xestión e goberno, configura a seguinte fórmula: residencias de Galicia igual a altísima porcentaxe de prazas privadas, menos inspección, igual a benestar das persoas maiores en perigo.

E por todo iso na parte de exposición de motivos desta iniciativa está o quid da cuestión, onde di, textualmente: «A devandita lei establece expresamente a obriga da Xunta de Galiza



de dar traslado á autoridade competente das infraccións das que puidera ter coñecemento no exercicio da súa función inspectora, respecto da cal o contido das actas levantadas polos inspectores da Administración autonómica gozarán de valor probatorio».

Por todo isto, é urxente, tal e como solicitamos de xeito reiterado dende o Grupo Parlamentario Socialista, que se incrementen significativamente xa os recursos humanos e de inspección. Porque fai unha semana, ademais, a Asociación de traballadoras de residencias de Galicia recibía —puideron seguramente velo nos medios de comunicación— un recoñecemento con rango estatal da man dun medio de comunicación. Elas, as traballadoras, loitaron durante moitos anos, moito antes da pandemia, por certo, para que Feijóo, para que este goberno, que goza da súa cuarta maioría absoluta, abrise os ollos e traspasara as paredes dos centros de atención residencial, para ver os incumprimentos reiterados da normativa, de xeito sistemático nalgúns casos.

Elas advertiron de que as ratios de profesionais, tamén como o Consello de Contas, por cada usuario se estaban a incumprir dende hai moito tempo; así como a falta de persoal, que repercutía no propio coidado dos residentes, que en moitas ocasións, como xa teño dito moitas veces, son erguidos ás 6 da mañá ou deitados ás 7 da tarde, por falta de relevo e de recursos humanos, por falta de relevo das compañeiras, pero tamén doutras cuestións que non teñen por que estar escritas na normativa ás veces pero que comprometen a propia ética profesional, como, por exemplo, comentaban, denunciaban as propias traballadoras de residencias nunha residencia nomeadamente, pero pasou en moitas outras, encargadas da limpeza que ao leren o que se chama a libreta de notas, onde se poñen os recados, por exemplo, para a limpeza, tiñan a seguinte orde por escrito: *rascar el suelo*, e nomeadamente os lugares por onde tiñan que *rascar el suelo*. E como, ademais, tamén especificaban facer unha limpeza xeral de portas, fiestras, etc., preguntáronse por que esta inusual nota e recomendación —orde, mellor dito—, e realmente ao cabo dunhas horas déronse conta, porque o motivo foi unha visita do delegado de DomusVi, o actual, o que sucedeu a Josefina Fernández, e a mesma xunto co seu irmán e outros responsables —e, por certo, pioneiros tamén en recibir a vacina, como saben—.

Este tipo de cuestións son graves, pero cando pasamos un paso máis alá, a liña vermella, cando a saúde das persoas maiores se ve comprometida a causa por exemplo dunha dieta pobre, dunha alimentación que non está preparada ou prevista para esas persoas, que, ademais, é unha residencia que lle custa máis de 2.000 euros ao mes en moitos casos, é gravísimo, e temos que poñer atención nesta cuestión, ademais das medidas, nas que, por certo, tamén nomeaban as de suxeición, que son moi graves e, por certo, moitas, como constatan, sen prescrición médica.

Existen casuísticas deste estilo, que teñen que facer arrincar o compromiso de todos e de todas, o compromiso sobre todo deste Goberno galego de establecer mecanismos de control exhaustivos para permitir a correcta supervisión dos coidados que a nosa sociedade está a ofrecer ás persoas maiores. Porque grazas ás persoas maiores, grazas a elas, chegamos ata aquí os que hoxe estamos. As persoas maiores de hoxe son as que traballaron dende cativos para levar cartos aos seus pais e logo para levar cartos aos seus fillos, e son as persoas que hoxe en día tamén axudan á conciliación, ao coidaren os seus netos e netas, como temos por sorte moitos e moitas, para facer o noso traballo e poder conciliar a vida laboral e familiar.



Non podemos permitir que o seu benestar ou incluso a súa propia saúde física ou mental se comprometa por falla de recursos e supervisión da Administración, porque é a nosa obriga.

A percepción do paso do tempo para as persoas maiores cambia, é máis rápida, e cada ano conta. Falando cunha compañeira hai uns días, duns aproximadamente 80 anos, dicíame que dentro de tres ou catro anos pois non sabía como estaría de saúde e cal sería o seu futuro, se estaría en plenas facultades por exemplo cognitivas ou físicas. Por iso, cada ano que pasa sen que solucionemos a cuestión é un ano perdido; os minutos pasan á mesma velocidade, pero a percepción que temos do paso do tempo é distinto segundo a idade que teñamos.

Imos apoiar, por suposto, esta iniciativa, porque hai que blindar o control e supervisión para optimizar os coidados e impedir a vulneración dos dereitos das persoas maiores, porque é de xustiza. Pero máis aínda cando estamos a falar de posibles vulneracións de dereitos ou incluso malos tratos, como puidemos ver en moitas situacións, que loxicamente é unha cuestión moi sensible que nos ten que afectar a todos e a todas, independentemente da cor política.

Temos que blindar as persoas maiores neste sentido, porque moitas das que residen en centros teñen mermadas as propias capacidades cognitivas. E, por tanto, o conxunto da sociedade, e nomeadamente a Administración, ten o deber moral e a propia responsabilidade e obriga de atopar a fórmula para protexelas, porque hoxe son elas pero mañá seremos todos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Partido Popular ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidenta.

Señorías, boas tardes a todos.

Pois unha nova edición dun clásico do Bloque Nacionalista Galego: a demonización das empresas e fundacións que xestionan residencias públicas, sempre e cando a concepción desas residencias, por suposto, non corresponda a administracións gobernadas polo BNG e polo PSOE.

Eu véxome, unha vez máis, na obriga de criticar a utilización que fai a oposición da súa condición de parlamentarios, utilizando de forma espuria a prerrogativa de inmunidade parlamentaria para difamar servidores públicos. É unha actitude lamentable cando o obxectivo é atacar cargos públicos, pero creo que resulta intolerable cando se dirixe contra funcionarios públicos, cuxa profesionalidade e bo nome se cuestiona co único fin de desgastar o Goberno. E si, coincido coa señora Rodil: é unha barbaridade.

É lexítimo cuestionar se os servizos de inspección son suficientes, porque todo o servizo público é mellorable, é unha cuestión opinable, sobre a que, por certo, quixera facilitar algúns



datos. Existen actualmente 29 profesionais no Servizo de Inspección, máis o persoal interino de apoio para tramitación de expedientes de sanción, que se contratou durante os últimos anos; a isto hai que sumarlle unha nova edición do curso de capacitación celebrado na EGAP para crear unha bolsa de contratación para atender as vacantes, máis o curso de inspección de servizos sociais realizado tamén pola EGAP para actualizar coñecementos dos inspectores.

Pero mire, a pesar destas actuacións, coincidimos na necesidade de reforzar o Servizo de Inspección, e, por iso, alcanzamos acordos nese sentido. Dígame da Comisión de reactivación: a Comisión considera que a Xunta debe intensificar as inspeccións sobre centros residenciais para garantir a calidade dos servizos que prestan aos usuarios. Ou no pasado debate do estado da Autonomía, onde acordamos reforzar os equipos de inspección dependentes da Consellería de Política Social para incrementar a supervisión dos centros de maiores. Por iso, nós poderíamos apoiar perfectamente ese punto terceiro da súa iniciativa.

Pero, do mesmo xeito, pódolle dicir que tamén é lexítimo pedir informes á Asesoría Xurídica, aínda que sexa obviando que xa fiscaliza previamente todos os procesos de adxudicación da Xunta de Galicia. Pero á oposición non lle bastan todas estas críticas, lexítimas, e ten que dar un paso máis.

Mire, podemos lembrar as moitas ocasións nas que a esquerda galega formulou aquí en sede parlamentaria gravísimas acusacións contra traballadores públicos. Iso si, non lembrarán nin unha soa desculpa nin unha soa rectificación cando esas acusacións se amosan falsas. Aquí recordamos como a funcionarios públicos se lles acusou de dar un pelotazo por falsificar documentos nunha obra en Rede Natura, arquivada, por suposto; nin unha palabra. Recordamos tamén como nesta cámara se acusou algúns funcionarios da Xunta, concretamente de Ourense, de ter un comportamento mafioso, propio dunha mafia, efectivamente, por acosar unha inquilina da Xunta, procedemento que tamén foi arquivado; sen desculpa ningunha por parte de ninguén. Incluso chegamos ao punto no que se acusou a xente, aquí, funcionarios públicos, de asasinar os pacientes que non recibían determinados tratamentos de hepatitis C, caso tamén arquivado, polo que, por suposto, esas persoas seguen esperando desculpas.

E unha vez máis aproveitan vostedes a súa condición de aforados para realizar, de maneira covarde, falsas acusacións, neste caso dúas. A primeira, imputando a unha residencia a comisión dun delito; e, a segunda, imputando a outro funcionario outra, a de ocultar ese delito. Non é a primeira vez. Comparecentes que viñeron a esta cámara por proposta súa acusaron a xefa do Servizo de Inspección de que daba chivatazos a residencias avisando previamente das datas de inspección. Eu pedinlle —hai quen o ratifica aínda e afirma coa cabeza—, nós levamos pedindo meses que vostedes se desmarquen desas gravísimas e falsas acusacións. Hoxe temos a resposta ás nosas propostas: insisten, recuncan e aínda presumen de acusar sen ningunha proba a xente —volvo repetir— non de facer o traballo ben ou mal, non de ter ou non ter máis ou menos medios para realizar o seu traballo; vostedes acúsanos de delinquir, e, ademais, di o señor Rivas que é práctica habitual. É para sentirse orgullosos, a verdade é que teñen que sentirse moi orgullosos. Por suposto, isto fano na súa condición de deputados, porque isto, como cidadáns na rúa, non se atreven a facelo. É unha covardía, (*Aplausos.*) é unha covardía absoluta, absoluta. Teño que dicilo. Lamentable, lamentable.



Mire, o Grupo Parlamentario Popular ten o convencemento absoluto de que os funcionarios do Servizo de Inspección da Xunta de Galicia realizan o seu labor con absoluta honestidade. Cada irregularidade detectada ou denunciada é investigada, tramitada e, se procede, sancionada, porque claro, o señor Tabarés di que hai residencias que se visitan unha vez cada tres anos, e outras catro ou cinco nun ano se hai denuncias; claro, iso non se conta.

E, de feito, de cada inspección, se se presumen indicios de delito, e só se se presumen indicios de delito, dáse traslado á Fiscalía, ao xulgado ou á autoridade competente, porque ás veces nos atopamos incumprimentos de natureza social pero tamén sanitaria, laboral ou penal.

Vostedes din que a Xunta tapa isto. Eu voulle poñer un exemplo: residencias de Burón; é do ano pasado, non imos á Prehistoria. A Xunta dita o peche cautelar das vivendas comunitarias Burón I e II, na Fonsagrada, tras o traslado de todas as persoas residentes, comunica á Fiscalía os feitos constatados nestes centros pola inspección de servizos sociais. Detéctanse irregularidades, decrétase o peche cautelar, dáse o traslado á Fiscalía e faise unha proposta de sanción —desas que vostedes consideran mínimas— de 195.000 euros, que está en suspenso o expediente porque está pendente de que se resolva na vía xudicial.

En todo caso, señorías, eu creo que no que si podemos coincidir é en que a aplicación de medidas de suxeición é en calquera caso unha mala praxe, unha mala praxe coa que a Xunta quere acabar, se é posible minimizar de xeito radical no novo modelo de residencias. Pero son as circunstancias as que determinan se merece unha sanción administrativa ou unha sanción penal. Isto é así porque as accións administrativas están claramente definidas na Lei de servizos sociais de Galicia e, entre elas, esta da que estamos falando, a suxeición e privación de movementos de persoas maiores.

Está aí, por certo, porque teño que recordar que a Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, é unha lei que se impulsou e aprobou cando estaban vostedes no Goberno, que nós non a criticamos porque a asumimos e a mantemos tal cal. Pero, ¡home!, que diga vostede que non hai posibilidade de sanción administrativa cando foron vostedes os que incluíron esa sanción administrativa nun texto legal é cando menos curioso.

Polo tanto, señoría, o que ten que ter vostede claro é que, efectivamente, en función do tipo de infracción ou do tipo de irregularidade que se detecte, se dá traslado a unha ou a outra autoridade, non por capricho da Xunta de Galicia nin tampouco, como entenderá, por capricho do Bloque Nacionalista Galego, senón conforme o leal saber e entender dos funcionarios da Xunta de Galicia.

Porque eu creo que debería ser vostede consciente da gravidade das acusacións que fai aquí, de maneira —se mo permite— moi lixeira. É que é moi duro dicir aquí que vostede comprobou unha acta, que nesa acta vostede ten o convencemento de que existe un delito e que un funcionario non dá traslado do mesmo, porque é quen ten a obriga de facelo.

Artigo 408 do Código penal: «A autoridade ou funcionario que, faltando á obriga do seu cargo, deixara intencionadamente de promover a persecución dos delitos dos que teñan noticia ou dos erros responsables incorrerá na pena de inhabilitación especial para emprego e cargo.» Iso é o que está dicindo vostede. A min paréceme un feito moi grave.



Pero teño que recordarlle, señoría, que en calquera caso, da mesma maneira que os funcionarios teñen a obriga de denunciar aqueles delitos dos que teñan coñecemento, a mesma obriga témolos os cidadáns respecto dos delitos públicos, como é o caso, porque este sería un delito público toda vez que se comete cunhas persoas especialmente vulnerables, e, polo tanto, delitos perseguibles de oficio.

Vostedes rexistraron esta iniciativa en marzo. ¿Trasladaron estes feitos á Fiscalía? Porque vostede afirmou aquí que ten coñecemento da existencia dun delito, non —rectifico—, de dous delitos: un, da residencia, e, outro, do Servizo de Inspección. Pregúntolle —e espero que responda no seu peche—: ¿vostedes trasladaron desde marzo estes feitos á Fiscalía, como é a súa obriga? Porque, señoría, se o fixeron, a súa iniciativa resulta absolutamente innecesaria, porque a Fiscalía xa tería coñecemento destes feitos; e, se non o fixeron, señoría, estamos ante un exercicio de cinismo intolerable.

Eu —e remato xa— o único que lles pido é que sexan vostedes respectuosos cos traballadores públicos, con todos, que se lles enche aquí a boca de defender os traballadores públicos e despois, con absoluta impiedade, dedícanse a tirar o seu bo nome, o seu bo facer polo chan, sen que nin nunha soa ocasión se teña escoitado nesta cámara unha desculpa ou unha rectificación, non co Goberno, non con este partido....

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que terminar, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...non con este grupo parlamentario, senón cos funcionarios aos que vostedes levan calumniando durante moitísimo tempo. E eu espero que vostede suba agora aquí e nos diga que deu traslado destes feitos á Fiscalía, porque, señor Tabarés, en caso contrario, o único que está incumprindo co seu deber legal, e probablemente cometendo un delito de ocultación, é vostede.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos Couñago.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición non de lei, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Imos por orde. Primeiro, sobre a situación do acoso inmobiliario de que falaba, iso foi unha querela do Ministerio Fiscal. Penso que o fiscal xefe de Ourense foi inhabilitado por iso. De todo o demais... *(Aplausos.)*

Ben, segundo, seguen coa súa estratexia, moi burda, pola materia de que estamos falando, de criminalizar os funcionarios. Primeiro, en ningún caso falei de función dos inspectores. Os inspectores limítanse a constatar o escaso número de bos profesionais e moi honestos que son, unha realidade. Nós todo o que dixemos aquí foi ou ben do Consello de Contas ou



ben de actas de inspección consultadas. Por certo, consultar esas actas de inspección que están nos expedientes administrativos levounos traballo.

Un inciso: non sei se se dá conta de que eu non dixen en ningún caso o nome da empresa, o nome da fundación. ¿Por que? En primeiro lugar, cando pedimos a documentación, foinos negada; recorremos aos servizos da Cámara e ao final puidemos consultala o 1 de marzo, baixo estritas medidas de seguridade, cunha persoa diante por se faciamos fotografía, e previo asinamento dun documento de confidencialidade. Por iso aquí non estou pondo o nome, aínda que me consta que hai quen o sabe, de ningunha sociedade, ningunha fundación, que puido incumprir.

Pero, mire, *(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro mostra un documento.)* leo o que vén nunha resolución da Xunta de Galiza, por certo, dicindo que inspeccións a un centro en 2017, ningunha; en 2018, ningunha; en 2019, unha. E noutro: 2017, unha; 2018, ningunha; 2019, ningunha. E os principais centros: 2017, ningunha —estou falando doutro—; 2018, unha; 2019, ningunha. Isto son as inspeccións.

Pero di esta mesma resolución: «Deste xeito, o pasado 1 de marzo os deputados do BNG...» —o nome, ben, Olalla e eu— «...tiveron acceso á dita documentación, garantindo a seguridade e confidencialidade da información». Por tanto, agora, que se nos está negando o poder divulgar información, temos que estar cun coidado absoluto, que agora veña dicir que se non denunciámos a Fiscalía, que..., non, non, as actas téñenas vostedes e non os funcionarios... *(Aplausos.)* Está criminalizando... *(Aplausos.)* Á parte de non ter idea do que é a función do Servizo de Inspección, dos 11 grandísimos profesionais que se deixan a vida, *(Aplausos.)* non teñen nin o labor nin a competencia para incoar procedemento sancionador. Non lles corresponde a eles incoar o procedemento sancionador, non teñen eles a competencia para incoar expediente... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Pazos, vostede xa tivo o seu turno. Silencio.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Espero que, despois desa lección de Dereito, dirixa unha querela contra a conselleira, porque a conselleira é quen ten a competencia para poder transmitir iso á Fiscalía. *(Aplausos.)* Non se escude nos funcionarios, non se poña detrás dos funcionarios para esta grave, gravísima situación de incumprimento. *(Aplausos.)* Porque están incumprindo cos dereitos das persoas, están infrinxindo ou permitindo a vulneración dos dereitos fundamentais das persoas, que non se perden polo feito de ser maior ou polo feito de ter alzhéimer. Non se perden, seguen sendo titulares dese dereito que vostedes encobren e silencian. *(Aplausos.)* E non se escuden nos funcionarios. Están pagando millóns de euros de recursos públicos a quen saben que están incumprindo. E está en actas da Inspección que determinado centro conservaba os alimentos caducados, non se facilitaba a alimentación que estaba prescrita, non tiñan a atención directa no número exixido. Iso estábano tolerando e teñen coñecemento a través das actas de inspección.



E, por outra parte, miren, nós non discutimos que o proceso de adxudicación fora correcto. Non discutimos os informes da Asesoría Xurídica previos á adxudicación. O que discutimos é que, se se chegan a dar os pasos adecuados, isto é, constatadas polo Servizo de Inspección as infraccións que se estaban cometendo —as presuntas infraccións ou os presuntos delitos—, se dan coñecemento á Fiscalía, se incoan un procedemento sancionador, puidera ser que resultara de aplicación, seguindo as bases, por suposto, da Lei de contratos dese momento, e entón, dentro das causas de prohibición de contratar desa sociedade —á cal non me vou referir e non vou dicir o nome—, pero podería ser que se incorrera na imposibilidade de contratar por ter incumplido as cláusulas que son esenciais no contrato. Por tanto, se seguiran ese proceso, se seguiran o proceso de, detectada a infracción, incoar procedemento administrativo sancionador e mesmo nos prazos legalmente establecidos impor a sanción, é posible que esa empresa non fora adxudicataria dese contrato millonario.

Pero, en todo caso, despois desa defensa —diría— mesmo impropia de vostede, o que lles estamos a pedir é que o tomen en serio. Existen unhas actas do Servizo de Inspección. Esas actas conteñen feitos —o Servizo de Inspección ten presunción de veracidade— presuntamente delituosos. O único que lle estamos pedindo á Xunta de Galiza —non a vostedes— é que esas actas de inspección, esas actas de grandísimos profesionais, en escaso número, sexan postas en coñecemento da Fiscalía; é o único que lles estamos pedindo. Nós non o podemos facer. Eu, se non —créanme—, faríao mañá. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, que me autorice a Xunta de Galiza... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...e xúrolle por Deus que mañá teñen a querela. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Agora hai unha alteración da orde do día, que xa foi comunicada.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e D^a Paloma Castro Rey, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer o bosque autóctono

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.



(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Elena Candia López, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante esta Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. 25177 (11/PNP-002269).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que fomente a xestión forestal activa de masas de frondosas autóctonas, así como establecer medidas para determinar a prioridade na concesión de axudas públicas, a divulgación da utilidade destas masas, así como ao desenvolvemento de vantaxes fiscais para os seus titulares, a través do Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Pois unha parte importante dos problemas que se lle acumulan á humanidade hoxe —que non son poucos nin pintan demasiado ben— derivan do feito de que formamos parte dunha civilización case por completo desnaturalizada que vive na súa maioría en espazos urbanos desprovistos de calquera contacto coa natureza; unha natureza que nos resulta allea, cando non hostil, a pesar de que formamos parte dela, porque somos natureza tanto como somos cultura. Máis concretamente, o naturalista Joaquín Araújo di —expresión moi gráfica— «que somos un bosque que botou a andar». Un bosque que botou a andar refírese a que os simios dos que descendemos e cos que estamos estreitamente emparentados desenvolveron gran parte das súas habilidades e capacidades subidos nas árbores que lles servían de refuxio fronte aos depredadores, en estreita relación con eses bosques nos que vivían. Pero refírese tamén á importancia dos bosques como sustento da vida da que formamos parte, porque sen bosques non habería vida. Por iso é difícil exaxerar a importancia, a enorme importancia que teñen os bosques para a nosa supervivencia nun mundo en colapso ecolóxico acelerado.

En estreita conexión con todo o anterior, un dos acordos que se adoptou na recente COP26 —de feito, o primeiro grande acordo acadado nesa conferencia— foi o de frear a deforestación, tratar polo menos de frear a deforestación do planeta, en base ao consenso de que os bosques son o instrumento máis importante, barato e efectivo do que dispón a humanidade para loitar contra a crise climática, que representa a maior ameaza ecolóxica, pero tamén existencial, económica e social á que nunca se enfrontou a humanidade, interpelando e poñendo en cuestión todos e cada un dos aspectos das nosas vidas, así como a nosa civilización no seu conxunto.

Porque os bosques forman parte ou forman en si mesmos un dos sumidoiros, dos maiores sumidoiros de carbono do planeta. E, pola contra, a destrución dos bosques producida polo cambio climático implica a liberación na atmosfera dunha cantidade inxente de CO₂, por non falar do CO₂ que emite a destrución dos bosques orixinada directamente pola actividade humana.



Haberá quen diga que que problema temos en Galicia cos bosques, se sobran árbores, hai moitas árbores, producimos a metade da madeira que se corta en España. Pero, para efectos ecolóxicos, hai que diferenciar claramente, porque hai unha enorme, abismal, diferenza entre o concepto de bosque e o concepto de plantación forestal. Como sinala o Ministerio para a Transición Ecolóxica no seu informe Os bosques e a biodiversidade fronte ao cambio climático, a repoboación con masas forestais monoespecíficas de especies alóctonas, como é o eucalipto, incrementa a vulnerabilidade dos bosques fronte ao quentamento global, mentres que as estruturas máis biodiversas baseadas en especies autóctonas amósanse moito máis resilientes.

Os servizos ecosistémicos que prestan os bosques son enormes e, comparativamente, moi superiores aos de calquera outro ecosistema. Ademais de absorber CO₂, fixan e estabilizan o chan, son o maior refuxio terrestre de biodiversidade porque albergan e alimentan todo tipo de organismos vivos —como animais, vexetais e fungos de todo tipo— mediante os ecosistemas que xeran ao seu redor, contribúen a crear un clima máis propicio á vida e á humanidade mediante a súa capacidade de atraer choiva, e un longo, longuíssimo —diría—, etcétera.

Hai que destacar tamén os beneficios paisaxísticos do bosque autóctono, que embelece a paisaxe, especialmente pola variedade de cores que se producen en outono e, en menor medida, na primavera, cunha calidade paisaxística que obviamente non teñen as plantacións de eucaliptos. Logo están tamén os beneficios sociais, porque os bosques permiten entrar en contacto cun contorno natural ou simplemente desconectar do estrés das nosas vidas cotiás.

Xoga aquí, entra aquí o concepto de biofilia, que implica que, como animais que evolutivamente desenvolvemos a nosa equipaxe xenética en estreito contacto coa natureza, necesitamos ese contacto —aínda que non nos deamos conta—, porque ese contacto mellora o noso benestar físico e anímico, e a súa ausencia empeóranos.

Un dos países cunha maior superficie forestal e tradición e cultura forestais no mundo como é Xapón reconece e promove oficialmente nas últimas décadas unha práctica chamada *shinrin yoku*, que significa «absorber a atmosfera do bosque» —literalmente—, trasladándose ao noso país no concepto de «baños de bosque», unha práctica avalada por estudos que demostran que eses baños de bosque teñen efectos físicos e psicolóxicos netamente positivos.

Por todo o anterior, e moito máis, o bosque autóctono, como ecosistema terrestre máis biodiverso e que presta unha maior cantidade de servizos ecosistémicos, cantidade e variedade, debería ter peso nas políticas públicas dun país civilizado no século XXI, en liña co dereito constitucional a un medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, porque non pode haber un medio ambiente axeitado se non hai bosque, ata o punto de que non sería exaxerado falar como correlato dese dereito ao medio ambiente dun hipotético dereito ao bosque, do cal gran parte da cidadanía galega —a que vive na costa e particularmente nas grandes áreas urbanas— estase vendo privada pola dificultade de atopar un bosque nun estado de conservación minimamente axeitado no seu contorno inmediato, o cal vai en contra non só da Constitución senón tamén do Pacto verde europeo, da Estratexia forestal europea para o ano 2030, aprobada en xullo deste mesmo ano.



Porque Galicia, a pesar de ter unha gran superficie forestal, está perdendo os seus bosques de xeito acelerado en gran parte do seu territorio; un feito que non reflicten axeitadamente as desfasadas —moi desfasadas— e parciais —moi parciais— estatísticas oficiais, pero perfectamente visible para calquera que dea unha volta por tantas zonas nas que se atopan á beira das estradas os restos das últimas fragas convertidas en pilas de troncos cortados paralelamente ao crecemento de plantacións descontroladas de eucalipto *nitens*, que proliferan cada vez máis cara ao interior de Galicia. Porque o *nitens*, como sabemos, rompe a barreira xeográfica que tiña o *eucalyptus globulus* e por tanto permite a colonización do resto do territorio de Galicia que non estaba aínda colonizado polo eucalipto.

Pouco queda xa daquel entrañable universo que narrara Wenceslao Fernández Flórez, aquel bosque animado, no que coexistían animais, homes, lendas, e, en suma, unha cultura ancestral pegada á terra que era a cultura tradicional galega. Tristemente, quen dea unha volta por Cecebre poderá comprobar que o bosque animado xa non existe na realidade, fóra dalgunhas bibliotecas en forma de novela —novela, por certo, moi recomendable—.

Pero o sector forestal representa hoxe máis do 3 % do PIB de Galicia e unha das principais actividades económicas, que ocupa decenas de milleiros de persoas nun país azoutado polo desemprego; esa é unha realidade. Por si soa Galicia é a novena potencia forestal europea, produce a metade da madeira que se corta en España. Esas magnitudes acadáronse a pesar da desidia pública de que un terzo do monte galego é improdutivo, cifra moi superior á doutros lugares con tradición forestal, o que dá idea do grande ou enorme potencial desaproveitado.

E o Plan forestal de 1992 contemplaba investir no sector o 3 % do orzamento autonómico e na práctica ese orzamento quedou na metade, gastándose máis en apagar lumes ademais que en racionalizar o monte, o cal implicaría diversificar as especies forestais e tamén os usos do monte, distinguindo entre económicos, sociais e ambientais, e, por certo, diversificando tamén os económicos.

En síntese, a única política forestal que practicaron os sucesivos gobernos populares foi a de «ti vai plantando», basicamente eucaliptos, de modo que o obxectivo do Plan de 1992 para o ano 2032, 245.000 hectáreas de eucalipto, estímase máis que duplicado hoxe, non polas estatísticas oficiais senón polas máis exactas que non son tan oficiais, cun mínimo de 500.000 hectáreas.

Pero o Estado de dereito, como a propia democracia, consiste en boa medida en practicar o equilibrio. Son equilibristas tanto o Estado de dereito como a democracia: equilibrar valores, dereitos e intereses moitas veces contrapostos. E por iso o valor económico do eucalipto debe inescusablemente ser compatibilizado co valor ambiental e social do bosque autóctono, protexido polo dereito constitucional a un medio ambiente axeitado. (*Aplausos.*) Iso soamente pode facerse mediante unha decidida intervención pública, que hoxe non se está a producir.

E, nese sentido, ademais do cambio de política forestal que tantas veces reclamou o Grupo Socialista, a creación dunha rede pública de bosques autóctonos contribuiría a mellorar a nosa paisaxe, crearía espazos de espaxamento e disfrute da natureza e produciría un gran beneficio ambiental e social cun moi escaso investimento de recursos públicos. Porque plan-



tar árbores ou conservar as xa existentes é moitísimo máis barato que crear infraestruturas a base de cemento.

O bosque autóctono pode tamén servir como bosque escola ou escola de natureza, como se fai en moitos países do mundo, en menor medida en España. Crear unha rede pública de bosques autóctonos sería, por tanto, unha iniciativa pública de máxima eficacia, eficiencia e efectividade.

Por iso, se van votar vostedes en contra, agardo que dean algunha explicación razoable que non sexa que esta iniciativa parte do Grupo Socialista. E, por certo, xa lles adianto que estou certo de que esta iniciativa contaría co apoio e colaboración de todos os concellos e deputacións socialistas, nas que vive a maioría da poboación de Galicia.

Nada máis, e seguimos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo, señorías.

A verdade é que escoitei con moita atención a exposición do señor Arangüena e lin tamén con moito detemento a proposta de acordo, que creo que debe centrar o sentido do noso pronunciamento. Traen a debate que o Goberno galego deseñe, impulse e implemente un plan dotado do correspondente orzamento para que en cinco anos, en colaboración coas administracións locais —na redacción pon así: colaboración, realmente máis ben despois na redacción parece que máis que colaboración é certamente case unha obrigación ou unha imposición—, e que se dote dun bosque autóctono público, como mínimo; é dicir, pode haber algún concello que poida optar a dous. Ben, aparenta...

Eu lino con moito detemento e prégolle ademais que todo o que vou dicir a continuación o interprete na sensibilidade —e aquí vén a miña cuña publicitaria local— de que veño de Mondoñedo, onde se celebrou a primeira Festa da Árbore de Europa, en 1569. Por aquel entón o alcalde, Luis de Luaces, so pena de multa, obrigou os mindonienses a plantar árbores, e incluso encontramos polo século XVI ordenanzas que prohiben a tala de carballos. Esa sensibilidade marcou o meu carácter, e enténdame ben.

Agora, tamén é certo que vostede empezou a súa exposición analizando os problemas da humanidade. Eu pensei que se ía referir evidentemente a que mañá poñer a lavadora custa o dobre ca hoxe e custa cinco veces máis que o ano pasado. Ou se no medio rural, que é basicamente onde se atopa o noso terreo forestal, pois se lles preguntamos agora nunha enquisa aos nosos gandeiros ou ás persoas que están vivindo nun núcleo rural, trasladarían a



preocupación que están vendo de ataque a animais incluso de compañía dunha especie como o lobo, ao que o seu Goberno quere incrementar a súa protección. Ou, por suposto, o elevado custo do gasóleo, ou, como dicíamos na iniciativa anterior, das materias primas.

Ben, en definitiva, a esas preocupacións —e, reitero, enténdame ben— a solución que nos dá o señor Arangüena é recomendarnos a lectura dunha novela ou tamén invitarnos a abrazar unha árbore. Se, efectivamente, ten esas funcións terapéuticas, trasládanos a Xapón; e non me estraña, porque, evidentemente, se tiveramos as circunstancias medioambientais, que está entre os dez países do mundo que máis contamina, é probable que dentro das estratexias imprescindibles e urxentes que teñan que adoptar as administracións públicas pois estea dotar de especies, de lugares de espaxamento e evidentemente dar eses baños de bosque.

Eu fágolle unha pregunta, señor Arangüena: ¿vostede é capaz de enumerarme dez concellos de Galicia que non teñan un bosque autóctono? Eu creo que non. E tamén lle digo outra cousa, porque creo que é unha mensaxe negativa: creo que falar de deforestación en Galicia non fai xustiza coa nosa realidade, non fai xustiza coas nosas paisaxes.

E aí tamén podemos encontrar moitísima literatura, que moitas veces escribe as páxinas da nosa historia —da que nos sentimos moi orgullosos—, e aquí tamén vou citar outro mirdoniense que dicía que «a imaxe ideal de Galicia faime vela co seu gran souto antigo». É dicir, os bosques autóctonos son sinal de identidade da nosa Galicia, sen ter que ir aprender nada, con todos os respectos, da sociedade xaponesa, (*Aplausos.*) que ao mellor en moitas cousas si que temos que aprender.

Ben, dito isto, insisto en que todo isto o expoño coa sensibilidade de que debemos mandar mensaxes de respecto ao medio ambiente —indubidablemente—, de que temos que fomentar que sigamos protexendo as masas frondosas, de que temos que incentivar, porque tamén hai un dato que en Galicia é clave: o 97 % do terreo forestal é de carácter privado, e, evidentemente, ben, pois non sei se vostede está propoñendo que en 313 concellos de Galicia se chegue —non sei— a expropiar terreo para fomentar a implantación dun bosque autóctono.

A ver, eu creo que a idea en si ten aspectos aproveitables. E creo que, ademais, de xeito pedagóxico, na exposición de motivos, ben, hai cousas nas que eu coincido, e as mensaxes que se lanzan desde este parlamento deben ser respectuosas cos principios que vostede parece deixar entrever nesa exposición de motivos.

Ademais, tamén lle vou dicir unha cousa: vostede aquí falou —non sei se vostede pode falar en nome dos tres presidentes das deputacións, probablemente si, é verdade que desde esta fin de semana pois permítame que o contrastemos—, pero eu, na política local, estou vendo que o Concello de Vilalba —no que, como sabe, goberna en minoría o Partido Socialista— tivo bastantes protestas precisamente por talas de especies que vostede aquí podería perfectamente identificar propias dun bosque autóctono. Ou, sen ir máis lonxe, no concello de Lugo, non sei se sabe vostede que en termos dos compañeiros do Bloque Nacionalista Galego podemos definir como unha navallada ao concello de Lugo, que é o carril bici, pois para poñer aquela cousa verde —que eu vou a Lugo practicamente todos os días e aínda nunca



unha bicicleta vin pasar por alí—, pois tampouco lle doen prendas en talar a destajo árbore que colle cando pasa por alí a bicicleta.

Así que eu a sensibilidade esa pois tampouco a verdade que no Partido Socialista, polo menos na miña provincia, non a vexo.

Ben, sen desviarnos da proposta de acordo, o Partido Popular rexistrou unha emenda, como ben anunciou o presidente. Non di máis alá que o que está aprobado no Plan forestal. Porque, ben, nós insistimos moito na planificación e, evidentemente, na distribución ordenada dos recursos e en intentar ser previsibles, porque creo que na planificación medioambiental tampouco se pode andar a arroutadas nin a bandazos. E eu remítolle a ese modelo de monte que se describe no Plan forestal, na páxina 33 e seguintes, que —insisto— en moitas cousas coincide con vostedes e coincide en que temos que seguir apoiando e ser capaces de que aumenten as masas de frondosas.

E a proposta de acordo que nosoutros lle trasladamos no texto da emenda di: «O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que fomente a xestión forestal activa de masas de frondosas autóctonas, así como establecer medidas para determinar a prioridade na concesión das axudas públicas, e a divulgación da utilidade destas masas, así como o desenvolvemento das vantaxes fiscais para os seus titulares, a través do Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas». Isto non deixa de ser o que Plan forestal recolle, evidentemente, dun xeito moi resumido.

E dígolle ademais que non me parece positivo que ideas coma esta reflectan ou queiran reflectir o que está facendo Galicia cos seus bosques. Non vou entrar no tema do eucalipto, porque aí tamén, dependendo do socialista ao que se lle pregunte, tamén ten unha opinión dunha maneira ou doutra, porque, se lle preguntamos ao alcalde de Castroverde e o escoita hoxe aquí, seguramente non estaría de acordo con vostede. Pero, ben, como todo, pois, joia!, na discrepancia tamén se enriquece.

Pero, ben, hai, dende logo, profesionais de recoñecido prestixio. Eu atopei un artigo moi interesante do 28 de outubro xa do 2019, que levaba o título de *Dez propostas para un baño de bosque en Galicia*, dun autor especializado na creación destas experiencias, tamén consultor, Edgar Tarrés, que identificaba Galicia como un sitio ideal, sen esa proposta de ter un obrigatorio en cada concello, para poder practicar este baño de bosque.

A min sempre me gusta poñerlles nome e lugar ás cousas. Cita dez, e literalmente pon: «cito dez, pero podería citar moitísimos máis». Fixo unha experiencia moi interesante na Ribeira Sacra, impartiu incluso unhas xornadas, e a valoración de todas elas era moi positiva. Citaba a fraga de Catasós, en Lalín; o teixedal de Casaio, en Valdeorras; o bosque da Fervenza, no Corgo; as fragas do Eume..., ben, así ata dez posibilidades —insisto—, destacando que podían ser moitísimas máis, e que Galicia, sen dúbida, era un lugar marabilloso para poder practicar estes baños de bosque.

Entón, resumindo, se vostedes están de acordo en seguir fomentando esa xestión forestal responsable, sen criminalizar ningunha especie —xa o dixen: veño da Mariña e



poño en valor toda a industria que xera tamén esa especie; vostedes, depende a quen se lle pregunte, pero en moitos casos tamén o defenden—, se queren incentivar eses principios que, dunha maneira bastante clara, consensuada e sobradamente coñecida se recollen no Plan forestal, pois por suposto imos apoiar, porque xa lle dixen —gustaríame que me entendese ben— que coincidimos en moitos dos pronunciamentos, pero realmente destinar orzamento de maneira obrigatoria para establecer 313 bosques autóctonos, en cada concello de Galicia, así tal como está explicado, a min dende logo non me convenceu. Paréceme que a nosa proposta é moito máis respectuosa coa autonomía local, moito máis respectuosa co que é a riqueza forestal da nosa Galicia, que non é mérito do Partido Popular —non se asuste—, é mérito dos galegos —xa llo digo moitas veces—, e creo que é a liña correcta para seguir fomentando que os bosques de frondosas se coiden, se protexan e nos sigamos sentindo orgullosos deles.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Obrigada de novo, señor presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Señora Candia, para que diga que nunca coincidimos nos nosos plantexamentos, creo que hoxe imos ter argumentacións bastante similares, polo que escoitei.

O primeiro que teño que dicir é que desde o BNG estamos bastante sorprendidos con esta iniciativa. De feito, pensei que se ían autoemendar, sorprendeume que non se autoemendaran. Cando revisabamos a documentación relativa a esta iniciativa, vimos que cunha semana de diferenza rexistraran vostedes outra iniciativa moi similar a esta, moi similar, unha semana despois. Entendiamos nós que corrixindo algunhas das varias eivas que ao noso modo de ver ten esta iniciativa que traen a pé no noso entendemento tiña un mellor corpo argumentativo e tiña moito máis sentido para nós tanto —repito— na exposición de motivos como, sobre todo, nas propostas de acordo que traía. E optaron por traer esta, e non entendemos —repito— moi ben por que, mais o que temos é o que hai, e disto imos falar.

Eu non sei nin por onde empezar. Esta iniciativa eu lina varias veces, tívena que ler e reler porque non acababa de pillar o punto do que pretendían con esta iniciativa. Na miña percepción hai un *totum revolutum* de distintas ideas, de distintos argumentos. Algunhas —non sei— fan referencia ao sector forestal, logo fan referencia aos bosques, mesturan termos aínda que din diferencials moi ben; noutras ocasións —de feito acabao de facer na súa propia exposición aquí na tribuna— mestura os termos de plantacións de eucaliptos, relacionándoas cos bosques. Non sei, é que é un pouco complicado analizar esta iniciativa.



Cinguíndonos —repito— ao que se di aquí, nós facémonos de entrada unha pregunta: ¿non hai bastantes árbores en Galiza?, ¿non temos bastantes árbores no noso país? Galiza nunca tivo tal cantidade de árbores en plantación, nin de bosques espontáneos tampouco, como ten a día de hoxe. Trátase, polo tanto, ao noso modo de ver, dunha cuestión máis de calidade que de cantidade do que tiñamos que estar a falar. Non se trata... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non se trata de plantar polo tanto árbores en todos os concellos, como din aquí, que, non obstante, na segunda iniciativa que rexistraron xa non o dicían deste xeito, tiña moito máis sentido —repito—.

Sen ir máis atrás e se nos fixamos por exemplo nos últimos cincuenta anos na evolución do arborado no noso país e seguindo os datos dos sucesivos inventarios forestais que publica o Estado, a conclusión dese seguimento revélanos o incremento da superficie arborada en só estes cincuenta anos de máis dun 45 %. Pasamos de preto dun millón de hectáreas en 1966 a 1.416.000 no último inventario forestal publicado, de 2009; agora, cando apareza o novo, vai ser aínda moito máis; un incremento forestal agudizadísimo na última década, a un ritmo dunhas 30.000 hectáreas por ano, que é unha superficie —entendemos— moi grande.

Ao mesmo tempo produciuse, como vostede sinalou nalgún momento, unha clara especialización da parte do territorio na produción de madeira, en tanto que no resto do monte galego, nomeadamente no interior do país, de onde eu veño por exemplo, ficou cunha escasa xestión e con moi pouco aproveitamento económico. Isto debeuse sobre todo a un desenvolvemento económico asociado ao despoboamento, ao abandono das actividades agrarias, e así nas comarcas do interior do país producíronse, como dixen antes, procesos de revexetación espontánea, con masas de nova aparición compostas sobre todo por frondosas caducifolias, que é o que aparece cando se xeran espazos forestais de forma espontánea. Entón, hai carballos, hai rebolos, hai bidueiros; hai, polo tanto, bosques autóctonos.

Indo un pouquiño máis atrás, en Galiza, á par do acontecido tamén na maior parte dos países máis ou menos industrializados, produciuse unha expansión xeneralizada do arborado que puxo fin ao que era unha deforestación característica dos séculos anteriores. Esa transición forestal —coñécese así, ademais, como transición forestal— fica clara, como sinalei, nesas cifras que lle dei deses sucesivos inventarios forestais.

É máis: xa no Catastro de Ensenada, no século XVIII, xa se facía referencia á escasa forestación que tiña Galiza, que ademais estaba dada por distintos factores, pola agricultura e gandería xeneralizadas, pero tamén, por exemplo, pola extracción de materia prima para o seu uso marítimo ou ferroviario.

Outro factor que hai que ter en conta no noso país é o que ten a ver coa forestación, que non reforestación, coa forestación feita polas políticas tanto do Estado como europeas vencelladas á reestruturación ou desestruturación do sector agrario. Durante a Ditadura, coa incautación *de facto* dos montes en man común, e nos últimos anos sobre todo a influencia máis apreciable no período que foi na última década do século pasado tras a entrada do Estado español na Unión Europea e coincidindo ademais cun tema que se tratou antes, coa aplicación das cotas lácteas, levaron a cabo unhas políticas tanto de limitación produtiva como de subvención do cesamento anticipado da actividade agraria



e déronse axudas para forestar o que eran terras agrarias, incidindo nunha explosión brutal da forestación en toda a Comunidade.

En definitiva, esta transición forestal en Galiza foi asociada claramente ao desmantelamento do sector agrario. Desde os sesenta, a Galiza, a nós «especializáronnos» en dous produtos no contexto estatal: un era o leite e outro era a madeira. Producimos hoxe un 38 % do leite de todo o Estado, cos prezos que non se axustan, como vimos antes, ao custo de produción, polo 18 % que produciamos en 1960, e copamos hoxe por hoxe máis da metade na madeira serrada cada ano no contexto estatal.

Con este panorama, polo tanto, algunhas das cuestións que di na exposición de motivos —dito con todo o respecto do mundo, de verdade— só poden estar ditas, algunhas das cuestións que aquí se plantexan, de parte de quen vive na cidade e que ve o rural como un parque temático. (*Aplausos.*) De verdade —e nisto concordo plenamente co que dixo a portavoz do Partido Popular—, na maior parte deste país hai bosques. É máis, estamos en Santiago, na capital do noso país, e nesta cidade hai bosques autóctonos. Non temos que ir máis lonxe, non temos que ir ao interior de Ourense.

Coa excusa da forestación neste país perdemos humidais, perdemos superficie agraria útil, perdemos ribeiras dos ríos, perdemos, polo tanto, biodiversidade. Os bosques de xeración espontánea están moi ben. ¡Coidado cos bosques xerados pola man humana!

O que hai que facer —repito—, como dixen ao principio, é ordenar e protexer o existente. Galiza é un país que por distintos motivos non ten unha cultura forestal como teñen por exemplo os países de Centroeuropa. Chegamos, como dixen, ao século XX case sen bosques, cunha propiedade moi fragmentada e, polo tanto, hai tempo neste país, hai moitos séculos que non temos bosques orixinarios, como se di aquí. Os bosques que temos hoxe en Galiza son case na súa totalidade froito da plantación ou da omisión.

E hoxe, como dixo tamén a portavoz do Partido Popular, a maior parte das frondosas autóctonas están en mans privadas ou comunais, un 97 %, como ela apuntou, moi pouquiñas en monte público. Iso, de entrada, dálle un percorrido moi curto a esta iniciativa.

Indo á proposta de acordo e abstraéndonos, con algo de traballo, dalgunhas cuestións que dixo vostede, falou de biofilia, do dereito ao bosque. O dereito ao medio ambiente non é o dereito ao bosque, hai sitios nos que será o dereito ao bosque e noutros sitios o dereito ao medio ambiente será o dereito a ter unhas augas limpas, uns ríos que estean saneados, un espazo natural biodiverso, non necesariamente bosque. Non existe un dereito ao bosque. Porque parece ao final que estamos a falar practicamente de adoptar un bosque. Falou vostede ata do bosque animado, que xa é —non sei— o culmen do urbanitismo nesta cuestión.

Eu entendo, indo á proposta de acordo e por rematar xa, abstraéndonos destas cuestións que menciona, que non todos os concellos —repito— deste país poden nin deben ter un bosque, non todos teñen que telo, non é necesario que todos os concellos deste país teñan un bosque.



Eu non sei que vai facer vostede coa emenda do Partido Popular. A nós parécenos razoable. E indo —repito— á iniciativa que rexistraron vostedes unha semana só despois desta, eu creo que é posíbel chegar a unha transacción con eses puntos de acordo que vostedes propoñan nesa segunda versión desta iniciativa —repito—, que incluía cuestións como fomentar a plantación de especies forestais autóctonas, conservar e mellorar os bosques de ribeira, levar a cabo actuacións de concienciación e educación no valor dos nosos bosques, crear unha rede de bosques autóctonos. Non fala en ningún caso dos 313 concellos deste país. Ben, creo que era unha proposta de acordo moito máis asumíbel e con moito máis sentido.

Máis nada e obrigada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo autor da proposición non de lei, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Respecto da emenda do Partido Popular, porque falou a señora Candia de consensuar, non temos ningún problema en consensuala se a fan como emenda de engádega; se a fan como emenda de engádega, aceptámola sen máis.

Á parte diso, falou vostede como o problema da humanidade do prezo da luz e tamén dos ataques do lobo. Poño no seu coñecemento que a probabilidade de que algún deputado ou deputada desta cámara sufra un ataque dun lobo é moi escasa e que, en todo caso, o Goberno central puxo enriba da mesa unha estratexia, que se aceptará ou non se aceptará, pero tamén inclúe financiamento (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), tamén inclúe financiamento, xustamente o que non dá a Xunta de Galicia para compensar os ataques do lobo á gandería. Iso para o seu coñecemento cando queiran analizar esa proposta.

En todo caso, tampouco a invitei eu a abrazar unha árbore, en ningún momento. De feito, invítoa a que non abrace ningunha árbore, porque as árbores non están para ser abrazadas, (*Risos.*) non por vostede, ¡eh!, senón en xeral, en xeral.

Si, díxome vostede que lle dixera dez concellos de Galicia que non teñen un bosque autóctono. Bueno, pódolle dicir moitos máis de dez —cun bosque autóctono en condicións minimamente axeitadas de conservación—. Poño por caso —no meu ámbito, efectivamente, máis urbano, porque coñezo moi ben os bosques de Ourense— A Coruña, Culleredo, Arteixo, Cambre, Oleiros ou Bergondo. Vaia vostede buscar un bosque autóctono por aí. Na zona norte de Galicia é francamente difícil, cada vez máis difícil, atopar un bosque autóctono. Evidentemente, cando un vai a Ourense, hai moito bosque autóctono aínda; pero en toda Galicia están en franco retroceso.

Falábame vostede de Cunqueiro, de que falaba dos bosques autóctonos. O problema é que morreu no ano 81, é dicir, hai catro décadas, exactamente catro décadas, que foi xustamente



o período no cal se produciu o retroceso do bosque autóctono en Galicia, que pode estar nas estatísticas forestais como incrementado, como pasa en todo o mundo. Pero unha cuestión é que espontaneamente o monte se rexenere e outra cuestión é que haxa bosques autóctonos —do que eu falo— nun axeitado estado de conservación. E en Galicia, por moito que diga un señor que pode dar un paseo por dez bosques —citou vostede tres e eu podería citarlle ata dez, efectivamente—, o que propono é un por cada concello de Galicia e en condicións axeitadas de conservación. Non ten por que ser as fraguas do Eume, evidentemente, pode ser un bosque dunha hectárea, de dúas hectáreas ou de máis, da superficie que se considere.

Como proposta, ademais, é de interese público, pode facerse en colaboración coas entidades locais de todo tipo e pode ter múltiples finalidades, e é perfectamente compatible con outra proposta na cal se propoña unha estratexia máis ampla. Esta é unha cuestión máis concreta pero fixemos unha proposta máis ampla de conservación do bosque autóctono. E dicía vos- tede se falamos de expropiar. Isto non é un estado comunista. Pódense mercar terreos; é dicir, vostede sabe que un concello pode mercar terreos, a Xunta pode mercar terreos, as deputacións ou todas as administracións en conxunto.

A señora González Albert dicíame que en Ourense non hai ese problema. Efectivamente, é a única provincia de Galicia, ou practicamente a única provincia de Galicia, na cal non se produce a situación en grao extremo que estou describindo. Pero é que eu estou falando de toda Galicia, de cada concello de Galicia. Póñolle como exemplo o concello de Castro Caldelas, no cal, por exemplo, se fixo unha iniciativa dun bosque que lle chaman «bosque comestible», que vai na liña do que nós estamos proponendo. Se iso o fan todos os concellos de Galicia, pois entendemos que sería axeitado, que tería unha funcionalidade de moitos tipos e un beneficio social, económico, paisaxístico, cultural, incluso educativo, e de todo tipo.

A partir de aí hai comunidades como Cataluña, que creou unha rede de bosques intocables con máis de 150 en toda Cataluña. Os Estados europeos protexen unha media do 5 % do seu territorio como zonas boscosas que non se poden tocar. Non é o caso do que nós propoñemos, pero é por dar unhas pinceladas do que vai nunha liña parecida. E, se se toca, hai que facelo dun xeito sostible e respectuoso coa biodiversidade.

En troques, en Galicia hai unha gran superficie forestal —isto xa o sabemos todos— pero moi pouco bosque oficialmente protexido e, moito menos aínda, ben conservado. Isto vai en contra —insisto— do dereito constitucional a un medio ambiente axeitado, que por suposto é moito máis amplo —non me veña explicar o que é o dereito ao medio ambiente, que efectivamente é moito máis amplo—. Eu estou falando dunha concreción do dereito ao medio ambiente. Pero vai tamén en contra do sentido do mundo e do benestar da cidadanía. E un dos bosques máis importantes de Galicia, por poñer un só exemplo, como son as fragas do Eume —parque natural e en teoría protexido— está asediado e invadido polo eucalipto. E nel o bosque autóctono só ocupa un 32 %, cando no ano no que se creou, no 1997, ocupaba o 40 %. Tamén temos a devesa de Anllares, no caso da Coruña. Se imos por toda a costa da Morte practicamente non queda un bosque autóctono. A devesa de Anllares está practicamente esmorecendo invadida polo eucalipto. A denuncia, a información, que presentou Adegá recentemente é que se plantaron, desde que se implantou a moratoria do eucalipto, o equivalente a máis de 200 campos de fútbol e que se presentaron máis de 100 denuncias, e así sucesivamente.



Insistimos —e remato—, cada cidadán de Galicia, non só os de Ourense, que xa poden desfrutar na súa inmensa maioría de moito bosque autóctono pero que non é incompatible coa iniciativa que nós estamos defendendo e plantexando, debería poder dar un paseo por un bosque autóctono sen necesidade de coller un coche e saír do seu concello, do mesmo xeito que cada neno ou nena de Galicia debería poder facer o propio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia dos intereses do sector marítimo-pesqueiro e da súa cadea mar-industria fronte ás actuacións do Goberno central

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 24063).

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a defender os intereses do sector marítimo-pesqueiro galego e da súa cadea mar-industria, desenvolvendo cantas opcións sexan necesarias para conferir a maior seguridade xurídica na modificación da Lei de costas e na Lei de cambio climático, e maior coordinación na pesca e comercialización do marraxo e o estrito cumprimento dos procedementos na xestión para poder exixir e acadar a retirada do recurso do Estado contra os plans de explotación marisqueira 2021-2023».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Propónse engadir despois de: «desenvolvendo cantas accións sexa necesarias», e antes de: «para frear e minorar a inestabilidade...», o seguinte texto: «esgotando sempre todas as vías de diálogo coa Administración central e poñendo todo o empeño en evitar unha xudicialización innecesaria dos asuntos que se han de resolver pola vía política».

Emenda de adición.

Engadir un novo parágrafo co seguinte texto:



«Asemade, o Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a superar 12 anos de parálise e retroceso do autogoberno e en consecuencia demandar a convocatoria da Comisión mixta de transferencias Xunta-Estado para programar a negociación, con carácter prioritario, do traspaso das seguintes competencias: ordenación do litoral e xestión do dominio público marítimo-terrestre, ordenación do sector pesqueiro, investigación oceanográfica e exercicio íntegro da capacidade de inspección e vixilancia pesqueira.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Comezarei expoñendo brevemente algúns puntos que supoñen agravios dende as decisións do Goberno de España, do Goberno central, ao sector marítimo-pesqueiro galego e á súa cadea mar-industria. A verdade é que, dende que chegou Sánchez ao Goberno, dende que se produciu esa coalición de PSOE e Podemos, co apoio do Bloque Nacionalista Galego, as decisións que están tomando dende Madrid con respecto ao sector pesqueiro son todas bastante negativas.

Comezamos co cambio da Lei de costas pola porta de atrás, tras intentalo co Regulamento de costas, para cercenar os prazos concesionais e aumentar a discrecionalidade da continuidade dos titulares das concesións —primeiro punto—. Xa o advertimos. Acusáronnos aquí de alarmistas e agora están nun problema de inseguridade xurídica moi preocupante para todo o sector.

En segundo lugar, a prohibición da comercialización do marraxo. Namentres que se outorga a cota para poder pescar este tipo de especie négase, por outra banda, a posibilidade da súa venda. Polo tanto, non se pode comercializar e afecta a frota dunha comunidade autónoma, que é a comunidade autónoma galega, e isto é tamén un agravio moi grande para a frota do palangre en Galicia.

En terceiro lugar, está a proposta do *Plan España 2050: Fundamentos y propuestas para una estrategia nacional de largo plazo*. Nesta proposta a única referencia á pesca e ao marisqueo vén na páxina 199 —son máis de 600 páxinas—, e sinala nun parágrafo o seguinte: «*Abordar con decisión y contundencia la transformación de sectores como la pesca, la acuicultura, el transporte marítimo y el turismo a fin de reducir su alto impacto medioambiental y lograr una mayor sostenibilidad en ellos*». O sector xa se bota a temblar porque non sabe en que consiste isto, pero a verdade é que parece que é un replantexamento de todo o que se está facendo e de como se traballa en Galicia.

Outro punto é a proposta de limitación da pesca de anguía. Por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica inténtase incluír esta especie no listado de especies silvestres en réxime de protección especial, contra o criterio das comunidades autónomas do Cantábrico e do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación. Por un lado un ministro —unha ministra— e por outro lado, outro ministro.



Outro punto: a vacinación de mariñeiros. Tamén hai un conflito neste punto. Sinalaron que deberíamos vacinar de forma directa, que tiñamos as competencias nas comunidades autónomas —sobre todo en Galicia—, que nada nolo impedía. E a propia ministra despois desautorizou o que dixeron aquí os deputados neste Parlamento, apuntando o seguinte —palabras textuais da ministra—: «*Cuando les toque, en el turno que les toque y con la vacuna que les toque*». Polo tanto, a ministra desautorizou unha vez máis decisións que se dicían aquí dende o Partido Socialista de Galicia con respecto ao sector pesqueiro e aos mariñeiros.

Outro punto: Laboratorio Comunitario de Referencia en Biotoxinas Mariñas. Aínda lembramos cando o Partido Socialista de Galicia sinalaba que fora un fracaso a petición de Galicia para albergar os cometidos que facía o CEFAS británico. E veu a ministra Cercedo —que xa non sabemos onde está— e destacou a importancia que cobra o laboratorio ao asumir estas competencias, por canto veñen a reforzar a dimensión do centro e a investigación que se realiza conxuntamente coa Universidade de Vigo —outra desautorización máis por parte do Ministerio e por parte do Goberno de España ao Partido Socialista de Galicia e aos seus deputados neste Parlamento—.

O regulamento de control. O Partido Socialista vota en contra deste regulamento aquí, pero despois vota a favor en Bruxelas. Polo tanto, aí, como digo, sempre se establece a dúbida. Logo nos orzamentos preséntase tamén unha partida para cumprir con este regulamento; polo tanto, unha alerta e un perigo, en certo modo, para a frota de baixura. Despois di que haberá unha excepción para as rías galegas. Intenta emendalo. Pero tamén existe certa preocupación porque non sabemos como vai actuar o Goberno de España neste punto co regulamento de control, que é moi agresivo para a frota de baixura aquí en Galicia.

Outro punto é modificación da Lei de costas pola Lei de cambio climático. Antes falábo no primeiro punto, pero tiveron que emendala ao darse conta —como dicía Galicia, como dicía o sector aquí— de que era inconstitucional e que tiña efectos retroactivos negativos. Como digo —insisto—, seguen coa inseguridade xurídica enriba da mesa e aínda non saben o que vai pasar.

Finalmente, o recurso ao Plan de explotación marisqueira. Logo falarei un pouco máis polo miúdo, pero en vinte e nove anos non se fixera isto nunca. É dicir, a verdade é que é moi chamativo como se actuou, a agresividade na maneira de actuar, o pouco coñecemento e o agravio directo que se está facendo ao sector pesqueiro.

Polo tanto, xa ven a cantidade de decisións, a cantidade de intencións, do Goberno de España que van en contra do sector pesqueiro. Nunca as súas decisións priorizan a pesca, ¡nunca! As súas decisións atacan o sector e —insisto— nós presentamos individualmente iniciativas na Comisión e neste Pleno con algúns destes puntos. Pero hoxe facemos un conxunto, xa que estamos a final de ano, para dar un toque de atención. Porque a verdade é que é grave que todo isto siga adiante sen que o Goberno de España tome ningunha decisión e que o sector pesqueiro estea agora, pois, plantexándose un montón de problemas que podería ter nun futuro inmediato.

Como digo, a Lei de cambio climático e transición enerxética que o Ministerio de Transición Ecolóxica promoveu está a causar gran preocupación no tecido mar-industria do noso país.



Estamos en decembro de 2021 e aínda non se sabe nada. É máis, anda circulando por aí, desde finais de novembro de 2021, a proposta de regulamento de costas, que é máis grave aínda. Polo tanto, esperemos que neste caso tomen algunha decisión que poida facer respirar e poida darlles algunha garantía a estas empresas, a estes cocedeiros e a todas as conserveiras que están na costa, ás que lles está afectando esa Lei de cambio climático. É un pau na roda da industria galega. E é certo que vostedes din sempre que en Galicia temos as competencias, pero é moi difícil exercer as competencias en materia de industria cando as modificacións das normativas sectoriais están nesta liña, porque, realmente, así se torpedea totalmente o traballo que hai que facer.

Ninguén dubida de que hai que actuar en contra do cambio climático e en favor dunha transición enerxética, pero isto trátase, como digo, dunha traizón enerxética a costa da pesca, a costa do sector pesqueiro. E esta listaxe de agravios que lin ao principio son só a punta, porque a verdade é que as decisións se toman sen previo diálogo, sen atender o sector, sen falar con eles e, por suposto, sen responder ás peticións ou ás solicitudes que se fan dende a Consellería de Pesca e dende a Xunta de Galicia.

Dende o ano 2009 o Goberno galego leva reclamando ao Goberno do Estado varias transferencias. Unha delas é a ordenación do litoral e a xestión do dominio público marítimo-terrestre. E cremos que agora é máis necesario ca nunca, como digo, ante esta lexislación que parece que se está a facer sen ter en conta para nada como é o sector pesqueiro galego. Tentan cambiar os criterios de extensión temporal das concesións, tentan cambiar os criterios de asentamento das estruturas de empresas ou administracións, tentan inmiscuírse nos ámbitos de xestión doutras administracións. É dicir, son de verdade, decisións moi agresivas e moi prexudiciais para o sector pesqueiro.

Sobre o tema do marraxo —que o comentaba antes—, o marraxo dientuso é fundamental para a frota palangreira galega, é fundamental. Supón un 10 % das súas capturas anuais, e, aínda que pareza unha porcentaxe baixa, pode ser un punto na súa facturación que quede sen beneficios na súa actividade. En abril de 2020 —xa estamos falando de abril de 2020— as principais organizacións pesqueiras de palangre de superficie —Burela, Lugo, Vigo, Marín e A Guarda— lanzaron xa unha chamada de auxilio ao Goberno central debido aos problemas que se viñan mantendo. Crían que era algo puntual —é dicir, ao mellor unha intromisión dun ministerio por riba doutro—, pero é que estamos agora en decembro de 2021 —insisto— e aínda está sen resolver ese problema. E a frota palangreira galega está sufrindo e está afoxada totalmente por unha decisión do Ministerio de Transición Ecolóxica que, como digo, é unha traizón ao sector pesqueiro.

Non teño tempo para falar de todo, e gustaríame falar tamén, por exemplo, do tema do regulamento, do tema do Plan xeral de explotación marisqueira, é dicir, do recurso que se estableceu. En vinte e nove anos de autogoberno, tendo sempre o mesmo criterio, a mesma forma de traballar, nunca se fixera unha interferencia tan grave, unha intromisión tan grave, por parte do Goberno de España. O Goberno galego —como digo— leva vinte e nove anos tramitando e aprobando plans de explotación marisqueira sen que ata o momento houbera problema ningún, nin solicitude por parte de ningún dos gobernos, de ningún dos ministerios, nos que se solicitase informe preceptivo ao respecto. Tampouco se fixo referencia nin



se adoptaron medidas por parte do Goberno central contra as diferentes normas, contra as leis, decretos e ordes que dispoñen a formulación destes plans. Pero, despois do 31 de decembro de 2020, cando o DOG publica a Orde do 21 de decembro pola que se aproba o Plan de explotación marisqueira para o trienio 2021-2023, ¿que pasou? Pasou que a Consellería do Mar tivo coñecemento da remisión por parte da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico dun requirimento previo contra a Orde dese 21 de decembro de 2020 pola que se aproba ese plan de explotación. E conforme o artigo 44.3 da lei, no suposto de que, dentro do mes seguinte á recepción do requirimento previo, esta Administración autonómica non contestase de acordo co indicado, procederíase á interposición do correspondente recurso contencioso-administrativo para instar a anulación xudicial da sinalada orde; é dicir, unha ameaza en toda regra. Polo tanto, nada de peticións de aclaracións nin de formulación de alegacións sobre a interacción. Soamente: Derroque vostede isto e déame a razón.

Polo tanto, nós hoxe queríamos xuntar varios puntos nunha proposición non de lei no final deste ano, no final de lexislatura, porque, como digo aquí, estou falando xa de abril de 2020 e estou falando de decisións que se tomaron coa Lei de costas, coa Lei de cambio climático, xa hai bastante tempo, e aínda non se solucionou nada. É dicir, remata o ano e o sector pesqueiro segue coa soga ao pescozo por parte do Goberno de España. Polo tanto, agardo que poidamos chegar a un acordo, xa que se presentaron dúas emendas —o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego—, para que, de verdade, deixen de agraviar, deixen de martirizar e de flaxelar directamente o sector pesqueiro galego, que está sufrindo moito coas decisións do Goberno de España de Sánchez.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes de novo.

Decía, señora Egerique, na súa parte final da intervención, que a súa intención hoxe era xuntar varios puntos de diversas iniciativas que xa foron debatidas e foron votadas xa nesta Cámara, tanto no Pleno como na Comisión 8ª, e que xa foron aprobadas por unanimidade. A intención é traer, pois, estes diversos puntos para lograr un acordo e para consensuar e apoiar o sector. Pero vemos que o único que fixeron foi aproveitar, xuntar todos estes puntos, ¿para que? Para botar balóns fóra e para, dende logo, criticar e mentir sobre o Goberno central.

É que, mire, vostede foi moi pouco rigorosa, porque se supón que, cando un deputado ou unha deputada está nesta Cámara e está a intervir nunha iniciativa, polo menos terá un pouco de rigorosidade. Vostede chegou a dicir: «andan circulando por aí», «dise por aí»,



«andan dicindo por aí»... Pero ¿que rigorosidade é esa para unha deputada, a de vir hoxe aquí a dicir «que me están contando», «non, é que non quero chivarme, pero fulanito di que tal...»? (*Aplausos.*) Perdóeme, pero iso a verdade é que..., non sei, non ten nome.

Mire, vostede subiu aquí a criticar o Goberno central. Mire, dixo que, dende logo, dende o Goberno central desautorizaran tamén deputados e deputadas do PSdeG desta Cámara. Chegouno a dicir no tema relativo á vacinación dos mariñeiros. Mire, non desautorizaron ningún deputado nin deputada desta Cámara. ¿Por que Cantabria vacinou os seus mariñeiros antes? ¿Por que Euskadi vacinou os seus mariñeiros antes? ¿Podíase ou non se podía? Polo tanto, mire, o que fixo Cantabria e Euskadi cos seus mariñeiros á hora da vacinación demostrou que o que estaban a dicir dende o Goberno da Xunta de Galicia era mentira. (*Aplausos.*)

Pero, mire, nese *totum revolutum* que trouxo hoxe vostede aquí empezou a falar dunha tal ministra Cercedo, e preguntouse onde estaba a ministra Cercedo. Eu non sei se existiu algunha ministra Cercedo e non sei onde está. Eu si que sei onde está a ministra Carcedo. Está no Congreso dos Deputados e, entre outros traballos, estivo a impulsar, a traballar e a aprobar a Lei da eutanasia, que vostedes votaron en contra. (*Aplausos.*)

E, miren, podemos compartir as peticións contempladas na proposición non de lei que hoxe trae o Grupo Parlamentario Popular a debate. Coincidimos no fondo das iniciativas que hoxe trae o Grupo Parlamentario Popular, que basicamente piden —deixando toda literatura esa de agravios, de inseguridade— a seguridade xurídica na reforma da Lei de costas e na Lei do cambio climático, coordinación entre a pesca e a comercialización do marraxo e a retirada do recurso do Estado contra o Plan de explotación marisqueira 2021-2023. Como dicía, compartimos estas peticións, como así o temos xa amosado nesta Cámara en numerosas ocasións, ben a través de iniciativas propias ou ben apoiando as iniciativas presentadas por outros grupos parlamentarios. Pero comprenderán que non podemos compartir as formas nas que está presentada esta iniciativa. Porque non, non é certo que vostedes presenten esta proposición non de lei para conquistar o consenso desta Cámara de cara a defender os intereses do sector marítimo-pesqueiro e da súa cadea mar-industria. Non, señorías, esa non é a súa vontade. A vontade real é criticar e buscar a confrontación co Goberno central. (*Aplausos.*) Así quedou demostrado coa intervención da señora Egerique e coa propia redacción que lle deron a esta proposición non de lei, con afirmacións constantes como que a pesca, o marisqueo, a acuicultura e a cadea de transformación de Galicia foron e son obxecto de ataques e obstáculos inxustificadas por parte do Goberno do Estado, actuacións que sementan a inxerencia e o menoscabo económico, inestabilidade, falla de seguridade xurídica, incoherencia e descoordinación —ata falan de menoscabo do autogoberno, é increíble que veña isto do partido Popular—. Pero de todo iso é do que fala vostede na súa exposición de motivos e na súa parte resolutiva. Repito que o único que buscan non é traballar a prol e en beneficio dos intereses do sector marítimo-pesqueiro e da súa cadea mar-industria, senón que o que buscan —no que son uns especialistas— é terxiversar a realidade, buscar titulares e confrontar co Goberno central.

Por iso nós presentamos unha emenda de substitución que esa si que é unha defensa do sector, unha emenda na que se recollen as mesmas peticións que as contempladas na proposición non de lei do Partido Popular. Só retirando eses ataques ao Goberno central pero



pedíndolle tamén ao Goberno central o mesmo. Polo tanto, non lle vemos problemas a que acepten a nosa emenda para conquistar esa unanimidade de respaldo ao sector. Porque, fíxese, na nosa emenda pedimos o mesmo: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para defender os intereses do sector marítimo-pesqueiro galego e da súa cadea mar-industria desenvolvendo cantas accións sexan necesarias para conquistar a maior seguridade xurídica na modificación da Lei de costas e na Lei de cambio climático» —¿están ou non de acordo?—, «a maior coordinación na pesca e comercialización do marraxo» —¿dubidan algo disto?, ¿están ou non de acordo?— «e tamén o estrito cumprimento dos procedementos na xestión para poder exixir e conquistar a retirada do recurso do Estado contra o Plan de explotación marisqueira 2021-2023». Polo tanto, estamos a pedir as mesmas tres reivindicacións que vostedes contemplan na súa proposición non de lei.

Pero quero facer unhas puntualizacións. No tocante á modificación da Lei de costas e da Lei do cambio climático —empregada polo Partido Popular para enganar e terxiversar a realidade dicindo que con esta lei se atacaban as concesións e as prórrogas de concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre— quero precisar unha cousiña. A única prórroga de concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre que foi denegada ¿por quen foi denegada? Pola Xunta de Galicia, non polo Goberno central. Pola contra, o Goberno central foi quen de atopar solucións para concesións dalgunhas prórrogas que presentaban dificultades. Iso, vostedes, señora Egerique, ben o saben.

Pero miren o nivel de hipocrisía ao que chega o Partido Popular: por un lado exixían dotar de maior seguridade xurídica o anterior artigo 18.3 desta lei —pois, segundo o Grupo Parlamentario Popular e tamén a conselleira de Pesca, había mala fe neste artigo 18 da Lei de cambio climático— e, cando o PSOE levou unha emenda ao Senado para cambiar a expresión «actos ditados» por «actos que se ditén», seguindo a liña suxerida polo Consello de Estado e que eliminaba calquera dúbida sobre a retroactividade sobre as concesións de actividade na costa —o que vostedes estaban a pedir—, ¿que fixeron? Non apoiaron esta emenda. Polo tanto, unha cousa é o que din que fan e outra cousa é a que fan.

Despois desa campaña de medo, de presión exercida dende o Goberno galego con ese anterior artigo 18.3 da Lei de cambio climático, van e non apoian a emenda. E agora vostedes si que parecen ir nunha liña distinta da que vai o Goberno galego, porque agora o Grupo Parlamentario Popular segue a buscar polémica con esta lei, e tamén coa futura modificación da Lei de costas, e nembargantes o presidente do Goberno e a propia ministra de Transición Ecolóxica acordaron abrir liñas de diálogo no tocante a esta Lei de cambio climático. Uns por un lado e outros por outro.

No tocante á comercialización do marraxo é coñecida a posición do grupo do PSdeG, que non comparte, dende logo, a prohibición da comercialización dos exemplares de especies pesadas legalmente, e así o temos amosado en numerosas ocasións.

En relación co terceiro punto, de novo o PP anda tratando de enredar sobre o recurso do Estado acerca do Plan de explotación marisqueira, que por primeira vez ten unha duración de tres anos en vez dun só ano, como tiña ata o de agora. É un tema artificial, como dicía anteriormente coa Lei de cambio climático, que —repito— terminaron por votar en contra do



que dicían que pedían —pero é así como en tantas outras cousas—. Aquí, neste caso, no caso do recurso, fixeron o mesmo. Afirmaban estar en contra, e cando o PSdeG acordou co Bloque Nacionalista Galego neste Parlamento pedir que se fixese correctamente o procedemento —é dicir, que se fixesen ben as cousas— e ao fío diso pedir ao Estado que retirase o recurso, ¿que fixo o Partido Popular? Votar en contra.

Por certo, nesa transacción tamén se pedía a transferencia da competencia do dominio público marítimo-terrestre a Galicia. E ¿que fixo o Partido Popular? Votou en contra. E hoxe a señora Egerique víña a pedir aquí e dicía que a apoiaban.

Polo tanto, coma sempre, o Partido Popular arma polémicas coas que en realidade só lle importa buscar conflito e confrontación. A realidade é que logo vota en contra das cousas que di defender; probablemente porque o Partido Socialista está na solución das cousas e ao Partido Popular non lle interesa solucionarlas senón enfrontarse. Viven diso. E nós cremos que é mellor facer política que resolva os problemas e non a que busca os conflitos. Cadaquén ao seu, nós a resolver os problemas e outros a crealos.

Parece que hoxe tamén a señora Egerique quería lavar un pouco a súa conciencia ao falar deste recurso contra o Plan de explotación marisqueira 2021-2023, parecía querer limpar a súa conciencia por ter votado en contra.

A nosa emenda é a mesma que a súa proposición non de lei quitando todos eses ataques innecesarios que terxiversan a realidade en contra do Goberno central. Pedimos o mesmo, pedimos eses tres puntos de seguridade xurídica na reforma da Lei de costas e na Lei de cambio climático, coordinación entre a pesca e a comercialización do marraxo, e retirada do recurso do Estado contra o Plan de explotación marisqueira 2021-2023. Se vostedes teñen ese afán, esas ganas de conseguir o consenso desta Cámara para apoiar o sector, entendo que non terán ningún problema en aceptar a nosa emenda.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Moi boa tarde a todos e a todas.

Señora Egerique, antes de comezar queríamos agradecerlle sinceramente que nos explicase exactamente por que traen vostedes esta iniciativa hoxe aquí. E di vostede que querían xuntar varios puntos, facer un conxunto, xa que estamos a fin de ano. Claro, vostede vén imbuída dese Nadal tan impresionante que teñen na súa cidade e non sei se vén tan absolutamente cegada que agora traslada esta iniciativa aquí. *(Aplausos.) (Murmurios.)*



Nós, antes de saber que esta era a súa verdadeira razón para presentar esta iniciativa, o que pensabamos era que superaban vostedes incluso aquela tese profundísima do señor «M punto Rajoy»: «*A veces lo más urgente es no hacer nada*». Realmente pensabamos que con esta iniciativa o superaban vostedes. O señor «M punto Rajoy» dicíao nin máis nin menos que para referirse á inacción absoluta do seu goberno diante do *procés* catalán. Vostedes fano cando non teñen ou non queren tratar con seriedade os problemas do sector pesqueiro galego, que son moitos, moi graves e que vostedes son incapaces de resolver.

Preséntannos unha proposta na que o famoso artigo 18 —que agora xa é o artigo 20 da Lei de cambio climático—, os problemas da comercialización do marraxo e o recurso que o Estado presentou ao Plan de explotación marisqueira 2021-2023 —ou sexa, os tres grandes mantras do Partido Popular no ano e medio que levamos de lexislatura— aparecen xuntos —como dixo vostede— nun *mix*, ¿verdade?, do que vostedes se serven para facer unha política máis partidista ca nunca. A verdade é que pensei que non nos poderían sorprenden, pero incluso nos sorprenden.

Vostedes, señora Egerique, queren seguir facendo dende aquí, dende o Parlamento galego, política de oposición. Cando non é política de oposición ao Bloque Nacionalista Galego, é política de oposición ao Goberno do Estado. E agora propoñen instar a Xunta —leo textualmente— «a defender os intereses do sector fronte aos ataques e obstáculos xurdidos en razón da actuación do Goberno central, desenvolvendo cantas accións sexan necesarias». Claro, nós, diante desta proposta de acordo, o primeiro que teríamos que preguntarlles é o que fixeron vostedes durante este último ano e medio. Porque estes tres mantras, estes tres *hits* que vostedes traen aquí, resulta que xa os tratamos en pleno, en comisión, volvémoslos tratar —agora voulle contar— e tomamos entre todos e todas unha serie de acordos, acordos nos que se instaba a Xunta de Galiza para facer determinadas actuacións. Entón, como vemos que volven absolutamente cos mesmos acordos, gustaríanos saber se é que volven reclamalo porque a ver se desta a Xunta de Galiza lles fai caso. Porque ata o de agora a verdade é que non fixo nada. (*Aplausos.*)

Mire, primeira cuestión, a Lei de cambio climático. O 15 do 12 de 2020 —é dicir, hai un ano—, señora Egerique, a Comisión de Pesca aproba textualmente «instar a Xunta a demandar do Estado a supresión de oficio do artigo 18 do proxecto de lei, así como a consensuar co sector mar-industria galego calquera modificación da Lei de costas no referido á vixencia das concesións administrativas asentadas á beira do mar». Presentouno o BNG e o Partido Popular votou a favor. Non lles debeu parecer ben, señora Egerique, que fose o BNG o primeiro que trouxo este tema ao Parlamento —isto foi en decembro do 2020— porque en febreiro do 2021 —dous meses despois— copiaron literalmente a nosa iniciativa e presentárona ao Pleno. A postura do BNG foi sempre a mesma en decembro e en febreiro: votar a favor da súa iniciativa, que era a que copiaron da nosa. (*Aplausos.*) Nese mesmo mes de febreiro, e despois de doce anos, as conselleiras, a do Mar e a do Medio Ambiente —non valía só a do Mar, iso era pouco—, dan unha rolda de prensa e anuncian despois de doce anos que o mal é tanto que van reclamar as competencias sobre o dominio público marítimo-terrestre. ¡Aleluia! ¡Aleluia! (*Aplausos.*) Pero nin aínda así foi suficiente. Iso foi en febreiro, e no mes de marzo veu comparecer a propia conselleira de Pesca. Teoricamente veu comparecer para explicarnos o do *Brexit*. É dicir, tres meses despois do *Brexit* viña explicarnos o *Brexit*, (*Aplausos.*) pero aproveitou a súa comparecencia para



dicir aquí nesta Cámara, nesta tribuna, publicamente, que o BNG votara a favor do artigo 18 na ponencia, cando o BNG nin sequera formaba parte da ponencia. *(Aplausos.)*

Ben, intentaron, señora Egerique, manipular e enganar. E, dende logo, o que non dixeron ese día foi o que pasou cos deputados e deputadas galegas en Madrid que si votaron en contra da nosa emenda de supresión do artigo 18. A escena que montaron aquí ese día... Claro, como non pode ser menos, foi transmitida tal cal pola súa televisión, pola «tele PP». *(Aplausos.)* Ben, en marzo —estabamos en febreiro e imos facer unha cronoloxía, porque, xa que dixo vostede que iamos facer un conxunto, ímolo facer ordenadamente— o PP —ao que non lle chegou todo isto— presenta mocións nos concellos, onde curiosamente —isto é moi interesante e moi importante— nesas mocións falaba dos miles —falaban vostedes— de postos de traballo da cadea mar-industria que había que defender, que ían defender vostedes. Pero, curiosamente, nesas mocións só nomeaban unha empresa. *(Murmurios.)* ¿Saben a cal, señora Egerique? Si, si, efectivamente, a Ence.

Ben, tamén en marzo, o noso deputado en Madrid traslada ao PP, ao PSOE e a Unidas Podemos unha proposta de transacción no artigo 18 para exceptuar as actividades sustentábeis vinculadas ao complexo mar-industria. E, para contrarrestar, nesas mesmas datas outra vez *el dúo dinámico*, as conselleiras de Mar e Medio Ambiente, anuncian que remiten carta á ministra cun informe, ¡cun informe!, elaborado pola Asesoría Xurídica da Xunta, onde se recolle que a norma —do PSOE, evidentemente, e de Unidas Podemos— é inconstitucional. E nese mesmo mes —que traballaron vostedes moitísimo— ata fixeron un vídeo, *(Risos.)* ¡fixeron un vídeo! *(Risos.) (Aplausos.)* Era un vídeo anónimo que se facía dende o Partido Popular de Pontevedra, pero anónimo. *(Risos.) (Murmurios.)* E acusábannos textualmente de «enterrar toda a industria do mar galego». Era un vídeo —algúns deputados e deputadas lembrano perfectamente— ao estilo do que fixeran cando o Bipartito quixo impulsar o Banco de Terras. ¿Lembran aquilo de «PSOE e BNG queren quedar coas túas terras»? Unhas terras, por certo, que ao cabo dos anos serviron para conformar un banco de terras —ao seu xeito, claro— que vostedes puxeron en marcha.

Pois nese vídeo, no anónimo, resulta que textualmente dicían: «PSOE e BNG están vendendo os galegos en Madrid» —no vídeo anónimo que viña dende o PP de Pontevedra—. *(Murmurios.)* Por certo, das catro mil empresas de toda Galiza ás que dicían vostedes que ía afectar o artigo 18 só nomeaban unha no vídeo. ¿Xa saben, non? *(Risos.)* Ence.

Ben, isto todo foi en marzo. E é que despois do Nadal viñeron con moita enerxía. E en abril do 2021 a conselleira do Mar redobra a aposta e anuncia que a Xunta recorrerá perante o Tribunal Constitucional. Anúnciao o mesmo día que se votaba a lei no Congreso, unha votación na que o Partido Popular, o Partido Socialista e Unidas Podemos votan en contra da transacción proposta polo Bloque Nacionalista Galego, *(Aplausos.)* deixando claro o que estaban a defender vostedes. *(Aplausos.)* E despois de todo este ruído que fixeron durante todos estes meses, vótase a lei e —¿adiviñano?— o PP abstense. *(Murmurios.)* ¡En fin!

Segundo tema, a comercialización do marraxo. Vamos ordenar os feitos. En outubro de 2020... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei, a señora Candia... ¿Dicía?... *(Murmurios.)*



En outubro de 2020 apróbase unha PNL do Partido Popular neste Pleno para demandar ao Goberno do Estado e á Comisión Europea a análise de medidas de protección do marraxo que non leve ao quebranto económico da frota. O BNG vota a favor. Isto é en outubro de 2020. A mesma iniciativa, absolutamente idéntica...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...con comas e puntos, volve o Partido Popular levala á Comisión de Pesca en abril do 2021 —remato, señor presidente—. O problema principal estaba en que o Goberno español vetou a comercialización dun marraxo que á súa vez o propio Goberno español deixara pescar. En fin, fíxense, nós non o compartimos, pero en novembro deste mesmo ano, señora Egerique —remato porque só quero facerlle unha pregunta á señora Egerique—...

O señor PRESIDENTE: Pois remate.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...en novembro deste mesmo ano o ICCAT, ¿verdade, señora Egerique?, vén de fixar un cupo de 200 toneladas de marraxo e vén de recomendar —leo textualmente— «que se prohiba...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...reter a bordo, transbordar ou desembarcar, total ou parcialmente, o marraxo».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: É dicir —remato—, veñen de facer...

O señor PRESIDENTE: Xa entendeu. Xa entendeu perfectamente. Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...o mesmo que o Goberno español. ¿Tamén van presentar un recurso de inconstitucionalidade contra o ICCAT, señora Egerique?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez.

Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ¿Tamén se van abster no ICCAT?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: É dicir, claro...

O señor PRESIDENTE: Perdoe. Agora me toca a min ordenar algo tamén o tema. Grazas. Xa está.



(Aplausos.)

Teño que ordenar o tempo; se non, é un lío.

(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Xa está! ¡Xa está!

(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, non, rematou xa. ¡Por favor! (A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, non ten xa o uso da palabra. ¡Por favor! ¡Home, por favor! Xa rematou o tempo. ¡Por favor!

(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

(Aplausos.)

¡Home!, tócame a min ordenar algo tamén aquí; se non, non ordeno nada.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o turno de peche da proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Ben, grazas, presidente.

Señora Pérez, eu non sei por que se enfada vostede tanto. (Murmurios.) Xa explicou o seu relato. Non lle chegaron os dez minutos para dicir todo o que fai o PP, todo o que fai o Partido Popular. E ¿que fai o Bloque? (Aplausos.) Estivo dez minutos explicando todo o que fixo o Partido Popular e aínda non lle chegaron os dez minutos. (Aplausos.)

Mire, a comisión na que se aproban máis iniciativas por unanimidade é a Comisión 8ª. Eu non lle dixen a vostede nin que vote nin que deixe de votar. Estou dicindo que aprobamos moitas iniciativas que mandamos a Madrid directamente para pedirlle ao Goberno central moitas cousas que hoxe, en decembro de 2021, non se están cumprindo. E eu teño a conciencia moi tranquila, porque o único que estou facendo aquí é defender o sector da pesca. Vostedes estiveron aquí moi enfadadas e dicindo que non teño rigor, que falto ao rigor, que non sei ben o apelido da ministra. Pero non foron capaces de negar que isto é o que está ocorrendo en Madrid, que isto é o que están plantexando dende o Goberno de España, que isto vai afectar directamente o sector pesqueiro.

E, miren, podo estar ao mellor moi «iluminada» pero son dunha cidade onde a maior parte da xente vive da pesca. E o Partido Socialista, que goberna nesa cidade, mira para outro lado. E isto vai afectar directamente. Todos os termos da lexislación dos que estou falando van



afectar profundamente o sector pesqueiro galego. O que pasa é que a vostedes dálles igual, porque, claro, veñen aquí, fan catro chistes, rin, aplauden e nomean a Ence. Porque a única que nomeou a Ence neste debate foi vostede, señora Pérez, e ademais en varias ocasións, con esa obsesión que teñen vostedes con Ence.

Miren, non foron capaces —como digo— de negar nada do que dixen. Danse conta de que todas as iniciativas, todas as iniciativas que aprobamos, seguen no día de hoxe sen cumprirse. Porque aquí vostedes, señora Otero, son os verdadeiros hipócritas. Eu digo que os desautorizan os ministros porque os desautorizan en cada proposta que fan e en cada votación que fan, lexislando e con declaracións. Porque quen dixo que os mariñeiros ían ser vacinados «cando lles toque, onde lles toque e coa vacina que lles toque» foi a ministra, non fun eu. Foi unha ministra socialista. Despois poden buscar vostedes escusas nos debates en como facemos ou deixamos de facer, pero insisto en que o sector pesqueiro está moi afogado.

E di, señora Otero, que vimos aquí a buscar polémicas. Miren, cando digo que anda rondando por aí algo é porque os deputados de Madrid saben que hai un novo regulamento de costas que saíu en novembro, porque puideron ler en novembro un borrador do regulamento de costas que vai afectar aínda máis o sector pesqueiro. E cando nós xa advertimos, hai dous ou tres anos, da modificación da Lei de costas, vostedes dicíannos que só queríamos meter medo, que eran poucas as instalacións afectadas, que estabamos exaxerando, que só buscábamos polémicas. Pero a lexislación hoxe está aí enriba da mesa. E, por exemplo, Thenaisie Provoté, que é unha conserveira da que debatemos neste Parlamento, está afectada directamente por esa lei. Está afectada directamente.

E, polo tanto, o que practica a hipocrisía é o Partido Socialista. Absolutamente. E digo que non foron capaces vostedes, nin a señora Pérez nin a señora Otero, de dicir que todos os puntos dos que falei fosen mentira, ou que non fosen verdade ou realidade. E vou insistir, vou lelos de novo: o cambio na Lei de costas, a prohibición da comercialización do marraxo, a proposta do *Plan España 2050: fundamentos y propuestas para una estrategia nacional de largo plazo*, na que se di que hai que replantexar a forma de pescar, a proposta de limitación da pesca da anguía, a vacinación de mariñeiros, o laboratorio comunitario de referencia en biotoxinas mariñas, o regulamento de control, a modificación da Lei de costas pola Lei de cambio climático, o recurso ao Plan de explotación marisqueiro —un recurso a un plan de explotación marisqueiro co que levamos traballando vinte e nove anos sen ter un só problema. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Nin un só problema! E non falen de votar ou non votar, porque o que está lexislando e o que pon as leis enriba da mesa é un goberno de Sánchez, do Partido Socialista e Podemos co Bloque Nacionalista Galego apoiando.

Como digo, eu teño a costela dura, poden chamarme o que queiran como deputada, pero o sector pesqueiro é o que vai sufrir todas as consecuencias das súas lexislacións e das súas decisións en Madrid. Polo tanto, eu traerei todo o batiburrillo. Ao mellor dentro de seis meses teño que engadir aínda máis medidas ás proposicións non de lei. Non me vou cansar de traelas, á fin de ano, á metade de ano ou cando sexa, sempre que vaian en defensa do sector pesqueiro, que é para o que estamos aquí defendendo hoxe esta iniciativa.



En canto ás emendas, na do Bloque Nacionalista Galego, poderíamos estar de acordo no primeiro punto. Son pequenos matices na redacción e si estamos de acordo. Pero, vamos ver, no segundo punto todos os asuntos sinalados van moito máis alá das competencias da Xunta de Galicia, vostede sábeo perfectamente; polo tanto, non poderíamos aceptalo. Aprobamos unha PNC de transparencia e de traspaso de competencias, xa aprobamos unha PNC de traspaso de competencias —ademais por unanimidade— neste Parlamento de Galicia. Hoxe estamos cuns puntos concretos que nós plantexamos nesta iniciativa; polo tanto, aceptaríamos o primeiro punto.

E, despois, a emenda do Partido Socialista de Galicia —como xa lle dixen á señora Otero— é unha hipocrisía absoluta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Absoluta, señora Otero! *(Murmurios.)* Vostede sabe perfectamente que todo do que falei e do que falamos aquí depende de decisións do Goberno central, ¡todo, señora Otero! E, polo tanto, non imos aceptar a súa emenda.

Miren, vou rematar con algunhas frases desta situación de agravios na que o ministro de Agricultura e Pesca di unha cousa e despois a ministra de Transición Ecolóxica di outra. Vostede di que non están de acordo con algunhas cousas que di a ministra e, polo tanto, si con Planas. Nin sequera o Partido Socialista está de acordo con todo o seu equipo de goberno. Teresa Ribera non para de meterse en xardíns, en charcos, en Galicia. O señor Planas desaparece, porque vén por aquí a dicir unha cousa pero despois, como digo, no Consello de Ministros tómanse outras decisións. É outra falla máis de coordinación entre os dous ministerios que —insisto— está atacando absolutamente o sector pesqueiro. E, polo tanto, resulta especialmente grave que dende o Executivo central, gobernado en coalición...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...por PSOE e Unidas Podemos —xa remato, presidente—, poñan en dúbida un sistema de xestión consensuado cos profesionais do sector. Estou referíndome aquí ao Plan de explotación marisqueira, que, por primeira vez, foi intervido e atacado directamente polo Goberno de España.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A verdade é que nesta proposición nos pasamos moito de tempo todos os grupos, todos. *(Murmurios.)* Temos que corrixir algo isto, temos que corrixilo porque, se non, nos imos ir de horario. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, imos coa última da tarde.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para orzar e executar a gratuidade nas escolas infantís de 0 a 3 anos desde xaneiro de 2022



O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 25088 (11/PNP-002259).

Emenda de adición.

Engadir ao final da parte resolutiva un novo parágrafo co seguinte texto:

«Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar un plan de ampliación da rede galega de escolas infantís co obxectivo de ampliar a oferta pública de educación de 0 a 3 anos priorizando aqueles concellos e cidades que carecen deste servizo na actualidade e/ou rexistran unha maior demanda así como polígonos empresariais. Este Plan deberá estar debidamente calendarizado e orzado e será remitido á Cámara, para o seu debate, no prazo máximo de catro meses.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular esta proposición non de lei ten a palabra a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Hai unhas semanas o presidente galego, Alberto Núñez, anunciaba que as escolas infantís serían gratuítas. Partindo da premisa de que o Grupo Parlamentario Socialista apoia, tal e como levamos no noso propio programa, que a universalización da etapa de 0 a 3 anos é unha cuestión clave na reactivación de Galicia, é importante tamén afondar no xeito de como executar a dita medida e facer as cousas ben, con rigor, optimizando recursos de xeito ordenado e eficiente. E, por suposto, hai que interiorizar a idea de que traballar pola conciliación debe ir aparelado, si ou si, de recursos específicos de corresponsabilidade e non facer o contrario, como está facendo o Goberno galego, que baixou a partida específica neste sentido en corresponsabilidade. *(Aplausos.)*

O que non pode ser é que o presidente galego lance titulares en todos os medios coa noticia cando non está nin tan sequera definido o procedemento. E non é a primeira vez que acontece. De feito, é unha marca da casa Feijóo anunciar algo sen saber como o van facer. Pero en realidade non se dan conta de que, neste sentido, é totalmente irresponsable anunciar algo sen definir realmente como o van facer.

Outra marca da casa Feijóo é apropiarse e ser o artífice absoluto dunha idea ou proposta a través de fondos doutras administracións —véxase o SAF, o Servizo de Axuda no Fogar, que deu para tantos e tantos titulares do tipo «A Xunta incrementa horas no concello de...» —. Fano coma se as regalasen, cando en realidade quen estaba apoquinando a maior parte do custo nos últimos anos eran os propios concellos. É o método que eu bauticei como «eu invito e ti pagas». E, por certo, agardamos que se materialice canto antes a actualización da aportación da Xunta que propuxemos dende o Grupo Socialista.

Pódese dicir entón que o *modus operandi* da era Feijóo se basea en catro métodos fundamentais: primeiro, o método «eu invito e ti pagas»; segundo, o método «ti solta a exclusiva e



logo xa veremos como»; terceiro, o método «asubía», que se trata da modalidade do Goberno cando neste caso lle pregunta a oposición por certa información que non lle convén trasladar á cidadanía, entón asubía e responde cun silencio administrativo irregular; (*Aplausos.*) e, por último, o método estrela, que é o método «o bo é grazas a min e o malo é grazas a ti». Sobre todo é o método que usa para botar as culpas ao Goberno central —iso si, cando goberna o Partido Socialista—.

Son problemas que emerxen aquí en Galicia ao non exercer as súas propias competencias. Nesta cuestión tampouco nos iamos librar dun dos selos de calidade marca da casa. Porque o feito é que, antes de que remate 2022, Galicia recibirá máis de 17 millóns de euros específicos para prazas de educación infantil, máis de 2 millóns de euros para libros de texto, máis de 133 millóns para becas e máis de 113 millóns para accións en formación profesional —entre outras moitas partidas—. Iso si, as escolas infantís están obrigadas a enviar unha carta á casa dos pais e nais todos os meses onde se especifica o detalle da factura da gardería que non pagan e, seguidamente, poñer «Cen por cento subvencionado pola Xunta de Galicia». ¿Pretenden vostedes usar os fondos públicos para facer campaña usando as escolas infantís como axencias publicitarias do Goberno galego, señorías do Partido Popular? (*Aplausos.*)

Ese é un dos perigos de levar tantos anos asentados no poder, que a ousadía para confundir a opinión pública é tal que se atribúen os logros cando son compartidos e botan as culpas cando son froito da súa incompetencia. Porque, tal e como anunciou a propia Delegación do Goberno de España aquí en Galicia, da creación das 3.417 prazas públicas en Galicia, o Goberno de España investirá 34,8 millóns do Plan de recuperación. E, mentres tanto, o presidente galego utiliza a institución da Xunta para que as escolas infantís remitan unha carta con carácter mensual aos pais e nais onde poña que a subvención é cen por cento da Xunta. Isto ten un nome. E falemos claro, chámase manipulación da cidadanía. E agardamos que rectifiquen dende o Partido Popular.

A medida, por suposto, é ben acollida e beneficiosa para a xente, pero é un logro dos esforzos de todas as administracións. Non xoguen a branquear as execucións presupostarias ao seu favor, porque estropearía a boa intención da propia medida e a lealdade institucional que se require hoxe máis ca nunca para estar á altura das circunstancias. Trátase dunha cuestión urxente dar a cara coas propias escolas infantís e coa cidadanía susceptible de beneficiarse de tal medida; e, por suposto, aportar a información de xeito rigoroso. Porque hai cuestións que urxe definir dende o Goberno galego, como, por exemplo, saber se prefiren dar as subvencións directamente ás escolas infantís e non directamente ás familias beneficiarias. Neste sentido ¿como se vai regular? ¿Falaron coas propias escolas infantís?

Este tipo de cuestións son as que teñen que abordar nestes momentos, en colaboración, iso si, por suposto, cos axentes implicados— escolas infantís, traballadoras do sector, pais e nais—, e que de tal xestión saia un consenso que frutifique nunha medida que *a priori*, de partida, é positiva. Pero non xoguemos a dar a exclusiva e logo fuxir.

Agora toca definir como se executará o proceso, e inicialo, por suposto, canto antes. Nestes momentos é máis importante ca nunca. Porque non se pode anunciar unha cuestión tan importante para o día a día das propias familias —especialmente, como non, hai que facer



mención para o día a día das mulleres, que son as que levan a maior parte da carga da conciliación familiar, e nun momento en que a crise lles afectou significativamente máis cós homes— e agora desaparecer ata setembro do 2022.

Por todo iso, dende o Grupo Socialista propoñemos que esta medida se materialice a partir deste novo ano, de 2022, que para iso o anunciaron. Se non, ¿por que o anuncian e logo prefiren esperar case un ano para executalo? Non sexa que logo os vaian acusar de vender fume. Fagámolo posible en coordinación, iso si, cos axentes implicados e, por suposto, coa colaboración deste Grupo Parlamentario Socialista para abordar e debater sobre como executalo da mellor forma a través do diálogo —que é moi importante establecer un diálogo cos axentes implicados—. E, por suposto, teñen que practicar máis a escoita activa da cidadanía, a escoita activa da cidadanía e dos axentes sociais implicados, porque están preocupados sobre como vai ser o procedemento neste sentido.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

É agora a quenda para o grupo autor da emenda, o Bloque Nacionalista Galego. E ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, vou intentar ser o máis áxil posíbel.

Nós imos apoiar a iniciativa que trae hoxe o Grupo Parlamentario Socialista para que esa gratuidade das escolas infantís anunciada teña efectos económicos desde xaneiro de 2022. E tendo en conta que os cursos escolares non se corresponden, polo tanto, con anos naturais, tería aplicación sobre o curso actualmente en vigor, 2021-2022. Partimos da base, efectivamente, de que as escolas infantís son un servizo de conciliación para as familias traballadoras, pero tamén —e creo que isto é importante— é un dereito fundamental para as nenas e os nenos de calquera país —do noso tamén— porque conforma unha etapa educativa que, non sendo obrigatoria, é esencial no desenvolvemento e na aprendizaxe das crianzas, que conforman, ademais, nestes anos a súa personalidade e adquiren a súa lingua propia.

Hoxe en día, no noso país, está xa concibida a gratuidade para as segundas fillas e fillos. E o que se pretende agora é estendela para as primeiras crianzas —ou para as únicas, no caso de que só se teña unha filla ou un fillo—.

Nós o que pretendemos coa emenda de adición que presentamos desde o BNG é abordar outro elemento. Estando de acordo con isto, pretendemos abordar outro elemento que para nós é esencial e que necesita tamén da debida atención, que é a necesidade de ampliar a rede pública de escolas infantís que actualmente existe no noso país, centrándose ou priorizando especialmente aqueles concellos onde non existe na actualidade este servizo, aqueles que, sobre todo pola demanda que existe, non contan co número de prazas ou a oferta necesaria para atender esa demanda. E hai que priorizar tamén un espazo que é fundamental para ga-



rantir precisamente ese dereito de conciliación das familias traballadoras, como é o dos polígonos empresariais ou polígonos industriais. Isto é algo, ademais, que aparece recollido no Plan de conciliación e corresponsabilidade da Xunta de Galiza, e curiosamente a partida pequena que existía nos orzamentos da Xunta para ese obxectivo, ou para ese fin, desaparece no proxecto de orzamentos para 2022.

Hoxe en día no noso país a rede galega de escolas infantís componse das que dependen da Axencia Galega de Servizos Sociais, daquelas que son dependentes do Consorcio —as denominadas «galiñas azuis»— e das da rede de centros infantís de titularidade municipal. Con esta emenda o que pretendemos é, como dicía, ampliar esa rede pública para garantir o servizo onde agora non o hai, e tamén onde máis se precisa pola demanda que existe. Porque, con datos da propia Xunta de Galiza do curso actualmente en vigor, 2021-2022, no noso país quedaron 1.600 nenas e nenos de 0 a 3 anos na lista de agarda por insuficiencia de prazas na rede pública dependente da Xunta de Galiza. Foron menos que no curso anterior pero temos que ter en conta cal é o índice de natalidade que existe no noso país; polo tanto, presentáronse tamén menos solicitudes nesta convocatoria.

Nós presentamos unha emenda —insisto— co obxectivo de que se presente e se tramite aquí nesta Cámara, de acordo co Regulamento do propio Parlamento, un plan debidamente orzado e debidamente calendarizado para ampliar e reforzar esa rede. E eu trouxen tres exemplos —sobre todo de ámbito urbano pero tamén de vila intermedia cabeceira de comarca— para expresar ou describir, no tempo que temos, cal é a realidade actual desa ausencia de prazas suficientes na rede pública para garantir o dereito das crianzas a unha escola infantil e o dereito de conciliación das familias traballadoras.

O primeiro, como dicía, son os polígonos empresariais e os polígonos industriais. Hai un exemplo moi claro, que é o polígono —ou polígonos, aínda que iso xa é todo un *continuum*— do Porriño. É un dos máis grandes dos que existe en Galiza. O número de persoas traballadoras que se desprazan ata eses polígonos do concello do Porriño cada día son enormes. Na actualidade non hai ningún servizo de escola infantil neste polígono empresarial, ou nestes polígonos industriais. E insisto en que no proxecto de orzamentos para 2022 a Xunta de Galiza suprime a liña de axudas para crear esas escolas infantís en polígonos empresariais ou polígonos industriais, que recalco que son accións incluídas no Plan de conciliación e corresponsabilidade da propia Xunta. É cumprir o que vostedes mesmos fixeron, redactaron e aprobaron.

Outro exemplo é a cidade de Vigo, a cidade máis poboada do noso país, a maior cidade en volume de poboación que existe en Galiza. Só conta con seis escolas infantís de titularidade da Xunta de Galiza, que están moi lonxe, ¡pero moi, moi lonxe!, de atender a demanda existente por parte das crianzas viguesas do concello de Vigo. Cos datos —insisto— da Xunta de Galiza sobre o curso 2021-2022, hai un total de 524 prazas pertencentes á rede de titularidade autonómica de escolas infantís, e provocan que 668 crianzas que solicitaron praza nesa rede de escolas quedasen en lista de espera e fóra deste servizo. Son seis de cada dez solicitudes na cidade —insisto— máis poboada do país, con barrios como son As Travesas, ou como é o barrio de Navia, que teñen unha presión moi grande porque están tamén poboadas estas zonas, estes barrios, por xente moi nova, en idade, ademais, de ter fillas e fillos.



E, por último, outro exemplo é o dunha cabeceira de comarca — neste caso do sur de Lugo, da provincia da que eu veño, que é o concello de Monforte—. Monforte leva anos, pero anos e anos, reclamando que se dote este concello dunha escola infantil pública de titularidade autonómica, como teñen a maior parte dos concellos da contorna e das dimensións do concello de Monforte. A Xunta de Galiza non lle recoñece a posibilidade de contar con este servizo ao concello de Monforte, e isto o que provoca é que moitas crianzas acaben tendo que ir á rede privada porque non hai prazas — nin sequera, neste caso, servizo— na rede pública autonómica.

O que propomos —e con isto remato— é que, ademais de garantir que, a partir xa do mes de xaneiro, e, polo tanto, con efectos desde comezo do ano do 2022, se garanta esa gratuidade nas escolas infantís para o conxunto das nenas e nenos de Galiza, e que o que se faga tamén sexa unha planificación estratéxica —nin a un nin a dous anos senón que pode ser a catro anos vista— de ampliación e de reforzo desa rede de escolas infantís públicas para garantir, insisto, un dereito fundamental, que é, en primeira instancia, o dereito das nenas e dos nenos a recibir unha educación desde un servizo público nesta etapa educativa, que, non sendo obrigatoria, si é fundamental no propio desenvolvemento humano.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Partido Popular, ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidenta.

Eu creo que deben ser as horas, porque as cousas que se escoitaron nesta tribuna... En fin... «Eu invito e ti pagas» —di a representante dun goberno que, que eu saiba, segue sen poñer a parte que corresponde ao Goberno do Estado en materia de dependencia—. Acusou de manipulación— por enviar unha carta informativa— a representante dun goberno que se dedica a poñer pegatinas nas vacinas. E acusounos dun mal uso de recursos públicos o partido que acaba de nomear presidenta a señora Silva, despois dunha sentenza que acredita que dedicaron 120.000 euros do erario vigués a contratar a súa cuñada. ¡De nota, de nota!

Miren, esta é unha iniciativa curiosa que consiste, máis ou menos, en dicirnos: ¡Oe!, como sodes pioneiros, tedes que ser máis pioneiros. Basicamente é o fundamento da iniciativa, que eu lle agradezo moito. Sorpréndeme, porque, cada vez que eu veño aquí a anunciar unha iniciativa pioneira da Xunta en materia de conciliación, vostede di: Sempre se están apuntando que son vostedes os pioneiros e tal... E agora pídennos que afondemos nesa condición de pioneiros.

Mire, eu creo que é evidente para todos que Galicia se converteu nos últimos anos nun referente nacional nas políticas de conciliación, adoptando un bo número desas iniciativas pioneiras tanto en contornas urbanas como en contornas rurais; medidas, todas elas, que



foron enfocadas a mellorar dúas das prioridades políticas do goberno de Alberto Núñez Feijóo: a igualdade e a demografía.

Miren, dende 2016 impulsamos a creación de 90 casas-niño no rural galego, esas miniescolas infantís do rural que atenden ata un máximo de cinco nenos e ás que lles imos dedicar no vindeiro curso 2,4 millóns para que superen xa as 100 no conxunto do territorio —é dicir, 500 prazas—. En 2020 fomos a primeira —e ata o de agora a única— comunidade autónoma en declarar a gratuidade das escolas infantís para segundos e sucesivos fillos, beneficiando xa a máis de 10.000 familias de escolas públicas, privadas, de iniciativa social, e tamén de todas as municipais daqueles concellos que estean ao día no Consorcio; é dicir, practicamente todos menos o Concello de Vigo, que teima aínda con este tema a pesar do inxente número de resolucións xudiciais que recibiu en contra, privando así, por certo, as familias viguesas dun recurso fundamental. E, ademais de todo isto, concedemos máis de 1.550 bonos-concilia para familias que precisan deste recurso pero que, efectivamente, non acadasen unha praza nunha escola pública. Creo que son medidas concretas.

Mire, no último debate do estado da Autonomía, como ben dixo vostede, o presidente anunciou que no próximo curso daremos cumprimento ao compromiso que constaba no programa electoral do Partido Popular de Galicia. E Galicia, polo tanto, converterase na primeira e única comunidade autónoma de España que prestará atención educativa totalmente gratuíta en todas as escolas infantís galegas. Por certo, dixo vostede que estaba no seu programa. Eu busqueino e non o atopei. Sei que está no programa do Partido Popular de Galicia. Xusto debaixo de «Aprobaremos a primeira lei de impulso demográfico» vén a universalización da educación infantil. Como ve, nós si cumprimos os nosos programas. E tamén estaba, por certo, no programa do BNG. No do PSOE non o atopei. Di vostede que está. E estará.

En todo caso, todos e cada un destes avances que lle acabo de relatar aprobáronse, financiáronse e implementáronse sen o apoio de socialistas nin de nacionalistas, cunha única excepción. Mire, negáronlles vostedes o apoio ás casas-niño. Esas 500 prazas nunca contaron co apoio nin de nacionalistas nin de socialistas. Houbo unha deputada socialista que, nesta Cámara, chegou a cualificalas de exercicio de intrusismo profesional. Tamén lle denegaron o apoio á gratuidade das escolas infantís para segundos e sucesivos fillos. Teño aquí a cuadaxésimo cuarta resolución do debate do estado da Autonomía de 2019: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos para todas as familias a partir do segundo fillo e a negociar co Goberno central unha proposta de cofinanciamento para acadar esta gratuidade desde o primeiro fillo». Votos a favor: os 41 que entón tiña este grupo.

Mire, a Lei de impulso demográfico de Galicia, que recollía a gratuidade do cen por cento das prazas de gardería no seu artigo 49, tampouco a apoiaron —e iso que lles aceptaron o 80 % das emendas que presentaron—. Tampouco, por suposto, apoiaron os orzamentos do 2020 e de 2021, cos que se financiou a gratuidade desas prazas para os segundos e sucesivos fillos. E, moito temo que o orzamento de 2022, ¿verdade?, pois vai seguir desgraciadamente a mesma sorte. Por certo, as súas emendas parciais de gasto ao orzamento de 2022 non conteñen ningunha partida para a gratuidade das prazas infantís. É certo que contén unha emenda de totalidade. E, se pretenden financiar a totalidade das prazas infantís de Galicia



con 8 millóns de euros, é que simplemente non saben do que están falando. Non dá nin para empezar. Afortunadamente, hai un goberno que si o toma en serio e vana dotar coa partida que merece, que dende logo está moi alonxada da que vostedes propuxeron.

Pero, como lle dicía, toda regra ten a súa excepción, e a excepción chegou nese debate do estado da Autonomía do que vostede falaba. Proposta de resolución 29: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir avanzando nas medidas de conciliación e apoio ás familias no marco da Lei de impulso demográfico e a reclamar do Goberno de España que contribúa no financiamento da gratuidade total da educación infantil de 0 a 3 anos en Galicia, que se porá en marcha a partir do vindeiro curso».

E ¿quen apoiou esta iniciativa? O Partido Popular e o PSdeG. Resulta que hoxe os socialistas rompen o único consenso que alcanzamos nesta materia, que consistía en dúas cousas, unha é que reclamamos ao Goberno de España o financiamento para esa gratuidade —o que vostedes apoiaron—, e que se implementaría a partir do vindeiro curso —o que vostedes apoiaron—.

Eu preguntolle: a aportación do Goberno do Estado neste momento a esas gratuidades das prazas de gardería, ¿a canto alcanza? —É retórico, xa llo digo eu— Cero euros, ¡ceros euros! Xa sei que hoxe están moi finos. Non se preocupe que eu lle vou explicando todo despaciño. Falaba vostede dun compromiso de todas as administracións. ¿De cal que non sexa a Xunta de Galicia? ¿Pódemo explicar? ¿Pódeme dicir unha partida dunha administración que non sexa a Xunta de Galicia que se está dedicando a financiar a gratuidade das escolas infantís no noso territorio? ¿Pódeme dicir un só euro dunha soa partida dalgunha das administracións públicas que non sexa a Xunta de Galicia?

Din vostedes que consideran este tema de vital importancia. Bueno, para consideralo de vital importancia só hai unha comunidade autónoma gobernada polos socialistas na que se estea implementando seguindo a estela do que se fai en Galicia. Iso si, faise para alumnos de 2 anos, non para a totalidade dos alumnos, como se fai en Galicia, só para alumnos de 2 anos. Por certo, que saibamos, tampouco Valencia está recibindo un só euro do Estado para esa cuestión. É unha cuestión certamente curiosa. Pero, iso si, a pesar desta falta de financiamento, hoxe a sucursal de Sánchez en Galicia exíxenos inmediatez ao Goberno galego naméntres cala neste tema de que non poñen un só euro.

¡Home!, onte estivo aquí en Galicia o *top gun* dos presidentes de goberno, ¿verdade?, o presidente con máis horas de voo da historia de España; que, ¡oe!, novamente utilizou o Falcon para vir a Galicia porque tiña que visitar unha empresa. (*Murmurios.*) O interesante é visitar as empresas nos días festivos. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Todos sabemos que iso é o lóxico. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É o lóxico no país de Sánchez. E dixer: Vainos anunciar algunha cousa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, si... Traballa. (*Murmurios.*) Traballa media hora antes dos actos do PSOE cada vez que lle fai falta o Falcon para desprazarse. (*Aplausos.*) Iso si, traballa, traballa. Traballa moitísimo. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Pois non, non trouxo ningunha noticia do financiamento para a gratuidade, ¡ceros! E se vostede desliza aquí que hai unha partida para as garderías, é certo, pero para a creación de novas prazas; de novas prazas, por certo, que despois teñen que financiar as comunidades autónomas.



Pero, mire, con ou sen consenso, eu o que lle digo é que o Goberno de Galicia seguirá traballando para manterse entre as comunidades de España con maior compromiso en materia de conciliación. Hai 25.000 prazas infantís, unha taxa de escolarización do 42,9 % —sete puntos respecto da media española— e amplamente superando o 33 % que reclama a Unión Europea. As taxas están conxeladas por cuarto ano consecutivo. *(O señor Pazos Couñago amosa unha gráfica desde o estrado.)* E, mire, é que creo que hai lugar a poucas dúbidas. Esta é a taxa neta de escolarización infantil de 0 a 3 anos no conxunto de España. A media está en amarelo. Galicia é a cuarta comunidade. Non precisamos a creación de máis prazas, son benvidas todas, pero...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que ir rematando, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...a prioridade é a gratuidade. E vostedes para isto non poñen un só euro.

Remato xa, pero simplemente dous bulos: non digan vostedes que se reduce a partida para a conciliación, é falso. Redúcese un programa. A partida aumenta e alcanza os 16 millóns de euros, que é o que dedica a Xunta de Galicia a esta materia.

E para finalizar, simplemente quero tranquilizalos.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Señor Pazos, a ver se lle facemos caso ao presidente e recuperamos...

O señor PAZOS COUÑAGO: Si, con ou sen a axuda do goberno de Sánchez, sen a axuda do BNG, sen a axuda do PSdeG, Galicia converterase no curso 2022 na primeira e única comunidade de España co cen por cento das escolas infantís gratuítas.

Estes son os feitos, a demagogia xa llela deixamos a vostedes. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Pazos.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para pechar o debate ten a palabra a autora da proposición non de lei, a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidenta.

Señor representante do Partido Popular, señor Pazos, non sei como se atreve a falar de dependencia cando o Goberno galego do Partido Popular é o que menos inviste en recursos en dependencia por habitante de toda España. ¡Incríbel! *(Murmurios.)* Pero segue, segue coa matraca, cando ademais sabe que eses recortes veñen de «M punto Rajoy» —que saíu hoxe moito—.

Por suposto, aceptamos a emenda da señora Rodil, xa que enriquece a proposta. E o feito de ampliar a oferta de escolas infantís para chegar a todas as familias é un xeito que tamén apoiamos.



Outra cuestión: se non se pode facer xa, ¿para que o anuncian un ano antes de executalo? ¿Queren vender por fascículos a exclusiva? Non o entendemos. Anúnciano cando nin tan se-quera teñen definido o procedemento, un ano antes, para dar titulares e titulares. É como lle gusta ao Goberno galego do Partido Popular. Botan o carro diante dos bois. Nisto son especialistas. O caso é dar o titular. O caso é dar que falar na prensa.

Tamén se fala de Vigo. E, por certo, ten que falar tamén de que dende o 2012 se fixeron cinco escolas infantís por parte do Concello; en total, son nove. Isto non o dixo e tamén é importante que o recorde.

Por certo, falan de recursos. E, se falan de recursos, todos os respectos tamén aos concellos, á Administración local, que leva moitísimo tempo apoquinando recursos en competencias —as escolas infantís— que son da Xunta. (*Aplausos.*) É de xustiza que nomee as administracións locais. E, ademais, co agravante da covid puxeron moitísimos máis recursos, que os tería que poñer a Xunta. ¡Un respecto pola Administración local! (*Aplausos.*)

E se quere falar de recursos, repítolle —porque parece que non o escoitou— que máis de 17 millóns de euros específicos para prazas de educación infantil, máis de 2 millóns de euros para libros de texto, 133 millóns de euros para becas e 113 millóns para accións de formación profesional —entre outras partidas— foron por parte do Goberno de España. E nas 3.417 prazas públicas en Galicia, o Goberno de España investirá 34,8 millóns do Plan de recuperación. Parece que non o escoitou, pero eu repítollo. Non pasa nada.

Todos sabemos que se pode, se existe vontade política, materializar esta proposta a principios do ano 2022. Non sei por que o veñen anunciar un ano antes e non o fan. Porque todo é dicir: Somos os primeiros, somos os primeiros... Pero os primeiros ¿en que?, se aínda non está a medida executada.

Tendo en conta o contexto no cal nos atopamos, a conciliación e a corresponsabilidade son claves na reconstrución de Galicia. E a miña provincia, por exemplo, Ourense, converteuse hai xa catro anos na primeira provincia na que hai máis pensionistas que cotizantes —ademais, cos salarios e pensións máis baixas—. E tras o inicio da covid, as mulleres, xunto coa xuventude e a infancia, foron tamén, as máis afectadas pola crise. E por este feito é polo cal unha medida positiva coma esta non se fai a tempo. Porque isto é importante facelo a tempo, tendo en conta que estamos na reconstrución. E, por suposto —repito—, ten que ir aparelada á corresponsabilidade, porque, se non, perdería a eficiencia sobre os beneficios que pode ter sobre a cidadanía.

Polo tanto, a nosa proposta é que o Goberno galego materialice a gratuidade das escolas infantís ao inicio do ano 2022 —que para iso a anunciaron— e aparello cun incremento de recursos en corresponsabilidade, o que é totalmente lóxico e xusto, que nutre esta iniciativa de sentido e coherencia coa igualdade. E, por suposto, facelo en diálogo constante e coordinado —que non falou diso— coas escolas infantís —que están preguntando— e cos axentes sociais implicados. ¡Fágano posible! Estamos de acordo. ¿Por que non facelo? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Ortega.

Rematado o debate desta proposición non de lei, suspendemos a sesión até mañá ás dez.

Moi boa noite.



Suspéndese a sesión ás oito e vinte e cinco minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez López, Daniel	(BNG)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez López, Noelia	(P)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Porro Martínez, María Corina	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Prado del Río, Paula	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
11. Candia López, María Elena	(P)	49. Puy Fraga, Pedro	(P)
12. Carballo Páez, Ramón	(P)	50. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
13. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	51. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
14. Castro García, Daniel	(BNG)	52. Rey Varela, José Manuel	(P)
15. Castro Rey, Paloma	(S)	53. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
17. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	55. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
18. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	56. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
20. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. García Martínez, Fabiola	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Santos Costa, Manuel	(P)
27. González Albert, María	(BNG)	65. Sanz Arias, Cristina	(P)
28. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	66. Seco García, Martín	(S)
29. González Vázquez, José	(P)	67. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
30. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	68. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
31. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
32. Martínez García, Valeriano	(P)	70. Torrado Quintela, Julio	(S)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Verea Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

